

CÁTEDRA



CÁTEDRA

Consello de redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez
Adrián Ares Legaspi
Juan Coira Pociña
Paula Corbeira Paz
Natalia De La Peña Calvo
Antonio González López

Tradución e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Imaxe da cuberta:

Portada da igrexa parroquial Santiago de Pontedeume
[Fotografía de Xesús Andrés López Piñeiro]

Deseño e maquetación:

Marga L. Lamas. flopsestudio.com

Impresión:

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
catedra@pontedeume.gal
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista non se identifica necesariamente
coas opinións vertidas nos artigos publicados.

Edita: ***Concello de Pontedeume***

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada pola
Deputación Provincial da Coruña

PRESENTACIÓN

É, como sempre, un motivo de satisfacción redactar estas liñas como presentación deste novo número de Cátedra, revista eumesa de estudos, o número 31. Un número que renova o seu aspecto externo, seguindo a dinámica renovadora das anteriores décadas. Sen dúbida Cátedra, ao longo deste dilatado tempo, converteuse nun referente das revistas locais de Galicia, demandada non só por historiadores e historiadoras, e investigadores e investigadoras, senón tamén polo público en xeral, de dentro e fóra de Galicia. Todos eles e elas pídennos insistentemente que se poida acceder a ela de maneira telemática, petición á que daremos rápido cumprimento.

Despois destes 31 números, a historia e o patrimonio artístico da nosa vila e da nosa comarca, que con tanto acerto delimitou Antonio Couceiro Freijomil, coñécense mellor; respéctanse, cóidanse máis e son susceptibles de ser máis eficazmente difundidos e con menos esforzo; particularmente entre o alumnado dos nosos centros educativos e as moitas persoas visitantes que recibimos, atraídas, ademais, especialmente, pola excelencia da nosa paisaxe, clima e gastronomía.

Polo demais, Cátedra é e será unha obra colectiva: na súa realización únense numerosos investigadores e investigadoras, o equipo de redacción, dende este número sensiblemente ampliado, o decidido apoio do Concello e a colaboración, na súa impresión, da Deputación da Coruña. A todos eles a miña máis sincera felicitación e meu máis sincero agradecemento.

Bernardo Fernández Piñeiro

Alcalde de Pontedeume

UN PRESO EUMÉS NO GULAG DE STALIN

Sindo Vilariño

Introdución

Un dos camiños seguidos polos republicanos españois ao final da guerra civil, menos coñecido, é o que conducía á antiga Unión Soviética (URSS). A historiadora e investigadora do exilio á URSS, Luiza Iordache, na publicación *Vidas y destinos. Los marinos republicanos del Gulag*, clasifica en cinco grupos os preto de cinco mil españois presentes a finais de 1939 no dito país: os 157 aviadores que facían cursos na Academia Militar de Kirovabad, consagrada ao adestramento dos pilotos españois; os chamados “nenos da guerra”, ao redor de 3.000 nenos e nenas, evacuados nos anos 38-39, para protexelos dos desastres da guerra civil e os mestres, auxiliares, e persoal sanitario que os acompañaron; civís e militares exiliados, maioritariamente aíns ou membros do PCE e PSUC; e a mariñeiría e oficialidade dos nove buques mercantes ao servizo do goberno republicano, que realizaban o transporte de material de guerra e víveres entre a España republicana e a URSS, estacionados dende finais do 37 e comezos do 38 no mar Negro (Odesa e Feodosia) e no mar Báltico (Murmansk).

Estes barcos e parte das súas tripulacións –algúns xa foran regresando a España– quedaron atrapados ao final da guerra civil, en abril de 1939, en territorio soviético, e os buques foron incautados e incorporados á Mariña Mercante soviética. Os tripulantes dos nove barcos foron desembarcados e trasladados a residencias da Mariña soviética.

Atrapados na URSS

O buque mercante *Cabo San Agustín* da Compañía Ibarra y Cía, que no ano 1936 fora requisado en Barcelona polo Goberno da República, facía o transporte de armas e alimentos entre os portos baixo control republicano e os portos soviéticos do mar Negro. Ao parecer toda a tripulación do barco estaba afiliada ao sindicato de transportes da CNT anarquista, ou ao sindicato socialista UGT, como era o habitual nos buques mercantes da zona republicana.

Ao remate da Guerra Civil española o barco foi incautado e fondeado no porto de Feodosia (Crimea) e logo incorporado á Mariña soviética

Un dos mariñeiros integrantes da tripulación deste barco é o veciño de Pontedeume, Antonio Leira Carpente. Nacido a primeiros de novembro de 1911, era o cuarto fillo

dos sete que tiveron Ramiro Leira Calvete e María Antonia Carpente Fernández, veciños da rúa de Porto 25, segundo o Padrón Municipal de 1930.

De ideoloxía anarcosindicalista, foi un dos máis de trescentos republicanos españois internados nos campos de traballo forzado soviéticos do Gulag, acrónimo da *Dirección Xeral de Campos e Colonias Correccionais*, do pai da patria Josif Stalin.

Unha parte dos mariñeiros deses barcos atrapados en Rusia, cento vinte e nove deles, foron repatriados a España en xullo do 39, no que se interpreta como un troco con soldados soviéticos apresados na guerra española. Outros solicitaron quedar na URSS e facilitáronlles traballo en fábricas ou foron enviados a barcos que navegaban por ríos e mares do país. Un numeroso terceiro grupo negouse a regresar por motivos ideolóxicos e por temor á represión en España. E un último grupo, no que se encontraba Antonio Leira Carpente, Enrique Piñeiro Díaz, José García García e outros, solicitou ben regresar a España, e foille denegada a entrada, ou solicitou emigrar a Francia, México ou algún outro país de América Latina. Así, Antonio Leira pediu marchar a Uruguai pois alí estaba seu irmán maior Nicolás, e Enrique Piñeiro solicitou marchar a Nova York onde residía seu pai.

Entre abril do 39 e xuño do 41, sobre sesenta e tres mariñeiros: mariños-mariñeiros, fogueiros, mecánicos, cociñeiros, e outros, foron instalados polas autoridades soviéticas na Residencia do Comisariado Popular da Mariña de Odesa. Dous anos sen traballar, ou realizando traballos esporádicos, ou participando nalgúns traballos comunitarios, e nese tempo tiñan garantida cama, comida, roupa e unha paga de 50 rublos para pequenos gastos, agardando que lles facilitaran unha solución á súa situación e os deixasen marchar.

Nun escrito asinado por Antonio Leira en Ferrol o 23 de abril de 1992 para solicitar unha indemnización polos anos pasados nas prisións soviéticas, escribe:

Atopándome en ODESA (Rusia) despois da confiscación do buque "San Agustín" polas autoridades soviéticas, as cales manifestáronos que podiamos quedarnos no país, ou ir para o estranxeiro, pedín eu, para o Uruguai (Montevideo), e estando en espera de ser trasladado á dita Nación sorprendeme alí a guerra Alemaña-Rusia; ao cabo de varios días fun detido pasando por cárceres, campos de concentración de presos comúns e prisioneiros de Guerra de varias nacionalidades....

As autoridades da URSS xestionaron os visados para que entrasen en México dos que optaban por viaxar a América, facilitando o seu transporte en mercantes soviéticos, pero parece que as negociacións que realizaron non frutificaron, en primeiro lugar pola falta de interese e trabas das



Antonio Leira Carpente

embaixadas de México, e truncáronse definitivamente polo comezo da segunda Guerra Mundial. Denegáronlle a todos a saída.

Ante esta situación desfavorable, algúns mariñeiros seguiron a poñer as súas esperanzas na negociación de volver a España, pero as dificultades xurdiron das autoridades franquistas que rexeitaban a repatriación colectiva dun continxente do exército republicano e pedían que o solicitasen de forma individual, para poder estudar cada caso. As autoridades soviéticas xa deran a súa conformidade para a saída de cincuenta e tres mariños, nun listado de setenta e oito españois. Parece que o Goberno español no ano 1941 só autoriza o regreso de sete mariñeiros. No listado de solicitantes para regresar a España estaba Antonio Leira.

A maioría dos mariños españois que se atopaban en Odesa non eran comunistas e estaban afastados da política, e se para as autoridades soviéticas quedaba claro xa que devolveselos dende a URSS á súa patria era irreal, eles non o comprendían e continuaban insistindo na súa saída da URSS.

Sobre esta situación o historiador ruso A.V. Elpátievsky (2008, p. 438) recolle no seu libro *La emigración española en la URSS* esta nota extraída da documentación rusa:

Estudáronse os expedientes e interrogouse 58 cidadáns españois, e como resultado foi establecido o seguinte: os internados chegaron á URSS en 1939 dende a España republicana, deles 35 no persoal de tripulación de 3 barcos, que chegaran á URSS a por alimentación e armamentos, e 23 á escola de pilotos. Mediante interrogatorios persoais aclarouse que 58 desexan saír a España, 9 a México e 1 a Crimea; a aspiración da maioría é saír a España e o seu desexo é ir coas súas familias¹.

No libro de memorias *Antes que sea tarde* de Carmen Parga (2020, p. 226), militante das Xuventudes Comunistas, exiliada na Unión Soviética ao rematar a guerra civil, fai referencia aos mariños españois que lles sorprende o final da guerra civil española na URSS:

Ao termo da nosa guerra estaban no porto de Odesa varios barcos españois dos que se dedicaron a transportar armas a España, “aquelas armas do tempo de Catalina a Grande”. Ao terminar o conflito, a maioría dos mariñeiros pertencentes a estes barcos pediran que os deixasen trasladarse a América, onde polo idioma foilles fácil seguir traballando e onde moitos deles tiñan parentes. Non só non os deixaron saír; senón que ademais cualificáronos de “antisoviéticos”, delito máximo naqueles tempos².

1. ELPÁTIEVSKY, A.V., *La emigración española en la URSS. Historiografía y fuentes, intento de interpretación*, páx 438 Madrid, Ed. Exterior XXI, 2008.

2. CARMEN PARGA. (A Coruña 1914-Cidade de México 2004) “*Antes que sea tarde*”. Páx.226. Edit. Renacimiento. 2020.

Segundo recolle no libro *Espanoles en el Gulag*, o historiador leonés Secundino Serrano, “os soviéticos entendían que os españois quixesen volver ao seu país, pero resultálles inadmisíble que un home de esquerdas menoscabase a URSS, en beneficio de terceiros países”. En fin, non comprendían que quixeran abandonar a “patria do proletariado”.

Prisioneiros de Stalin en cárceres e campos de concentración

Aínda que algúns españois xa foran detidos no 1940 por facer declaracións contrarias ao réxime político e económico soviético, e a súa falta de liberdade, todo mudou radicalmente en 1941, coa invasión da URSS polas tropas de Hitler. As autoridades cambian de actitude e o xefe do *Comisariado do pobo para asuntos internos* (NKVD), Lavrenti Beria, apremado para que regularizase a situación dos españois, ordena o internamento dos mariños e pilotos nos campos de traballos forzosos de Siberia.

Os soviéticos temen que poidan causarlles molestias, e o 28 de xuño deteñen os corenta e cinco mariñeiros (entre estes está Antonio Leira), vinte e catro aviadores que tamén agardaban poder saír da URSS e estaban aloxados nunha “casa de repouso” preto de Moscova –cómpre salientar que un grupo numeroso dos aviadores se integra no exército soviético e algúns deles conseguiran volver a España– e o médico e mestre dos *nenos da guerra*, Juan Bote García .

O aliñamento do goberno de Franco coa Alemaña nazi, rompendo a neutralidade, ao enviar os máis de corenta e cinco mil voluntarios da División Azul a combater en territorio ruso, á beira do exército alemán, leva a que os refuxiados españois comecen a ser tratados como sospeitosos, apestados e cualificados como “pouco adictos ao réxime soviético”, “vagos”, “elementos inestables”, ou mesmo como “inimigos do pobo”.

O réxime descargou a maior represión sobre estes pilotos e mariños. Non querer quedarse a traballar na URSS e manterse na postura de solicitar ante as autoridades soviéticas e diante das embaixadas estranxeiras en Moscova a repatriación ou emigración a países como Francia, México e outros países, converteuse no seu maior “delito”.

Tamén algúns dos que optaron por permanecer no territorio soviético aceptando un traballo nas fábricas, acabarán nos campos de traballo ao ser acusados de “espionaxe” ou de “contrarrevolucionarios”. Tampouco se librarán dos campos algúns dos exiliados políticos comunistas discrepantes co réxime stalinista e críticos coa situación social do país.

O 25 de xuño de 1941, iniciouse a etapa concentracionaria dos pilotos dende Moscova e, dous días despois, a dos mariños españois dende Odesa. Foi o comezo de máis dunha década de cativeiro por diferentes cárceres, campos e colonias de traballo da URSS como os de Járkov, Krasnoirask, Novosibirsk, Norilsk, Karabas, Spassk, Kok-Uzek, Odesa, Cherepovetz, Borovitch, Stalino e Vorochilovgrad, entre outros. Con todo, o período máis

*longo de internamento sufrírono nos campos de Karaganda, na RSS de Casaquistán, onde chegaron os mariños procedentes de Norilsk e os pilotos desde Krasnoiarsk, o 16 e 28 de novembro de 1942, respectivamente*³.

Comeza un longo periplo de máis dunha década en cativerio, terror e penalidades por campos de concentración e cárceres da URSS, sen ser procesados nin suxeitos a causa ningunha, e sometidos a traballos forzados en estradas, nas liñas de ferro, minas, ou explotacións agrícolas, soportando humillacións, castigos, enfermidades, frío e fame. O primeiro traxecto remata por riba do Círculo Polar Ártico, no campo de traballo de Norilsk.



Presos no Gulag de Karagandá. Arquivo Histórico Karlag

Logo, a mediados de 1942 farán o traxecto inverso, e Antonio Leira e varios dous seus compañeiros, entre outros, pasarán por varios campos de traballos forzados, rematando no campo de Spassk, da estepa de Karagandá (RSS Casaquistán), onde permanecerán case tres anos. Neste campo vivirán cunha pésima hixiene, sanidade deficiente, as temperaturas extremas da estepa, realizando longas xornadas de traballo principalmente en tarefas agrícolas.

O propio Antonio Leira recolle nun escrito mecanografado nos anos noventa do século pasado, un extracto do cativerio sufrido durante doce anos, nos cárceres, campos de traballo e campos de concentración (reproducimos textualmente parte do escrito):

Despues de varios días de guerra Alemania-Rusia, fui conducido a Comisaría de Policía, donde me quitaron el documento de circulación para estar en ODESA y fui conducido como un prisionero común, sin realizar delito alguno.

(...) de ODESA a JARKOV, en vagones de presos comunes y al llegar me ingresan en la cárcel, permaneciendo en ella casi dos meses, el día 13 de agosto fui conducido en el tren de presos comunes hacia MOSCU, ingre-

3. Iordache Cárstea, 2019, p. 80.

*sando en la cárcel. A los cuatro días salimos en un tren de presos convoy, para la ciudad de GORKI ingresando en la cárcel donde permanecí varios días...*⁴

O escrito continúa relatando o seu paso por diversos cárceres e campos de traballos forzados e logo dunha penosa viaxe en tren e vinte dous días no buque *Stalin* polo río Yenisei, chegan a Dudinka para continuar en tren e rematar a viaxe no campo de concentración de Norilsk, ao norte de Siberia .

Antonio Leira describe as penosas condicións nas que van vivir durante o seu cativerio:

...nos conducen a un pabellón en donde se realiza el cambio de vestuario entregándonos ropa de presidiario, cortándonos el pelo al cero, aplicándonos el número de prisionero, quitándonos la documentación, reloj y demás cosas de valor personal, a los dos días salimos al trabajo, ..., realizamos trabajos forzados durante doce horas diarias, su situación es en el meridiano 60 Círculo Polar,..., donde estuvimos cerca de tres meses, muriendo 20 españoles de escorbuto y disenteria... En mayo de 1942 hicimos el camino inverso... (parando e traballando en diversos campos de traballo) ...para llegar a Karaganda, allí nos reunimos con los españoles que estaban realizando el curso de Pilotos de Aviación en Moscú, en donde permanecemos varios meses de 1943 pasando a Spassk... donde realizamos trabajos de labranza sin descanso alguno, hasta el año 1946, saliendo para Odesa. Las autoridades de nuestra custodia decían que íbamos a Odesa y después regresaríamos a España.

No campo número 1 de Odesa os españois detidos foron outra vez interrogados por unha Comisión na que figuraba un membro do Partido Comunista de España (PCE) tratando de convencelos de quedarse a traballar na URSS coa xustificación que se volvían a España a represión ía cebarse con eles. A maioría, entre os que figura Antonio Leira, ratificase nas súas declaracións iniciais e, agora xa, na petición de regresar a España.

Pasados uns días, Antonio e sete compañeiros son trasladados ao campo de prisioneiros número 2 de Odesa, campo de castigo e de prisioneiros de guerra, sendo interrogados pola policía do NKDV de diversas acusacións que eles se negan a aceptar.


4. *Extracto del cautiverio penoso sufrido durante doce años en cárceles de presos comunes, campos de trabajos forzados, campos de prisioneros de guerra en la Unión Soviética hasta mi repatriación.* Escrito mecanografiado por Antonio Leira Carpena que nos foi facilitado pola súa filla Beatriz Leira Otero.

Remata a II Guerra Mundial. Chegan novas dos republicanos presos

Varios centenares de voluntarios españois da División Azul foron chegando aos campos, como prisioneiros de guerra do Exército soviético. Como expón Luiza Iordache, no seu libro *Cartas desde el Gulag*, o encontro e convivencia entre españois dos dous bandos enfrontados pola guerra civil, creará nalgúns campos lazos de solidariedade e afectividade como vítimas do stalinismo, na loita pola supervivencia e polo desexo común de regresar a España.

En el mes de febrero de 1947, nos incorporan con los divisionarios de la División Azul, saliendo con rumbo a no recuerdo el campo, después algunos fueron para el hospital de prisioneros de guerra de Smolensk y otros continuamos trabajando en el mismo campo...

Coa Segunda Guerra Mundial xa finalizada, as autoridades soviéticas comezaron a repatriar prisioneiros de guerra a internados alemáns, suízos, franceses, austríacos, etc. Serán algúns destes os que sexan portadores de cartas escritas para as familias dos presos españois, comunicándolles que seguen vivos, e transmitíndolles o desexo de saír da URSS cara ao seu país. Ademais algúns dos liberados denunciarán publicamente a existencia no Gulag dun colectivo de republicanos antifascistas. Algunhas das cartas apareceron publicadas en diversos medios.



Carta dun antigo internado austríaco á familia do piloto Vicente Montejano Moreno.
Fonte: Arquivo privado de Luis Montejano



Tarxeta Postal de 1947. O buque de fondo é o Cabo San Agustín no que viaxaban parte dos galegos republicanos apresados en Odesa. Nela, a Federación Española de Deportados e Internados políticos, insta á liberación dos mariñeiros españois. Á esquerda, no centro, Antonio Leira Carpente

Alguns dos presos españois, entre os que estaba Antonio Leira, cansos de agardar a súa liberación, puxéronse en folga de fame para chamar a atención e premer cara á súa saída a España, Francia, México, ou outros países. Varios deles, nestes anos, chegan a acordos cos soviéticos e conseguen que os liberen, co compromiso de quedar a residir na URSS e integrarse a traballar en fábricas soviéticas.


A *Federación Española de Deportados e Internados políticos* (FEDIP) integrada por superviventes dos campos nazis con preponderancia anarquista, a prensa anarquista, os socialistas, o Goberno Republicano no exilio, ou a prensa francesa, negociarán e farán presión para conseguir a liberación dos internados. Os comunistas españois do PCE miran para outro lado, ou falan de campaña antisoviética, pero non poden evitar ser acusados de complicidade co terror stalinista. A propaganda e presión internacional dando a coñecer que un grupo de mariños e pilotos de aviación republicanos, que sen delito ningún estaban encarcerados en campos de concentración con prisioneiros de guerra, leva a que os soviéticos suavicen as condicións de vida e de traballo dos españois.

Á sede do goberno republicano no exilio en París, chega unha carta sen data nin firma na que ratifica a condición de antifascista da tripulación do “Cabo San Agustín” e reclamaba que o Goberno “interviñese a fin de poñelos en liberdade ou reclamálos para México”. Instaba ás autoridades para que informasen do que sucedía aos pais dos mariños Antonio Leira Carpente e Juan Gómez Mariño que se atopaban entre os internados na Unión Soviética e os seus achegados eran descoñecedores do seu destino⁵.

Mentres tanto Antonio Leira segue a sufrir miseria e penalidades nos campos de traballo, situación descoñecida durante moitos anos pola súa familia, pasando bastantes meses do ano 1949, de marzo a decembro, internado e enfermo en hospitais de diversos campos.

Segundo declaraba a *EL País*, en outubro de 2013 a filla de Antonio, Beatriz Leira, “a miña avoa soubo que meu pai estaba vivo por unha carta que lle chegou en alemán, a través dun preso liberado”, pois os españois tiñan prohibido comunicarse co seu país.

A familia pon en coñecemento das autoridades españolas a situación de Antonio Leira para que fagan xestións a prol da súa liberación. Nunha carta da *Capitanía Xeneral da Primeira Rexión (Estado Maior)* asinada o 10 de abril de 1950 polo tenente coronel Joaquín García del Castillo, dirixida á nai, dona María Antonia Carpenente Fernández, agradécelle o envío das copias das cartas recibidas:



En nombre del Mando Superior, agradezco a Vd. mucho las noticias recibidas, así como las copias de las cartas y tarjeta que dan conocimiento de la estancia de su hijo ANTONIO LEIRA CARPENENTE en campos de concentración de Rusia.

Nunha segunda misiva asinada tamén polo tenente coronel García del Castillo con data de 3 de novembro de 1953 recolle o que segue:

...han sido liberados de Campos de Concentración de Rusia varios alemanes que estuvieron prisioneros con nuestros compatriotas, han aportado información... sobre su hijo Antonio Leira Carpenente, del que dicen que se encuentra en perfecto estado de salud.

Na terceira das cartas que nos facilitou a súa filla, asinada o 28 de decembro de 1953 coa mesma procedencia que as anteriores, di textualmente:

... hemos recibido, procedente de Alemania, la tarjeta que tengo el gusto de enviar a Ud., respecto de su hijo, prisionero en Campos de Concentración

de Rusia, en ella como verá manifiesta se encuentra bien y desea recibir noticias de Uds. Esta tarjeta la envía a una hermana suya, supongo hija de Ud., llamada Mercedes, por mediación de un alemán camarada del campo de concentración Karl Heinz Termath, a quien enviará Ud. la respuesta escrita en alemán, para que él la pueda reexpedir a su destino. Le envío también, traducción al castellano de la tarjeta y su texto.

Segundo nos informa a filla Beatriz Leira, a familia de Antonio leváballe os textos a traducir ao alemán ao apoderado do Banco Pastor en Pontedeume, Jerónimo Barro Lage, quen mediaba nese labor.

Morre Stalin. Ábrese un novo tempo


A morte de Stalin en marzo de 1953, os cambios na estrutura do poder soviético e a promulgación de varios decretos de “amnistía”, da que se benefician máis dun millón de presos no Gulag, abre o camiño ao final da reclusión perpetua dos españois.

A finais do 1953 chega á oficina francesa da Cruz Vermella a noticia da decisión unilateral dos soviéticos de liberar os españois sen intervención ningunha do Goberno franquista. Insta ao goberno español a que financie o frete dun buque para a repatriación. Esta entidade humanitaria, en colaboración coa *Sociedade Soviética da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella da URSS*, serán logo as encargadas de negociar, xestionar e organizar a viaxe de repatriación dos españois.

O 21 de marzo de 1954 un grupo numeroso de 248 prisioneiros da División Azul, trinta e catro superviventes republicanos (mariños e aviadores) e catro mozos, dos “nenos da guerra”, saíron dos distintos campos de traballo e foron concentrados en Odesa.

Liberación e repatriación no *Semíramis*

Logo de complicadas “negociacións” a varias bandas, 286 españois foron repatriados dende Odesa no buque grego liberiano *Semíramis* da compañía Epirotaki. Entregan unha lista na que se indica o lugar e ano de nacemento, grao militar, e daqueles dos que non figura o rango militar aparece a verba “internado”. Na listaxe de repatriados (trinta e seis deles eran



Chegada do *Semíramis* ao porto de Barcelona, o 2 de abril de 1954

galegos) figuraba na posición 122 como “*internado*” (procedente do campo de concentración).

Antonio Leira Carpent, mariñeiro (1911), natural de Pontedeume que con corenta e tres anos viña de pasar nada menos que trece deses anos nos campos de concentración. Tamén figuraban na lista como “*internados*” os seu amigos o catalán José García García, piloto (1918), na posición 57, e o ferrolán Enrique Piñeiro Díaz, mariñeiro (1912) na posición 202.

O barco saíu da URSS o 26 de marzo de 1954 con rumbo a España, facendo escala en Istambul onde fondeou o 27 de marzo pola noite. Os repatriados pasan o recoñecemento médico, un médico español que os atende afirma que presentan *bo estado físico e moral* e reciben roupa, medicamentos e outros agasallos. Dous días máis tarde sae o buque cara a España, chegando ao porto de Barcelona ás cinco e media da tarde do venres dous de abril.



Pilotos, mariños e soldados da División Azul no SEMIRAMIS. Antonio Leira está na parte alta, agarrado á corda. (Foto cedida por Beatriz Leira)

A prensa da época, tanto nacional como internacional, faise eco durante eses días da singradura do *Semiramis* cara a España e vai recollendo de forma destacada nas súas páxinas curiosidades e anécdotas dalgúns repatriados e da preparación do recibimento. O diario alemán *Der Spiegel* recollía o regreso dos prisioneiros e unha frase do ministro do Exército, o xeneral Agustín Muñoz Grandes: “O Goberno non establece diferenza nin-

gunha entre os membros da División Azul e os demais españois que con eles volven, despois de loitar en campo contrario. Sexan benvidos todos eles”⁶.

Esta será a primeira das oito expedicións de repatriados españois dende a URSS, entre 1954-59.

As organizacións do réxime franquista organizan un gran recibimento de exaltación patriótica e anticomunista no porto de Barcelona a estes españois que regresaban de estar en catividade no Gulag soviético. Segundo as crónicas dos medios de comunicación concentráronse na capital catalá centos de miles de persoas procedentes dos lugares mais diversos de toda España e logo tamén repetíanse os recibimentos nas cidades ás que ían chegando normalmente por ferrocarril. Aínda así, e como sostén Secundino Serrano, o goberno de Franco, polo contexto político internacional non estaba interesado xa na reaparición dos brazos en alto, os símbolos fascistas e no relato dunha unidade de voluntarios que apoiara a Hitler, polo que frea radicalmente un recibimento triunfal en Madrid.

A prensa dá conta tamén de como os repatriados, ao desembarcar en Barcelona, recibiron agasallos de diversas entidades, e como mostra tomamos os das mulleres da Sección Feminina que obsequia a cada repatriado cunha bolsa que levaba a inscrición : *A los prisioneros de Rusia. Bienvenidos a la Patria. ¡Arriba España!* Cada bolsa contiña un rosario, dúas medallas da Mercé e da Virxe do Pilar, unha camisa azul, tres paquetes de cigarros “Bisonte”, picadura de tabaco, bebidas (leite, anís e viño) e comida (turrón Xixona, *peladillas* de amendoa, etc...); e unha billeiteira-moedeiro co emblema da División Azul con algunhas moedas e billetes en curso⁷.

Os repatriados “rusos” chegan a casa

Na Coruña, o seis de abril, ás seis e media da tarde chegaron tres repatriados da División Azul, e son recibidos por todas as forzas vivas da cidade, sendo conducidos pola multitude aos ombreiros dende a estación do tren ata os Cantóns.

O mesmo ocorrera en Ferrol con dous repatriados que chegaran o día anterior, un deles era Eugenio García López, voluntario da División Azul e prisioneiro dende 1943, e o outro un mariño republicano *internado*, Enrique Piñeiro Díaz. *El Correo Gallego* do seis de abril recollía o recibimento. Logo de chegar sobre as once da mañá á estación do tren, foron levados nunha comitiva que ía aumentando ao avanzar cara á igrexa de San Xulián, ateigada de xente, onde se celebra un oficio de acción de grazas. Enrique Piñeiro dende aí desprázase en coche ao domicilio familiar da rúa Espartero para abrazar súa nai enferma. A Eugenio García lévano ao Concello na praza de Armas onde lle fan un recibimento oficial, tamén moi concorrido. Uns días antes, o dous de abril, baixo o titular de *Repatriado*,

6. Serrano, 2011, p. 298.

7. LA VOZ DE GALICIA. 3 de abril de 1954.

o mesmo xornal reproducía unha foto de Eugenio García, engadindo ao pé da mesma que era un dos repatriados que nese día chegaban a Barcelona.

Por varios testemuños de veciños de Antonio Leira, sabemos que este chegou en tren á estación de Pontedeume, onde foi recibido polas autoridades locais e unha morea de xente. Levárono ata o balcón do Concello, na praza Real, onde se lle deu a benvida por parte do alcalde Juan Sarmiento Patiño e o cura-párroco Pedro Díaz Casteleiro, entre outros oradores. Logo subiron á igrexa parroquial a celebrar un acto relixioso de acción de grazas.

Segundo o relato doutro veciño eumés presente no acto e que recolleu Juan Sobriño en 2005:

fixoselle unha homenaxe espectacular no Concello, coma un heroe. A praza estaba chea de xente e cando saíron ao balcón do Concello que estaba todo engalanado con bandeiras empezaron os aplausos. O alcalde Sarmiento fixo un discurso ao que Carpente correspondeu con palabras de agradecemento.

Primaba a exaltación patriótica fronte ao comunismo, aínda sendo o homenaxeado un combatente da España derrotada.

Nos primeiros días do regreso á súa casa en Porto de arriba, o humilde domicilio desta familia mariñeira converteuse en centro de peregrinación de amigos, familiares e veciños, que querían falar co home que regresaba do cativerio en Rusia. Segundo comentei a súa filla Beatriz Leira, seu pai recibíao e falaba con todos, facendo gala do seu carácter extravertido e vitalista.

O historiador Xosé M. Seixas afirma, no seu libro *Camarada Inverno*, que a case totalidade dos repatriados foi proporcionada unha colocación laboral na Administración do Estado, nas empresas públicas e tamén nalgúnhas privadas, mediante a intervención da *Delegación Nacional de Excombatientes*, dos gobernadores civís e mesmo das irmandades de veteranos da División Azul. Ademais o goberno aprobou un “perdón” ou indulto para todos os pasaxeiros do buque grego, insistindo en que os retornados nada debían de temer no caso de fixar a súa residencia en España.

Antonio Leira viviu en Ferrol onde lle conseguen traballo na E.N. Bazán. Contrae matrimonio con María Otero Cernadas, nacida no 1.919 na parroquia de Vilar (Campolongo) de Pontedeume, coa que tivo unha filla, Beatriz. Segundo nos contou esta, seu pai mantivo a amizade e contacto con varios dos compañeiros de cativerio ruso e reuníanse de vez en cando, sobre todo a relación era máis estreita co catalán José García García e co ferrolán Enrique Piñeiro Díaz e as súas familias. Nalgúns destes encontros nos que ela estivo presente, observou en varias ocasións que, cando se lles facía algunha pregunta sobre a estancia na URSS, esquivaban o tema, pois non desexaban e evitaban recordar as vivencias tan duras e penosas polas que pasaron. Mesmo nos últimos tempos a xa viúva

de José García comentoulles que este tiña moitos pesadelos sobre a durísima experiencia pasada na URSS e Antonio recoñeceulle que tamén el sufría algo semellante.

Antonio Leira faleceu en Ferrol o 15 de xullo de 2.000, aos oitenta e oito anos, e foi enterrado no cemiterio parroquial de San Pedro de Vilar (Pontedeume).

Nota final

Todos estes mariños e aviadores, traballadores ao servizo do goberno legal da II República, vítimas inocentes dunha situación esperpéntica e do terror dos campos de concentración soviéticos aos que foron a parar sen motivo ningún durante máis dunha década, son merecentes da lembranza e do recoñecemento público.

O primeiro de outubro de 2013, en Astaná, o presidente da República de Casaquistán, Nursultan Nazarbayev, entregou formalmente ao presidente Mariano Rajoy durante a súa visita oficial a ese país unha copia dos expedientes de cento cincuenta e dous españois –franquistas e republicanos– que viviron ou faleceron nos campos de concentración da exrepública soviética.

O 31 de maio de 2015, data da *Conmemoración das Vítimas da Represión Política* na República de Casaquistán, España homenaxeaba por primeira vez as vítimas que perderon a vida na estepa de Karagandá, inaugurando un monumento en memoria dos falecidos entre 1941 e 1954 nos campos de traballos forzados da época stalinista.

Bibliografía e fontes

- ELPÁTIEVSKY, Andrey Valerianovich. 2008. *La emigración española en la URSS. Historiografía y fuentes, intento de interpretación*. Madrid: Ed. Exterior XXI.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Carmen, NICOLÁS MARÍN, María Encarna. 2016. “Rojos y azules” españoles en la Unión Soviética. *Historia actual Online*. 40, pp. 7-28.
- IODACHE CÂRSTEA, Luiza. 2010. Vidas y destinos. Los marinos republicanos del Gulag. *Drassana: Revista del Museu Marítim*. 18, pp.11-40.
- IODACHE CÂRSTEA, Luiza. 2019. Españoles tras las alambradas. Republicanos en los campos de concentración franceses, nazis, y soviéticos. (1936-1956). *Hispania Nova: Revista de historia contemporánea*. Extra 1, pp. 19-65.
- IODACHE CÂRSTEA, Luiza. 2019. Telas de suplica por la libertad. Cartas desde Karlag (URSS). *Vegüeta*. 19, pp. 73-93.
- IODACHE CÂRSTEA, Luiza. 2020. *Cartas desde el Gulag*. Madrid: Alianza Editorial.
- LEIRA CARPENTE, Antonio. *Extracto del cautiverio penoso sufrido durante doce años en cárceles de presos comunes, campos de trabajos forzados, campos de prisioneros de guerra hasta mi repatriación durante prisión en la Unión Soviética*. (Mechanografado)

- NÚÑEZ SEIJAS, Xosé M. 2016. *Camarada Invierno*. Barcelona: Editorial Crítica.
- PARGA, Carmen. 2020. *Antes que sea tarde*. Sevilla: Editorial Renacimiento.
- RODRÍGUEZ MORALES, Jesús. 2019. La maleta soviética de Hermógenes Rodríguez. *Revista FV*. 32/7-8, p. 39.
- SERRANO, Secundino. *Espanoles en el Gulag. Republicanos bajo el estalinismo*. Barcelona: Editorial Península, 2011.
- SERRANO, Secundino. 2012. Los olvidados que acabaron en el Gulag. *Historia y Vida*. 527, pp. XX-XX. Publicado tamén en “La Vanguardia” o 22 de marzo de 2021.
- ARQUIVO DE PRENSA de Juan Sobrino Ceballos
- FARO DE VIGO. “*Marineros en el Gulag*” de J.A. Otero Ricart. Estela. Revista dominical. 30 de outubro de 2011
- EL PAIS. “*Los presos fantasma de Kazajistán*”. Alba Tobella. 5 de outubro de 2013
- LA VOZ DE GALICIA. “*Los 29 gallegos de los gulags de Stalin*”. Mila Méndez. 19 de agosto de 2019

ANEXOS

Primeira páxina do Extracto do cativerio penoso sufrido durante doce anos en cárceres de presos comúns, campos de traballos forzados, campos de prisioneiros de guerra ata a miña repatriación durante prisión na Unión Soviética (mecnografado por Antonio Leira Carpente).

EXPONGO UN EXTRACTO DEL CAUTIVERIO PENOSO SUFRIDO DURANTE DOCE AÑOS /
EN CARCELES DE PRESOS COMUNES, CAMPOS DE TRABAJOS FORZADOS, CAMPOS DE /
PRISIONEROS DE GUERRA HASTA MI REPATRIACION DURANTE PRISION EN LA UNION
SOVIETICA (RUSIA) _____

Después de varios días de guerra Alemania-Rusia. Fui conducido a Comisaría de Policía, donde me quitaron el documento de circulación para estar en ODESA, y fui conducido como un prisionero común, sin / realizar delito alguno.

Fui conducido de ODESA A JARKOV, en vagones de presos / comunes y al llegar me ingresan en la cárcel, permaneciendo en ella casi dos meses, el día 13 de Agosto fui conducido al tren de presos comunes // hacia MOSCU, ingresando en la cárcel, a los cuatro días, salimos en un / tren de presos convoy, para la ciudad de GORKI ingresando en la cárcel / donde permanecí varios días, saliendo en un convoy de presos comunes para CHIELIABINSK y de ésta a PIETROPAVLOVSK, en donde estuvimos estacionados / en vía muerta unos días, saliendo para NOVOSIBIRSK, después de dos días salimos para KRASNOIARSK, donde nos conducen para la cárcel permaneciendo a / hasta el día 4 de octubre, con presos comunes condenados a cinco y quince años de prisión para embarcar en el buque llamado STALIN, navegando veint / dos días por el río YENISEI con rumbo a DURINCA Y NORISCAYA. Al llegar fu / mos conducidos a unos vagones a NOVISK, nos conducen a un pabellón en do / de se realiza el cambio de vestuario entregándonos ropa de presidiario, / cortándonos el pelo al cero, aplicándonos el número de prisionero, quítan / donos la documentación, reloj y demás cosas de valor personal, a los dos / días salimos al trabajo, bajo los 35 grados de temperatura, realizando tr / bajos forzados durante doce horas diarias, su situación es en el meridiano / 60 Círculo Polar, en donde estuvimos cerca de tres meses, muriendo más de / 20 españoles de escorbuto y disenteria, algunos fueron enviados al Hospi / tal a Dudincaya y el resto continuamos trabajando durante todo el año 19 / En el mes de mayo de 1942, salimos hacia el camino inverso, KRASNOIARSK, / donde estuvimos en la recogida de su cosecha hasta el mes de octubre, sa / liendo para NOVOSIBIRSK donde fuimos para la cárcel, permaneciendo cerca / de tres meses, en PETIOBLAVSK estuvimos realizando maniobras y fuimos a / una vía muerta a AKMOLINSK y después para KARAGANDA, allí nos reunimos c / los españoles que estaban realizando el curso de Pilotos de Aviación en / Moscú, en donde permanecimos varios meses 1943 pasando a ESPASKA, denomi / nado Moscú nº 90, que se encuentra a 40 km. de Karaganda, allí permaneci

Publicación no xornal *Le Populaire Girondin* en febreiro de 1948 da carta de José Romero Carreira.

Ao pé da carta escribe o xornal francés: “*Unha chamada de auxilio escrita nun anaco de camisa*”. (Fonte: Arquivo privado, xentileza de Rolf Dupuy)

Transcrición da carta:

A las autoridades españolas:

El que suscribe José Romero Carreira, español de 30 años de edad nacido en Orense, a Vdes respetuosamente expone:

Que encontrándose en el año 38 en el Ejército republicano fui

enviado por ese mismo gobierno a la URSS para hacer un curso de Piloto con un grupo de 60 personas, que una vez terminado hemos hecho gestiones para nuestra repatriación las cuales no han tenido éxito por causa de la guerra. En el momento de la entrada de la URSS en la guerra contra Alemania, he sido (en compañía de 26 españoles de mi escuela que nos juntamos a otro grupo de marinos españoles también) internado.

Ruego a Vdes. Hagan las gestiones necesarias acerca de este gobierno para nuestra repatriación.

La firma y el nombre aparecen borrados.



Carta que saíu do campo de Karagandá destinada a Eleonor Roosevelt, esposa do presidente de EE.UU. e delegada de EE.UU ante a Asemblea Xeral da ONU.

Campo de Karagandá, 18-Enero 1947.

Sra. Eleonor Roosevelt:

Hemos leído en la prensa rusa sus intervenciones en la O.N.U. en pro de la restitución de los expatriados, a consecuencia de la última guerra mundial, a sus patrias. Y al tratar de los expatriados españoles Vd. ha defendido el humanitario punto de vista, de no obligar a los antifascistas españoles a volver a la patria a vivir bajo un régimen que ellos consideran incompatible con sus ideas políticas. Pero en las intervenciones, tanto de Vd. como de otros diplomáticos no hemos leído nada de esto:

Nosotros somos españoles que en la guerra civil de España de 1936 al 39 salimos de la patria con misiones técnicas que nos fueran encomendadas por el Gobierno de la República y nos sorprendió en Rusia, la terminación


de dicha guerra civil. Nosotros, gente sin un credo político firme, deseamos la vuelta a la patria sin importarnos el matiz político del gobierno. Así lo hemos manifestado repetidamente desde que terminó la guerra en Europa (durante ésta no nos pareció prudente tal petición y por esto justamente sufrimos el internamiento) a las autoridades soviéticas, sin obtener respuesta alguna y sin conseguir siquiera comunicación postal con nuestras familias.

Ruego a Vd. se interese por nuestro caso (somos 50 y por razones diversas firmo sólo) junto con el Gobierno Español para ser repatriados con la mayor brevedad y comunique a mi familia mi existencia y deseo, para que ellos hagan también por su parte lo posible con tal objeto. Profundamente agradezco, y así mis compañeros, por su intervención humanitaria a favor de aquellos que se encuentran privados de los derechos más elementales de humanidad.

Sus humildes S.S.

*José Romero Carreira
Solveira-Paderna (Orense) España*

Carta escrita sobre un pano que sacou cosida ao interior da súa roupa ao ser liberada Beira Lövy (1921-1992), noiva dun mariño-piloto do cargueiro “Cabo San Agustín”.



O mariño Ramón Sánchez-Ferragut Gómez explica á súa familia que non está morto, senón nun campo de concentración en Karagandá, 99/22 Spassk e xunta as direccións en España dalgúns compañeiros no cativerio, co rogo de que escribisen ás súas familias⁸.

Transcrición da carta:

Queridos padres y hermanos: Dos letras para que sepáis que aún vivo y me acuerdo muchísimo de vosotros.

La persona que os manda esto os dará toda clase de detalles, aunque será en idioma alemán. Mis deseos fueron y siguen siendo de volver a veros lo más pronto posible.

Desde el año 41 que empezó la guerra y cuando ya solo faltaban varios días para volver a veros, fui internado, sometido a malos tratos y a trabajos forzados, en un campo de concentración en compañía de otro grupo de españoles los cuales igual que yo, su único deseo fue y es volver a España. Actualmente solo quedamos 45, pues 16 (ilegible...).

8. Publicado na revista FV. 7-8. 2019, na páxina 39, do artigo “La Maleta soviética de Hermógenes Rodríguez”, asinado por Jesús Rodríguez Morales.

Al final os mando varias direcciones para que os pongáis en comunicación con dichos familiares, y sin ruidos hacer por todos los medios posibles que seamos repatriados. No tengo documentación ninguna pues toda me fue recogida.

Nos encontramos en la región de la República de Kazajistán (Karagándá-Spask). Campo 99/22.

Besos y abrazos para todos de Ramón.

Ex-124-



CAPITANIA GENERAL
DE LA PRIMERA REGION
Y PRIMER CUERPO DE EJERCITO

ESTADO MAIOR

Madrid, 3 de Noviembre de 1.953.

Sra. D^a. Maria Antonia Carpente Perdez.
c/Porte número 15.
PUNTEDEUME. (La Coruña).

May señora mia:


Recientemente han sido liberados de Campos de Concentración de Rusia varios alemanes que, estuvieron prisioneros con nuestros compatriotas, han aportado información sobre alguno de nuestros hermanos entre los que se encuentra su hijo ANTONIO LEIRA CARPENTE, del que dicen, se encuentra en perfecto estado de salud y muy animoso y sobre lleva con magnifico espíritu su injusta reclusión.

Si en este tiempo ha tenido noticias por otro conducto, la ruego tenga a bien enviarme copia de las mismas, o en su caso las originales que, tan pronto se hicieran las copias correspondientes le serian devuelta.

Con todo respeto la saluda suyo afmo. S.S.

q.b.e.m.

F: Coronel Garcia del Castillo.-



Terceira das cartas, asinada polo tenente coronel Joaquín García del Castillo, o 3 de novembro de 1.953, que a Capitanía Xeneral da Primeira Rexión (Estado Maior) envíaalle á nai de Antonio Leira



Pilotos republicanos en Kirovarab na primavera de 1.939

...había en Moscú un grupo de jóvenes pilotos españoles. Los pilotos perdieron la libertad y algunos de ellos creo que la vida. Ellos querían marchar, salir de Rusia, pero no los dejaban.

A raíz de esto, sus sentimientos hacia las autoridades soviéticas no eran del todo amistosas, aunque nadie hubiera podido afirmar que se trataba de enemigos. (pág.117-118)

José Díaz, líder de PCE, había sostenido siempre que los españoles refugiados en Rusia tenían que ser enviados a otro sitio. (Pág. 137)

Terminada la guerra mundial, a algunos españoles se les permitió marchar a Francia o México.

Nota textual extraída do libro: Yo, comunista en Rusia. Ettore Vanni. Ed. Destino. 1950



Pilotos e brigadistas na cuberta do buque Semíramis



La Voz de Galicia. Sábado, 3 de abril de 1954

A XENEALOXÍA DOS ANDRADE ANTERIOR A FERNÁN P. O BOO (1160-1362)

Xosé Francisco Correa Arias

Limiar

Non era a miña intención volver sobre a xenealoxía dos Andrade, porque nunha va pretensión, aínda sen ter tocado nunca temas de xenealoxía, nin ter un interese especial por este tema, pensaba que quedaba sentenciada no traballo de “A Casa de Andrade”, a miña tese de doutoramento. O volume da documentación manexada, de primeira man ou xa publicada, aínda sen sentir unha grande afouteza por esta disciplina, quizais algo atoradadamente, levoume a incluír no citado traballo de “**A Casa de Andrade**” un capítulo dedicado á xenealoxía. Co paso do tempo cheguei á conclusión de que moita documentación non é fácil de valorar, sobre todo nun tempo limitado, e que as cousas hai que deixalas madurar para poder tirar conclusións convincentes.

Algo parecido parece ocorrer nos últimos tempos coa publicación de numerosos traballos sobre xenealoxía e, en especial, sobre a xenealoxía dos Andrade, na revista *Cátedra*. Dende aquí o meu recoñecemento e as miñas felicitacións a J.L. Lamigueiro polos numerosos traballos e polo volume de documentación por el manexada, algo que hai que salientar, sobre todo non sendo a historia a súa profesión segundo teño entendido. Tamén expresar o meu fondo pesar polo seu inesperado e prematuro falecemento, que nos privou, ademais dun amigo, das súas futuras achegas ao estudo da historia local. Porén, algo moi habitual entre os que nos dedicamos a este tipo de emprendementos, a miña mágoa non me impide afirmar que non podo concordar con todo o que fixo este autor. Creo que o enorme volume de documentación que este autor manexou é moi difícil de calibrar en canto á súa autenticidade e o seu valor para esclarecer pasaxes importantes da traxectoria xenealóxica dunha determinada saga familiar, sobre todo se o proceso se levou a cabo en pouco tempo. Iso é absolutamente normal porque a historia se fai a base de erros e acertos, e vemos que os historiadores máis recoñecidos, ás veces, nos despistan con datos que máis tarde rectifican, sobre todo en cuestións de xenealoxía. Desgraciadamente, neste caso iso non vai ser posible, o que me causa pesar.

A xenealoxía dos Andrade, en liñas xerais, xa comezaron a perfilala Vaamonde Lores e Couceiro Freijomil, aínda que deixaron moitas lagoas, sobre todo nos primeiros chanzos, e tamén algúns erros, pero menos dos que se poidan sospeitar. Máis tarde irrompemos unha morea de ousados que pretendemos solucionar o problema de raíz, e aí estamos, con achegas en forma de acertos e de erros. No entanto, máis aló de engadir chanzos

a cadea dos Andrade e especular sobre ramas colaterais ata agora descoñecidas, as lagoas máis importantes seguen sendo as mesmas:

- 1º. Cando comezamos a considerar que estamos falando da xenealoxía da familia Andrade? Cando se comezan a chamar así? Cremos que este problema, aínda que non todos esteamos de acordo nos mesmos asuntos, xa está documentado dabondo; faltaría, segundo o meu criterio, usar a documentación de xeito crítico. Non podemos buscar “Andrades” antes de que se alcumaran así porque, máis alá dos primeiros persoeiros que usan ese alcume, non deberían ser obxecto deste tema, sobre todo se as filiacións non son seguras.
- 2º. Cál é a razón e a forma pola que os Freire se engaden o alcume ou antropónimo “de Andrade”? Non a súa orixe, que non reviste gran relevancia, porque engadindo chan-zos por abaixo á escaleira xenealóxica dos Freire estamos a falar de familias e persoas que non teñen nada ou case nada que ver co problema que formulamos, non son *andrades*. O verdadeiro problema, segundo creo eu, é establecer a causa pola que a unha familia que na documentación aparece reflectida como “Freire”, nun intre determinado se lle engade o antropónimo “de Andrade” e comeza a usar patronímicos que ata ese intre eran o atributo doutra familia. Este é o tema pendente.
- 3º. Considerar se certas achegas documentais resisten unha análise crítica á hora de establecer afirmacións históricas máis ou menos relevantes, como a famosa sentenza de Pedro Fernández de Andrade III, de 1346 que, en realidade, se dá en 1384 por confundir *era* con *ano* o notario.

Como creo eu, que sobre todo arredor do segundo punto arriba enunciado hai aínda dúbidas razoables, decidínme a reflexionar amplamente sobre esta temática. E, dado que na xenealoxía dos Andrade “maiores”, non hai grandes lagoas, neste artigo refírome **básicamente** á xenealoxía dos Andrade entre o primeiro personaxe que se alcuma así e a morte de Rui Freire de Andrade en 1362.

Non me animou a esta afouteza o ter solución completa aos problemas que eu mesmo formulo, porque non é así, en todo caso **animoume** poñer de relevo cal é o estado da cuestión sobre este tema e intentar contribuír ao esclarecemento dalgunha que outra pasaxe moitas veces poñendo en cuestión algunha documentación manexada **ata o de agora**, ao meu entender demasiado alegremente, rectificando o que considere erróneo, incluso, **cando veña a conto**, rectificando afirmacións xa feitas por min noutros traballos.

Ese é o obxectivo deste traballo, á fin e ao cabo a disciplina da Historia está elaborada a partir da superación de erros anteriores, propios ou alleos. Esperemos que, neste caso, haxa máis do segundo que do primeiro.

O FORXAMENTO DUNHA LIÑAXE. A ARQUETÍPICA XENEALOXIA DOS ANDRADE (1160-1362)

Xenealoxía e Historia

Consonte a mentalidade de Idade Media, a antigüidade e a sona dos personaxes que deron orixe á unha familia, como adoitan aparecer nos nobiliarios, é un dos piares arredor dos que se forxa unha liñaxe. A este personaxe ou personaxes, reais ou imaxinarios, aos que se lles atribúe a fundación da familia **en cuestión**, a mitoloxía trata de adornalos cunha gran *dignidade*, maior canto máis relevancia reúnan os feitos que se lles atribúen.

No mesmo senso o agoniante desexo de entroncar con seres afastados no tempo, lendarios ou históricos, que o propio percorrer do tempo converte en figuras míticas, explícase pola xeneralización dunha mentalidade cabaleiresca baseada en ritos, tradicións e actitudes que outorgan maior *dignidade*, maior *honra* e, polo tanto, maior relevo dentro das xerarquías nobiliarias, a aqueles individuos que teñen antepasados relacionados con feitos gloriosos, forxadores de estirpes de gran renome, destinados a desenvolver papeis de extraordinaria importancia nos designios que o futuro lles depare.

A Honra dunha liñaxe está intimamente ligada ao grao de fidalguía dunha casa señorial, segundo vemos escrito nas *Partidas*: *E por esto sobre todas las cosas catarô que fuessen omes de buen linage...por eso los llamaron fijos dalgo, q muestra tanto como fijos de bien...E tomaron este nome de gentileza q muestra tâto como nobleza...*¹. Porén, como era moi frecuente tamén na Idade Media, a casa de Andrade, unha vez consagrada como liñaxe nobiliaria e señorial, despois de 1371, cando acadou sona e fortuna, no intento de enxalzar as súas orixes, busca a súa *sacralización* entroncando os primeiros personaxes da súa estirpe coa liñaxe dos Traba e co mítico conde don Mendo, antepasado común a ambas as dúas casas, segundo nos contan algúns nobiliarios. Como diría Georges Duby, *“non hai nobre que non teña detrás de si o prestixio dun ancestro aínda que sexa mítico”*.

O ascenso social da casa de Andrade e a ratificación posterior dese ascenso coa adquisición do título condal, xa nas décadas iniciais da Época Moderna, explican o proceso que se citaba ao final do anterior epígrafe. A tradición foi recollida, algunhas veces sen comentario crítico ningún, por parte da historiografía histórica, contribuíndo a mitificar o nacemento desta familia, facéndoa descender dun dos cabaleiros que acompañaba o lendario conde don Mendo, suposto irmán de Desiderio, último rei dos Longobardos, que desembarcou, procedente de Italia, nas costas de Brión (Ferrol) para loitar contra os mouros².

1. *Partidas*, 2, 21, 2

2. *Nobiliario de don Pedro, Conde de Barcelos*, edición facsímile (Roma 1640) de Juan Bautista LABANA e introdución de J. FILGUEIRA VALVERDE, Santiago, 1974, p 43. Tamén se fai eco desta tradición Fr Felipe de la GÁNDARA Y ULLOA

Os Andrade nos nobiliarios históricos

O ascenso social da casa de Andrade e a ratificación posterior dese ascenso coa adquisición do título condal, xa nas décadas iniciais da Época Moderna, explican o proceso que se citaba ao final do anterior epígrafe. A tradición foi recollida, algunhas veces sen comentario crítico ningún por parte da historiografía histórica, contribuíndo a mitificar o nacemento desta familia, facéndoa descender, como xa se dixo, dun dos cabaleiros que acompañaba o lendario conde don Mendo, suposto irmán de Desiderio, último rei dos Longobardos, que desembarcou, procedente de Italia, nas costas de Brión (Ferrol), para loitar contra os mouros³.

Dentro do mesmo proceso de sacralización das súas orixes, espallouse a teoría de que os Andrade descendían de don Bermudo Pérez de Traba, casado en terceiras nupcias con dona Urraca Henriquez, irmá do primeiro rei de Portugal, Afonso Enriquez⁴. Outros xenealoxistas abundan na mesma orixe da casa de Andrade. Baltasar Porteiro afirma que proceden de don Bermudo Pérez Freire de Andrade⁵, a quen segue Jerónimo Pardo en 1657⁶, Rades Andrada⁷ ou Fr. Malaquías de la Vega⁸, quen, despois da lectura equivocada dun documento, afirma que Bermudo Pérez Freire de Andrade é neto de Bermudo Pérez de Traba, explicando ademais que o apelido Freire lle vén de ser frade ao interpretar así un documento de doazón a Monfero de 1164 dun sobriño do citado don Bermudo, o conde Gonzalo Fernández: “...De suerte que al abuelo por ser freyle los gallegos en lenguaje le dixeron don Bermudo frade y de eso el renombre deste nieto, don Bermudo freyre de Andrade...”. Interpretando dende hoxe, ese Bermudo Freire de Andrade sería Bermudo Fortúñez de Andrade, o primeiro Andrade así alcumado, aínda que sobre o tema, como xa veremos, hai escolas. Este Bermudo Fortúñez sería irmán de Pedro Fortúñez, ao que, un xenealoxista desgraciadamente malogrado, converte no iniciador da saga dos Freire,

en: *Armas y Triunfos y Hechos gloriosos de los hijos de Galicia*, (Allariz, 1596), Madrid, 1622, ano 756, p 64. No arquivo da R.A.G. (Fondo Martínez Salazar, C 106), en fichas manuscritas, este ilustre arquivista faise eco desta teoría citando o libro 7º do nobiliario de Conde Don Pedro, segundo o que dos cinco cabaleiros que acompañaban o conde don Mendo, descenden cinco familias, entre elas, a familia Andrade.

3. *Nobiliario de don Pedro, Conde de Barcelos*, edición facsímil (Roma 1640) de Juan Bautista LABANA e introdución de J. FILGUEIRA VALVERDE, Santiago, 1974, p 43. Tamén se fai eco desta tradición Fr Felipe de la GÁNDARA Y ULLOA en: *Armas y Triunfos y Hechos gloriosos de los hijos de Galicia*, (Allariz, 1596), Madrid, 1622, ano 756, p 64. No arquivo da R.A.G. (Fondo Martínez Salazar, C 106), en fichas manuscritas, este ilustre arquivista faise eco desta teoría, citando o libro 7º do nobiliario de Conde Don Pedro, segundo o que, dos cinco cabaleiros que acompañaban o conde don Mendo, descenden cinco familias, entre elas, a familia Andrade.
4. Fr Felipe DE LA GÁNDARA Y ULLOA *Armas i Triunfos...*, p. 64
5. Baltasar PORTEIRO, *Nobiliario del Reino de Galicia*, 1572, p.179
6. Jerónimo PARDO, *Origen de los linages del Reino de Galicia*, 1657, dentro da obra de Antonio Calderón, *Excelencias del apostol Santiago na que cita á Rades (Crónica de las tres órdenes y Cavallerías de Santiago)*.
7. RADES Y ANDRADA, Francisco, *Chronica de las tres ordenes y cauallerías de Santiago, Calatraua y Alcántara...* Facsímil, Toledo. 1575, Barcelona, 1971, 167.
8. Fr. Malaquías DE LA VEGA, *Chronologia de los Illmos Jueces de Castilla; Nuño Núñez Rasura y Layn Calvo: antecessores dela esclarecida, familia de Castro; Condes de Lemos, Andrade y Villalva, y Marqueses de Sarria*. Biblioteca Nacional, ms. 19.418. Copia no Instituto Padre Sarmiento. f 483 v.

segundo recentes publicacións súas⁹. Freire é un alcume nacido dun *dictus*, porque Pedro Fortunez era frade santiaguista, como seu irmán Bermudo, do que derivaría o alcume *frade* ou *freire*, que herdarían os seus tataranetos Juan Paez e Nuño Freire, e os fillos do primeiro, Rui, Juan e Payo Freire, cuxos respectivos *dictus* están desaparecidos durante un século para reaparecer no derradeiro terzo do século XIII e comezos do seguinte.

Seguindo coa liñaxe dos Andrade segundo os xenealoxistas históricos, concretamente sobre o parentesco cos Traba, o propio Malaquíás decátase do erro e rexeita a don Bemudo Pérez de Traba por entrar no convento de Sobrado xa vello e pasa a atribuírlle a orixe da familia a don Bermudo Fortunez, que era prestameiro de Pruzos e, como dixemos, frade santiaguista, Bermudo *O Freire*.

Ambas teorías, tanto a que se refire á descendencia de don Mendo como a que establece a orixe en Bermudo Pérez de Traba, están hoxe descartadas pola documentación, xa que nin hai proba documental **algunha** da relación co conde don Mendo, como dixemos un personaxe lendario, nin por outra parte temos proba ningunha de que os Andrade descendan de don Bermudo Pérez de Traba.

Non obstante, á luz dos documentos que manexamos e coincidindo co trasfondo histórico de toda mitoloxía lendaria, o lóxico sería esperar que os Andrade procedan dunha familia cuxa orixe estaría nun **personaxe** emparentado cos Traba, como aconteceu con outras familias da pequena nobreza das terras de Trastámara, sendo que a realidade fora superada, como outras moitas veces, polo mito, atribuíndo esa relación a un dos nobres medievais galegos de máis renome e fortuna como foi don Bermudo Pérez de Traba, partícipe de múltiples batallas, algunhas delas nas Cruzadas.

As orixes da casa de Andrade

A realidade parece ser moito máis vulgar que o mito sendo así que a familia e liñaxe dos Andrade procede, como deseguida veremos, dunha liñaxe de cabaleiros ou *milites* das numerosas que dende o século XII abundaban polas terras do condado de Trastámara, que, o mesmo que outras familias de cabaleiros, como os Mandiá, os Esquí, os Lago e os Ares, todos eles cualificados como *milites*, son descendentes na súa maioría de pólas secundarias do clan Petri ou Traba, ou doutros emparentados con eles¹⁰.

O primeiro *Andrade* que está perfectamente documentado é don Bermudo Fortuniz¹¹, *miles de Andrade*, descendente dun tal don Fortunio que aparece en moitos docu-

9. J.L. LAMIGUEIRO, "El Linaje Freire de Andrade según La Chronologia de Fray Malaquíás de Vega", *Cátedra*, n° 26, p 217, citando outras colaboracións súas na revista *Cátedra*.

10. A palabra *miles*, aparecida no século X, tiña un sentido xenérico e, segundo Duby (*Los tres órdenes o lo imaginario del feudalismo*, p. 217), pasa a designar unha categoría social, a dos cabaleiros, recoñecida socialmente e transmitida a súa condición por herdanza.

11. Posiblemente fose este Bermudo Fortúnz de Andrade que, como veremos ten relacións coa Orde de Santiago, o que motivara a confusión do xenealoxistas Malaquíás de la Vega e dos que o seguen, ao confundilo con Bermudo Pérez de Traba, de moito máis relevo social.

mentos como doador ou, sobre todo, como confirmante, ao lado de membros do clan *Petri* ou Traba, dos seus parentes ou doutros *milites*. A don Bermudo vémololo o 4 de maio de 1160 realizando unha doazón ao mosteiro de Caaveiro de diversos bens que recibira dos seus antepasados: *hereditate mea propria que habeo de abiorum et parentorum meorum in terra Prucii, in l(o)co nominato medietatem de hereditate de Alion*¹². Confirman o documento Rodrigo Froilaz e Pedro Ovéquiz, un signo evidente da súa proximidade á familia Froilaz.

O mesmo Bermudo Fortúñez vémololo nunha escritura do 19 de xaneiro de 1182 na que doa ao mosteiro de Monfero toda a parte que tiña en **Sancte Baie de Dureia**. No documento cítanse dúas irmáns, *Elvira e Exemena Fortúñez*, e como testemuñas *Pedro e Martín*, os que supoñemos dous dos seus fillos aos que deseguida aludiremos¹³. Dende esta data, os compoñentes da estirpe dos Andrade séguense sen complicacións agás algunhas dificultades na primeira metade do século XIV cando cambia o patronímico de Fortúñez, Bermúdez, Pérez ou Fernández, propios do século XII e XIII, ao de Freire a partir de mediados do XIV.

En troques, antes de 1160, imos fixarnos só no primeiro chanzo da cadea xenealóxica dos antepasados do citado Bermudo Fortúñez de Andrade, o primeiro *miles* que leva este antropónimo, don Fortunio Bermúdez, por entender que nin este nin os chanzos anteriores a el son Andrades. A pesar de non ser tarefa fácil nin segura, debemos non obstante esclarecer a posible orixe da familia Andrade, antes de que esta apareza identificada na documentación, pero non máis alá dos primeiros chanzos. Para isto, baseáronos na documentación, na historiografía e no sistema de derivación do patronímico, segundo o cal os apelidos se constrúen sobre o nome do pai, argumento seguido xeralmente para compoñer o apelido dos fillos e das fillas, aínda que non sempre se segue a regra citada, sobre todo coas fillas.

Son numerosísimos os exemplos sobre esta forma de composición dos apelidos. Neste apartado citáramos só o exemplo de Froilán Pérez Bermúdez¹⁴, nun documento de 1083 no que aparecen os seus fillos co apelido Froilaz, aínda que non todos –os fillos de distinta muller, ás veces tamén as fillas, poden cambiar o apelido– como podemos ver a continuación: *Nos Froilani Veremundiz et filiis meis Petrus Froilaz, Rudericus Froilaz, Munia Froilaz, Visclavara Froilaz, Gundisalva Suariz*¹⁵, datos documentais que, como outros centos de documentos ao longo dos séculos XII e XIII, nos amosan claramente que os fillos, sobre todo os varóns, derivan o seu apelido do nome do pai non sendo esta regra

12. AHN, Codice 1439B, f 72. Ed: DE PABLOS RAMÍREZ, J.C. "Tumbo de San Juan de Caaveiro", *Cátedra* nº 4, doc. nº 173 p 256.

13. / R.A.G, *Fondo Murguía*, P. 1/15. // A.H.N, *Clero*, Monfero, caixa 498, números 1 e 2. // A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, *Tumbo Viejo de Monfero*, libro 48, 1561, apartado de Valdureia e Xestoso, folios 9 a 15.

14. O nome que aparece no documento é *Froylani Petris Veremudiz*. Neste traballo, trataremos de reproducir, salvo no aparello documental os nomes regularizados cunha grafía e son próximos aos actuais.

15. A.H.N, *Clero*, *Xubia*, Carpeta 495, nº 2. Ed. S. MONTERO DÍAZ, *Colección diplomática de San Marín de Jubia*, PP. 62/3, doc. nº IX.

aplicable universalmente, sobre todo no caso das fillas como vimos nalgún exemplo proposto. Por outra parte utilizaremos ademais como elemento guía os territorios nos que teñen propiedades os primeiros Andrade e que seguirán sendo patrimonio da liñaxe en tempos mellor documentados. Entre estes territorios citaremos, en primeiro lugar, Andrade, o topónimo identificador da estirpe antes da fusión do seu patrimonio e títulos cos Castro de Lemos; pero tamén outros territorios nos que os Andrade sempre tiveron presenza patrimonial. Dende un principio, os primeiros Andrade aparecen vencellados a propiedades situadas nos concellos de Vilarmar: Alion (Allón, Vilamaior); Monfero: Dureia (Dureixa, San Pedro do Val de Xestoso), Santa Eulalia –ás veces Santa Baia– de Dureia; Dureça ou Valdureia (hoxe Dureixa), castro de Dureça -Santa Maria do Aldo de Xestoso, Santa Juliana (Santa Xia), Santa Maria de Vilachá; Pontedeume: San Martiño de Andrade, Nogueirosa (sub Leporario ou Leboreiro); Cabanas: Eirís, San Martiño do Porto; Xermade-Lugo: Burgás; Miño: Castanidu (sen ubicar) e Macenaria en Carantoña, San Juan de Callobre e Bolio (bollo, Perbes).

Desde este espazo irán estendendo, co antropolónimo Andrade xa incorporado á familia Freire, o seu radio de acción dende Ortigueira e Ferrol ata A Coruña e a todo norte do bispado de Mondoñedo¹⁶.

Don Bermudo Fortúñez e as súas raíces

Efectivamente, segundo o argumento máis arriba anunciado, Bermudo Fortúñez de Andrade, o primeiro Andrade contrastado documentalmente sen lugar a dúbidas. **Don Bermudo** é fillo de *Fortunius Veremundi*, un *miles* que aparece en numerosos documentos dende 1126 ata 1177, data esta última na se lle supón xa falecido¹⁷. Sobre todo vémolos de confirmante de documentos, nunha boa parte protagonizados por Pedro Froilaz, Rodrigo Froilaz e polos seus irmáns e irmás e fillos/fillas destes, o que nos reafirma na proximidade de función social en réxime de subordinación e/ou de parentesco cos antepasados do primeiro Andrade, relación que continuará ata a extinción da familia Traba¹⁸.

Este Fortunio Bermúdez non se alcuma “de Andrade” pero ten relación con Andrade e con outros lugares patrimoniais desta familia. Así o vemos o 29 de agosto de 1152, nun pacto entre Diego Muníz e o mosteiro de Caaveiro, no que, don Fortunio, sen dúbida o mesmo *Fortunius Veremundi* do que falamos, aparece claramente relacionado con Andrade, o topónimo identificador da estirpe: *per manu de donno Fortunio et hereditate de Andradi*¹⁹. Tamén vemos a don Fortunio Bermúdez doando a Monfero, o 30 de novembro

16. AHN, Codice 1439B, f 72. Ed: DE PABLOS RAMÍREZ, *Tumbo de Caaveiro*, documentos, 195, 198, 202, 208 e 210.

17. J.I FERNÁNDEZ VIANA *et alter*, “Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro”. *Cátedra* nº 9, doc. 6, P 345.

18. A.H.N, *Clero*, Xubia, Carpeta 495, nº 2.

19. “*Hoc est pactum vel placitum quod factum est inter prior Santi Iohannis et canonici eiusdem ecclesie cum Didaco Muniz per manu de donno Fortunio et hereditate de Andradi, per nominata Munouvre. Et Ipsa hereditate dedit prior una cum collegio canonicorum donno Fortunio, et ipse domnus Fortunus dedit Didaco Muniz...*” *Tumbo de Caaveiro*. f. 79. (doc.192)

de 1155, todo o que ten en Valdureia (San Pedro do Val de Xestoso, en Monfero), outro lugar onde os Andrade sempre tiveron propiedades²⁰.

Isto era o que sostiña cando escribín contra 2007 “A Casa de Andrade”²¹ onde afirmaba que o primeiro persoeiro identificado co alcume ou antropolónimo Andrade era don Bermudo Fortúñez, afirmación que sigo sostendo aínda que aberto a novas achegas que ata agora non se produciron.

Outra posibilidade que sostiña en 2007 arredor da prehistoria desta familia era a posibilidade de identificar algúns chanzos máis antigos da familia, que hoxe abandonei por entender que nos levan a dilucidar algo que non vén a conto, xa que, en todo caso, esta posibilidade nos abriría o camiño ao coñecemento doutras familias, distintas da dos Andrade.

Dende hai algún tempo, non obstante, na revista *Cátedra* lévanse publicado unha morea de artigos de xenealoxía referentes ás distintas ramas da pequena e/ou mediana nobreza da bisbarra de Ferrol, entre elas da de Andrade. Nalgúns deses artigos, J.L. Lamiigueiro non só identifica como Andrade a don Bermudo Fortúñez, como se facía na “Casa de Andrade” e noutros traballos anteriores²², senón que engade a don Bermudo Fortúñez tres andrades máis, o citado don Fortunio, seu pai, o suposto pai deste, que sería avó de don Bermudo, que non dubida en etiquetar de Andrades como veremos deseguida establecendo unha árbore xenealóxica da prehistotia dos Andrade na que figurarían: Fortunio I, Bermudo I, Fortunio II (don Fortunio) e Bermudo II (Bermudo Fortunéz de Andrade)²³.

Non son xenealoxista nin sequera estou moi seguro da utilidade desta disciplina máis aló de determinados aspectos nalgúns estudos históricos. Se fixen unha incursión neste campo cando escribín “A Casa de Andrade” foi para intentar presentar os principais personaxes Andrade no mundo estamental ofrecendo unha perspectiva histórica de evolución da liñaxe e dos que a formaron. Non pretendía iluminar todas as zonas escuras da xenealoxía desta casa pero, vista dende hoxe penso que, agás deixarme levar pola sonoriade dos Athanidas, que admito que só era, e é, unha posibilidade, o resto acercábase bastante á realidade do que hoxe é coñecido.

No caso do primeiro *miles* Andrade sigo pensando o mesmo. Na obra de J.L. Lamigueiro faise retroceder a orixe da casa de Andrade a finais do século XI, unha afirmación temeraria porque nesa época nin a alta aristocracia se intitulaba “de”. De feito, nin a don Pedro Froilaz nin aos seus fillos don Bermudo ou don Fernando vemos intitularse

20. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, índice de documentos de Monfero, 1833, Santa María de Xeitoso, números 15 e 17

21. CORREA ARIAS, X. F., *A Casa de Andrade 1160-1540. Nobreza, Mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*. 2008, pp 68 e ss.

22. LÓPEZ SANGIL e DE CASTROÁLVAREZ, “La Genealogía de los Andrade”, *Cátedra*, número 7, pp 190-194. Recentemente, aínda que con matices insiste nas mesmas ideas. (LÓPEZ SANGIL, e alii.”Genealogía Prehistórica de los Andrade. Estado de la cuestión y el eslabón perdido de la unión entre Andrades y Freires”. *Cátedra*, nº 28, p 78).

23. LAMIGUEIRO, ·Luis, “Relaciones parentales de los Andrade(II) Trasancos, Sillobre, Lago, Sanxurxo y Freire”, *Catedra*, nº 24(2017/) pp 121 e ss.

“de Traba”. Pedro Froilaz, que morreu en 1128, faise titular *comes Gallecie, comite domnus petrus in Camouco, comes Ferraria, comes petrus principis Gallecie ou Petrus Froilaz comite de Trava* e outras parecidas²⁴, o mesmo que acontece con seu fillo don Fernando, que morre en 1161, alcumado de xeito parecido a seu pai: *comes Fernandus Gallecie, comite domno Fernadus in Trastamara, imperante in Tratamara comite Fernandus, Fernandus dominante in Gallecie, Ego comes Fernandus cum meo iermano Vermudo Petri, ou Princeps Gallecie*²⁵. Como vemos, en ningún documento referido a estes dous grandes personaxes da aristocracia galega se lles aplica o antropónimo “de Traba”, agas nun caso de Pedro Froilaz para explicar o cargo, non como antropónimo. Debemos ter en conta que entre don Pedro e don Fernando cobren toda a primeira metade do século XII sendo contemporáneos de don Fortunio, de seu pai, que imos descoñecer, e da xuventude de seu fillo Bermudo Fortunez. E entón porqué os coñecemos co patronímico “de Trava ou Traba”? Simplemente porque Traba era o título dun dos seus condados, quizais o orixinario, e a historiografía fixo o resto xeneralizando este tóponimo en detrimento doutros, como Camouco ou O Burgo, para referirse aos Froilaz e descendentes, o mesmo que pasará cos Freire *de Andrade*, no seu momento

Don Fortunio Bermúdez e o primeiro Andrade

Como dixen, o primeiro Andrade foi don Bermudo Fortúnez, polo que arriba se dixo e por outra serie de consideracións, algunha delas de cáctater técnico. Na segunda metade do século XII comeza a producirse o cambio dende unha aristocracia de servizo a outra que trata de patrimonializar os títulos e prebendas dos que gozan como servidores dos reis, no caso dos grandes como os Froilaz, administrando boa parte de Galiza en nome dos Reis como Tenentes. No caso da mediana ou pequena nobreza, ao servizo dun señor de alta alcurnia, como os Andrade con respecto aos Traba que, en momentos determinados, permiten que unha parte do patrimonio que administran no seu nome se converta no xerme dun couto propio. Basicamente o cambio consiste, aínda que o proceso se acelerará no século XIII, na conversión en patrimonio dun ben que gozaba por delegación, nun ben patrimonial con atribucións xurídicas limitadas. No caso dos Andrade isto tradúcese na posesión dun couto onde a autoridade, tamén boa parte da propiedade, pertencen ao titular do couto, arredor dunha torre, ou como dicía Vasco de Aponte, dunha casa torreada, para referirse a Rui Freire das Mariñas (de Andrade).

A posesión dun couto asimilaba os seus titulares á aristocracia, utilizando como signo distintivo o don ou *domnus* como se intitulan os Andrade xa dende a época de don Fortunio. Iso é basicamente o que significa para Bermudo Fortúnez de Andrade ser titular

24. CORREA ARIAS, Xosé Francisco. “A Casa de Andrade 1160-1540. Nobreza, Mentalidade e ideoloxía na Galicia baixo-medieval”. 2008, p 124 e nota 231.

25. *Ibidem*,

dun couto arredor da súa casa. Don Bermudo Fortúñez de Andrade era prestameiro de Pruzos polo conde Gonzalo Fernández de Trastámara, un *Petri* ou *Traba*, feito que podería estar na orixe da concesión do citado couto na freguesía de Andrade onde seu pai don Fortunio Bermúdez xa nos amosara ter herdades.

Deberíamos entón entender que o pai de don Bermudo Fortúñez, o primeiro Andrade así titulado, fose Fortunio Bermúdez, do que non hai dúbida porque se di con claridade nalgún documento como xa sabíamos. Tamén se podería aceptar como hipótese que o pai de Fortunio Bermudez fose Bermudo Fortúñez (I), o que non está claro. A filiación de don Fortunio con respecto ao tal Bermudo Fortúñez(I)” só pode intuila o citado autor a partir de herdades en Dureia (Dureixa, Monfero) que seguirán séculos estando en mans dos Andrade²⁶. Pero este dato non será exclusivo dos Andrade senón que nese lugar tiñan herdades moitas outras familias como amosa a documentación. Incluso poderíamos admitir a proposta de que este Bermudo Fortúñez (I) fose fillo do Fortunio Bermudez (I) como parece indicar a documentación, aínda que hai moitos interrogantes que despexar, entre eles a proliferación de Bermudos e Fortunios, as discordancias cronolóxicas e disparidade de espazos patrimoniais. Pero non nos imos meter neste terreo pantanoso porque para coñecer as orixes dos Andrade non nos interesa proxectarnos máis aló de don Fortunio, e iso por ser o proxenitor do primeiro Andrade, do contrario poderíamos chegar elucubrando ata a prehistoria.

Por estas e outras razóns que iremos expoñendo, non podemos aceptar que se lles alcumara “de Andrade” a estes supostos parentes do primeiro miles alcumado así, Bermudo Fortunez de Andrade, e moito menos podemos aceptar que ousadamente se lles poña incluso un número de orde, Fortunio I, Fortunio II e Bermudo I e Bermudo II, como se formasen todos parte dunha liñaxe coñecida e asentada porque, en primeiro lugar ningún documento antes de don Bermudo Fortunez se refire ao antropolónimo “de Andrade”, agás no caso de don Fortunio Bermúdez que aparece así alcumando no documento do testamento de Suero Méndez Zapata. Neste documento datado entre 1158 e 1164 cítase como confirmante “*Fortunio Vermudi de Andradi*”²⁷. Polo tanto, e visto que o asunto está documentado, poderíamos dicir que don Fortunio era un Andrade? Cremos que non. O documento en cuestión, dadas as anacronías entre os personaxes da cláusula cronolóxica e a data orixinal (1128) -algo moi habitual coa documentación da alta e plena idade media xa que moitos destes documentos foron copiados, ás veces varias veces, e non sempre fielmente²⁸- e a que fixou Martínez Salazar, entre 1158 e 1164, isto é, que o devandito documento podería ser posterior a 1160²⁹, cando se data o documento no que Bermudo

26. Este feito claramente constatable mesmo o reconece o autor da proposta de alargar a denominación “de Andrade”ata comezos do século XII, mesmo antes.(J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 238).

27. RAG, *Fondo Andrés Martínez Salazar*; C 6 nº 26. Dato achegado por J.L.LAMIGUEIRO, en: “Las, Relaciones parentales de los...”, *Catedra*, nº 24(2017/) p 126.

28. Os libros son material combustible e os repetidos incendios de moitísimos cenobios, en moitas ocasión, levaron os arquivos a reproducir de memoria unha parte ou a totalidade dalguns diplomas, como en boa parte do de Monfero.

29. A.H.N, Códice 1439 B. Edi: J.C DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”. Doc nº 173. *Cátedra* 1997, p

Fortunez aparece por primeira vez co alcume “de Andrade”, polo que podería ser unha achega do fillo que xa era recoñecido como tal. Por outra parte, podería ser un erro do copista dado que moitos documentos de Caaveiro foron copiados despois de que ardese o arquivo, e nunha porcentaxe importante ten erros de vulto en canto á cronoloxía, incluso se dubida da veracidade completa dalgúns. Podería moi ben ser un erro do copista cando se elabora o tomo no século XIII, como pai de don Bermudo que si se alcumaba así: “de Andrade”.

Don Fortunio Bermúdez é un dos personaxes mellor documentados tanto en documentos de iniciativa persoal como cando aparece de testemuña ou confirmante ao lado doutros personaxes, e *nunca aparece co antropolónimo “de Andrade”*, agás no caso que comentamos, e xa moi cerca do seu final. Vémolo, ao longo da súa vida confirmando, sobre todo, documentos da familia Traba. Tamén figura en documentos relacionados coa familia dos *Athánidas*³⁰, tamén estreitamente vencellada documentalmente cos Froilaz. A relación vese na confirmación por parte dos *Athanidas* de documentos dos Traba pero tamén no desenvolvemento de tarefas subordinadas á autoridade condal, como nos di o fragmento seguinte: *Vermudus Athániz qui reget in terra Bisaquis sub manu comitē petro*. Por outra banda Froila Athániz e Bermudo Athániz figuran como *prestameiros* dos territorios de Trasancos e Bezoucos respectivamente. Estes cargos posúen unha función pública inferior á dos *tenentes*. No mesmo senso, o 26 de febreiro de 1135 vemos a don Fortunio confirmando un documento do conde don Fernando de doazón a Caaveiro de todo o que ten na igrexa San Julián de Sillobre para saldar unha débeda de 24 marcos de prata que contraera cun cóengo do mosteiro. Xunto a el figuran como confirmantes Froyla Athániz, Gundisalvus Menendi e don Fortunio Bermúdez³¹, os mesmos confirmantes que vemos o 1 de abril de 1127³² nunha doazón a Caaveiro do *seu cóengo* Bermudo Fortuniz³³ –o suposto pai de don Fortunio segundo J.L. Lamigueiro–³⁴, onde, supostamente tamén, o fillo confirmaría o documento de seu pai ao lado de Froyla Athaniz co que coincide en numerosas ocasións de confirmante. E dicimos supostamente porque, como dixemos, non hai evidencias claras de que o sexa. Hai moitos “bermudos” dos que podería derivar o apelido e, en Dureia –Dureia, Valdureia, Dureça–, Hoxe Dureixa, hai moitas familias que teñen herdades. As posibilidades de filiación de don Fortunio con respecto a Bermudo

256. J.I FERNÁNDEZ VIANA *et et alter*; “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, Coruña 1999, p 252.

30. Referímonos aos fillos de Athan Froilaz que o 31 de maio dun ano próximo ao 1092 efectúa unha doazón a Caaveiro de diversos bens en Santiago de Franza na que asinan os seus fillos *Gistrerio Athaniz, Veremunduz Athaniz, Oveco Athaniz e Fortuniis Athniz* (*Tumbo de Caaveiro*. doc. nº 77).

31. A.H.N, Códice 1439 B.f.44v Edi: J.C DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”. *Cátedra* 1996, doc nº 109 p 409. J.I FERNÁNDEZ VIANA *et et alter*; “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, Coruña 1999, p 198.

32. A data orixinal era 1102 pero, dadas as discordancias entre a data e a cláusula cronolóxica, os editores optaron por situala arredor de 1127(I FERNÁNDEZ VIANA *et et alter*; “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, Coruña 1999, doc 110, p 199).

33. A.H.N, Clero, Caaveiro, C.491, 15 (Pergamiño con varios documentos).A.H.N, Cód. 1439 B, *tumbo de Caaveiro*, fol. 45. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra*. doc. 110., p 410.Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA, *et alter*, *El Tumbo de San Juan de Caaveiro*, doc.110 199.

34. J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 239.

Fortunez son as mesmas que as de atribuír esta filiación a Bermudo Athaniz, prestameiro de Pedro Froilaz na terra de Bezoucos³⁵, como faciamos en “A Casa dos Andrade”, cousa na que non imos insistir, porque non ten moito sentido buscar os chanzos prehistóricos dos Andrade xa que non eran Andrades, e menos sen datos concluíntes.

Como se dixo, son moitos os documentos nos que don Fortunio Bermúdez aparece confirmando escrituras, moitas veces ao lado do prestameiro Froila Athaniz. Por exemplo, nun documento de 1128³⁶ no que o vemos de confirmante acompañado a Visclavara Froilaz e a dona Guncina, nunha doazón a Caaveiro do *seu irmán Froilán Froilaz que*, polo seu patronímico, deben ser irmáns só de pai³⁷—cuxa mai sería unha muller de apelido Arias que con Bermudo Fortúnez, coengo de Caaveiro, serían os pais de don Fortunio³⁸, aínda que, como se dixo, a filiación de don Fortunio con respecto a este Bermudo Fortúniz non está documentada.

Polo que estamos vendo, don Fortunio Vermúdez é un dos personaxes máis documentado, xa que o vemos, dende moi cedo, sobre todo no segundo terzo do século XII, como confirmante ou como doador. No testamento de seu irmán Froilán Froilaz citado máis arriba aparece como confirmante³⁹. Por estas mesmas datas xa vimos que confirma unha doazón a Caaveiro do cóengo Bermudo Fortúnez. Pero xa dende antes destas datas aparece en innumerables documentos, ao lado dos Traba⁴⁰ e/ou dos seus subordinados como o prestameiro de Trasancos Froyla Athaniz⁴¹ e outros personaxes da súa contorna, en total 18 veces no Tombo de Caaveiro⁴². En todos eles non atopamos nin evidencias da

35. *Veremudos Ataniz, qui reget terram Bisaquis sub manu comite Domnus Petrus...*(J.C DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “ElTumbo de Caaveiro”: *Cátedra*, 1996.Doc. 122, pp 420/421)

36. Na edición de 1999 a data establécese nun abanao que vai dende 1128 a 1140 (J.I FERNÁNDEZ VIANA *et aliter*, - “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, doc 59, Coruña 1999, p 158.

37. Segundo J.L LAMIGUEIRO, Froilán Froilaz é fillo dunha muller de apelido Arias e dun tal Froila cuxa muller casou en segundas nupcias, ou simplemente cohabitou co que sería cóengo de Caaveiro, Bermudo Fortúniz de cuxa relación tivo outros catro fillos e fillas entre os que figuraría Fortunio Bermúdez. A explicación, se ben amosa acenos de coherencia novelesca e traballo arquivístico, como noutros moitos casos deste autor, reconstrúe a árbore familiar a partir de indicios onomásticos, deixando a cousa máis cerca da hipótese, como dixeran un tanto novelesca, que da realidade.(J L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 231).

38. 1127, abril 1.Bermudo Fortúniz, cóengo de Caaveiro efectúa unha doazón a este mosteiro da súa parte na freguesía de , Santa Mariña de Sillobre (Fene) e unha servicialía en Andrade.Testemuñas e confirmantes: Froila Athaniz, Bermudo Athaniz os mesmos que vemos noutros documentos como doadores, testemuñas e confirmantes en varias doazóns a Caaveiro (A.H.N, Clero, Caaveiro, C.491, 15. Pergamiño con varios documentos. A.H.N, Cód. 1439 B, fol. 45. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, doc. 110, *Cátedra*, p 410.Ed. J.I ,FERNÁNDEZ VIANA e Alter “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, doc.110, p 199.

39. 1126/1128,3 de abril. *Ego Froyla Froylas et vox mean in hanc cartula testamenti roboravi et istas hereditates et istos honores do et concedo pro me etpro germano meo Uermudo Froyla ob remedium anima mea et parentum nostrum habean infecta cuncta. G. P. F Petrus, ts. Pelagius ts. In tempos Adefonsus imperator. Comitē P(etrus).in Galecia, Maria Cidis q.f. Marina Aras mean materera q.f. Fortunio Vermudis Frater meis q.f. Visclauara Froylas q.f. Segeredus, presbitero q.f. Dona Guncina q.f.*A data orixinal era 1114, unha data errada evidentemente(A.H.N, Clero, Caaveiro, C.491, pergamiño número 4 r).

40. 1122, 25, xullo. Confirma unha carta de arras de don Bermudo Pérez “de Traba” a súa dona, Urraca Enriquez, infanta dePortugal, irmá de Afonso I. Neste documento tamén confirma Froila Athaniz, prestameiro de Trasancos.(Ed. VAAMONDE LORES,C. “Ferrol y Puente deume” .1909, doc nº 3,pp 68 e 69).

41. -Segundo este autor, a filiacion con respecto a Bermudo “*solo se puede intuir a partir de heredades de Durixa* (xa aludidas) *que seguirán en manos de sus hijos y netos a lo largo de los siglos XII y XIII.* (J L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 239).

súa relación filial con ningún Bermudo Fortunez, *nin do acompañamento do antropolónimo Andrade*, agás o caso arriba citado, e que neste traballo se atribúe a un erro, de interpretación, de cronoloxía ou de fiabilidade do documento. De feito a data que aparece no documento, 1128, tivo que ser retrasada como vimos máis de trinta anos para que puidesen conincidir os personaxes da cláusula cronolóxica.

Porén, era un personaxe de relevo a vulgar pola proximidade aos Traba e ao seu séquito, e polo tratamento de *domnus* de que é obxecto, se ben non podemos deducir como intúe algún autor que fose prestameiro de Pruzos⁴³. O 29 de agosto de 1152, un pacto entre Diego Muniz co mosteiro de Caaveiro, no que o primeiro recibe a finca “Manouvre” –*per manu de donno Fortunio et hereditate de Andradi*–⁴⁴, que don Fortunio recibira do prior de Caaveiro, amósanos a relación con Andrade e con Caaveiro.

As derradeiras pegadas de don Fortunio na documentación quizais sexan as máis significativas: o 30 de novembro de 1155, don Fortunio Bermúdez deu ao mosteiro de Monfero a parte que tiña de Valdureia (Dureixa, Monfero)⁴⁵. No xa citado documento datado entre 1158 e 1164 (no documento, 1128), do 17 de abril⁴⁶, cítase a don Fortunio como confirmante do testamento a favor de Monfero de Suero Méndez Zapata, aparecendo como *Fortunio Vermudi de Andradi*⁴⁷ o que levou o autor arriba citado a proxectar a liñaxe dos Andrade máis atrás de 1160 en que aparece o fillo de don Fortunio, Bermudo Fortúnez de Andrade I. Pero, por un lado, no relativo á data do documento anterior (1158-1164) –que podería resultar posterior a 1160– e ao feito de que en todos os documentos do Tombo de Caaveiro, cando menos 18 (ver nota da páxina anterior), non o volvamos a ver co citado antropolónimo “*de Andrade*”, parécenos moi significativo e gráfico. Pero é máis, *don Fortunio confirma un documento*⁴⁸ datado entre 1163-1168⁴⁹ –o derradeiro documento que saibamos, no que se lle cita–, polo tanto posterior a 1160 sen dúbida ningunha, e aínda resulta máis revelador que neste documento vexamos a don Fortunio *co seu nome e seu apelido, pero nin rastro algún do antropolónimo “de Andrade”*. Polo tanto debemos concluir que o antropolónimo que figura no testamento de Suero Méndez Zapata ao lado do nome de don Fortunio é un erro, do escribán ou do copista. E iso é así, polo

42. -No Tombo de Caaveiro aparece nos documentos 17,45,91,94 (neste só Veremudus) 97,99, 109,150,154, 155,11,183,195,196,198, 202, 208,210... C. De PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, d *Cátedra* números 3 e 4, 1996/1997. Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA e TERESA GONZÁLEZ, *El Tumbo de San Juan de Caaveiro*, 1999.

43. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, n° 25 2018, p 239.

44. AHN, códice 1439B, f.79 *Tumbo de Caaveiro*,. (doc.192).Ed. C. De PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra* números 3 e 4, 1996/1997.

45. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, índice de documentos de Monfero, 1833, Santa María de Xeitoso, números 15 e 17.

46. A data orixinal era de 1128 pero, a vulgar polos personaxes da cláusula cronolóxica foi modificado por Martínez Salazar.

47. -RAG, *Fondo Martínez Salazar*, Caixa 6-26.

48. No que Froila Gutierrez e súa irmá Godo doan a Caaveiro a súa parte da igrexa de Ombre a cambio de 3 cabalos, 3 eguas e unha pel valorada en oito soldos, un moio de pan e 5 soldos. Confirmante, *Fortunius Veremudiz*.

49. A proposta dos editores era 1163-1171 pero, dado que a filla de don Fortunio, dona Elvira, dispón de forma testamentaria bens legados por seu pai en 1167/1168, hai que reducir o abano cronolóxico a 1163-1168 deste segundo documento (Ed. J.C. De PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, doc. 155, *Cátedra* n° 3, p 238).

que vimos de amosar e polo que xa se dixerá máis arriba, sendo así que o primeiro Andrade é Bermudo Fortunez I, como se afirmaba en “A Casa de Andrade...”, e noutros traballos anteriores e coetáneos.

Polo que acabamos de dicir, e no proceso de esclarecemento da liña de filiación da liñaxe dos Andrade, *o primeiro chanzo está establecido: Bermudo Fortunez de Andrade*, fillo dun personaxe de gran relevo comarcal, con ampla presenza na documentación da época, ao que se lle coñece o prestixio suficiente para ser tratado como *domnus* Fortunio Bermúdez e ser reclamado para confirmar documentos da alta nobreza dos Traba.

Non ten polo tanto moito sentido seguir buscando *andrades* cando aínda non era común nin propio que a aristocracia de servizo incorporara aos seus apelidos o nome do lugar onde tiña a súa casa de referencia en forma de antroponimo, e moito menos ten sentido cualificar de *andrades* personaxes que a documentación non recoñece como tales, chámense “Bermudo Athaniz”⁵⁰, “Fortunio Bermúdez” ou “Bermudo Fortuniz”... Bermudos e Fortúnios eran nomes e apelidos moi comúns na plena Idade Media na bisbarra e moitos deles compartían os espazos patrimoniais, o que complica calquera intento de practicar a arqueoloxía onomástica e, con máis razón, se a filiación entre os distintos chanzos non está contrastada debidamente, o que nos leva a desistir de tales intentos, por outra parte inútiles xa que non son Andrades.

Don Bermudo Fortúñez de Andrade

Don Bermudo Fortunez de Andrade é un personaxe ben documentado xa dende o 31 de xullo de 1157, confirmando o testamento do conde Gonzalo Fernández polo que doa a Monfero parte da igrexa de Búriz, Guitiriz, Lugo⁵¹. Algo máis tarde vémosto, como *Bermudo Fortuniz, miles de Andrade*, doando a Caaveiro, o 4 de maio de 1160, *hereditate propria que habeo de abiorum et perentorum meorum in terra de prucis, in lo(c)o nominato medietatem de hereditate de Alion*⁵², o que non permite establecer a data deste documento como o comezo da liñaxe dos Andrade.

É por estas datas cando moitos *milites* ou cabaleiros comezan a aparecer co engadido “de” seguido do lugar en que teñen a súa residencia principal e a parte principal do seu patrimonio. Así vemos o 27 de outubro de 1159, nun documento de doazón a Xuvia

50. 1107, 5 de agosto. Rodrigo Froliáz e súa dona Guncina Gundisalvi doan a Caaveiro herdades en **San Xacobe** de Barallobre e na igrexa de San Salvador de Maniños e unha servicialía na mesma igrexa de Maniños e outras na igrexa de Franza, na vila de Castro Perlio e no vilar de Besauquos que lle din Collo. Estas herdades gañáronas por un intercambio con Rodrigo Pelaez e con Exemena Froyla (Muller de Atan Froliáz) aos que deron unha *villa que iacet in Andrade, et alia in Asemunde*, (Callobre) *vila Barveita...*, ambos lugares, unidos aos Andrade nos séculos vindeiros, documento confirmado polo tamén citado Bermudo Athaniz, cualificado de *miles*, que supoñemos é un dos fillos de Athan Froilaz. (A.R.G, *Fondo Vaamonde Lores*, C. 4 (1), número 8.Ed.J.C. De PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “Tumbo de Caaveiro”, doc 29, *Cátedra*, n° 3, p 340.

51. RAG, Fondo Murguía, pergamíños. C 5-22.

52. A.H.N, Códice 1439 B, Ed. J. C. DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*, “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra*, 1997, doc. 173, p 320.

do conde Gonzalo dunha herdade en Ancos, como un confirmante, Ruderico Froylat *de Faro*, e unha testemuña, Froyla Froylat *de Trasancos*, levan o seu correspondente antroponímico⁵³. Da mesma maneira vemos como a partir de 1160, don Bermudo Fortunez, con estreitas relacións, persoais e familiares coa orde de Santiago⁵⁴, segue aparecendo na documentación acompañado do alcume *de Andrade*. Así, o 17 de setembro do ano 1171, don Bermudo, con súa dona, Lupa Diaz, no Burgo, fai unha doazón a *Ordine Milicie Sancti Iacobi*, e o seu mestre, Pedro Fernández, dunha casa propia en San Martiño de Andrade, declarando a Juan González o seu comendador, ou sexa declarándose frade da orde. No documento asinan parte dos seus fillos: *Fernando, Pedro, Martín e Oveco*, que confirman⁵⁵. Un ano despois, o 13 de agosto de 1172, Bermudo Fortúñez de Andrade deu a Monfero a parte que lle correspondía no casal de Bolio (Bollo; San Pedro de Perbes⁵⁶ e, en anos posteriores, seguímolo vendo en actuacións deste tipo: outorgando testamento a prol de Monfero do dereito de presentación da igrexa de Santa Eulalia de Dureça (Dureixa, Monfero) o 3 de Outubro de 1175⁵⁷, na que se declara fillo de don Fortunio Bermúdez. En 1178 (3 de setembro) *citáselle como prestameiro de Pruzos* polo conde Gómez González⁵⁸ e, o 10 de xaneiro de 1182 doando a Monfero todo o que ten en Santa Baia de Dureia (Dureixa, Monfero) e no val de Xestoso. No documento cítanse dúas irmáns *Exemena* e mais *Elvira*. E como testemuñas Pedro e Martín que supoñemos fillos do doador⁵⁹. Finalmente o 23 de decembro de 1192, don Bermudo confirma unha doazón a Monfero por parte Lope Muñiz⁶⁰. É de supoñer que foi por estas datas cando se produciu a súa morte xa que non dispoñemos de máis reseñas nas que se lle cite. Pero o *domnus* Bermudo Fortúñez de Andrade deixou unha numerosa descendencia.

Irmás de don Bermudo: Exemena e mais Elvira

Quedamos entón en que don Fortunio Bermúdez é o pai de don Bermudo Fortunez de Andrade, primeiro prócer acumado deste xeito, como tivemos ocasión de mostrar. Pero, ademais de don Bermudo Fortunez de Andrade, don **Fortunio** e súa muller, dona **Hermesenda**, tiveron outros fillos e fillas, como **Elvira Fortúñez**, que o 11 de maio de

53. AHN, *Clero*, Jubia, Carpeta 495, n° 2, Cartulario, A n° 21, fol 6, publicado por Santiago MONTERO DIAZ.-“Colección diplomática de San Martín de Jubia” B.U.S., Santiago 1935, pp 88/9, doc LV.

54. CORREA ARIAS, Xosé Francisco. *A Casa de Andrade...* 2008, pp 146 e 136.

55. AHN, Sección Códices, *Tumbo Menor de Leon*, doc 37, p 382/283. Cit. J.L. LAMIGUEIRO, “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, n° 25, p 2 43.

56. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, C. 4, número 3. Índice de 1833, Monfero; San Xulián de Carantoña. Hoxe existe un Bollo, pero non está en Carantoña senón en San Pedro de Perbes, Miño. Seguramente é un erro (de freguesía) do índice.

57. A.H.N, *Clero*, Monfero, Carpeta 497, n° 17.

58. ARG, *Pergamiños*. C 77.

59. A.AHN, *Clero*, Monfero, Caixa 498, número 1 e 2/ RAG, *Fondo Murguía*, P1-15/ AMC, *Fondo Martínez Salazar*, “Tumbo Viejo de Monfero” libro 48.1561, apartados de Valdureia (Dureixa, Monfero) folio 9 a 15.

60. RAG, *pergamiños*, *Fondo Martínez Salazar*, P -1/56.

1167-1168 realiza unha manda testamentaria a prol de Caaveiro da súa herdade de Castanidu, en Carantoña (Miño) que “*habui de pater meus Furtunios Veremudiz*”⁶¹. Confirma esta manda seu Irmán Bermudo Fortunez de Andrade. Outra filla de don Fortunio foi **Exemenna Fortunez (Fortunii)** documentada en 1172 cando, con seu irmán Bermudo, doan ao mosteiro de Meira as herdades que lles correspondían en Santa Eulalia de Dureia. Dureixa, San Pedro do Val de Xestoso, Monfero⁶². Dez anos despois, *Bermudo Fortunez de Andrade* e as súas irmás *Exemena* e *Elvira Fortunez* doarán a Monfero parte da igrexa de Dureia e o que tiñan na freguesía no Val de Xestoso, Dureixa, Monfero⁶³. Temos entón que don Bermudo Fortúñez de Andrade tivo dúas irmás, Elvira e mais Exemena Fortunez. Nótese que nin Exemena nin Elvira levan o antropolónimo “de Andrade”.

Pedro Fortúñez

Pero, ademais, don Bermudo Fortúñez tivo un irmán, **Pedro Fortúñez**, documentado o 1 de agosto de 1148 nunha manda testamentaria de Suero Méndez na que asina como confirmante, entre outros *miles*, Fortunio Bermudez e seu fillo Pedro Fortunez, segundo se fai constar⁶⁴. Finalmente o 13 de agosto de 1172 outorga carta de testamento a prol de Monfero dunda herdade de Bolio (Bollo, Perbes, en Miño)⁶⁵. Tampouco Pedro leva o antropolónimo *de Andrade*. Seguramente teremos oportunidade de volver sobre este personaxe da familia dos Andrade porque, de Pedro Fortúñez, segundo un autor que citamos máis arriba⁶⁶, xurdirían os Sanxurxo, e destes os Freire de Andrade, unha afirmación que comentaremos máis adiante.

Debemos concluír entón que don Fortunio Bermúdez tería cando menos dúas fillas, Exemena e mais Elvira, e dous fillos, Pedro Fortunez e Bermudo Fortunez de Andrade. Unha proba de que Bermudo Fortúñez é o primeiro Andrade é que nin os seus irmáns nin súas irmás levan o antropolónimo “de Andrade”.

Don Fortunio debe morrer algo antes de 1167-1168 cando súa filla Elvira realiza mandas testamentarias a prol de Caaveiro da súa herdade de Castanidu *qui habui de pater meus Furtunios Veremudiz*, en Carantoña (Miño), como xa citamos⁶⁷, o que supón que a herdanza xa está consumada e o legatario falecido, o que nos permite acoutar a data do

61. DE PABLOS RAMÍREZ, *et alii*, “El Tumbo de Caaveiro”(AHN, Sección Códices, número1439 B. fol 64. Doc. nº 153 Catedra, nº 4, 1997, p 236.

62. AHN(PARES).Clero, Meira.Códices. L114, f436r.

63. R.A..G, *pergamínos, Fondo Murguía, P. 1/15*. Tamén en AM.C, “Fondo Martínez Salazar”, *Tumbo Viejo de Monfero*, libro 48, 1561, saco de Valdureia e Xestoso (Dureixa, Monfero), f. 10.

64. L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 2 40.

65. ARG, Pergaminos, nº 75.

66. J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 2 40.

67. Ed. J.C. De PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra* nº 4, doc. 155, p 236).

último documento no que se cita a don Fortunio entre 1163-1168⁶⁸, cando xa se lle supón falecido, seguramente xa antes de 1167.

A descendencia de Bermudo Fortúnez de Andrade

Polo testamento de don Bermudo e dona Loba ou Lupa, do 17 de setembro de 1171, sabemos que polo menos tivo catro fillos, Fernando, Pedro, Martín e Oveco, que confirman o documento⁶⁹.

Fernando Bermúdez de Andrade

Ademais de no caso anteriormente citado, Fernando, acompañado de seu irmán Pedro Bermúdez, o 16 de abril de 1295, outorga testamento a prol de Monfero da súa herdade situada no castro de Dureia (As Dureixas, Santa Maria do Alto de Xestoso, Monfero) e en San Fiz de Igón, tamén en Monfero, documento confirmado por Martín Bermúdez, tamén seu irmán⁷⁰. Doazóns reiteradas e ampliadas polos mesmos protagonistas, Fernando e Pedro Bermúdez o 16 de abril de 1206 doando a Monfero o lugar de Castro de Dureia (As Dureixas, Alto de Xestoso (Monfero) e herdades en Santa Baia de Dureia (Dureixas, San Pedro do Val de Xestoso, Monfero, en Alión (Allón, Vilarmador) e Santa Baia de Burgás(Xermade-Lugo)⁷¹. Os propios irmáns, Fernando e Pedro, reiteran o 13 de maio de 1213 a doazón das súas herdades no Castro de Dureia (As Dureixas, Monfero) e Burgás⁷².

Oveco Bermúdez

De Oveco Bermúdez só sabemos que exista polo testamento, xa citado en varias ocasións, dos seus pais á Orde de Santiago, que el confirma, en 1171, onde tamén se cita os seus irmáns Martín, Pedro e Fernando Bermúdez. Xa que non volve a aparecer, podería supoñerse que morreu novo e sen descendencia.

Martín Bermúdez de Andrade

Martín parece ser un dos fillos de Bermudo Fortúnez de Andrade que amosa ter certo protagonismo na zona, só por detrás do gran *Domnus*, Pedro Bermúdez de Andrade. Así vémosto, ademais de confirmante no citado testamento de 1171, o 18 de outubro de 1203 realizando unha venda a Monfero dunha herdade na Fonte das Donas, en Vilar-

68. *Ibidem*, doc. 155, p 238.

69. AHN, Sección Códices, *Tombo Menor de Leon*, doc 37, pp 382/283. J.L. Lamigueiro, "Genealogía de los Andrade". *Cátedra*, nº 25, p 2 43.

70. A.H.N, Clero, Monfero, Carpeta 497-16.

71. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, "Tombo Vello de Monfero", Libro 48, 1561, f. 44.A.M.C, Índice de Monfero de 1833, Sta. María de Xestoso.

72. A.H.N, Clero. *Monfero*, Caixa 497, número 16 -1.

maior⁷³. Tamén o vemos o 25 de marzo de 1224 realizando testamento a prol de Caaveiro das súas herdades en Macenaria (**Carantonña, Miño**) e Alión (**Allón, Vilarmaior**) a cambio de que enterren o seu corpo en Caaveiro: “*Ego Martinus Vermudi de Andradi... Imprimis mando corpus meum ad sepeliendum in cimiterio Sancti ohannis de Kalavario, quatinus habeat mihi mercedem ad diem iudicii; et pro inde, in remedio anime mee, nuncio et quito et offero ibi mecum illa hereditate quod dedit ibi ad hoc monasterium meo linagem et meis avis, et ego tenui illam in prestimonio de iandicto monasterio...Et ista iacet...in locis nominatis...ubi vocitant Macenarias et ubi vocitant Alion...*”⁷⁴. Finalmente vemos a Martín Bermudez de Andrade, o “15 de abril” de 1235, realizando con outros unha venda a Rodrigo Gómez da herdade que chaman “Fonte das Donas” en Vilarmaior⁷⁵. De Martín Bermúdez de Andrade coñecemos algún descendente. Rui Martinez de Andra-de, seu fillo, quen en 1252 aparece de testemuña nunha doazón de Gómez González (fillo de Gonzalo de Molina e dona Sancha Gómez de Trastámara) ao mosteiro de Santa Maria de Oseira, consistente nas súas herdades de Mundín (Cedeira) e O Porcal (Moeche)⁷⁶. Como se ve, a descendencia de don Bermudo si leva o antropónimo, polo menos a masculina.

As mulleres Bermúdez, de Andrade?

Non sabemos exactamente se é unha discriminación de sexo ou simplemente que don Bermudo Fortúnez non tivo fillas. O certo é que non aparecen na documentación, e menos co alcume “de Andrade”. Pero temos a dúbida de se algunha que aparece co apelido Bermúdez puidese ser filla de don Bermudo.

Hermesenda Bermúdez e dona Mariña Bermúdez

O 10 de setembro de 1231, dona Hermesenda Bermudez doa a Caaveiro e ao seu prior Martín Rodríguez a herdade que ten en Montenegro, nun lugar chamado Burgás así como a súa porción da igrexa de Burgás: *Ego domna Hermesenda Vermudi...do et ofero...mea hereditate propria que habeo et habere debeo in terra de Montis Niger, in loco predicto Burganes, qui iacet inter ambas aquas*”⁷⁷, o que nos soa a territorio Andrade, pero nin no texto nin nos confirmantes hai nada do que poidamos deducir que é unha Andrade. Algo parecido acontece con Mariña Bermúdez que, o 3 de novembro de 1202,

73. RAG, *Fondo Martínez Salazar*, P- 2/14) . A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, Índice de Monfero, 1833, San Pedro de Vilarmaior.

74. A.H.N, Códice 1439 B, *Tombo de Caaveiro*, f. 67 v. Ed. J.C. DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. *Tombo de Caaveiro*, Cátedra, número 4, 1997, doc. N° 162, pp 245/246...

75. *Tombo de Caaveiro*, Ed. J.C. DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*. “El Tombo de Caaveiro”, *Cátedra* n° 3, doc. 155, p 238).

76. A.R.G, *Fondo Murgia*, P1/19 .A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, “Tombo Vello de Monfero”, Libro 48, 1561, Vilarmaior, FF. 125 /6.Ed.-MANI MARTÍNEZ, Miguel; “Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta, María de Oseira.1025-1310” Volumen I, doc.686, 1989.

77. A.H.N, Códice 1439 B, f. 94. Ed. J.C DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*, “El Tombo de Caaveiro”, *Cátedra* número 4, 1997, doc. 230, pp 307/308. Ed. J. I. FERNÁNDEZ VIANA *ET ALTER* “El Tombo de San Juan de Caaveiro”, 1999, doc. N° 230, pp 295/296.

doa a Caaveiro e ao seu abade todo o que ten en Vilamateo a cambio de vestido e alimentos⁷⁸.

Pedro Bermúdez de Andrade.

Pedro Bermúdez de Andrade é o fillo de don Bermudo Fortúnez de Andrade máis salientable, a pesar de que esta é unha época de sucesións hereditarias de tipo xermánico onde fillos e fillas reciben case o mesmo tratamento, como vemos nas sucesivas xeracións, doando as mesmas herdades ou partes delas en distintos ou iguais momentos por parte dos diferentes fillos e fillas. O camiño cara ao morgado é un tipo de herdanzas discriminatorio para segundóns e mulleres aínda non comezou. Casado en dúas ocasións, con *Urraca González e Maior López*, don Pedro Bermúdez de Andrade é un personaxe de relevo nas Mariñas betanceiras. No ano 1211 cítaselle como alcaide do castelo de Betanzos por Juan Fernandez de Limia⁷⁹, onde se lle segue situando ao ano seguinte, este ano na compañía de seu fillo Fernán Pérez⁸⁰, e verémolo durante bastantes anos como prestameiro de Pruzos e protagonizando ou confirmando numerosos documentos. O primeiro, o 2 de xuño de 1204, doando a Caaveiro a súa porción da igrexa de San Martín de Andrade e a súa porción da vila de Alión⁸¹. O 16 de abril de 1206, Pedro Bermúdez de Andrade e seu irmán Fernando doan a Monfero o que teñen no lugar de Castro de Dureia (Santa M^a do Alto de Xestoso, Monfero); Sanata baia de Dureia (Dureixa, San Pedro do Val de Xestoso, Monfero), Alión (Allón Vilamaior) e Burgás, Xermade-Lugo⁸², doazón que reitera Pedro Bermúdez o 12 de xuño de 1212, engadindo ás herdades que lle correspondían no lugar de San Fiz de Igón, Monfero⁸³. Os dous irmáns, Pedro e Fernando Bermúdez, reiteran a doazón das súas herdades no Castro de Dureia de 1206, o 15 de maio de 1213⁸⁴. Chegamos así á década de 1220 cando vemos a don Pedro Bermúdez facendo os preparativos para unha expedición... ás cruzadas? Non o parece, pero si acudir a algunha expedición guerreira de Afonso VIII⁸⁵ de León na conquista de Extremadura. Neste senso é significativo que o 13 de decembro de 1223, don Pedro Bermúdez de

78. A.R.G, *Fondo pergamínos*, nº 79.

79. AHN,Pares, Clero, Monfero, Carpeta 498-15. 22 de abril de 1211.

80. Copia dixital de Fundación Penzol. Colección de Otero Pedrayo. Colección B de documentos soltos. PIA-04/007. Cit: J.L. LAMIGUEIRO. "Genealogía de los Andrade". P 2 46.

81. "*Imprimis ego Petrus Vermudiz mando (a Caaveiro) mea portione integra de ecclesia Santi Martini de Andradi et mea portione integra de Alion cum petro petri, meo serviciali, cum omnia sua populatione e a sua porción da igrexa de Burganes. Maisunha servicialia na igrexa ciatada e Manda outra servicialia e Pelagio Rieiro prosua habere*". Confirman, entre outros: Pelagius Petri, milles, Fernandus Petri, dictus Saniurgio, miles.(A.H.N, Códice 1439 B,f.84 r..ED. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, et alii, "El Tumbo de Caaveiro", *Catedra* numero 4, 1997, doc.203.

82. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, "Tombo Vello de Monfero", Libro 48, 1561, f. 44.A.M.C, Índice de Monfero de 1833, Sta. María de Xestoso.

83. A.M.C, *Tombo Vello de Monfero*, libro 48, f. 44..A.C.M. *Fondo Martínez Salazar*, índice de 1833, Santa María de Xestoso.

84. A.H.N, Clero. *Monfero*, Caixa 497, número 16 -1.

85. Na historiografía española, e moitas veces, galega, cítase como Alfonso IX.

Andrade, perante o xuíz apostólico de Santiago, Martín Eans, vende a Monfero canto posúe no couto por 410 soldos e dous cabalos valorados en 300 soldos⁸⁶. No mesmo senso o mesmo día e ano, don Pedro, coa súa segunda dona, Maior Lupiz, pacta co abade de Monfero, Martín Ordoñez, a división a partes iguais da igrexa de San Xoán de Callobre, o que nos parece parte do arranxo da venda anterior⁸⁷. Confirman o documento, entre outros, *Johanis Pelagy miles et filius eiusdem Nuno Pelagy filios de P(etrus) Pelagy. R(odericus) Piscato miles* –supostos antepasados dos Freire segundo Lamigueiro–, e *Pelagius Petri Dandrade miles*, que supoñemos fillo de don Pedro, aínda que o documento non o di expresamente.

E dicíamos que a viaxe que preparaba don Pedro non parecía ser ás cruzadas porque axiña o vemos de novo na terra, concretamente o 3 de decembro de 1224, uns anos despois dos supostos preparativos, realizando unha manda testamentaria a Caaveiro de *quantam hereditatem habeo vel habere debeo in terra de Prucis in locis predictis atque nominatis, in Macenaria et in Alion...*⁸⁸. Un dos asinantes como testemuñas do documento, *Fernandus Petri, miles*, podería ser seu fillo, pero tampouco o di nin leva o antroponímico Andrade.

Dende o 3 de xaneiro de 1225, don Pedro Bermudez de Andrade desenvolve o cargo de prestameiro de Pruzos por don Rodrigo Gómez, cargo que debe manter ata 1234⁸⁹ porque en 1236 xa aparecen de prestameiros os seus fillos Lopo Pérez e Fernán Pérez de Andrade.

Nos anos seguintes segue a aparecer no cartulario de Caaveiro como doador. Por exemplo o 3 de decembro de 1224 don Pedro realiza unha doazón testamentaria a Caaveiro de *omnia mea hereditate de Valle, quanto ibi habeo, et est una servicialia populata cum alia hereditate que vocitant Piqui...* para remedio da súa alma *et pro quo intravi in monasterium per forciat et feci ibi multa mala...*⁹⁰, pedindo no entanto ser enterrado en Caaveiro⁹¹. Era algo común entre cabaleiros e señores cando as cousas se poñían mal

86. “...ego Petrus Uerenudi, miles de Andrade, una cum filiis meis et uoci mee dono et concedo monasterio Sancte Merie de Monfero quidquid habeo in couto siue hereditatibus siue hominibus pro precio que accepi de ipso monasterio scilicet quatuorcentos et dez solidos et duos equos optimos, preciatos trescentos solidos...” (A.R.G, Fondo Pergamiños, nº 83).

87. “Notum sit omnibus quod hoc est pactum et pletem et aueneitia inter domnum Martinum Ordony abbate de Monte Fero per se et pro omni conuentu eiusdem monasterii ex una parte et ex altera inter domnum Petrum Uermudi militem de Andrade per se et pro uxore sua Maior Lupiz et filiis suis in C Marabetinos robur ita quod quidquid predictum monasterium de Monte Fero et domum Petri supradictus et uxor eiusdem domna Maior Lupiz habent et habere potuerint in ecclesia (de) Sancti Johannis de Caloure: diuidant fidelite pro medium ...” (RAG, Pergamiños, Fondo Martínez Salazar, P -2/16. Tamén en: A.M.C, Fondo Martínez Salazar, “Tombo Vello de Monfero”, libro 48, Vilarnaier e Callobre, FF. 125 -128).

88. A.H.N, Códice 1439 B, f. 67.Ed. J. C. DE PABLOS RAMIREZ, et alii, “El Tumbo de Caaveiro”, *Catedra* numero 4, 1997, doc.161, p 244.

89. ARG, *Colección de documentos en pergamino*, f 85r e 92 r.

90. O editor deste documento pon en dúbida o ano a abre un abano de 5 anos nos que sería susceptible de situarse, isto é entre 1224 e 1229. Estas mesmas herdades de “Valle” e “Piqui” sen correspondencia actual coñecida), en San Martín do Porto, son doadas máis tarde polo propio Pedro Bermúdez de Andrade, o 13 de decembro de 1229 (A.H.N, Códice 1439 B, f 92 v. Ed. J.C DE PABLOS RAMIREZ, et alii, “El Tumbo de Caaveiro”, *Catedra*, número 4, 1997, doc.227, pp 304/305).

91. AHN, Codices. 1439 f 23v.Ed.J.I FERNÁNDEZ VIANA et alter, *El Tumbo de San Juan de Caaveiro* 1990, doc.52, pp 152/153.

depredar mosteiros como acabamos de ler. Nos anos seguintes seguirá facendo doazóns, como a que realiza a Monfero en 1231⁹²; pero tamén vendas como a que realiza o 13 de decembro de 1233, tamén a Monfero, o que se me antolla unha ratificación da venda realizada en 1223 citada máis arriba⁹³. Finalmente, o 31 de decembro de 1234, don Pedro Bermúdez de Andrade doa, de novo, a Caaveiro e ao seu prior Martín, as herdades que ten en Macenaria e Alión e o gando que tiña en San Pedro de Grandal. Entre as testemuñas aparece seu fillo Fernando: Ferandus Petri, *miles filius eius*, e outros milites...⁹⁴, o que nos conecta coa seguinte xeración de Andrades.

Non debeu vivir moito máis tempo porque un ano e pouco despois desta doazón, o 3 de abril de 1236, xa aparecen de prestameiros de Pruzos os seus fillos Lopo Pérez de Andrade e Fernán Pérez de Andrade⁹⁵, cando o 25 de marzo do 1234 aínda figuraba don Pedro ostentando esa dignidade⁹⁶.

Os descendentes de Pedro Bermúdez

Dende **comezos da segunda década** do seu século, Pedro Bermúdez de Andrade aparece con algúns dos seus fillos, principalmente Lopo e Fernán. Así o vemos no xa citado documento do 16 de outubro de 1231, de doazón a Monfero por parte de Pedro Bermúdez de Andrade, na compañía dos seus fillos Fernando e Lopo e doutros fillos e fillas onde doa a Monfero diversas herdades recibidas de seu pai don Bermudo Fortúnez, en Santa Xuliana e en Dureixa, **parroquia e lugar de Monfero**⁹⁷. Temos entón que don Pedro Bermudez de Andrade tiña cando menos dous fillos, Fernán Pérez de Andrade e Lopo Pérez de Andrade.

Lopo Pérez de Andrade

Xa levamos dito que a Lope Pérez de Andrade, xunto a seu irmán Fernán, se lles

92. O 16 de outubro de 1231, Pedro Bermúdez de Andrade, na compañía dos seus fillos, Fernán Pérez e Lopo Pérez, e referendose a outros fillos e fillas que non cita, doa ao mosteiro de Monfero, co concello do mesmo nome e nos lugares de Cernadas, na parroquia de Santa Juliana (Xía) e unha herdade en San Fiz, e outra en Santa Eulalia de Dureixa (Dureixa). Ademais, renuncia a herdades que súa nai doara a Monfero situadas no couto de San Fiz, en Monfero, e as de “*pater meus, Veremudo Fortuni*” en Santa Eulalia de Dureixa (R.A.G.Pergamiños, *Fondo Murguía*, P -1/35. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, índice de 1833, Monfero, Santa Xuliana).

93. Pedro Bermúdez de Andrade vende ao mosteiro de Monfero toda a herdanza e vasalos que tiña no couto de Monfero (Villaamil y Castro, *Colección Diplomática*, nº 83, pergamiño, latín A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, Carpeta nº 1, índice de Monfero, 1833, San Fiz).

94. H.N, Códice 1439 B, f.84 r. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMÍREZ, *et alii*, “El Tumbo de Caaveiro”, *Catedra* número 4, 1997, doc.161p 264 Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA *et alter*, “El Tumbo de San Juan de Caaveiro”, 1999, doc.161.

95. Trátase do documento de doazón de Rodrigo Pérez, *miles* de Sillobre, a Caaveiro a súa porción e a dos seus irmans na igrexa de San Martiño de Andrade. Na cláusula cronolóxica cita como *prestamarii* Ferandus Petri et Lupus Petri (A.H.N, Códice 1439 B, f 78 /78 v. Ed. J.C. De PABLOS RAMÍREZ, “El Tumbo de Caaveiro” doc 190, *Cátedra*, nº 4, p 271,

96. ARG, *Colección de documentos en pergamiño*, f 85r e 92r.

97. R.A.G.Pergamiños, *Fondo Murguía*, P -1/35. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, índice de 1833, Monfero, Santa Xuliana.

cita na doazón a Monfero de Pedro Bermudez do 16 de outubro de 1231⁹⁸ e algo máis tarde como prestameiros de Pruzos por Rodrigo Gómez. En 1238, tamén lles cita aos dous irmáns como testemuñas e confirmantes –“*Domnus Fernandus Petri de Andrade, domnus Lupus Petri de Andrade*”– nunha doazón de Rodrigo Gómez e de súa dona Maior Afonso das súas herdades en Santalla de Cervo e Santa María do Mar (Cedeira) ao mosteiro de Santa María de Oseira⁹⁹. Noutra doazón a Caaveiro dunha vila en San Salvador de Maniños, do 8 de Xullo de 1253, por parte de Urraca Pérez, na que testemuña, entre outros, o *domnus Lupus Petri de Andradi*¹⁰⁰. Finalmente, no preito que ten lugar entre 1258 e 1261, entre o abade de Monfero, Gonzalo Saniurgio, o seu prior, Juan Ovéquiz, e todo o convento contra Pedro Pardo, Rey Gómez, Gonzalo Fernández e outros cabaleiros, por arrincar os marcos do couto e usurpar bens e vasalos, aparece de novo Lopo ou *Lobo Pérez de Andrade*. Neste proceso, en 1261, diante de Merino de Pruzos, Roi Martijs, que representa o Merino Maior de Galicia; Roi García, o xuíz do Rei en Pruzos, Juan Pérez de Salto; e coa presenza do abade, do prior, de Cabaleiros de Frariz, Corveiros, e Vilachá; e de Lopo Perez de Andrade e Pedro Pérez de Leiro, en Casdaluito, lese a sentenza que obriga aos cabaleiros denunciados a repoñer os marcos de Escanoi (San Tirso de Ambroa) Valmarín, Moreira e Os Edreiros, Os catro en Vilarmaior, cousa que se procede a facer no mesmo acto¹⁰¹. Do anterior podemos deducir unha elevada consideración para o noso *miles* de Andrade.

Descendentes: de Lopo Pérez de Andrade coñecemos só unha descendente:

María López

En 1294, Pedro de Doroña, cédelle a María López, filla de Lopo Pérez de Andrade, un pomar chamado “de Maquizado”, en Doroña, Vilarmaior. Cíatase no documento un es-cudeiro de dona Maria, Juan Pérez¹⁰².

Fernán Pérez de Andrade I

Parece que o prestixio de don Pedro Bermudez de Andrade e o favor dos señores da terra, neste caso Rodrigo Gómez, recaeu máis en don Fernando Pérez que en seu irmán Lopo ao que sen embargo aparece asociado ata finais das súa vida¹⁰³. No entanto, polo volume de documentación xerado e pola importancia das accións ás que esta documen-

98. R.A.G., Pergamiños, *Fondo Murguía*, P -1/35. A.M.C., *Fondo Martínez Salazar*, índice de 1833, Monfero, Santa Xuliana.

99. ROMANI MARTÍNEZ, M. “Colección diplomática del monasterio de Santa Maria de Oseira.” 1025-1310. Cit: J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 2 49.

100. .A.H.N, Códice 1439 B, *Tombo de Caaveiro*, f.112v r. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, et alii, *El Tombo de Caaveiro*, *Catedra* numero 4, 1997, doc.170. Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA et alter, *El Tombo de San Juan de Caaveiro*, 199, doc.170.

101. Andrés Martínez Salazar. “Documentos gallegos del siglo XIII al XVI”, Coruña, 1911 doc nº 13 pp 31 a 43. Deste documento da colección Martínez Salazar hai copia no A.R.G.

102. AHN, Clero, Monfero, Carpeta 503/11 Cit.J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 249.

103. Nun documento de doazon de Maria Pérez, dicta “Rabalda” a Caaveiro da 1/7 parte do casal de “Satyras”, en Nogueirosa con data de entre 1252 e 1261. Na cláusula cronolóxica cítanse como “prestamarios” de Pruzos a *Fernandus et Lopus*, entendemos que de Andrade, como en anteriores ocasións (A.H.N Códice 1439 B, f 100. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, et alii, *El Tombo de Caaveiro*, *Catedra* ,numero 4, 1997, doc. 242, p 2165).

tación parece apuntar, don Fernan Pérez de Andrade I, casado con Maria Iohannes (Eáns), amósase como o depositario do prestixio e do poder de don Pedro Bermúdez aínda que, máis que nada, porque deixa descendencia masculina.

En 1234, na doazón que Pedro Bermúdez fai a Caaveiro, xa citada con reiteración, alúdese expresamente a Fernán Pérez como confirmante: *Ferandus Petri miles filius eius*¹⁰⁴. Noutra doazón, realizada o 5 de abril de 1236, de Rodrigo Pérez, miles de Sillobre, a prol de Caaveiro, da súa porción e da dos seus irmans na igrexa de San Martiño de Andrade, coa condición de que se os seus irmáns quixeran partir e sacar a súa parte de San Martiño, o testador daríalle a Caveiro tamén a súa parte na igrexa de Sillobre. Na cláusula cronolóxica cita como “prestamarios” de Pruzos a Ferando Pérez e a Lobo(Lupus) Pérez¹⁰⁵. En 1238, noutro documento citado máis arriba, tamén aparecen os dous irmáns, Fernán e Lopo Pérez de Andrade, como testemuñas nunha doazón de Rodrigo Gómez e de súa dona Maior Afonso, das súas herdades en Santalla de Cervo e Santa María do Mar (Cedeira) ao mosteiro de Santa María de Oseira (“*Domnus Fernandus Petri de Andrade, domnus Lupus Petri de Andrade*”¹⁰⁶). Algo máis tarde, na doazón que o prior de Sobrado, Juan Pérez, fai a Rodrigo Gómez e á súa dona Maior Afonso da encomenda de Serantes, o 23 de abril de 1243, cítase a *Fernandus Petri miles de Andrad* como testemuña e confirmante do documento¹⁰⁷. Non obstante, ás veces, as fontes lévannos a confusión, como no documento de doazón de Fernando García Piñeiro e súa dona Urraca ao mosteiro de Xuvia, o 4 de marzo de 1245, na que confirman ao lado de don *Fernandus Petri de Andradi*, outros dous *Petri* sen outro alcume que o de *miles*, isto é *Diego Pérez, miles et iudex et Johannes Pérez miles*¹⁰⁸ dos que descoñecemos a súa filiación, no entanto polo seu apelido poderían ser descendentes de don Pedro Bermúdez.

E, seguindo coa presenza na documentación de don Fernán Pérez de Andrade, o 6 de maio de 1246, o abade de Monfero concede un foro a Fernán Pérez de Andrade dunha herdade en Churio (San Martiño de Churio; Irixoa)¹⁰⁹. Seguímolo vendo o 1 de xullo de 1246, empeñando unha casa a Monfero en Vilamateo, por 300 soldos leoneses, coa condición de que o mosteiro de Monfero se quede con ela se non a desembarga “...*Ego Domnus Ferandus Petri de Andrade una cū uxore mea domna María Joahannis et filiis meis pono in pignore domū miam de uilla Matheu quam de nouo ibi feri en cortina...*”¹¹⁰. Por último, o 7 de xullo de 1252 (traslado o 13 de abril de 1316 polo notario de Pontedeu-

104. A.H.N, Códice 1439 B, f.84 r.. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, *et alii*, *El Tumbo de Caaveiro, Catedra* numero 4, 1997, doc.161p 264.

105. A.H.N, Códice 1439 B, f 78. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, *et alii*, *El Tumbo de Caaveiro, Catedra* numero 4, 1997, Coruña 1999, doc nº 190, p 271.

106. J. Cit. ROMANI MARTÍNEZ, M. “*Colección diplomática del monasterio de Santa Maria de Oseira*.”1025-1310.

107. VAAMONDE LORES, C.- “Ferrol y Puente deume, Coruña 1909 doc. XXXVIII, pp 41/42.

108. A.H.N, Códice 1439 B, f 18 .J.C DE PABLOS RAMÍREZ *et alii*, “El Tumbo de Caaveiro” *Cátedra* nº 3, 1996, doc 37, p 347.

109. R.A.G., *Fondo Martínez Salazar*, Pergamiños, P -2/6.

110. R.A.G., Pergamiños, *Fondo Martínez Salazar*, P -2/19.

me Martín Pérez) nunha sentenza dada no preito entre Caaveiro e o Concello de Narahío por non respectar os seus habitantes o privilexio de couto do mosteiro, asinada diante de Don Rodrigo, dos xuíces de Narahío, Diego Feo e Martiño de Deio, cítase a don Fernán Pérez d'Andrade como unha das testemuñas¹¹¹. Dende 1252 ata 1265, Fernán Pérez de Andrade I deixa de aparecer na documentación. Finalmente vémolo en xuño de 1265, no concello de Betanzos, confirmando un documento con Pedro Fernández de Andrade (I), o que supoñemos fillo seu¹¹². Podería dubidarse desta interpretación xa que Pedro Fernández, como veremos, aparece en 1155 dispoñendo de bens herdados de súa nai, Maria Eáns, o que implicaría que os seus pais estaban mortos neste intre, pero o texto no parece dar lugar a moitas dúbidas xa que cita antes a Fernán, o pai, que a Pedro, o fillo. Entenderemos entón que, en 1255, o que se executaba eran as mandas da nai e non as de seu marido, que aínda vivía. O dote que achega a muller ao matrimonio debía ser devolto aos herdeiros unha vez disolto o matrimonio; neste caso sería por falecemento da muller.

Outros descendentes de don Pedro Bermúdez de Andrade

Ademais dos dous fillos arriba citados, Pedro Bermúdez tivo outros fillos e fillas que, aínda que moito menos que os seus irmáns, aparecen na documentación, algúns con dúbidas sobre a filiación:

Pelaio Pérez de Andrade

O 27 de marzo de 1224, nun documento que volveremos a ver a propósito de Maria Pérez relativo a unha doazón desta e de seu marido Froilan Pérez “do Vilar” a Caaveiro, cítase como confirmante ao lado do *domnus Petrus a Pelagius Petri, miles*, aínda que non se empregue con el o alcume “de Andrade” todo parece indicar que era un deles¹¹³. No senso anterior, nun documento de 1233 (ou 1243) relativo á unha venda ao conde Rodrigo Gómez –*era MCC L(X)XXI et quot XV Kalendas nouenbri*– aparece citado como confirmante *Pelagius Petri Dandrade, miles*—¹¹⁴ e, aínda que non se especifica o grao de parentesco co *Domnus Petrus*, debemos aceptalo como un fillo seu, natural ou lexítimo.

Urraca Pérez de Andrade

111. Presentes na cerimonia A.H.N, Códice 1439 B.Ed. J.C. De Pablos Ramírez, J. I. J. I. Fernández Viana *et alii*, *El Tumbo de Caaveiro*, 1996/7, doc 271.Ed. J. I. Fernández Viana e T. González Balach, *El Tumbo de San Juan de Caaveiro, Cátedra*, 1999, doc.271.

112. *Era de M. CCC. IIJ años quotum dous dias ante Calendas Junias....e para aquesto especialmente chamadas facemos esta carta assellar do sello do Concello de Betanzos, os quaes foron presentes testes D. Fernan Perez de Andrade, Lopo Garcia de Mandres, Pedro Fernandez de Andrade...*(Santiago DAVIÑA SÁINZ, “Tumbo del monasterio de las Cascas”V, en: *Anuario Brigantiño*, 2002, p. 129. Texto publicado por VAAMONDE LORES no tomo V de BRAG, p 66.

113. A.H.N, Códice 1439 B, f 73.Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, *et alii*, “El Tumbo de Caaveiro”, *Catedra* numero 4, 1997, doc.170, pp 257/258.

114. R.A.G, *Fondo Martínez Salazar*, P 2/14.

A Urraca Pérez vémolala o 8 de xullo de 1253 nunha doazón a Caaveiro dunha vila en San Salvador de Maniños, que pertencera por parte de súa nai a Urraca González: “*Ex parte avi mei Gundisalvi et matris mei iamdicta Urraca Gundisalvi*”. No documento Urraca Pérez identifícase sen deixar espazo á dúbida: “*Ego Urraca Petri, filia de domno Petro Vermuiz de Andrade et domna Urraca Gundisalvi*”. Testemuña a doazón, entre outros, o *domnus Lupus Petri de Andrade* ¹¹⁵.

Maria Pérez de... Andrade?

De María Pérez temos cando menos dúas referecias. A primeira é do 27 de marzo de 1224, nun documento de doazón a Caaveiro de seu marido, Froila Pérez do Vilar, de varias herdades en Doroña e Grandal. Como confirmante aparece *Domnus Petrus*, o que probablemente fose seu pai, Pedro Bermúdez de Andrade¹¹⁶. Volvémolala ver, tamén o 28 de xullo de 1242, nunha doazón a Monfero dunha vila en Santa Xuliana, territorio patrimonial dos Andrade¹¹⁷. Mais non podemos asegurar que sexa filla de Pedro Bermúdez de Andrade, nin irmá dos *domni* Fernán e Lopo Pérez de Andrade.

Bermudo Pérez de Andrade

Bermudo Pérez de Andrade aparece documentado o 17 de outubro de 1282 a partir dun traslado do 10 de abril de 1297. Neste documento o prior de Caaveiro Fernán Pérez recoñece unha débeda de 400 libras afonsinas con Bermudo Pérez de Leyra, clérigo de Leiro, que llos emprestara, porque Bermudo Pérez de Andrade, con outros malféitores, asaltaron o mosteiro de Caaveiro deixándoo sen un can, véndose na obriga de refuxiarse na igrexa de Leiro. O traslado está asinado polo notario do Rei en Pontedeume, Don Martines¹¹⁸. Parece aclararnos o asunto **Urraca Bermudez de Andrade**, posuidora dun casal e parte doutro en Camouco que tiña do priorado santiagués de Vilar de Donas, que se declara, en 1285, filla do citado Bermudo Pérez de Andrade¹¹⁹, que sería, polo tanto, irmán, ou medio irmán, de Fernán Pérez I e do resto de irmáns e irmás. É moi posible porque o citado Pedro Bermúdez de Andrade, seu suposto pai, e seu suposto irmán Fernán Pérez I, eran *freires* da orde santiaguesa e posiblemente o citado Bermudo fose tamén adepto desta orde ¹²⁰.

115. A.H.N, Códice 1439 B, f.112v. Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, et alii, “Tumbo de Caaveiro”, *Catedra* numero 4, 1997, doc.170. Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA et alter, *El Tumbo de San Juan de Caaveiro*, 199, doc.170.

116. A.H.N, Códice 1439 B, f.f. 73 Ed. Juan Carlos DE PABLOS RAMIREZ, et alii, “El Tumbo de Caaveiro”, *Catedra* numero 4, 1997, doc.170 pp 257/258.

117. RAG, *Fondo Martínez Salazar*, pergamiños, P -1/19.

118. AHN, Clero, 491/7. Pergamiño en moi mal estado que contén tres documentos dos que só dous son lexibles a medias, o primeiro e o terceiro do que se sacan os datos anteriores. Publicado por J.I FERNÁNDEZ VIANA e TERESA GONZÁLEZ. “Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro”, *Catedra*, Pontedeume, 2002, doc 22, p 359, nota 9.

119. A. MARTÍNEZ SALAZAR, *Documentos gallegos de los siglos XIV Y XV*, A Coruña, 1911, p 60. Cit J.F. CORREA ARIAS. *A Casa de Andrade*. 1160 – 1540, p 83.

120. J.L. NOVO CAZÓN, *El Priorato Santiagués de Vilar de Donas en la Edad Media*. A Coruña, 1986, p 64.

Os descendentes de Fernán Pérez de Andrade I

Xa dixemos máis arriba que en 1265 un documento timbrado co selo do Concello de Betanzos cita como testemuñas a Fernán Pérez de Andrade, e o que supoñemos seu fillo, Pedro Fernandez de Andrade I. Podería ser que se tratase de Pedro Fernández e de seu fillo Fernán Pérez II, pero a orde en que están colocados indúcenme a pensar que se trata de Fernán Pérez I e Pedro Fernández I, seu fillo.

Fernán Fernández de Andrade?

Algún xenealoxista¹²¹ cita un Fernán Fernández de Andrade en compañía de seu pai Fernán Pérez I, o 18 de xaneiro de 1223, confirmando unha venda de Rodrigo Fernández e seu irmán Fernán Bermudez Malaver. O mesmo autor vólveo citar noutro documento do 10 de maio de 1259 outorgado por a súa suposta irmá, Maior Fernández, e seu home Sancho Fernández a prol de Caaveiro¹²². O que pasa é que este segundo documento, como comentaremos máis abaixo é moi problemático, aínda máis que o da cita de Fernán Fernandez de 1223 que acabamos de ver. Posiblemente se trate dun erro, un erro de data, un erro do copista ou, simplemente, unha transposición de nomes, colocando ao lado dun “Fernández” os nomes de dous Andrades coñecidos. Lembremos a cronoloxía extrema na que non parece reparar o xenealoxista Lamigueiro. Nada máis e nada menos que 36 anos entre 1223 e 1259 sendo que na primeira data Fernán Pérez I debía ser moi novo –seu pai vive como mínimo ata 1234– para ter un fillo confirmante.

Fernán Fernández e Maior Fernández, de Andrade

Ademais de Pedro Fernández de Andrade I e, supostamente, de *Fernán Fernández de Andrade*, Fernán Pérez I tivo cando menos unha filla, Maior Fernández, citada o 10 de maio de 1259¹²³ nunha venda de eguas a Caaveiro co seu marido Sancho Fernández, por 50 maravedís de ouro (*d-outo*): –*Eu, Sancho Fernández,... cum mina moller Moor Fernández, filla de Fernán Pérez de Andrade ... fazemos carta de venda... de quantas egoas nos aviamos con isse moesteyro devandito (Caaveiro) ...e vendemos e outorgamos issas egoas iaditas... por zinqoenta maravedis de leoneses d-outo*–¹²⁴. Neste documento, publicado por Teresa González e José Ignacio Fernández de Viana, como se indica na nota superior, non aparece por ningures *Fernán Fernández*, suposto fillo de Fernán Pérez de Andrade I, e irmán da doadora, que cita Lamigueiro¹²⁵, aínda que hai que dicilo, Viana e

121. J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 2 50. Doc: RAG. *Fondo Andrés Martínez Salazar*; Pergamiños. Caixa 19, nº 9.

122. RAG. *Fondo Andrés Martínez Salazar*; Pergamiños. Caixa 19, nº 9. Cit. J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25 2018, p 2 50/251.

123. “J. I J.I.FERNÁNDEZ DE VIANA *et alter*, “Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro”, *Cátedra* nº 9, Pontedeume, 2002, doc. 13,PP 351.

124. R.A.G. *Fondo Murguía*, sen sinatura. Ed.J.I. FERNÁNDEZ DE VIANA e e T.GONZÁLEZBELASCH.,*Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro*, *Cátedra*, 2002 p.351.

Lamigueiro falan de documentos distintos, os dous procedentes do arquivo da RAG, con distintas sinaturas mais cos mesmos motivos e protagonistas, e algúns datos diferentes. Os que nos ofrecen José Ignacio Fernández Viana e Teresa González fala de 50 marabedís *d-outo* (de ouro) como prezo das eguas, o que cita Lamigueiro, de 140 marabedís de ouro; este ademais, cita o devandito *Fernán Fernández*, suposto fillo de Fernán Perez de Andrade I, como confirmante. En todo caso, ao ser documentos coa mesma temática, a mesma data e os mesmos protagonistas, fálanos dunha máis que probable manipulación dalgunha das copias sendo que o segundo documento posiblemente teña erros. Pensemos que o arquivo de Caaveiro ardeu copiándose de novo para o Tombo os documentos, moitos deles con erros, incluso algúns posiblemente inventados. O fragamento que ofrece Lamigueiro efectivamente si parece dicir *Fernán Fernandez fillo de Fernán Pérez de Andrade, miles*¹²⁶(I) pero podería ser unha falsificación ou unha copia con erros, como parece, porque as dúas veces que se cita o suposto Fernán, 1223 e 1259, aparece en contextos difusos dificilmente verificables.

Pedro Fernández de Andrade I

Outro documento de difícil interpretación é a doazón que Pedro Fernández de Andrade I fai ao mosteiro de Monfero dunhas herdades que recibira de súa nai María Eans en Churío, Irixoa¹²⁷. O documento dátase o 2 de maio de 1255 e non tería nada de estraño senón citase como codoador o seu “irmán” **Juan López** –“*cum germano meo Iohane Lupi*”–, ao meu entender unha confusión do escribán ou copista ao confundir irmán con curmán, xa que o Juan Lopez, seguindo as regras de derivación onomástica, podería ser moi ben un fillo de Lopo Pérez de Andrade, o irmán de Fernán Pérez de Andrade I e, polo tanto, curmán de Pedro Fernandez de Andrade I, non irmán.

Pedro Fernandez de Andrade I casa con Teresa Gómez de Molina (ou de Neda), filla de Gómez González de Molina e dona María Rodríguez, e neta de Gonzalo Pérez de Molina e mais de Sancha Gómez, irmá, e herdeira, de don Rodrigo Gómez de Trastámara¹²⁸. Digamos entón que don Pedro Fernández, a primeira vista, fixo un matrimonio de comenencia, algo a que aspiraba todo cabaleiro de mediana ou pequena fortuna. Neste senso, a desaparición de don Rodrigo Gómez en 1261, sen descendencia directa –deixando orfos os *milites* da bisbarra como os Andrade– fixo recaer precisamente o condado de Trastámara na rama castelá que o matrimonio de dona Sancha Gómez con Gonzalo Pérez de Molina inaugurara. Dende esa datas a ausencia dun conde de Trastámara permanente sobre o terreo creou moita confusión entre a nobreza dos cabaleiros ou

125. RA.G, *Fondo Martinez Salazar*; pergamíños. C 2/46. Ci J.L. LAMIGUEIRO (“Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25, 2018, pp 2 50/251.

126. J.L. LAMIGUEIRO (“Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25, 2018, p 251) Cit: RA.G, *Fondo Martinez Salazar*; pergamíños. C 2/46.

127. AHN (Pares) Clero, Monfero C. 500/18.

128. Arquivo da Fundación Penzol. *Fondo Don Ramón Otero Pedrayo*. Colección B. Pla- 04/o 57.

milites, cuxos *cursus honorum* dependían en gran parte do señor da terra, o que lle dá aínda máis valor ao matrimonio de Pedro Fernández de Andrade con dona Teresa, da familia dos novos condes, embora o condado foi integrado na Coroa por Sancho IV. Quizais por esa inseguridade e confusión é moito máis complicado seguir o fío xenealóxico dos Andrade que, ata 1261, foran fieis gregarios coa casa dos Traba.

Fóra do documento de 1265 no que se citan un Pedro Fernández de Andrade xunto o seu suposto pai Fernán Pérez de Andrade I, a aparición de Pedro Fernandez de Andrade I na documentación da época é escasa durante a segunda metade do século XIII. Non obstante, si o vemos o 5 de decembro de 1293¹²⁹ preiteando xunto seu fillo Fernán Pérez de Andrade II co mosteiro de Oseira pola granxa do Porcal, en Moeche, doada pola familia de dona Teresa¹³⁰ e rexentada polos Andrade con aprobación ou non dos doadores e/ou do mosteiro beneficiado por unha previa doazón de Rodrigo Gómez e dona Maior Afonso.

Fernán Pérez de Andrade II

A Fernán Pérez de Andrade II xa o documentamos en 1293, preiteando ao lado de seu pai Pedro Fernández I pola granxa do Porcal como dicíamos máis arriba. Fernán Pérez II casa con Maior Rodríguez, e debe ser este Fernán Pérez de Andrade o que cita Porta de la Encina como un dos asaltantes de Caaveiro en 1298 e 1302¹³¹. O derradeiro terzo do século XIII, mesmo o de comezos do XIV –como puidemos ver tamén a propósito de Bermudo Pérez de Andrade en 1282– son anos de inestabilidade política e crise social que se traducen en moitas ocasións en episodios de bandidaxe sobre igrexas e mosteiros por parte dos *milites*, agora sen o señor da terra que lles facilite un emprego e os traia polo carreiro correcto evitando este tipo de depredacións, aínda que incluso personaxes da alta aristocracia como o propio Rodrigo Gómez participan nelas de cando en vez. Seguramanete, nese contexto de bandidaxe e arrepentimento ou aceno de atraer a Fernán Pérez de Andrade II por parte do mosteiro, o 22 de abril de 1302 este *miles*/cabaleiro, con súa dona Maior Rodríguez e co fillo de ambos os dous, Pedro Fernandez II, asinan un documento de débeda con Monfero, polo que se comprometen a devolver 150 pezas de pan, que o mosteiro lles prestara, poñendo de garantía as súas herdades de Churío (Irixoa), Bolo (sen correspondencia actual); Goimil, (Parroquia e lugar de Vilarmaior) e A Gaiba, (lugar de Vilarmaior), e todo o que lles pertence en Vilamateo (Santiago de, Vilarmaior) e mais outros bens en Santa Marta¹³². Unha garantía moi elevada para un préstamo de menor relevancia, se é que as 150 pezas de pan non son unha unidade de medida equivalente a débedas monetarias que esas as ditas pezas representan. Sería un recoñecemento dos

129. AHN, Clero, *Oseira*, Carpeta 1537/13.

130. Dona Teresa, a muller de Pedro Fernandez de Andrade I e irmá do cabaleiro, Roi Gómez de Molina, ou de Neda (+1287), “O Gafo” (Lepra) “fillo que foi de don Gonzálo Pérez de Molina”...

131. PORTA DE LA ENCINA. “Aportaciones al estudio del monasterio de Caaveiro”, *Estudios Mindonienses*, nº 2, 1986. Cit. C. DE CASTRO e J.L.SANGIL, “Genealogía de los Andrade”, *Cátedra*, número 7, pp 190-194.

132. A. F. P. *Fondo Otero Pedrayo*. Colección B de documentos soltos: PLA-04/075.J.L. LAMIGUEIRO. “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25, 2018, p 2 53.

danos causado nas incursións en Caaveiro? Podería ser. Uns anos máis tarde, en 1310, Fernán Pérez de Andrade II doa ao mosteiro de Monfero todo o que tiña no seu couto¹³³. No mesmo senso, en 1311, vemos a Fernán Pérez de Andrade II doando ao mosteiro de Monfero un casal en Doroña que lle chaman casal do *Rieiro* con todas as súas herdades¹³⁴. Tres anos máis tarde, en 1314, o mosteiro de Monfero afóralle a granxa de Sevil, en Santa Xuliana, a *Pedro Fernández de Andrade II*¹³⁵.

Fernán Pérez de Andrade II aparece o 15 de agosto de 1315 nun documento no que frei Juan¹³⁶ efectúa a doazón a prol do infante Alonso, e no que aparece como testemuña efectivamente Fernán Pérez de Andrade, que sería o II¹³⁷. Dous anos máis tarde, de facerlle caso a frei Malaquíás de la Vega, con data de 1317, este xenealxista histórico afirma ter constancia dunha escritura de venda dun Fernán Pérez de Andrade, fillo de Pedro Fernández de Andrade, do lugar de Poelo¹³⁸, o que nos levaría de novo a pensar que se referiría a Fernán Pérez de Andrade II e non a un novo Fernán Pérez, fillo de Pedro Fernández II, o que explicaría a sucesión de Pedros e Fernandos de Andrade que vemos na documentación entre 1300 e 1320. A pesar de que as citas de frei Malaquíás ás veces amosen erros, é difícil que se equivocase neste caso pois traballa directamente con documentos. Aínda que con algunha dúbida inclinámonos pola teoría de que frei Malaquíás se refira a Fernán Pérez II.

Pedro Fernandez de Andrade II e seu pai na conxuntura de 1320

De Pedro Fernández de Andrade II só temos unha reseña documental, de 1293, xa citada, e outra de 1314 cando o abade e convento de Monfero agasallan a Pedro Fernandez de Andrade II cun foro polo que lle ceden o goce da granxa de Sevil en Santa Xuliana¹³⁹. O documento non o di, pero supoñemos que este é o fillo de Fernán Pérez II, o que nos suscita unha nova dúbida, de difícil solución: cales eran os Pedro Fernández e o Fernán Pérez de Andrade mortos na Rocha en 1320 aos que nos imos referir algo máis abaixo e aos que o cronista de Landoira cualifica de irmáns?

133. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, “Tombo Vello de Monfero”, libro 48, 1561. Sta Xuliana, f. 12.

134. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, “Tombo Vello de Monfero”, 1561, FF. 53 e 61.

135. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*; *Tombo Vello de Monfero*, libro 48, 1561. Sta Xuliana, f. 5.

136. J.L. Lamigueiro refírese erradamente a unha doazón do bispo Pedro López de Aguiar a Alonso de Valencia sendo que este bispo é de medio século máis tarde. (G.J.L. LAMIGUEIRO, “Genealogía de los Andrade”. *Cátedra*, nº 25, 2018, p 2 54).

137. *Testimoyas que presentes foron: Johan Alvares Osorio, Fernan Peres d’Andrade, Ruy Gonzales Grandio, Aras Peres de Ferreiros, cavalleyros; Vaasco Peres de Soutomayor; Vaasco Ferrandes de Parraga; Pero Aras, Johan Calvin, escudeiros, outros moytos.*(LUGO, AC, *Tumbillo Nuevo*, fol. 103r-104v.- Extr., *Tumbo Nuevo*, fol. 225v. Ed.GMH. *Gallaecia Monumenta Historica*. Doc 149.

138. MALAQUÍAS DE LA VEGA. “Chronologías”, f 488r. Cit.J.LLAMIGUEIRO. “El Linaje de los Freire de Andrade según la Chronología de Fray Malaquias de Vega”. *Cátedra*, nº 26, p 222

139. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, *Tombo Vello de Monfero*, libro 48, 1561. Sta. Xuliana, f. 5.

Os Pedro Fernández e Fernán Pérez de Andrade que vemos en 1320, loitando ao lado de Afonso Suárez de Deza na cidade de Santiago contra o novo arcebispo Berenguel de Landoira, entre 1318 e 1320, foron, con outros cabaleiros galegos, asasinados a traizón no castelo da *Rocha Forte* de Santiago a mans dos esbirros do arcebispo, sendo identificados como Pedro Fernández e Fernán Pérez de Andrade, os que o cronista anónimo do arcebispo citado define como *duo uero germani Dandrade cognominati ministri Sathane*¹⁴⁰, aínda que o cronista anónimo non cita os seus nomes. É Aponte quen identificará os trece cabaleiros asasinados na Rocha, entre eles os dous Andrade¹⁴¹, cousa que aumenta a nosa confusión sobre a súa identidade. Aponte era *criado* de don Fernando de Andrade, o conde de Vilalba, e disporía de fontes de información escritas pertencentes á familia sobre os feitos ocorridos dous séculos antes, posiblemente novelados. Pode haber erros tanto nos nomes que cita Aponte como na expresión *duo uero germani Dandrade* do cronista anónimo. Pero non temos outra fonte para poder contrastar os datos.

Aliás, hai un Fernán Pérez de Andrade documentado despois de 1320 e este parece ser o Fernán Pérez de Andrade II que se documenta en 1322 con súa dona Maior Rodríguez e cos seu fillos (sen nomealos). Entón, o Pedro Fernández e o Fernán Pérez de Andrade, cuxos nomes nos proporciona Aponte, poderían non ser os seus homónimos documentados máis arriba, o que nos leva a cambiar a interpretación tradicional deste tema, tendo en conta que, en 1321, dous Andrades, Pedro Fernández e Fernán Pérez de Andrade, se citan como clérigos dependentes de Caaveiro na freguesía de Cabalar, falecidos con anterioridade a esta data, o que nos induce a pensar que son os mesmos que cita a crónica de Landoira como mortos na Rocha de Santiago un ano antes. Efectivamente, o 22 de febreiro de 1321, na escritura de acordo entre o prior de Caaveiro e o bispo de Lugo sobre a presentación de varias igrexas entre a que se inclúe a de Santa María de Cabalar, dentro do couto de Caaveiro: “*que ora vaga per morte de Pedro Fernádes e de Fernán Peres de Andrade, que foron clerigos della*”¹⁴², tanto o Fernán Pérez como o Pedro Fernández, mortos en 1320, deberían ser os mesmos que os citados como clérigos mortos en 1321, os que o cronista do arcebispo cita como *cognominati ministri Sathane*, seguramente nunha sarcástica alusión á súa condición de ministros da Igrexa, condición que naquela época era compatible coa súa participación militar como as campañas de Afonso Suarez de Deza en Santiago.

Poderíamos así excluír a Fernán Pérez II dos sucesos da Rocha, sabendo ademais que se cita en 1322 con súa dona Maior Rodríguez recibindo unha doazón de Xuvia. Esta muller, foi cualificada de viúva por parte do escribán de Santa Clara en 1345, onde tamén se citan catro fillas do matrimonio, María, Inés, Teresa e outra chamada Maior Fernández,

140. *Hechos de D. Berenguel de Landoira, Arcebispo de Santiago*, Santiago, 1993, versículo 600 a 660, PP. 124 a 131. Cit. J.F.CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade”, p. 138.

141. Vasco DE APONTE, “Recuento... 81, p. 131.

142. J. I. FERNÁNDEZ VIANA E T. GONZÁLEZ *et*, *Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro*, doc. 30, p. 368. Documento do 3 de marzo de 1321 que inclúe outro do 22 de febreiro do mesmo ano do que sacamos os datos arriba citados.

as catro monxas en Sta. Clara de Santiago, dotadas polos seus pais con importantes bens no territorio de Noia –nas freguesías de S. Xoán de Sabardés, Outes, Sta María de Esteiro, Outes, Santiago de Talla (sen correspondencia actual) e Santo Estevo de Abelleira¹⁴³, en Muros, bens herdados da familia de dona Maior Rodríguez que pasarán posteriormente ao mosteiro de Santa Clara. Na data do documento, suponse están mortas xa as catro fillas de Fernán Pérez de Andrade II. Desta forma, as catro fillas citadas engádense ao fillo que xa coñeciamos, Pedro Fernandez de Andrade(II), do que non oímos falar -se exceptuamos as alusións aos irmáns Pedro e Fernán de 1320 e 1321, que pensamos que non se refiren a el- dende 1314¹⁴⁴. Pero temos un Pedro Fernandez de Andrade que supostamente en 1346 é alcalde maior de Ferrol¹⁴⁵. Lamigueiro sinala que é o Pedro Fernández (III), herdeiro de Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*, seu tío, fillo de Juan Freire de Andrade, este irmán de Fernán Pérez *O Boo*, ao que non obstante só sobrevive sete anos deixando de aparecer nos documentos despois do 24 de novembro de 1404¹⁴⁶.

Non sabemos os anos que viviu este Pedro Fernández pero supoñemos que, con 58 anos de distancia entre as dúas datas citadas, debería ser moi novo para exercer de alcalde maior de Ferrol en 1346. Por outra parte, Pedro Fernán de Andrade III é fillo de Juan Freire e aos Freire non os vemos intitularse “de Andrade” ata 1349 en que o fai Rui Freire, o avó do citado Pedro, o pai de Juan e mais de Fernán Pérez, *O Boo*.

En virtude do dito, nesa data non é posible que o citado Pedro Fernández de Andrade III sexa alcalde de Ferrol; no entanto, aínda que de rebote, penso que Lamigueiro leva a razón, pero noutra data, en 1384. Efectivamente, como acontece coa inscrición cronolóxica da ponte sobre o Eume, inscrita nun dos verróns que a presidían, o escribán, acostumado a utilizar a palabra *era*, usou esta no canto da palabra *ano* propia da era cristiá instaurada o ano anterior nas Cortes de Segovia de 1383 e, se restarmos 38 de 84, daríanos 46, 1346, a data qua ata agora nos tiña a todos embobados. Todos os que usamos este documento nalgún intre pasamos por alto que o documento di alcalde maior de Ferrol por Fernán Pérez de Andrade, cousa que non sería posible antes de 1371. Pero ademais, o 27 de outubro de 1374 un Juan Esquíó, prior de Xuvia, afora unha herdade a Gonzalo Esquíó –o suposto beneficiario da sentenza de Pedro Fernández–, veciño de Ferrol¹⁴⁷, co que todo concorda. Nin Montero Díaz nin, despois, todos os que pasamos por estas pasaxes nos percatamos dese feito. A sentenza de Pedro Fernández de Andrade, alcalde maior de Ferrol, ten lugar o 3 de setembro de 1384¹⁴⁸, non 1346. É nese contexto onde encaixa como Alcalde Maior de Ferrol Pedro Fernán de Andrade III.

143. A.P.S, *Fondo Sta Clara*, 5/31.

144. A.M.C, Fondo Martínez Salazar, *Tombo Vello de Monfero*, libro 48, 1561. Sta Xuliana, f. 5.

145. S.MONTERO DIAZ, “Colección Diplomática de San Martín de Jubia”, BUS, Apéndice, nº 10.

146. J.J.CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...” p 237.

147. AHN, Cod 63 B, nº 7. Publicado e transcrito en GHD.

148. AHN, Cod. 63 B, nº 14. Publicado e transcrito en GHD.

Debemos considerar ademais que, se aceptamos que os falecidos na Rocha eran clérigos da freguesía de Cabalar, como afirmamos máis arriba, que ademais eran irmáns, parecen apuntar a outros Andrades, bastardos ou fillos descoñecidos de Fernán Pérez de Andrade II, de Pedro Fernandez de Andrade I, ou procedentes de ramas colaterais como as de Bermudo Pérez de Andrade, o que citamos como asaltante de Caaveiro en 1282. En todo caso –algúns destas dúbidas xa as formulabamos en “A Casa de Andrade”– todo nos parece indicar que son distintos aos ata agora manexados e dos que descoñecemos a filiación. Polo tanto, cos datos que temos ata o momento, descartamos que os mortos na Rocha fosen Fernán Pérez II e Pedro Fernández II, que en todo caso non serían irmáns senón pai e fillo, e dos que descoñecemos o destino, sobre todo de Pedro Fernández II do que non temos referencias documentais dende 1314.

Os Freire e os Freire de Andrade

Ata aquí vimos como unha familia de *militēs* ou cabaleiros baixomedievais lle ían dando forma a unha liñaxe de cabaleiros arredor da súa subordinación aos señores da terra, os Traba, e aos mosteiros da zona, nomeadamente Caaveiro e Monfero, cunha serie de posesións que se estendían dende Montenegro, pasando por Irixoa, Vilarmajor e Monfero, ata chegar á costa por Carantoña, Miño e Cabanas. Pero, en xeral o patrimonio destes Andrades con patronímicos como Fortúnez, Bermúdez, Pérez ou Fernández era de interior. No entanto, desde finais dos anos corenta do século XIV o deserto documental de escrituras asinadas polos citados Andrade, xa escasas dende os derradeiros anos da segunda década deste século, dá lugar ao agromo de novos protagonismos que levan o antropolónimo Andrade pero engadido ao patronímico Freire, os Freire de Andrade.

Que foi dos descendentes dos Pérez e dos Fernández de Andrade?

En 1322, solpréndenos un documento segundo o cal o prior de Xuvia, Juan Díaz, afora a Fernán Pérez de Andrade II e a súa muller Maior Rodríguez e a tres fillos do matrimonio, que non cita, todas as herdades do mosteiro en Alvaroe (Alvarón, Neda?), Mourela (Alta e Baixa, Neda, Ancos (Monte Ancos, San Pedro de Anca, Neda) e Balvoa (sen correspondencia), que, entendemos, é unha achega importante¹⁴⁹. Tamén coñecemos as xa citadas catro fillas deste matrimonio que rematarían recluídas no convento de Santa Clara ás que nos referíamos en parágrafos anteriores.

Agás os datos anteriores, o único que podemos engadir é o dato dun Pedro Fernandez de Andrade (II) documentado como alcalde maior de Ferrol, non en 1346 como se ten

149. AHN, Claro, Xubia. Carpeta 495, Cartulario B. Ed. S. MONTERO DIAZ. “Colección diplomática de San Martín de Jubia” B.U.S., Santiago 1935, p. 147, Rex nº 7. AHN, Cod 63 B, nº 14 (transcripción en GHD).

aceptado, senón en 1384 como creo que demostramos máis arriba¹⁵⁰, ditando unha sentenza a prol de Gonzalo Esquíu, un veciño de Ferrol ao que aquí situamos en 1374 recibindo un foro do prior de Xuvia, Juan Esquíu¹⁵¹. Os Esquíu viñan exercendo como mordomos dos Andrade ou de familiares dos Andrade como os Valcárcel ou os Lanzós¹⁵². O que temos claro é que Fernán Pérez de Andrade III é o Alcalde maior de Ferrol na data citada de 1384.

Fernán Pérez de Andrade II sobreviviu ao desastre da Rocha Forte, de 1320, e deixou descendencia, como xa sabiamos, entre esta, Pedro Fernández II. O que non sabemos é se este desapareceu entre 1314 en que se lle documenta e 1322 en que seu pai Fernán Pérez de Andrade II recibe de Xuvia unha impotante doazón acompañado dos seus fillos pero sen especificar nomes. É de supoñer que ao citar fillos, en masculino, estaría incluído Pedro Fernandez II, seu fillo, pero non temos ningunha seguridade niso. O único certo é que non temos mais referencias documentais deste personaxe xa que concluímos que os mortos na Rocha en 1320 eran dous Andrade dunha rama colateral da familia¹⁵³.

Outra cousa que nos chama a atención do documento de 1322 é ver a Fernán Pérez de Andrade II e os seus fillos con intereses no mosteiro de Xuvia, onde axiña veremos como en 1330 Juan Freire -aínda non intitulado “de Andrade”¹⁵⁴-, súa dona Maria Suarez e os seus fillos, renuncia diante do prior don Gil aos dereitos que tiñan ás rendas e servizos de San Mateo, devolvéndoas para sempre¹⁵⁵.

Freires e Freires de Andrade

Feito este inciso a modo de recordatorio do final do capítulo anterior, cómpre agora sinalar que, en paralelo ao acaemento progresivo dos Fernández e Pérez de Andrade, toman protagonismo os Freire, xa dende antes dos sucesos da Rocha Forte de Santiago,

150. *Ibidem*

151. AHN, Cod 63 B, nº 7 (transcrición GHD).

152. *Rodrigo Esquíu et Pero Fernandes do Castro ou outros qaesquer moordomos que por nos ouveren de recabdar enno couto de Sam Martiño Nos, García Rodrigues de Valcarçer et de Balboa, et Juan Freyre de Lançóos vos fazemos saber que fezemos avynça con o prior sobre los servijos et outras cousas quaesquer que avemos de levar desa comenda que teemos de San Martino en cada huun anno de cada huno home dos que viven connosco, et están en copia de pagar vynte et dous mrs. de moeda vella por porto et por pedido, et por nosos servijos. Et fica que pague os servijos del rrey quando vieren enprestado a alcavalas et se vier moeda que lles quitamos do do (sic) que soyan pagar a Fernán Peres d'Andrade en cada huun anno çem mrs. Item mayz desenbargamos ao dito moesteyro as loytosas et moorgadas et que as paguen ao dito moesteyro segundo que as pagauan en tempo de Juan Freyre et de Roy Freyre...*(AHN(Pares), Jubia, códice L1047B-113).

153. Terían que darse moitas coincidencia para que, cando menos un dos mortos na Rocha fose Pedro Fernández II: que este fose clérigo de Santa María de Cabalar xunto cun irmán, descoñecido para nós, que se chamaría Fernán Pérez de Andrade (III?), pero, polo momento son simples lucubracións

154. É curioso como se propalan os bulos. Na contraportada do pergamiño, e a modo de acotación cítase a Juan Freire de Andrade, pero o documento di só Juan Freire, sen o antropolónimo. O autor da acoutación seguro que non pretendía enganar pero acostumado a que os Freire eran de Andrade, pensou que iso fora así sempre (AHN, Cod 63 B, nº 8. Transcrito en GHD).

155. AHN, *Clero, Jubia*, Carpeta 495, nº 2, Cartulario B nº 24, Rexesta de S. MONTERO DIAZ.-“Colección diplomática de San Marín de Jubia” B.U.S., Santiago 1935, p 147, Rex nº 8. AHN, Cód. 63 B, nº 8. Transcrito en GHD, copia do s.XV.

cunha peculiaridade que os distingue dos Andrade anteriores, a de establecer como centros de interese económico principal as vilas e cidades da fachada marítima, polo tanto cunhas fontes de riqueza que, sen esquecer a economía agraria, xiran cara ao comercio e a manufactura, actividades fundamentalmente urbanas en concordancia coa época. Dende mediados do século XIII, dende Ribadeo a Tui, Galiza ínzase de vilas, moitas delas prote-xidas polos monarcas contra a voracidade das aristocracias locais por medio de foros, como o de Pontedeume de 1270, todo o cal lle dá un grande impulso ao comercio, á manufactura e ao urbanismo. Pois ben axiña imos ver como estes Freire, que aínda non se alcuman “de Andrade” como queremos recalcar, encaixan perfectamente nesta nova corrente económica.

Pois ben, sen meternos agora nos antepasados –a isto aludiremos máis tarde–, o primeiro Freire de relevancia aparece co século XIV, é Juan Freire, que documentamos por primeira vez en 1300, cando o vemos efectuando unha doazón ao mosteiro de Monfero dunha casa en Pontedeume¹⁵⁶, vila na que reside e da que chega a ser alcalde en 1304¹⁵⁷. Aínda que, como xa adiantamos algo máis arriba, podemos sinalar que este Juan Freire será o primeiro chanzo importante no camiño de converter a súa familia no referente da bisbarra ao longo do primeira metade deste século XIV.

A este Juan Freire indentifícasele como fillo de Lourenzo Freire o 17 de xullo de 1322 e recibe un foro das herdades que Monfero tiña en Trasdoroña (Leiro, Miño) que lle correspondían por ser fillo de Roi Freire: “...damos a vos L(ourenço) rrs (rodríguez) **dito Freyre** morador ena Ponte de Uyme... Feyta XVII dias de julio, era de mill e CCCLX anos...”¹⁵⁸. Posteiormente por un foro¹⁵⁹ de Monfero a Pedro Martínez e a súa dona Juana Fernández, de novo, das herdades de Monfero no hospital de pobres de Trasdoroña, alúdese a Juan Freire como o titular ata agora das citadas herdades. “...por quam de nos a ten aforada Joan Freyre fillo de Lourenço Freyre que ffuy... Pero, se ollamos a data –Era de mill e CCCLXXX e hun anos, XXVI días de abril”¹⁶⁰ e agás que haxa erro étrannos dúbidas de que sexan os personaxes dos que falamos, porque estaríamos falando de 1343, e non 1323, agás que entenderamos mal. Porque o fragmento fala dunha acción en presente –por quam de nos a ten aforada– cando o citado Juan Freire, de existir, sería moi maior. No senso anterior os seus fillos Rui Freire e Nuño Freire en 1332 son ivestidos coa Orde de La Banda por Pedro Fernandez de Castro, o que quer dicir que estamos a falar de 11 anos máis tarde, en 1343, polo que seu pai, alcalde de Pontedeume xa en 1304, debería

156. A.H.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, “Tumbo Viejo de Monfero”, Libro 48, 1561, Pontedeume e Mugar dos, f. 66.

157. 17 de Xullo de 1304 : “...o Concello da vila de Ponte deume en hun con John Freire alcayde de Rey en esta villa... Feyta XVII dias de julio. Era de mill et CCC et quarenta e dous anos” (AHN(PARES), Clero, Monfero. C.504-16.).

158. AHN(PARES), Clero, Monfero. Carpeta 506-2(132,VII,17). Cit: LAMIGUEIRO, J. Luís, “Relaciones...II) Trasancos...Op cit. *Catedra*, nº 24(2017) p 139.

159. Lamigueiro, (*Op Cit*) páxina 140, da a data do 26 de maio de 1323, pero na nota a pé de páxina inclúe un fragmento da citada data: *Era de mill e CCCLXXX e hun anos, XXVI días de abril*, isto é 1343, o que lle da coherencia ao que di na nota posterior onde fala dun foro a Juan Freire, fillo de Lorenzo Freire. Ver nota *infra*.

160. AHN(PARES), Clero, Monfero. C. 506-2.

ser moi maior por esas datas, se é o mesmo, aínda que, a falta doutro dato, mellor aceptámolo.

Os primeiros Freires

En traballos anteriores, publicados na revista *Cátedra*, xa citados máis arriba, insístease en que estes Freire aos que nos acabamos de referir son unha rama dos Sanxurxo procedente dun irmán do primeiro *miles* alcumado de *Andrade* -Bermudo Fortunéz de Andrade-, Pedro Fortunez, do que derivaría unha familia de cabaleiros alcumados Sanxurxo, cuxo parentesco se enriquecería ao longo do tempo con novos matrimonios. Non nos imos enredar aquí nos interloquios de múltiples parentescos aos que este autor alude amparado nun volume de documentación difícil de calibrar, algo por outra parte xeral entre as distintas familias de cabaleiros, amén dos cambios de apelidos por *dictus* para encaixar unha morea de personaxes, os que se supón antepasados dos Freire e parentes dos Andrade. E cimenta este parentesco nunha doazón de Fernando de Santo Georgio a Oveco Froyle e outros monxes de Sobrado duns bens en Aranga: Moniferral e San Pedro de Feás, que herdara do seu avó don Fortunio¹⁶¹, unha afirmación que se nos antolla algo ousada, porque nin don Fortunio¹⁶² nin os seus descendentes tiveron facenda neses territorios, aínda que si os Freire de Andrade case dous séculos máis tarde, dende que Fernán Pérez O Boo, pretendara *herdalo*s do seu sogro Aras Pardo en 1362. De feito aínda Nuño Freire de Andrade, *O Mao*, terá que preitear dende 1405 coa igrexa de Santiago pola súa posesión, por ocupar ilegalmente os coutos de, Muniferral (San Cristobo de Muniferral, Aranga) e Feás, (San Pedro de Feás, Aranga)¹⁶³, e o preito non rematará aquí.

Polo demais aínda que haxa certa concordancia territorial e transmisión parcial, esta era natural entre familias de fidalgos consonte a existencia de unións esporádicas entre elas alén de lembrar que o nome do Fortunio era frecuente entre os séculos XI e XIII e seguramente que non sexa o mesmo don Fortunio Veremudiz ao que se refira o documento aludido. Aliás poderíamos citar un Fortunio que non é Andrade, por exemplo, Fortunio Bermúdez de Sanxurxo¹⁶⁴ quen o 22 de abril de 1222, na compañía de súa dona Loba Bermúdez, doa a Monfero as súas herdades en Santa Eulalia de Doroña, Vilarmaior¹⁶⁵.

A pesar dalgunhas reservas e algunhas dúbidas, poderíamos aceptar que os tres primeiros chanzos da familia dos Freire estarían representados por Juan Freire con súa dona María Suárez, os pais deste Lourenzo Freire coa súa dona María Pérez e o avó do

161. Un dos confirmantes é Pedro Bermudez de Andrade.

162. Acordo de Reparto de ben de don Fortunio entre Bergondo e Caaveiro. (Santiago, AHU, clero, Caaveiro. Edi. J. I. FERNÁNDEZ VIANA e TERESA GONZÁLEZ- "Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro", *Cátedra*, nº 9, doc 6, p 345).

163. O preito durará ata 1411 cun acordo de arrendamento a prol do de Andrade. Anos máis tarde, Fernán Pérez *O Mozo* volverá ocupar os coutos. (J.F CORREA, *A Casa de Andrade*, pp 441-443 e nota 1100).

164. DE CASTRO ÁLVAREZ, (citando A López Sangil) C. "Genealogía Prehistórica de los Andrade. Estado de la cuestión y el eslabón perdido de la unión entre Andrades y Freires". *Cátedra*, nº 28, p 75.

165. REIGOSA LORENZO, R. "Colección diplomática del monasterio de Monfero de XLVII, p 107. Carpeta actual 498, nº 18. Cit: DE CASTRO ÁLVAREZ, C. "Genealogía Prehistórica de los Andrade. Estado de la cuestión y el eslabón perdido de la unión entre Andrades y Freires". *Cátedra*, nº 28, p 75.

devandito Juan, Roi ou Rui Freire, como se pode deducir dun foro a prol de Lourenzo Freire outorgado polo mosteiro de Monfero o 8 de marzal de 1300. No texto do documento dise que Lourenzo Freire é fillo de Roi Freire¹⁶⁶. Está claro que o avó de Juan Freire é Rui ou Roi porque un fillo de Juan Freire recibe ese nome sendo o seu primoxénito. Pero ningún dos descendentes de Juan Freire recibe o nome de Lourenzo e iso fainos dubidar da seguridade do elo Lourenzo. Do que non hai dúbidas é de que Juan Freire é precisamente o piar sobre o que se levanta a familia dos Freire e, máis tarde, dos Freire de Andrade. Juan leva o nome dun tío-avó, freire en Monfero, non do avó por cuestións de ilexitimidade na concepción de seu pai. Este Juan Freire tivo dous fillos, a un, o promoxénito, como dixemos, púxolle o nome de seu bisavó, Rui, e a seu outro fillo púxolle Nuño, o nome dun tío-avó do mesmo nome, nomes estes como o de Juan, Fernán ou Pedro –estes dous procedentes dos Pérez e Fernandez de Andrade– que seguirán repetíndose ata a súa fusion dos Andrade con outras ramas da nobreza. O propio Rui Freire, que tivo catro fillos e dúas fillas, utilizou para eles os nomes de Juan, Nuño, Fernán, o *Boo*, e Lopo, nome este que, como o de Fernán, son da rama dos Andrade anteriores. O costume de poñer aos primoxénitos os nomes dos avós e aos seus irmáns os de tíos-avós, ou simplemente nomes de antepasados, será algo moi común na Baixa Idade Media, polo tanto entendemos que Juan leve o nome do tío-avó, polo que queda claro que Rui, Johan ou Nuño eran antepasados dos Freire como xa deduciamos na anterior incursión neste tema¹⁶⁷.

No senso anterior, constatamos que un dos primeiros *freires* documentados é Nuño, ao que vemos o 10 de xuño de 1265 efectuando cos seus irmáns Martín e Lorenzo unha doazón a Monfero de todo o que teñen no seu couto asinando o documento Juan, monxe en Monfero, e seu pai Rui¹⁶⁸.

O que nos deixa a matinar, insistimos, é o feito de que Lourenzo Rodríguez, *dictus Freire*, non deixe ningunha outra pegada na onomástica dos Freire nin da dos Freire de Andrade. A explicación podería estar en que era fillo natural e os seus descendentes preferiron nomes doutros antepasados distintos, porque, do contrario, a liña de filiación estaría máis nítida sen a súa figura. Pero a documentación manda, e hoxe por hoxe debemos dar por establecido que o avó deste o primeiro Juan Freire do século XIV é Lorenzo Rodríguez *Freire*, polo tanto a liña filiación **Rui-Lourenzo-Johan-Rui** constituén os primeiros chanzos dos Freire de Andrade. Por outra banda, tampouco neste tema imos afondar máis. Sería puro estilismo xenealóxico que, para esclarecer as orixes dos Freire de Andrade –que, por outra banda, aínda non se alcumarán así ata 1349– nos esforzásemos en buscar familias que aínda non eran *freire*.

166. Arquivo da Fundación Penzol. Colección B de documentos en pergamino PLA-04/072 (PARES).

167. J.F. CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...”, p 85 e ss.

168. M.C. *Fondo Martínez Salazar*, índice de Monfero, 1833. Documentos en Pergamino da fundación Penzol. CIt. LÓPEZ SANGIL e DE CASTRO ALVÁREZ, *Genealogía de los Andrade*, p. 211.

Seria moito máis interesante descubrir por que Rui Freire, xa moito antes de que se intitule “de Andrade”, bautiza o terceiro e cuarto fillo cos nomes de Fernán Pérez e Lopo Pérez, dous nomes Andrade, non Freire. Porque indagar sobre antigos parentescos, non vai achegar luz a esta cuestión. A relación de parentesco debe ser recente para ser efectiva, eu diría do século XIV. Estamos falando dun tempo no que aínda existía, non sabemos se Pedro Fernández II, pero si cando menos ata 1322 Fernán Pérez de Andrade II, como vimos, datas arredor das cales debeu nacer Fernán Pérez de Andrade III, *O Boo*.

Andrés Martínez Salazar, citando a Gándara, afirma que os *Freyles* e *Andrades* andaban xuntos dende *Ruy Freyle de Andrade*¹⁶⁹, sen que saibamos ben a que Rui Freire se refire pois, como xa tivemos ocasión de constatar, un Rui Freire –posteriormente Freire de Andrade– fillo de Juan Freire I, era señor do castelo de Andrade segundo nos conta Vasco de Aponte¹⁷⁰, aínda que sen referirse a unhas datas concretas. Efectivamente Rui Freire será o primeiro desta familia ao que se lle alcume “de Andrade”. Pero vaíamos por partes.

Dos Freire aos Freire de Andrade

Lembremos aquí antes de nada que na miña anterior incursión na xenealoxía dos Andrade, aínda que con dúbidas sobre a súa identidade, partía da idea tradicional de que os mortos na Rocha Forte de Compostela en 1320 eran Fernán Pérez de Andrade II e Pedro Fernández de Andrade II, aínda que insistindo en que eran pai e fillo, non irmáns. Non obstante, dado que aquel traballo non era precisamente xenealóxico, despois de reflexionar sobre o tema, debemos constatar que Fernán Pérez de Andrade II, e dubidamos de que tamén seu fillo Pedro Fernández de Andrade II, sobrevivían ao episodio da Rocha e polo tanto a familia dos Pérez-Fernández de Andrade que, a xulgar pola documentación, aínda que cun notable acaimento, seguen presentes cando menos ata 1322 e máis tarde, indirectamente. Iso quere dicir que aínda que os Freire amosan un gran protagonismo na bisbarra, sobre todo cos mosteiros de Xubia e Caaveiro, a casa de Andrade segue en mans dos seus tradicionais donos, primeiro Fernán Pérez de Andrade II e posiblemente Pedro Fernández de Andrade II despois. Iso obrigaríanos a reinterpretar o documento de 1382, de concesión da encomenda de Caaveiro a Pedro Fernández de Andrade, III, sobriño e herdeiro de Fernán Pérez, *O Boo*: “..*esta comenda ja dita fuy sempre dos señores de do castel Dandrade onde vos viíndes os quaes de aquí sempre foron comendeyros e herdaron o dito moesteiro de muytas herdanzas e casares...por eso resçebebemos a vos o dito Pedro Fernandez por comendeyro do dito mosteiro e couto e moradores...que voso avo Ruy Freyre e voso visavó Johan Freyre ouueron con ela quando dela foron comendeyros...*”¹⁷¹. Segundo o fragmento citado os señores do castelo de Andrade sempre foron os encomendeiros de Caaveiro, pero debemos entender tamén que, aínda que os Freire, aínda non Andrade, durante a primeira metade do século XIV, fosen realmente encomendeiros

169. R.A.G, Fondo Martínez Salazar, caixa 106/13. Cit. J.F.CORREA ARIAS, *A Casa de Andrade*, pp 89/81.

170. Recuento, pp 117/118.

171. 16 de febreiro de 1382. Ed. C. VAAMONDE LORES, “Ferrol y Puente deume”, 1909. Apéndice nº 5.

de Caaveiro, os titulares da casa de Andrade, do castelo de Andrade, como afirma o documento citado, eran Fernán Pérez de Andrade II e Pedro Fernández de Andrade II. Hai que decatarse que o texto se escribe na época do gran Fernán *O Boo* e o escribán non concibe outros casteleiros de Andrade que os Freire, pai, avó e bisavó de Pedro Fernández III. Tamén podería ser porque eran os tempos do Gran Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*, que o prior de Caaveiro en 1382, Juan Rodríguez, ou o escribán do documento que citamos, escribira sen comprobar se realmente os títulos dos antepasados de Pedro Fernández III eran os que figuraban no documento.

O que si está documentada é a estreita relación entre Juan Freire e Caaveiro, cando menos dende 1316, a xulgar polo documento no que o prior de Caaveiro, Pedro Martín, fai unha importante doazón a Juan Freire, súa dona e seu fillo: “...*nós don Pedro Martín, prior do mosteiro de Sayoane de Caaveyro... damos a vos Johan Freyre e a vosos fillos, Ruy Freire e Sancha Eanes, que orra avedes de dona Maria Suarez, en toda a vosa vida de vos todos tres (...) con todo o aver en voz e dereito que nos o dito mosteiro avemos eno lugar e herdades, casares e casas de Johan Martínez Mancebo e da sua moller Moor Eanes que nos avemos ganado deles (...) asy na Pontedeume commo na Cruña e en Neda (...) E otrossy vos damos (...) depooys da morte de Johan Martin sobredito o agro do Penso e a cortiña Fradega, que son en Cabanas...*”¹⁷². Estes bens foran doados a Caaveiro en 1314 por Xoan Martínez Mancebo e súa dona Maior Eanes¹⁷³, posiblemente parente de Juan Freire, a xulgar polo nome dunha das súas fillas. En todo caso o feito amósanos esta familia como protagonista do renacer urbano xa que se converten en posuidores de bens urbanos en vilas tan importantes como A Coruña, Pontedeume, Cabanas e Neda. E, como pode verse, non figura para nada o antropónimo “de Andrade”.

O certo é que Juan Freire, fose ou non fose encomendeiro de Caaveiro, nunca figura na documentación como Freire de Andrade e, no caso de seu fillo, Rui Freire, só figura desa maneira dende 1349, aínda que como a meirande parte dos documentos foron copiados ou acoutados en tempos posteriores o antropónimo xeneralizouse a tempos anteriores.

Sobre as orixes do apelido Freire

En relación ao que dicíamos nos parágrafos anteriores si sería relevante dilucidar as orixes do apelido Freire no medio da maraña de nomes e *dictus* ou alcumes aos que parece ir asociado. Para J.L. Lamigueiro¹⁷⁴, como xa dixemos, o asunto estaría relacionado dende moi cedo cos Andrade a partir de Pedro Fortúnez, irmán do primeiro miles de Andrade que se alcuma así, Bermudo Fortúnez de Andrade, ambos os dous irmáns militantes na orde de Santiago. Así, para este autor, o citado Pedro Fortunez sería o

172. AHN, carpeta 492/3. Ed. J.I FERNÁNDEZ VIANA E T. GONZÁLEZ, “Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro”, *Cátedra*, Pontedeume, doc 28, pp 365/366.

173. AHN, Clero 492/6. Publicado por J.I FERNÁNDEZ VIANA E T.GONZÁLEZ.- *Ibid* p 364.

174. J.L LAMIGUIERO.- *Relaciones Parentales... op cit*, pp 135 e 136.

primeiro persoaxe ao que se alucaría *Freire* pola súa implicación na devandita orde, tradición que se transmitiría a través da familia dos Sanxurxo de Torres de onde procederían os Freires do século XIII. Non vou discutir aquí a militancia dos dous Andrades citados na Orde de Santiago que está documentada. En canto a que os Freire procedesen dunha rama dos Sanxurxo, é posible, pero irrelevante para o tema porque un alcume, neste caso o de *Freire*, non se ía manter no silencio durante máis dun século para se amosar de novo na segunda parte do século XIII como apelido e/ou alcume dos antepasados do primeiro Freire do século XIV, Juan Freire, xa co alcume convertido en apelido. No mesmo senso, o autor antes aludido atribúe a *reaparición* do alcume *freire* á proximidade dos primeiros portadores deste alcume ao mosteiro de Monfero en forma de relación patrimonial, de militancia dalgúns dos primeiros *freires* no propio mosteiro como *freires*, ou mesmo como cregos das parroquias do seu couto. Efectivamente, ningunha das dúas cousas está en dúbida, o que si dubido é que a profesión dun familiar como *freire*, ou as relacións de dependencia económica con respecto a un mosteiro, lle atribúan o alcume de *freires* ao resto da familia.

Penso que a orixe debe estar na propia militancia do primeiro ou primeiros *freires* nunha orde militar, algo que xa intuíamos en “A Casa de Andrade”¹⁷⁵. No senso anterior creo que o xurdimento do alcume xira arredor de Rui (Páez ou Pérez) *Freire*, pai como se dixo máis arriba de Lorenzo (Rodríguez) *Freire* e avó de Juan Freire, personaxes aos que, aínda con algunhas dúbidas, podemos citar coma os primeiros chanzos das familia dos Freire.

No senso anterior cítase un Fernán Páez, como trece, comendador (1254) e finalmente como mestre da orde de Alcántara¹⁷⁶ do que Gándara di –el chámalle Fernán Pérez obviando o apelido Páez– que é galego, non portugués aínda que estivese anos ao servizo de don Dinís¹⁷⁷. Existe polo tanto posibilidades de que este mestre tivese parentesco cos Páez, concretamente con Juan Páez ou Pérez, o pai de Roi Freire. No mesmo senso parece significativo que, sendo mestre da orde de Santiago, Pedro Muñiz, entre 1278 e 1285, a citada orde reclama unha serie de bens usurpados, entre eles a Teresa Eanes (en Piñeiros), a unha tal Urraca en Camouco¹⁷⁸, esta última muller de Martín Páez, *Freire*¹⁷⁹, irmán este de Lourenzo Freire.

175. J.F. CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...”, pp 83/84.

176. RADES Y ANDRADA, F.” Crónica de las Tres Órdenes y Cavallerías de Santiago, Calatrava y Alcántara . Crónica de Alcántara, Toledo, 1572; Barcelona, 1971. pp 1-56. Teodoro Agustín LÓPEZ LÓPEZ. “Priologios de las Ordenes de Santiago y Alcántara en Extremadura. Cap. XIV, PP 240 e ss.

177. Frei Felipe DE LA GÁNDARA Y ULLOA en “Armas i triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia”. Madrid, 1675, Compostela 1970, pp 271 -278.

178. Existe unha Urraca Bermúdez, filla de Bermudo Pérez de Andrade e sobriña de Fernán Pérez I (os dous da orde de Santiago) que declara ser posuidora dun casal e parte doutro en Caamouco, pertencentes ao Priorado da orde de Santiago de Vilar de Dona (A. MARTÍNEZ SALAZAR, *Documentos gallegos de los siglos XIV y XV*, A Coruña, 1911, p 60. Cít J.F. CORREA ARIAS. *A Casa de Andrade*. 1160 – 1540, p 83.

179. A. ARCAZ POZO.-”Las Ordenes Militares en Galicia e Finales de La Edad Media”. Departamento de Hª Medieval de la Universidad Complutens de Madrid. Tese doutoramento. T.II, p 384.

Porén, dado que coñecemos a estreita relación dos cabaleiros Andrade coa orde de Santiago –o mesmo que da dos Freire– e, en menor medida, coas ordes de Caltrava e Alcántara, poderíamos deducir que o Nuño Freire que aparece o 10 de xuño de 1265 cos seus irmáns vendendo todo o que teñen no couto de Monfero a esta institución monástica¹⁸⁰, tería relación de parentesco co Nuño Freire *de Andrada*¹⁸¹ que, segundo afirma Gándara¹⁸², figura como comendador e Trece da orde de Santiago. O mesmo ocorre con Rui (Pérez) Freire, Comendador e Trece respectivamente da mesma orde militar pola mesma época, do que nos fala Rades y Andrada¹⁸³, este moito máis preciso nas súas afirmacións. Era este Rui Freire do que nos falan Gándara e mais Rades, o Rui que se cita como pai de Lorenzo (Rodríguez) Freire e dos seus irmáns? Habería que documentalo mellor, mais a militancia deste na orde de Santiago, xunto a militancia doutros parentes como vimos nesta e noutras ordes, os converteu en *freires*, coa particularidade que Roi Freire legou o citado alcume aos seus fillos e descendentes. *Este debeu ser ó meu entender a orixe do apelido Freire*, utilizado ata cerca do 1300 como alcume para converterse despois en apelido e, por certo, ilustre.

Durante toda a primeira metade do século XIV estes novos protagonistas do acontecer social das bisbarrias do Eume, Ferrol, A Coruña e Ortegal, só usan o seu apelido, *Freyre, Freire, ou Freile*, como se cita os irmáns Nuño e Ruy Freyre, entre os 13 cabaleiros galegos que foron investidos coa enseña da *Orden de La Banda de Castilla* en 1332¹⁸⁴ os mesmos que vemos citados na Primeira Relación de cabaleiros *da Orde de La Banda de Castilla (Circa 1332)*¹⁸⁵, neste caso, como Nuño *Freile* e Ruy *Freile*, isto é, son Freires pero aínda non son Andrades contra 1332, dous anos despois de que o propio Juan Freire xunto con súa dona Maria Suárez e seu fillo Rui Freire renunciaran para sempre, diante do prior de Xuvia, don Gil, aos dereitos que tiñan sobre as rendas e servicialías en San Mateo¹⁸⁶, onde tampouco se lles alcuma “de Andrade” aínda que, como xa dixemos, na solapa do pergamiño, a modo de anotación, se cite a Juan Freire, *de Andrade*, cousa que, non obstante, o documento non di, xa que utiliza a fórmula Juan Freire soamente. *Esta*

180. A.M.C, *Fondo Martínez Salazar*, índice de documentos do arquivo de Monfero en 1833, nº 59).

181. GÁNDARA escribe en 1675 e non parece usar documentos senón fontes indirectas a vulgar polos seus numerosos erros tanto de cronoloxía como de feitos. Neste caso usa o alcume *de Andrada* pola posterior asociación entre Freires e Andrades.

182. Frei Felipe DE LA GÁNDARA Y ULLOA., *Armas y Triunfos...*, cap. XXV, PP. 269/279.

183. RADES Y ANDRADA, F.” *Cronica de las Tres Órdenes y Cavallerías de Santiago, Calatrava y Alcántara*. Crónica de Alcántara., Toledo, 1572; Barcelona, 1971. pp 9-72. Frei Felipe de la Gándara., *Armas y Triunfos...*, cap. XXV, PP. 269/279.

184. Don Pedro Hernández *armo treçe caalleros, y díoles paños e armas e todas las otras cosas que ovieron menester; e estos fueron: Juan Mariño, e Diego Gomez Daça, e Fernan Gomes Valladares, e Vasco Perez de Caueyros, e Pero Lopes de Monte Negro, e Juan Fernández de Bolaño, e Nuño Freyre e Ruy Freyre, Arias Pardo e Diego Perez de Somoça, e Garçi Fernández Sarmiento e Fernan Yañes de Soto Mayor e Maçias Perez Balboa*” (*Gran Crónica de Alfonso XI*, -*Gran crónica de Alfonso XI*, edición de Diego Catalán en dous tomos, Madrid, 1976. I, Cap. CXXII, p. 512 - 513. Cit. J.F CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...”, p 84).

185. A. CEBAYOS -ESCALERA Y GILA, *La Orden y divisa de la Banda de Castilla*, Madrid, 1993, PP. 82.

186. AHN, Cod 63 B, nº 8. (GHD).A.H.N, códice 1041 B, Xubia, nº 236, (Copia borrosa do Século XV). Edi.S.MONTERO DIAZ, “*Colección diplomática de San Marín de Xubia*,Rexesto, nº 8.

é unha das formas de difusión de erros documentais a partir de comentarios inocentes como este, de cronistas, copistas, ou bibliotecarios pouco doctos no tema.

Antes das datas anteriores, o 24 de agosto de 1316, o prior de Caaveiro, no documento xa citado no que Pedro Martínez outorga a Juan Freire, a súa dona María Suárez e aos seus fillos Rui Freire e *Sancha Eans* unha importante achega patrimonial que semella ter algo que ver cunha sucesión hereditaria con respecto ás doadoras ao mosteiro destes bens, Xoán Martínez Mancebo e súa dona *Moor Eans*¹⁸⁷. En todos os casos, entre 1300 e 1332 o único apelido de avó, pai e fillo é o de Freire. Se observamos os nomes e alcumes do investidos en 1332, **parece relevante que outros cabaleiros galegos, dos investidos ao lado de Rui e Nuño Freire, como Diego Gómez Daça, Fernán Gómez Valladares, Vasco Pérez de Caveyros, Pero López de Montenegro, Juan Fernández Bolaño ou Fernán Yañez de Soutomaior...**, vaian acompañados, como segundo apelido dun alcume, normalmente precedido do “de” (Ver nota 184), pero non os Freire, e son case os únicos, polo que a conclusión vennos dada: cando menos ata 1332 os Freire non son “de Andrade”.

Os Freire de Andrade

O primeiro documento, que nós coñecemos, no que se citan un Freire de Andrade, data de 1349 (era de 1387). Trátase do traslado dun apoderamento outorgado por Rui Freire de Andrade –agora si– e súa terceira muller, dona Maria Bicos, a prol de Gonçalo Meendes para que leve a cabo unha serie de xestións económicas no seu nome relacionadas coa adquisición de bens, xa ben mediante compra, xa ben por intercambio coa a diocese de Mondoñedo coa que parecen estar moi ben relacionados. O documento está asinado polo notario real de Pontedeume o 15 de outubro, e o seu traslado, o 27 do mesmo mes e ano, en Santiago de Nadoy, en Ortigueira: “*Sabeam quantos esta carta viren commo eu Rui Freyre d’Andrade et minna muller Maria Bicos fasemos et estableçemos nosso procurador et pesoeyro çerto sufiçiente a Gonçaluo Meendes (...) que possa por min o ian dito Ruy Freyre dar aa iglesia de Mendonnedo (...) hun casal daqueles que eu ey no couto d’Órtigueyra qual et queser (...) por rasón daqueles herdamentos et chantados et casas et casaes que o bispo de Mendonnedo et o cabidoo an de dar por carta a dita María Bicos...*”¹⁸⁸. Algo que nos chamou a atención deste documento é a categoría social que parece amosar Rui Freire, agora si “de Andrade”, cun patrimonio estendido dende Ortigueira ata A Coruña, moi por enriba do que parecían amosar os Pérez e Fernández de Andrade. Este Rui Freire de Andrade, o que Vasco de Aponte chama *Rui Freire das Mariñas*¹⁸⁹, parece un personaxe poderoso cun trato moi directo co bispo de

187. Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro, opus cit doc 28, p 365.

188. 1349, Outubro, 15, Pontedeume. Traslado 27 de outubro do mesmo ano en Cabanay, freguesia de Santiago de Nandoy, Ortigueira (ACM, *pergamiños*, ed. ACM, *pergamiños*, ed. Enrique CAL PARDO, “Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo”, Consello de Cultura Galega, 1999, número 97, pp. 148-150).

189. “... Y Gil Rodríguez de Lag que fuera a çercar la casa de Ruy Freyre das Mariñas, que tenia fortaleza por casa ...” (Vasco de Aponte.-*Recuento*, pp 117/118).

Mondoñedo. Tamén chama a atención a mención que fai dunha muller coa que o citado Rui estivera casado anteriormente, Moor Fernández: *Et outrosy lle dou poder que por tresentos mor. que Moor Fernandes, minna muller que fuy, ouuera de meter en comprar herdades en Ortigueyra ou no couto de San Martinno de Porto*¹⁹⁰.

Sabemos que Rui Freire casou tres veces: con Inés González de Soutomaior –que, se as crónicas e a documentación non minten, sería a nai de Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*¹⁹¹ e de seus irmáns maiores–, con Maior ou Moor Fernández, e con Maria Bicos da que sabemos que era filla de García Rodríguez de Valcárcel e irmá de dona Constanza que casou con Juan Freire, seu sobriño. Porque este Juan Freire é fillo de Nuño Freire, o cabaleiro da orde de La Banda ao que xa aludimos máis arriba, seu irmán. Entón sabemos que Rui Freire estivo casado tres veces pero, cal foi a orde dos tres matrimonios?

Dona María Bicos sobrevive a Rui Freire, polo tanto foi a derradeira. Moor Fernández realiza doazóns a Fernán Pérez, *O Boo*, e a e Johan Freire de Andrade, os seus supostos fillastros¹⁹², e dicimos fillastros porque, á citada Moor Fernandes, nin a documentación nin fonte algunha lle atribúe ningún dos fillos de Rui Freire; polo tanto esta sería a segunda, quedando Inés González de Soutomaior como a primeira coa que, con certa seguridade, podemos dicir que Rui Freire tivo fillos e fillas, aínda que non todos: Nuno Freire, Johan Freire, Fernán Pérez, Mariña Pelaes, Sancha Nunes e Lopo Nuñes¹⁹³, os dous últimos seguramente doutra muller.

Polo tanto, todo parece indicar que Inés González de Soutomaior é a primeira muller e a nai de case todos os seus fillos e fillas. Moor ou Maior Fernández foi a segunda. Quen era esta muller?

A María Fernández de Cornado, da que fala J.L. Lamigueiro como segunda muller de Rui Freire de Andrade¹⁹⁴, teño serias dúbidas de que sexa a Moor ou Maior Fernández que acabamos de citar máis arriba como muller de Rui Freire. As dúbidas refírense ao nome, María Fernández de Cornado, non Moor ou Maior –aínda que tamén é certo que Moor e Maria se confunden algunhas veces na documentación medieval–, como vimos no fragmento documental da páxina anterior do ano 1349¹⁹⁵, ou como ratifica Maria Bicos, a terceira muller de Rui Freire, en 1362, xa morto este: *"Que eu ey gaanado e comprado de vos o dito Fernán Peres e Johan Freyre, vosso yрмаo e de cada hun de vos*

190. ACM, *pergamiños*, ed. ACM, *pergamiños*, ed. Enrique CAL PARDO, "Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo!", Consello de Cultura Galega, Santiago, 1999, número 97, pp. 148-150.

191. Doazón a Monfero de 1395: "Sabeán todos quantos esta carta vyren que eu Fernand Pérez d'Ándrade, fillo que son de Roy Freyre de Andrade e de Ynés González de Souto Mayor..." (J.F CORREA ARIAS, *A Casa de Andrade*). Apéndice documental N° XIV, pp 607 e 608).

192. "...et a outra metade que era da dita Mayor Fernández mandou ha ela ami (Fernán Pérez) et a Johan Freire meu yрмаo..." (J.F CORREA ARIAS, *"A Casa de Andrade"*. Apéndice documental N° XVI, pp 607 e 612)

193. Cláusulas testamentais de Rui Freire de Andrade en 1362. Cit: J.F CORREA ARIAS, *"A Casa de Andrade"*. Apéndice documental N° IX, pp 591 e 592.

194. X.L. LAMIGUEIRO. "Relaciones parientales de los Andrade(I). Los Montenegro"; *Cátedra*, n° 23, pp123 e ss.

195. 15 de outubro de 1337; Traslado en Ortigueira o 27 de outubro de 1349, Pontedeume. Ed. Enrique CAL PARDO.- Colección Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Documento, n° 97, Santiago, 1999 p 149/150.

(...) os sete casares coas suas herdades e chantados que son en terra d'Ortigueyra, que o dito vosso padre con sua moller Moor Fernandez de Cor...on comprou (...) et os quaes dito casares, a dita Moor Fernández a vos o dito Fernán Péres e a Johan Freyre voso yрмаo (...) mandara por súa manda...¹⁹⁶.

Vistos os ditintos documentos, ou ben está errada a data e o nome, ou ben non parecen ser a mesma persoa co engadido de que no documento, supostamente de 1312 (ou 1318 segundo a nota da marxe), non se alude para nada a que estivese casada con Rui Freire, algo moi habitual, como vimos nos dous fragmentos arriba citados; só di **que era o seu albacea** testamentario. Tamén nos parece discutible a proposta de Lamigueiro de que a meirande parte dos fillos de Rui Freire –Nuño Freire o Mestre de Christus, Fernán Pérez, João Freire e Mariña Pelaez– deberían nacer antes de 1318¹⁹⁷, ou 1312 se lle facemos caso á datación orixinal¹⁹⁸ do documento, non á nota rectificadora. Sabemos que o cumpridor do testamento de Rui Freire foi Johan e, segundo a orde con que son citados no devandito testamento, todo parece indicar que Nuño, se non era o maior –posiblemente por residir en Portugal non foi o cumpridor do testamento do pai– era máis vello que Fernán que, de nacer antes de 1318, tería cando menos 80 anos en 1397, o ano do seu pasamento, unha idade algo esaxerada para un guerreiro, e para aquela época e, aínda que non imposible, sería pouco probable. As miñas discrepancias non son sobre o feito de que os citados irmáns puidesen nacer antes de 1318, cousa non imposible como xa se dixo, senón en que, se aceptamos o documento que enarbola o citado autor, ao non ser Moor Fernández nai de ningún dos fillos de Rui Freire, estes terían que nacer antes dese segundo matrimonio, polo menos os fillos de Inés González de Soutomaior, co que habería que alargar cara a atrás as datas dos nacementos, e non sabemos canto porque non está datado ese segundo matrimonio; pero, en todo caso, métenos nunha dinámica moi difícil de encaixar na cronoloxía dos personaxes en cuestión.

Ao meu entender, o documento ao que se refire José Luis Lamigueiro –xa o dixemos noutra ocasión– ou é falso ou esta moi alterado con respecto ao orixinal, cousa habitual entre os documentos monacais. De feito, ademais das discordancias xa sinaladas, debemos engadir que nel se cita a Rui Freire como “Rui Freire de Andrade”, cousa que, como vimos máis arriba, estaría absolutamente descartada nesas datas, descarte documentado en 1316, 1330 e 1332, como xa vimos. O copista do documento (ou o seu creador *ex nihilo*) deu por sentado que era un Andrade como os seus descendentes.

Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*, terceiro fillo de Rui, documéntase en 1350, cando paga un alugueiro ao cóengo de Santiago, Johan Afonso¹⁹⁹. Seis anos máis tarde

196. 5 de agosto de 1362.AHN. Clero. Carpeta 492/7.Ed.J.F.CORREA ARIAS .- “Fernán Pérez de Andrade *O Boo*”, 2003 pp 29/30.

197. X.L. LAMIGUEIRO.-“Relaciones parientales de los Andrade(I). Los Montenegro”; *Cátedra* , nº 23, pp123 e ss.

198. Dicimos orixinal porque era a que figuraba no documento coa rectificación da marxe que a situaba en 1318. Subliñamos que alguén xa observou irregularidades no documento en época histórica.

199. RAG, Fondo Xeral, D.H, caixa 106/19 Cit. J.F CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...”, Apéndice nº VIII, pp 590/591

recibe o privilexio de Monforte por participar na campaña do Príncipe Bastardo, don Henrique, contra seu irmán Pedro I, o que o confirma como guerreiro e adulto, pero ata entón sen historia documentada. Por outra parte, Rui Freire xa aparece con seu pai, Juan Freire, en 1316. Aínda que non sexa imposible parécenos máis que dubidoso que por esas datas tivese xa polo menos tres fillos e unha filla, que como dixeran, se se lle fixera caso ao documento citado, os nacementos serían incluso anteriores, no caso de Fernán Pérez, algo inverosímil porque estaríamos falando de que debería ter arredor de 90 anos á súa morte cando aínda viaxaba segundo algún documento que asina o mesmo ano do seu pasamento en San Vicente de Camouco, Ares. A solución que me parece máis lóxica sería considerar que a tal María Fernández non era muller de Rui Freire –acaso súa cuñada–, e que Rui Freire sería só o seu albacea, aínda que lembremos que a autenticidade do documento está seriamente comprometida, se non en todo, cando menos en parte.

Cos datos que temos, María Fernández de Cornado non amosa ser a Moor (Maior) Fernández de Cornado e, ademais pensar nun segundo matrimonio de Rui Freire, sexa 1312 ou 1318, sería moi problemático dende a perspectiva de encaixar os currículos cronolóxicos dos personaxes, incluso sospeitando a curta duración do citado matrimonio²⁰⁰, así que deberíamos pensar que ese segundo matrimonio con Mor Fernández, que si está documentado, debe ser posterior, uns anos despois do nacemento de Fernán Pérez de Andrade *O Boo*, matino que nos primeiros anos de 1320 acadando unha idade de entre 74 e 77, ao seu pasamento. Antes desa data debería nacer Johan Freire e Nuño Freire, os seus irmáns maiores e súa irmá Mariña Pelaes. En canto a Lopo Núñez de Montenegro –casado con Maior de Aguiar– e Sancha Núñez, neste caso coincido con Lamigueiro no senso de atribuírlle o seu apelido a unha relación de Rui Freire, matrimonial ou de amancebamento, cunha muller da liñaxe dos Montenegro, dona Elvira Arias ou outra²⁰¹.

Por outra parte, e dado que Rui Freire non utiliza o antroponímico “de Andrade” ata 1349²⁰², deberíamos dar unha explicación á desaparición definitiva dos Fernández e Pérez de Andrade e, o que é máis significativo, a súa continuidade, cando menos onomástica, cos Freires de Andrade, aínda que a imposición do Nome de Fernán Pérez a un dos fillos de Rui Freire nos fale da devandita continuidade onomástica xa se dá dende os anos 20 do século XIV, incorporando como propios nomes e apelidos dos que ata entón eran os *milites* de Andrade.

Ademais, o parentesco non debería proceder do século XIII nin da mestizaxe entre Sanxurxos e Andrades dado que o afastamento temporal desdebuxa os vencellos de

200. Debemos pensar que por curto que fose, entre o pasamento de dona Inés González e o novo matrimonio debeu pasar algún tempo e mesmo o matrimnio debeu durar un tempo prudencial no que, dona Moor e don Ro mercaron propiedades e fixeron mandas aos seus fillos, Fernán e Johan.

201. X.L. LAMIGUEIRO. “Relaciones parentales de los Andrade(I). Los Montenegro”; *Cátedra*, nº 23, pp123 e ss.

202. No documento publicado por Lamigueiro, xa citado en máis dunha ocasión, a Rui Freire alcúmaselle “de Andrade”, pero xa isistimos en que o documento debeu ser manipulado porque nin a el nin a seu pai se lles alcuma así na doazón de Caaveiro de 1316, nin en 1330, nin nas súas relación coa Orde de La Banda, xa citadas tamén arriba. É unha mostra clara de que o documento non é fiable.

sangue e os dereitos de herdanza. Tampouco a finais do século XIII nin na primeira parte do século XIV parecen detectarse relacións de parentesco entre Freires e Andrades. Porén, a incorporación do alcume “de Andrade” á liñaxe dos Freire ten que ter unha orixe máis próxima, como un matrimonio, que non nos consta, ou unha doazón real.

O primeiro motivo polo que o renome “de Andrade” se incorpora á liñaxes dos Freire sería un matrimonio que, nin en Juan Freire nin no seu fillo Rui puidemos constatar. Habería unha estreitísima fenda á hora de atopar unha posible solución a este tema, que podería ser que a segunda muller de Rui Freire de Andrade fose a Moor Fernández, filla do mesmo nome de Fernán Pérez de Andrade II e polo tanto Rui Freire pasaría a ser “cuñado” de Pedro Fernández II e herdeiro seu á súa morte. Xa sei que a muller de Rui Freire nalgúns documentos se cita co apelido Fernández de Cornado. No documento de 1318 cítase con ese apelido pero descartámolo por considerar **sospeitoso** que fose a muller de Rui Freire. No documento de 1349 de concesión de poderes por parte de María Bicos e Rui Freire, dise que *Moor Fernández minna muller que fuy...*²⁰³ sen outra especificación relativa ao segundo apelido. Hai un terceiro documento no que aparecen citadas as tres mulleres de Rui Freire, María Bicos, Inés González de Soutomaior, e Moor Fernández de *Cor...on*, co segundo apelido incompleto por mor do deterioro do documento. Trátase dun documento de doazón da propia María Bicos a Fernán Pérez III de Andrade, *O Boo*, do 5 de agosto de 1362, precisamente dos casares de Ortigueira mercados a un tal Rodrigo Eans d’Esteyro por Rui Freire e a citada Moor Fernández, doados posteriormente pola propia Moor Fernández a Fernán Pérez e a seu Irmán Juan Freire, mercados posteriormente por María Bicos aos dous irmáns, e máis tarde doados a Fernán Pérez III, *O Boo* por esta. En canto a Ynés Gonçalves aparece citada como nai de Fernán Pérez o receptor da doazón²⁰⁴. No documento de dona María Bicos o segundo apelido non aparece completo. Nun primeira incursión no mundo dos Andrade apelidabamos a dona Moor Fernandez como de Cornado²⁰⁵ e a historiografía así o recolle. Pola súa banda, J.L. Lamigueiro, no documento antes aludido, ao que nos referimos como dubidoso, segue a tradición de apelidala María Fernandez de Cornado. Podería ser unha irmá? No entanto o feito de que rexeitemos este documento como fiable non nos impide aceptar que o apelido fose Cornado, que aparece, aínda que incompleto, noutro documento, o que descartaría a súa identidade coa filla homónima de Fernán Pérez de Andrade II que por outra parte a documentación a sitúa no convento de Santa Clara.

En todo caso estaría a cuestión de por que Rui Freire lle pon a dous dos seus fillos Fernán e Lopo –dous nomes dos Andrade– moito antes de que a documentación o presente como Freire de Andrade, cousa que non acontece co seu pai nin cos antepasados deste. Ao

203. .15 de outubro de 1349, en Pontedeume: traslado en Ortigueira o 27 de outubro de 1349. Ed. Enrique CAL PARDO.- *Colección Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Documento, nº 97, Santiago, 1999 pp 149/150.

204. AHN, Clero, Caaveiro, c 492-7 Ed.J.I FERNÁNDEZ VIANA *et alter*:- “Pergaminos sueltos del monasterio de Caaveiro” *Cátedra*, doc.33 p 371. Cit. J.F.CORREA ARIAS - “Fernán Pérez de Andrade *O Boo*”, pp 29/30.

205. J.F.CORREA ARIAS, *Fernán Pérez de Andrade, O Boo...*2003, pp 29 e 30.

meu entender, a clave debe de estar no documento de 1316, no que Juan Freire, María Suárez a sua dona, e seu fillo Rui parecen herdar un gran patrimonio cedido a Caaveiro dous anos antes por Xoán Martínez Macebo e súa dona Maior Eanes, curiosamente esta co mesmo apelido que unha filla de Rui Freire, Sancha Eans²⁰⁶, o que xunto á proximidade a Caaveiro suporía un parentesco entre Andrade e Freires dado que dende Fernán Pérez de Andrade I o apelido Eans aparece varias veces entre mulleres Andrade.

Outro motivo polo que sería posible explicar por que os Freire incorporan o renome “de Andrade” podería ser unha concesión real. Estamos no reinado de Afonso XI –1311 e 1350–, se ben ata 1325 gobernan rexentes. Pero dende que empuña o bastón de mando este rei, contemporáneo de Eduardo III de Inglaterra, amósase como un rei entregado ás teorías e prácticas cabaleirescas. Neste senso Afonso XI crea a Orde de “La Banda Real de Castilla” sendo investidos en 1332 unha serie de cabaleiros entre os que están varios cabaleiros galegos e, entre eles, Nuño Freire²⁰⁷ e Rui Freire²⁰⁸, que figuran nunha relación da citada orde dese mesmo ano²⁰⁹. Os rituais e convencións cabaleirescas eran comúns a toda a nobreza, dende a de maior rango á nobreza dependente, pero tiñan un significado especial para a nobreza fidalga que é onde encaixan os dous irmáns Freire. Neste caso estes cabaleiros de mediana fortuna, utilizando a súa categoría de cabaleiros, adoitan *rolar polo mundo* na procura de oportunidades para mellorar a súa fortuna utilizando a habilidade e a forza militar ao servizo dun señor poderoso, ou do propio Rei, para conseguir mellorar o seu *status* acadando doazóns patrimoniais de recompensa e, se é posible, un matrimonio de vantaxe.

Non sabemos se isto foi o que pasou coa transferencia da herdanza dos Andrade aos Freire, pero si sabemos que este foi o que aconteceu con Nuño Freire, como seu irmán Rui, cabaleiro da orde de *La Banda de Castilla* creada por Afonso XI, un monarca tan afeccionado aos rituais cabaleirescos que ata mandou construír unha estatua articulada do apóstolo Santiago para que o investise a el, o Rei, cos atributos da citada orde xa que o ritual non podía ser oficiado por alguén de rango inferior ao propio Rei.

Pois ben, Nuño Freire, como seu irmán Rui, como cabaleiros da Orde de *La Banda* participan das guerras de Afonso XI contra os musulmáns, como na batalla do Salado en outubro de 1340 na que sabemos que participa por un preito iniciado en 1376 por García Rodríguez de Valcárcel, seu neto: “...*los hombres moradores en los dichos cotos* (Balón, Brión e Mougá) *eran exentos e privilegiados del rey don Alfonso (XI) a quien Dios perdone e, después, del rey don Enrique, su fijo, que los privilegiaron a los abuelos del dicho García Rodríguez, e después del dicho García Rodríguez, singularmente, e a Nuño Freire, caballero con su muger, doña Ynés Rodríguez, por su servicio que el dicho Nuño*

206. Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro, opus cit doc 28, p 365.

207. C. PEREIRA MARTÍNEZ.- “A Orde Militar de Alcántara, na Galiza medieval”, A B., nº 24, 2001, p 163.

208. *Gran crónica de Alfonso XI*, edición de Diego Catalán en dos tomos, Madrid, 1976. I, Cap. CXXII, p. 512 - 513. Cit. J.F. CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...”, p 84.

209. A. CEBAYOS -ESCALERA Y GILA, *La Orden y divisa de la Banda de Castilla*, Madrid, 1993, PP. 82.

Freire hubo fecho al Rey don Alfoso de ciertos hombres de armas de que se acercó con el en la batalla del Sebado(Salado)...²¹⁰.

Non podemos afirmar que, entre os *ciertos hombres* que acompañan a Nuño Freire estivese seu irmán Rui, pero si que nesa campaña se cumpren as comenencias dos cabaleiros, xa que o citado cabaleiro recibe como dona unha muller de certa alcurnia e a dote para manter o seu novo estatus: “...obimos querella de García Rodríguez de Valcar-cer, nuestro vasallo, alegando de cómo tenía dos cotos que se lleman de Belón e Brión, cabo del Puente de Juvia e de la villa del Ferrol que heran suyos, los cuales dijo que heran esentos e previlexiados del rey Don Alfonso, nuestro padre, e señor a quien Dios perdone e que los quitara a doña Ynés Rodríguez Tabora, su abuela con otras mercedes que le feciera en casamiento con Nuño Freire, caballero, su abuelo, a ruego de doña Leonor, nuestra madre, cuya parienta era la dicha doña Ynés Rodríguez, los cuales nos avíamos dados e otorgados después al dicho García Rodríguez con otras mercedes...”²¹¹. Temos entón que con Nuño Freire cúmprense as convencións cabaleirescas obtendo como recompensa da súa achega militar, muller, nada menos que parente de dona Leonor de Guzmán, amante do Rei e nai de 10 dos seus fillos, e medios para soste o novo *status*.

O documento non cita a Rui Freire, xa morto nesas datas, pero se estaban na corte da man de don Pedro Fernandez de Castro en 1332, como seu irmán –a guerra cos musulmáns de Granada empezara contra 1330– cando os dous foron investidos coa Banda de Castela, o máis probable é que Rui Freire participase, como outros cabaleiros galegos, na batalla do Salado ao lado de don Pedro de Castro, o da Guerra, o seu mentor e ordenante coas insignias da orde de *La Banda* en 1332. Tamén debeu participar coa hoste de don Pedro nas batallas que sucederon á do Salado, como a da toma de Alxeciras e outras que a seguiran; aínda que, en 1349, como vimos, asina en Pontedeume unha delegación de poderes coa súa terceira dona María Bicos. Seguramente voltou a Artabria despois da morte do seu mentor, don Pedro Fernández de Castro, en 1343.

E, se supoñemos que, en recompensa polos servizos prestados como cabaleiro da orde de *La Banda*, alegando os seus dereitos parentais cos Andrade, non lle ía outorgar o couto e señorío de Andrade? Sobre todo supoñendo que Fernán Pérez de Andrade II e Pedro Fernández de Andrade, documentado dende 1293 ata 1322, morreran sen descendencia masculina coñecida. Xa sei que polo momento é unha simple hipótese á hora de solventar a incógnita máis escura da xenealoxía dos Andrade, como a familia Freire a partir de mediados do século XIV nalgúns aspectos dende xa antes asume toda a simbo-

210. -13 de agosto de 1376/setembro, 5, Santiago e 3 de marzo de 1378. Expediente, de reclamación, preito e sentenza ditada polo xuíz Martín Eanes sobre a reclamación presentada contra Fernán Pérez de Andrade e os seus homes e a favor de García Rodríguez de Valcárcel e os fidalgos dos coutos de Brión, Balón e Mougá, que os quería obrigar a pagar tributos dos que estaban exentos. O expediente contén varios documentos. (A.M.F, Pergamiños enmarcados e expostos(dous) na biblioteca do concello de Ferrol...A.M.F, Caixa, nº 756, carpeta nº 8, expediente nº 13 de limpeza de sangue, Ed.J.F.CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...” Anexo, doc XIII, pp 597-606).

211. Así figura na carta de Henrique II inserida no preito de 1376 xa citado(A.M.F, Pergamiños enmarcados e expostos (dous) na Biblioteca do Concello de Ferrol. A.M.F, Caixa, nº 756, carpeta nº 8, expediente nº 13 de limpeza de sangue, Ed.J.F.CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...” Anexo, doc XIII, pp 597-606).

loxía dos Andrade e convértese no novo alcume familiar como Freire de Andrade. A evidente e progresiva decadencia dos Fernández de Andrade despois da desaparición dos señores de Traba, o progresivo afastamento de Caaveiro e de Monfero e a súa desaparición documental dende 1322 fixo posible o seu relevo por parte dos Freire que xa dende datas próximas a 1320 usan os seus patronímicos para bautizar os seus vástagos e, posteriormente, incorporan tamén o seu alcume e o señorío sobre as terras que lles eran propias.

E, por qué hai documentos anteriores nos que se lles alcuman Freire de Andrade antes de mediados do século XIV? Porque a maioría dos documentos que coñecemos son copiados, algúns varias veces, e ás veces de memoria, en datas posteriores aos orixinais, atribuíndo os atributos dos contemporáneos do copista aos antepasados dos Andrade, fosen ou non certos, o mesmo que a personaxes que non o son; Nuño Freire, o irmán de Rui, e seu fillo Juan Freire, son *freires* pero non *andrades*, pero en moitos lugares documentais ou de crónicas si levan o antropónimo por extensión do dos seus parentes. Mesmo a historiografía repite os mesmos vicios con moita frecuencia, tamén pola proliferación doutros andrades de pólas colaterais ou bastardas.

Seguramente non sexa a forma máis acertada de rematar o capítulo dos devanceiros de Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*. Pero debemos ser honestos e traballar cos datos de que dispoñemos aventurando posibles hipóteses para aqueles problemas para os que non atopamos resposta. Estou seguro que o achado de novos documentos nos permitirá clarificar os puntos escuros de xenealoxía dos Andrade anteriores a Fernán Pérez III como a adopción por parte dos Freire dos atributos onomásticos dos Andrade a partir dunha data determinada. Aínda que as modernas transcricións parezan dicir o contrario, o que é evidente é que o alcume “de Andrade” convertido en antropónimo da familia lévano os descendentes de Rui, non os de seu irmán Nuño²¹² nin os de súa irmá Sancha, o que nos amosa que foi Rui o primeiro Freire en asumir o renome “de Andrade”. Co seu pasamento, contra 1362, os Freire de Andrade quedan normalizados como o novo selo de identificación da casa de Andrade.

A partir de Fernán Pérez de Andrade, III (1371-1397), *O Boo*, terceiro fillo de Rui Freire, agás nalgúns casos de bastardías pouco coñecidas, a xenealoxía dos Andrade, agora Freire de Andrade, está plenamente establecida e ten poucas lagoas polo que non imos estendernos máis ala de onde o deixamos, en 1362 cando morre Rui Freire de Andrade, 9 anos antes de que seu fillo, Fernán Pérez –como recompensa pola súa achega militar– fose galardoado co señorío das vilas de Ferrol e Pontedeume, dous anos antes de que tamén lle recoñecesen o señorío sobre Vilalba.

A modo de resumo, a Fernán Pérez sucederao seu sobriño Pedro Fernández de Andrade III (1397-1404), a este o seu fillo Nuño Freire de Andrade (1304-1331) *O Mao*, ao que herda seu fillo Pedro Fernandez de Andrade IV (1431-1435). Ao anterior segue a súa **filla** Maria Pérez (1435-1440), á quen segue seu tío, Fernán Perez de Andrade IV, *O*

Mozo(1440-1470), e a este seu fillo Diego Fernández de Andrade (1470-1490), para rematar con don Fernando de Andrade, conde de Vilalba(1490-1540). Despois de don Fernando o patrimonio e títulos dos Andrade fúndese co dos Castro de Lemos²¹³.

Polo medio quedan dúas de bastardos que, nalgúns casos, chegaron a constituir liñaxes independentes como don Fernando de Andrade (bastardo do Mozo) que casa –Aponte di que a relación é de amancebamento con Sabela de Castro e Lanzós–, en segundas nupcias, dando lugar á casa de Lanzós de Betanzos, ou outro Fernando de Andrade, de San Sadurniño, de filiación indeterminada. Este Fernando de Andrade casa con Inés de Castro, outra filla de Alonso de Lanzós, e dará lugar ao vínculo de San Sadurniño. Hai outros moitos bastardos que deron lugar a casas de menor relevancia e que pouca pegada deixan na documentación, como o fillo homónimo –tivo varios fillos naturais– de Fernando de Andrade que, por un curto espazo de tempo, chegou a exercer de prior de Caaveiro aínda que non logrou consolidar o cargo. O mesmo que as familias procedentes de irmáns e irmás dos señores de Pontedeume que espallaron o apelido de Andrade ou os fusionaron cos doutras casas da fidalguía. Pero este capítulo xa é dabondo longo e non cómpre cansar con este tema.

213. J.F.CORREA ARIAS, “A Casa de Andrade...” pp 228 e ss.

O CÁRCERE DE PONTEDEUME: FINANCIAMENTO E BENEFICENCIA¹

Juan Carlos Vázquez Arias



Dende a súa creación en 1834 e ata os anos 60 do século XX, Pontedeume foi a capital do partido xudicial que incluía os concellos circundantes de Cabanas, Mugarbos, Ares, A Capela, Monfero, Vilarmajor, Fene e Castro (Miño). Como tal, albergaba un xulgado e un cárcere na vila, sendo este primeramente o Torreón, que formaba parte do pazo dos Andrade e, dende 1856, un edificio novo, de titularidade pública, no porto eumés. Os gastos provocados polo mantemento desta prisión financiábanse conforme a un reparto (*Repartimiento de la Caja de fondos carcelarios*) da chamada Xunta de Cárcere do Par-

1. Para coñecer outros aspectos máis relacionados cos presos, como os delitos, condenas, vida carceraria, etc., ver, do mesmo autor, *Os presos do cárcere de Pontedeume*, neste mesmo nº de “Cátedra”.

tido Xudicial entre os mencionados concellos que formaban parte do mesmo. Nun principio, a cota que cada concello debía pagar era proporcional ao seu número de habitantes².

● Este cadro expresa os gastos do cárcere repartidos entre os nove concellos do partido, tomando por base a poboación (*nº de almas*) de cada un, correspondentes ao ano **1851**:

CONCELLO	Nº DE ALMAS	GASTOS PERSOAL	GASTOS MATERIAL	MANUTENCIÓN PRESOS POBRES	COTA ANUAL
Ares	3.683	1.158,62	283,80	758,97	2.201,39
Cabanas	2.616	882,95	201,57	539,09	1.563,61
A Capela	3.464	1.089,72	266,91	713,84	2.070,47
Castro (Miño)	3.943	1.240,41	303,82	812,55	2.356,78
Fene	3.634	1.143,21	280,02	148,87	2.172,10
Monfero	4.431	1.393,93	341,03	913,10	2.648,46
Mugardos	3.863	1.215,25	297,67	796,06	2.308,98
Pontedeume	4.932	1.551,54	380,03	1.016,35	2.947,92
Vilarmaior	2.398	754,37	184,75	494,17	1.432,29
TOTAL	2.398	754,37	184,75	494,17	1.432,29

Puentedeume, a 20 de julio de 1862. Firmado: Joaquín M^a Maldonado, Alcalde personero. Jesús Pastor, secretario. José Lahoga, Alcaide carcelero³

● A partir das novas ordenanzas (Orde de 12-11-1874 e RD de 13-4-1875), o *Repartimiento* entre os concellos do partido farase conforme a contribución de cada un, como vemos no seguinte cadro dos orzamentos para **1904**:

CONCELLO	CONTRIBUCIÓN AO ESTADO		TOTAL BASE DO REPARTO	COTA ANUAL
	Territorial	Industrial		
Ares	17.285	4.216	21.501	654,60
Cabanas	16.214	972	17.206	523,80
A Capela	20.036	271	20.307	618,24
Castro (Miño)	27.700	1.014	28.714	874,16
Fene	16.005	2.901	18.901	575,70

→

2. Os correspondentes ao ano de 1853, segundo o *Repartimiento* publicado no B.O.P. de 14-2-1853, eran:

Concellos Partido Xudicial	Nº de almas de cada Concello
Ares	4.247
Cabanas	2.693
A Capela	2.432
Castro (Miño)	2.481
Fene	3.370
Monfero	3.667
Mugardos	3.761
Pontedeume	4.289
Vilarmaior	1.676

3. CAIXA 50: *Libros copiadore de correspondencia do cárcere (1887-1905).*

CONCELLO	CONTRIBUCIÓN AO ESTADO		TOTAL BASE DO REPARTO	COTA ANUAL
	Territorial	Industrial		
Monfero	25.401	544	25.945	789,84
Mugardos	14.940	4.802	19.742	601,16
Pontedeume	28.094	8.853	36.947	1.124,71
Vilarmaior	16.778	221	16.995	517,60
TOTAL	16.005	182.473	206.267	6.279,81

● Por último, a evolución dos gastos do cárcere entre o primeiro e o último orzamento dispoñible:

REPARTIMENTO DE GASTOS DO CÁRCERE POR CONCELLOS DO PARTIDO XUDICIAL ⁴				
CONCELLO	1844	1863	1904	1915 ⁵
Ares	818	2.201,39	654,60	777,34
Cabanas	837	1.563,61	523,80	628,66
A Capela	1.094	2.070,47	618,24	707,85
Castro (Miño)	140	2.356,78	874,16	1.007,80
Fene	881	2.172,10	575,70	768,35
Monfero	1.183	2.648,46	789,84	913,15
Mugardos	808	2.308,98	601,16	763
Pontedeume	1.533	2.947,92	1.124,71	1.411,97
Vilarmaior	923	1.432,29	517,60	607,43
TOTAL	9.515	19.703	6.279,81	7.585,90

Non obstante, en moitas ocasións, estes concellos non eran precisamente puntuais no pagamento das súas correspondentes cotas, o que obrigaba a vila eumesa a demandar reiteradamente a achega do que debían os concellos morosos.

Incluso o reunirse todos os alcaldes para consensuar as contas destes orzamentos anuais do cárcere do partido era una tarefa ardua para o rexedor de Pontedeume. Así, entre os anos 1883 e 1886 hai varias comunicacións do alcalde aos seus colegas para que acudan á casa do concello da vila para este fin, e requirimentos posteriores aos que non asistiron á reunión. E premas de cobro do estipulado a cada concello e que non fora pagado en data.

Por exemplo, o 19 de xaneiro de 1892 consta unha convocatoria do alcalde eumés aos do partido xudicial (P. X.) para que se reúnan para aprobar as contas da *Junta de Cárcel* dos exercicios de 1889 e 1890-91. O 1 de febreiro repítese a mesma, pois na anterior non se reuniron suficientes representantes dos concellos.

4. Os dous primeiros expresados en reais e marabedís. Os dous últimos, en pesetas e céntimos. Caixa 55.

5. *Repartimiento de la cantidad de 7.585,90 ptas. necesaria para cubrir el precedente presupuesto de gastos entre todos los pueblos del Partido, tomando por base lo que pagan al Estado en el presente año por las contribuciones directas territorial e industrial, según la R.O. de 12-11-1874 y R.D. de 11-3-1886.*

Así, o 11-6 de 1891, o alcalde de Pontedeume poñíase en contacto con todos os seus homólogos dos concellos do P. X.: *“Dentro del improrrogable plazo de cinco días, ordene V. que ese Ayuntamiento ingrese en la Caja de este Municipio (Pontedeume) las cantidades que se halla adeudando por el concepto de Gastos carcelarios, pues en otro caso, y bien a mi pesar, me veré en la sensible necesidad de nombrar comisionado contra esa Corporación para que las realice por medio del procedimiento efectivo de apremio”*. Debeu de ser en van, pois este aviso se repetirá o 22 do 10.

Estes retrasos nos pagamentos provocaban incluso que o persoal do cárcere non puidese cobrar os seus salarios, polo que o rexedor da vila dos Andrade en 1895 en carta do 5 de xullo o denuncia ao gobernador civil da provincia: *“Los ayuntamientos de este P. J. al margen expresados se hallan adeudando a los fondos carcelarios las sumas que a a cada uno se designan. Esta Alcaldía en diferentes ocasiones ha excitado el celo de los respectivos alcaldes con el objeto de que paguen, y sólo ha conseguido que los de Fene y Villarmayor ingresen pequeñas sumas. Los empleados de dicho establecimiento (la cárcel) se hallan sin percibir sus haberes desde hace 7 meses y, como por falta de fondos no puede ordenarse el pago de aquellas y otras atenciones, acudo a la superior Autoridad de V. I. rogándole con todo encarecimiento se digne acordar lo concerniente para que en el menor plazo se ingresen las sumas adeudadas”*.

OS ORZAMENTOS DE FONDOS CARCERARIOS⁶

Como vimos ao principio, os concellos do partido xudicial elaboraban cada ano (non sen dificultade) uns orzamentos para facer fronte aos gastos ocasionados pola poboación reclusa no cárcere de Pontedeume.

- Velaquí os correspondentes aos anos **de 1844 a 1847** agrupados nun cadro:

ORZAMENTOS CARCERARIOS (en reais)	1844	1845	1846	1847
CARGO (INGRESOS)				
Resultas da conta anterior	10.739	703	S.D. ⁷	S.D.
Produtos correntes	13.683	11.310	S.D.	S.D.
Total Ingresos	24.422	12.013	9.574,3	9.540
DATA (GASTOS)				
Socorro de presos ⁸	9.665	S.D.	584,80	2.134
Soldo do alcaide carcerario D. Antonio de la Fuente	1.375	S.D.	610	1.215

→

6. Caixa 55. Xunta do Partido Xudicial (1863-1924).

7. Sin Datos: Así consta no orixinal.

8. En 1844 orzamentárase unha cantidade superior, pois se supoñían *“existentes diariamente en dicha cárcel 30 presos pobres, a razón de un real diario, según lo acordado, en los 365 días del año, suman 10.960 rs”*. Ver máis adiante o apartado Socorros a presos pobres.

ORZAMENTOS CARCERARIOS (en reais)	1844	1845	1846	1847
DATA (GASTOS)				
Alugueiro da casa cárcere pagado ao administrador do Excmo. Conde de Lemos polo alugueiro do castelo da súa propiedade que serve de cárcere ⁹	800	S.D.	266,2	933
Composición de prisións pagado ao carpinteiro José Patiño e ao ferreiro Bartolomé Rodríguez.	80	-	-	-
A Manuel do Rigueiro, carpinteiro de Noguerosa, polo cepo do cárcere	-	-	-	20
Condución de contas satisfeitas a Pascual López desta vila por conducir á Coruña a conta deste ano	20	S.D.	S.D.	S.D.
Bagaxes xudiciais que necesitan para os facultativos cando saian a facer algún recoñecemento ou disección anatómica por mandato da Autoridade Xudicial, segundo o imposto pola Excma. Deputación Provincial en 29-7-1840.	938	S.D.	942	S.D.
Saídas extraordinarias: sobrantes de 1841 que a Excma. Deputación provincial permitiu se investisen na composición da ponte desta vila como o dispuxo o Concello ¹⁰	11.715	-	-	S.D.
(Interese do) 15 ao millar do Depositario de fondos públicos ¹¹	202	S.D.	142,23	S.D.
Dotación do alumno da Escola Normal ¹²	-	1.825	912,17	-
TOTAL GASTOS	24.795	8.964	3.458,2	6.557
Alcance en contra / a favor dos fondos	-373	3.249	6.116,1	2.982

Firmado: Gregorio Rodríguez, Secretario e Ignacio Barros, alcalde

“Se manda para la aprobación de la Diputación provincial y se dispone su Repartimiento entre todos los ayuntamientos del partido judicial, el cual lo formó el ayuntamiento de Pontedeume en sesión pública y a puerta abierta, siendo celebrado en la casa consistorial de la villa a 19-11-1843, formándolo 9 ediles, incluido el de Pontedeume, José Sedes”. Tamén hai un dictame aprobatorio do síndico xeral da vila, Mariano Muñecas, de 22-11-1843.

9. Refírese ao mencionado Torreón, único resto en pé actualmente do derruido pazo dos Andrade.

10. As continuas riadas do Eume (antes da construción da presa en 1960) provocaron frecuentes danos na ponte medieval, que esixían a súa reparación. As últimas foron en 1843, sendo asumidas pola Deputación provincial que, como vemos aquí, permite que unha partida orzamentaria sobrante do cárcere pase a destinarse a un fin ben distinto. En 1870 será substituída pola ponte actual. CORREA ARIAS, *A ponte do Ume II*, “Revista Cátedra”, nº 7 (2000).

11. “D. Miguel Francisco Vázquez, de la cantidad recaudada y que le debe ser abonada según instrucciones”. O depositario adiantaba o diñeiro ao Concello, polo que cobraba esa comisión.

12. Hai unha carta do gobernador provincial de abril de 1845, para que polos socorros a presos pobres se aboan 1.825 rs. como pensión ao alumno que o partido debe soste na Escola Normal (Maxisterio).

● Outros orzamentos de gastos carcerarios do Partido Xudicial de Pontedeume son os do ano económico de **1863/64**:

RELACIÓN DE GASTOS	PESETAS
Por dotación anual do alcaide carcerario	3.000
Por haber da mandadeira (recadeira e limpadora) e vasoiras a razón de 1 real diario e 6 mensuais	440
Por subministración a presos pobres pendentes de causa calculado o seu nº de 8 a 9, a 48 rs diarios	4.263
Por ídem a presos sufrindo condena calculando entre 4 ou 5 presos diarios a 48 rs. diarios	2.130
Por ídem a presos de tránsito supoñendo 283 socorros a 48 rs.	400
Por dotación do médico que asiste os presos pobres enfermos	1.800
Por dotación do escribente a 5 rs diarios pola carestía dos medios de vivir	1.830
Por importe de medicinas aos presos pobres enfermos e a súa asistencia	400
Por dotación do capelán segundo o acordado pola Xunta e en atención á suba nos artigos de primeira necesidade	3.300
Por lavado da roupa dos presos pobres	140
Por farfolla ou palla para os xergóns dos presos pobres	60
Por gastos de iluminación do interior do cárcere e o farol de reverbero colgado exteriormente	840
Por gastos de escritorio	500
Por gastos menores de reparación e branqueo do edificio ¹³	600
TOTAL: 10.370 de Persoal e 9.333 de Material	19.703

● O seguinte cadro presenta os orzamentos adicionais do ano económico de **1899/1900**:

RELACIÓN DE GASTOS	PESETAS
Apartado 1: Material	
Acondiciónanse para adquisición de mantas, sabas e cabezais como gasto	450
Por igual concepto, para facer de cemento portland os pavimentos dos calabozos por estar deteriorados os existentes que son de madeira:	700
Material	1.150
Apartado 2ª: Resultados	
Por iluminación exterior do edificio, de 1898-99	300
Ao depositario, D. Francisco (¿?), recadación de 1889/90	94,69
Ídem ao mesmo, por recadación de 1890-91	10,69
Ao médico Ramón Portal Montenegro por un haber íntegro do 1º semestre	420
Ao xefe do cárcere, Juan José Sardiña, por igual concepto que o anterior	495

13. Do ano anterior, 1862, consta unha intervención importante: “*Expediente de subasta de las obras de reparación y seguridad para la cárcel de este Partido y conducción de aguas al mismo edificio, y reparación del tejado. Se colocan rejas en algunas ventanas y otras obras menores, y la conducción de agua potable al patio, para servicio de los detenidos y limpieza de las habitaciones, traída desde la fuente de la plaza del Conde.*”

- Seguridad y Reparaciones:

- Conducción de agua potable:

Presupuesto:

12.881rs.

12.200rs.

Total: 25.081rs.

Firmado: El Arquitecto de la Provincia, Faustino Domínguez, en La Coruña, a 9 de agosto de 1861. Departamento de Construcciones Civiles, Provincia de La Coruña”. Só hai un aspirante á obra, o contratista Silvestre Leira, polo que lle será adxudicada por 24.081 rs. Páganse as obras no ano 1864 (20-12) e recíbense o 5-10-1865. Asinan: o alcalde, Joaquín Mª Maldonado, o arquitecto provincial Faustino Domínguez e o contratista, Silvestre Leira.

RELACIÓN DE GASTOS	PESETAS
Apartado 2º: Resultas	
Por iluminación exterior do edificio correspondente ao 1º semestre	150
Por alugueiro da casa habitación do Sr. Xuíz do partido o 1º semestre	200
Total Xeral da relación que constitúe o orzamento de Gastos ordinarios que ten que refundir do de 1900	2.819,69

● Outro exemplo, os orzamentos para o ano 1904:

INGRESOS	PESETAS
Sobrante que resultou de 1903	3.288,19
Reintegro de socorros a presos que pasan a outros establecementos penais	150
Cota correspondente ao repartimento entre cada concello ¹⁴	6.279,81
Total Ingresos	9.718

RELACIÓN DE GASTOS	PESETAS
Capítulo 1º Persoal	
Dotación do médico encargado da asistencia aos presos	840
Soldo anual do xefe do cárcere	990
Por gratificación ao mesmo	500
Dotación do capelán	530
Soldo do oficial encargado do Negociado	875
Ídem do chaveiro ¹⁵	750
Ídem do mandadeiro do establecemento	182
Premio do depositario, a razón do 2%	140
Subtotal	4.807
Capítulo 2º Material	
Iluminación interior e exterior do cárcere	500
Material de oficina e efectos timbrados	160
Gastos de limpeza e aseo	150
Medicamentos para os presos	80
Gastos de autopsias e enterramentos por causas criminais	80
Adquisición e reparación de mantas, xergóns,...	300
Adquisición de efectos e mobiliario do establecemento	300
Conservación e reparación do edificio	500
Alugueiro anual da casa habitación do xuíz do partido por non reunir condicións para isto a Casa de Audiencia	400
Subtotal	4.807

14. Ver o cadro do reparto de ingresos segundo a contribución na páxina 2.

15. O encargado de custodiar as chaves das celas. Viña a ser un vixilante, auxiliar do alcaide.

RELACIÓN DE GASTOS	PESETAS
Capítulo 3º Socorros	
A presos pobres pendientes de causa, a 7 ptas. diarias	1.277
A presos pobres sufriendo condena, a 3 ptas. diarias	547
A presos pobres transeúntes, a 2 ptas. diarias	365
A presos pobres que pasen a outros establecimientos penais	150
Subtotal	2.340
Capítulo 4º Imprevistos	100
TOTAL GASTOS	9.718

“D. Juan Fonte Rodríguez, Secretario del Ilmo. Ayto. de esta Villa Certifico que en virtud de 2ª Convocatoria se reunieron en el día de hoy a la hora de doce en el Salón de Sesiones de esta Casa Consistorial los representantes de los Ayuntamientos del Partido al margen expresado¹⁶ y en la sesión celebrada adoptaron los acuerdos siguientes: Se puso de manifiesto el presupuesto ordinario de gastos e ingresos para el entrante año de 1904 y enterada la Junta muy pormenorizadamente por lectura íntegra del Secretario (...) y abierta discusión, la Junta acordó por unanimidad aprobarlas, cuyo importe de gastos asciende a 9.718 ptas. También, acordó por unanimidad aprobar los ingresos, que suman 9.718 ptas., y que con copia y certificado de este acuerdo se remita al Ilmo. Sr. Gobernador Civil de la provincia para la superior aprobación. Vº Bº del Alcalde de Puentedeme a 31 de 12-1903. Fdo.: el Secretario, Juan Fonte Rodríguez”¹⁷.

Cárcel del Partido. Liquidaciones de ingresos y gastos del presupuesto de 1903, cerrado definitivamente, y el adicional y refundido, para enlazar sus resultas en el ordinario de 1904.

D. Juan Fonte Rodríguez, secretario del Ilmo. Ayto. de Puentedeume. Certifico que en virtud de convocatoria se reunieron en el día de ayer a la hora de una en el Salón de Sesiones de esta Casa Consistorial los representantes de los Aytos. del Partido que al margen se expresan¹⁸ y en la sesión celebrada tomaron el siguiente acuerdo: La Junta se enteró del Presupuesto adicional y refundido con el del ejercicio de 1904, precedido de las liquidaciones de gastos e ingresos del de 1903 y cuyos resultados finales son:

16. Só dous dos nove!: o citado alcalde de Pontedeume e Vicente Martínez Cabaleiro, o secretario de Ares.

17. Hai unha comunicación do Goberno Civil da provincia, Sección de Contabilidade, de 13-4-1904, onde se aproba este orzamento.

18. Fernando Álvarez, alcalde de Pontedeume; Vicente Martínez, secretario de Ares; Juan Seco Sieiro, alcalde de Capela; Pascual Varela Blanco, alcalde de Vilarmaior; e Emilio Piñeiro Vázquez, secretario de Castro.

*Resumen:**Ingresos:**-En el Ordinario: 9.718 ptas.**-En el Adicional: 3.313,06 ptas.**Total: 12.831,06 ptas.**Gastos:**-En el Ordinario: 9.718 ptas.**-En el Adicional: 133,88 ptas.**Total: 9.851,88 ptas.**Sobrante:**2.949,18 ptas.**Y la Junta, no teniendo nada que objetar (...) por cuanto todos los gastos consignados son de absoluta necesidad, acordó por unanimidad aprobar el referido presupuesto y que se eleve a la superior aprobación del Ilmo.**Sr. Gobernador Civil provincial.**Puentedeume, 26-12-1904.**Fdo.: El alcalde y el secretario”.*

● Para terminar, un cadro cos ingresos e gastos do cárcere de Pontedeume entre 1844 e 1924 (anos con datos):

ANO ¹⁹	INGRESOS	GASTOS	ANO	INGRESOS	GASTOS
1844	24.422,20	24.795,22	1900	11.351,20	11.137,63
1845	12.013,11 ²⁰	8.964,30	1904	12.831,06	9.851,88
1846	9.574,3	3.458,2	1905	9.718	9.718
1847	9.540,04	6.557,51	1906	8.955	8.955
1863-64 ²¹	33.152,76	14.425,14	1907	8.830	8.830 ²²
1866-67	2.462,388	1.505,978	1909	8.895	8.895
1867-68	995,410	67,331	1910 ²³	8.980	8.980

19. En reais e marabedís ata 1864; de 1866 a 1869, en escudos e milésimas; a partir de 1870, en pesetas e céntimos.

20. Hai unha nota que di así: “*Del balance que se advierte a favor de los fondos (3.448,19 rs), responde el Depositario D. Nicolás Santos, en cuyo poder se halla siendo él mismo quien cobró y pagó, pues ni el alcalde, ni el ayuntamiento recaudaron cosa alguna*”. Fdo.: el alcalde, Juan Gil Taboada, y el secretario, Juan Vadell y Taboada”. É aprobado en sesión pública e aberta, e asinan alcaldes dos demais concellos, a 25-4-1846.

21. Caixa 61.

22. Inclúense os soldos de dous vixilantes, a 750 ptas. anuais cada un, unha gratificación a un deles (125 ptas.), a reparación do tellado (500 ptas.), culto da capela do cárcere (100 ptas.) e a subscrición a *La Gaceta de Madrid* (80 ptas.)

23. Hai unha nota que nos informa de que un vixilante, Juan Pardiña Silvar, pide aumento de soldo de 500 ptas., o cal se aproba, e para isto rebáixanse en 50 ptas. as outras partidas e anúlase a subscrición da *Gaceta de Madrid* nos orzamentos seguintes. Non obstante, o gobernador anula esta “gratificación” ao vixilante e manda repoñer as partidas integras, “*por estar regulado según la categoría del puesto y por que el otro vigilante cobraría menos por el mismo trabajo*”. Asinado: Alcalde: Gonzalo Prego / Fermín A. Suárez. (¿?) Secretario contador: Francisco Allegue. Secretario: Juan Cabana Rguez. Alcaide: Juan Sardiña Navarro.

ANO	INGRESOS	GASTOS	ANO	INGRESOS	GASTOS
1868-69 ²⁴	3.957,616	4.037,993	1911	7.476,89	7.207,85
1869-70 ²⁵	678,10	778,23	1912	8.882,90	8.479,51
1870-71	2.323,71	508,95 ²⁶	1913	8.666,08	7.447,45 ²⁷
1873-74	5.179	4.788 ²⁸	1914	8.842,02	7.406,37 ²⁹
1915	8.775,80	8.775,80 ³⁰	1919-20	8.907,51	8.907,51 ³¹
1916	8.975,34	8.206,31 ³²	1920-21	15.860,26	15.8660,26 ³³
1917	9.161,80	9.161,80 ³⁴	1922-23	14.791,76	14.791,76 ³⁵
1918	9.161,80	9.161,80 ³⁶	1923-24	10.319,68	10.319,68 ³⁷

24. A Revolución Gloriosa de setembro de 1868 (que provocou o destronamento da raíña Isabel II), vai producir tamén unha remoción completa das autoridades municipais a partir de xaneiro do ano seguinte: o alcalde, Leandro Varela Ruiz, será substituído por Narciso Irijoa (aínda que tamén aparece o nome do médico Leandro Portal). Ao secretario, Antonio ¿Vilanova?, sucede Jesús Castro, e logo, Leandro Portal. Xorde a figura do rexedor-interventor, que será desempeñada por Nicolás López e, despois, Rodrigo Pardo. Incluso o escribente, Manuel Salgado Rguez., deixará o seu posto a Ramón Carrillo; e o capelán, Manuel Vázquez Rguez., ao que sucede Juan García, Gienze? Non cambiarán o depositario, Bouza, o médico do cárcere, Ramón Portal Montenegro, nin o alcaide, Jesús Lahoga. Os soldos do persoal do cárcere (que ascenderán a un total de 16.200 escudos) serán os seguintes: alcaide: 300 escudos; médico: 180 esc.; capelán: 330 (máis que os anteriores!); escribente: 365 esc.; mandadeira (María Tenreiro): 36,5 esc.
25. Sucédense os cambios de persoal: concelleiro-interventor: Manuel M^a Romaos; depositario (interino): Gabriel López; logo, José Francesch; alcaide: Joaquín Tenreiro. Consta una gratificación ao eclesiástico que celebra misas no cárcere os días festivos, con inclusión de ceras e oblatas: 70 escudos.
26. Nota: “*Importe de las recetas administradas a los presos de la cárcel de la villa durante el primer semestre de 1871 por el farmacéutico de la misma y de acuerdo con el Ayto. y el médico encargado: 8 recetas: 86,50 ptas. Fdo.: Manuel Punín*”. Caixa 61.
27. Entre outros, constan os seguintes “*Gastos: Yldefonso Baquero, Juez de 1^a Instrucción, presidente de la Junta del Patronato para socorros extraordinarios a los reclusos: 100 ptas. Daniel Vizoso Estrella, maestro de instrucción primaria en la prisión y por material de la escuela: 400 ptas*”. É xefe da prisión, Bartolomé ¿Fiol? Caixa 49.
28. Caixa 46.
29. En Gastos de personal figuran os nomes de “*José Goyanes Cedrón, médico (700 ptas.)*; *José Filgueiras, capellán: (20 ptas de oblatas)*; *Antonio Caballero, farmacéutico (medicamentos para autopsias: 40 ptas) ...*”.
30. Ídem: “*Alquiler de la casa habitación, 450 ptas*; *José Roberes Alonso, capellán (400 ptas.)*; *Juez 1^a Instancia, Francisco Eyrré Varela. Jefe de la prisión, Valentín Frontal*”.
31. “*Se incluye un presupuesto extraordinario con 1.500 ptas. por socorros a presos pobres, calculando un promedio de 6 estantes diarios. Actualmente hay más del doble del número calculado (...), considerando la carestía de las subsistencias, necesita esta Alcaldía 2.011,75 ptas. hasta fin de año.*” O diñeiro sacárase dun repartimento proporcional extraordinario dos concellos do partido.
32. Sr. Alvarez, depositario, al 15% ingresos año: 125 ptas; Pío García Novoa, farmacéutico, por medicinas y autopsias, 100 ptas.
33. Inclúese un orzamento extraordinario de 4.493,50 ptas. debido a un aumento de soldos do persoal de prisións. Así, o alcaide pasa a ganar 2.200 ptas. e o vixilante, 2.293,50 ptas. (¡!) Faise o repartimento entre concellos correspondente.
34. Ídem: *Jefe de la prisión, 1.500 ptas*; *médico, 1.000 ptas*; *capellán, 400*; *depositario, 425*; *vigilante, 1.000. Demandadera, 425. Gastos de material: material de oficina y mobiliario, 400*; *idem auxiliar, 565*; *Total: 5.415,30 ptas. Socorros y medicamentos: 708,20 ptas.* Caja 61.
35. Outro aumento de soldo: o alcaide gana 3.000 ptas. e o vixilante, 2.500. Hai unha nota que di: *Gastos de personal de prisiones, suplidos por el Tesoro: 4.433 ptas. (B. O. P. La Coruña, 27/2/24)* Caixa 46.
36. Hai un escrito do gobernador civil (8-agosto) que, por R. O. do Ministro da Gobernación, se multa o alcalde José Couceiro con 37,50 ptas. “de su peculio personal”, por non entregar o orzamento no prazo marcado. O alcalde interpuxera un recurso contra a resolución do gobernador que anulaba un orzamento feito por outra Xunta Carceraria, fóra de prazo, e este recurso non foi estimado, e non entregou o efectuado pola xunta no prazo oportuno. Hai tamén un apercibimento anterior.

SOCORROS A PRESOS POBRES³⁸

No século XIX, os concellos eran case as únicas institucións de beneficencia que atendían as necesidades da numerosa poboación sen recursos. O cárcere do Partido Xudicial de Pontedeume mantiña unha actividade benéfica cos presos considerados *pobres*, a gran maioría deles³⁹. Os reclusos debían correr cos gastos que ocasionaba a súa estancia, pero a aqueles que non tiñan recursos para alimentarse, a institución se encargaba de pedir as axudas económicas para mantelos (os chamados *socorros*). Cabe dicir o mesmo da súa atención médica e da provisión das medicinas necesarias para a súa curación.

Neste sentido, constan numerosas dilixencias do xuíz de 1ª Instrución de Pontedeume ao alcalde para que sexan socorridos os presos pobres. Algunhas, en forma de prema, como a seguinte, por parte do gobernador provincial: *“El Sr. Juez de este partido me ha hecho presente que esa Corporación se niega a facilitar el socorro para tres presos que hay en esa Cárcel y no viendo justo que se desatienda una obligación tan sagrada, prevengo a ese Ayuntamiento que inmediatamente y sin excusa alguna socorra a dichos presos no dando lugar a nuevas reclamaciones. 18-5-1844. El Gobernador político de la provincia, José Martínez”*.

Polo tanto, ademais dos soldos e o mantemento do edificio do cárcere, unha partida de gastos moi importante eran as axudas (*socorros*) aos presos pobres. Vexamos este cadro cos ocasionados por este concepto (e outros) en **1850** (todos en reais):

MES	Nº PRESOS	SOCORROS	A CADA UN	OUTROS GASTOS	TOTAL
XANEIRO	16	700	73	260 ⁴⁰	960
FEBREIRO	18	710	39	330	1.040
MARZO	15	700	“	66	766
ABRIL	17	686	42	321	1.007
MAIO	18	787	43	223	1.010
XUÑO	18	677	42	309	986
XULLO	20	875	“	258	1.133
AGOSTO	19	780	43	271	1.051
SETEMBRO	18	739	42	319	1.058

→

37. O alcaide ve reducido o seu soldo á metade: 1.500 ptas., quedando igual que o vixilante, ao que tamén se lle reduce. A explicación é a seguinte: *“Por haber pasado al Estado los sueldos de los empleados de la Prisión en su mitad”*. Sucede con todo o demais, *“por pasar al Estado la mitad de las obligaciones carcelarias”*. Pola mesma razón foi reducida a achega do Repartimento dos concellos do partido.

38. Caixa 52: Expedientes relativos a Socorros a Presos (1851-1854).

39. O artigo 74 do *Reglamento para las cárceles de las capitales de provincia* de 1847 disponía que: *“La manutención de los presos pobres en Cárceles del partido será de cuenta del partido al que el establecimiento corresponda. El personal y material estarán a cargo del Estado.”* Isto último non se cumpría, sendo tamén por conta do partido.

40. Por exemplo, 66 reais a Francisco de Paz, mordomo do Excmo. Duque de Berwick, conde de Lemos, polo alugueiro da casa castelo da súa propiedade, que serve de cárcere, a razón de 800 reais ao ano, pois aínda non se construíra o cárcere público.

MES	Nº PRESOS	SOCORROS	A CADA UN	OUTROS GASTOS	TOTAL
OUTUBRO	16	700	43	389	1.089
NOVEMBRO	13	441	42	326	767
DECEMBRO	14	500	43	342	842

Asinado: o alcalde, Agustín Alonso; o alcaide: José Iglesias

● A seguinte é unha “*Cuenta rectificada de la Cárcel que se remite al Gobernador de la provincia por parte del alcalde de Puente deume de la cuenta documentada de gastos de presos pobres del año pasado de 1851.*” Rendido polo Depositario D. Miguel Fco. Vázquez e coas sinaturas do depositario, do secretario e interventor municipal, Juan José Lores, e o visto e prace do Alcalde, Ignacio Barros:

- Cargo (Haberes): 16.543 reales, 18 maravedíes
- Data (Gastos): 19.194 rs, 29 mrs.
- Depósito resulta: 2.651 rs, 11 mrs.

Deste ano 1851 hai listados de *Cuentas detalladas mes a mes*. Por exemplo, a correspondente ao mes de setembro:

- Satisfecho a Pedro Iglesias de esta vecindad por el hospedaje, asistencia y puchero de la presa pobre Teresa Sarmiento, depositada en su casa para su curación durante 15 días, tres al día: 45 reales.
- A F. A., Boticario de Ferrol, por las medicinas que suministró a la presa pobre Teresa Sarmiento durante su enfermedad: 49 rs.
- A D. Francisco de Paz, administrador del Sr. Conde de Lemos por el alquiler del castillo que sirve de cárcel, correspondiente al mes de septiembre: 66 rs, 22 mrs.
- 11 cuartillos de aceite para el alumbrado de la cárcel: 29,49 rs.

(...)

- Cargo (Haberes): 1.407 rs 11 mrs
- Data (Gastos): 1.601 rs 30 2/3 mrs
- Alcance contra los fondos: 194,29 1/3 rs.

Do mesmo mes de setembro, tamén veñen disgregados polo tipo de condena:

- Nómina que forma el Alcaide de los Socorros devengados por los presos pobres pendientes de causa que se han custodiado en esta cárcel en el mes de Septiembre: Aparecen 28 nomes durante todo o mes e cada un recibe 42 reais e 12 maravedís. Hai tres nombres máis, que ingresaron o día 23 e estiveron 8 días, recibiron 11,10 rs cada un. En total: 1.154,28 rs.

- *Nómina cos presos pobres sufrindo condena durante este mes: son dous e reciben cada un 42,12 rs; en total: 84,24 rs.*

- *Outra nómina de presos pobres custodiados no cárcere por ir de tránsito⁴¹: 9 nomes, con estancias de entre 1 e 4 días, a 1 ¼ real ao día, en total: 22,20 rs.*

● Un listado dos socorros deste mesmo ano, **1851**, de todos os presos pobres, segundo a súa situación, é o seguinte:

MES	PENDENTES DE CAUSA	CUMPRINDO CONDENA	DE TRÁNSITO	GASTOS EN TOTAL ⁴²
XANEIRO	14	1 (Antonia López)	-	1.043,2 2/3
FEBREIRO	25	"	12	1.154
MARZO	32	"	7	1.646, 4 2/3
ABRIL	36	"	13	2.600, 6 2/3
MAIO	37	"	2	3.242,32
XUÑO	36	"	-	1.868,22
XULLO	34	"	-	1.935,33 2/3
AGOSTO	33	"	-	1.911,29 2/3
SETEMBRO	27	2	-	1.350,20 2/9
OUTUBRO	30	3	11	1.907,32
NOVEMBRO	33	3	7	1.414,20 2/3
DECEMBRO	30	2	19	2.650,11

● Do ano **1852** é a seguinte *Relación anual de Gastos de los presos pobres*:

MES	TOTAL ⁴³	ALUGUEIRO CÁRCERE	PAGO ALCAIDE	ILUMINACIÓN CÁRCERE	SOCORROS P.P.C. e P.C.C. ⁴⁴	SOCORROS P.P. REMATADOS ⁴⁵	SOCORROS P.P. TRANSEÚNTES
XANEIRO	1.471,22	66,22	155	30-40	1.904,4	87,18	28,8
FEBREIRO	1.306,20	"	"	"	906,12	70,20	29,22
MARZO	1.275,14	"	"	"	943,28	43,26	26,28
ABRIL	1.336,30	"	"	"	986,28	42,12	9,30
MAIO	1.911,13	"	"	"	1.263,18	63,18	62,4
XUÑO	2.077,14	"	"	"	1.334,4	70,20	64,32
XULLO	1.677,31	"	"	"	1.072,32	43,26	8,16

41. Tamén chamados *Transeúntes*, é dicir, de camiño entre o norte de Pontedeume e A Coruña, e viceversa, conducidos pola parella da Garda Civil, para ser xulgados ou cumprir condena, facían noite no cárcere eumés.

42. A cantidade por preso varía dun mes a outro, oscilando entre os 22,20 e os 43,26

43. Todas as cantidades están en reais.

44. Presos que están Pendentes de Causa e Presos Cumprindo Condena.

45. Refírese a aqueles Presos Pobres que xa teñen sentenza e están á espera de trasladarse ao cárcere onde cumprirán a condena imposta.

MES	TOTAL ⁴³	ALUGUEIRO CÁRCERE	PAGO ALCAIDE	ILUMINA- CIÓN CÁR- CERE	SOCORROS P.P.C. e P.C.C. ⁴⁴	SOCORROS P.P. REMA- TADOS ⁴⁵	SOCORROS P.P. TRAN- SEÚNTES
AGOSTO	1.426,11	“	“	“	779,2	390,4	49,14
SETEMBRO	1.573,23	“	“	“	834,12	338,28	69,6
OUTUBRO	1.712,22	“	“	“	969,3	350,4	33,3
NOVEMBRO	2.004,9	“	“	“	1.226,28	338,28	29,22
DECEMBRO	2.311,20	166,22	“	“	1.447,2	372,24	53,22
Subtotal	20.088,4	900	1.830	433,23	12.854,4	2.172,24	465,70

Bagaxes transportes	317,17
Asistencia enfermos	404,28
As súas medicinas	217
Outros	492,14
TOTAL	21.510,52

● Algúns anos a situación empeoraba e os gastos nestas axudas multiplicábanse. Do ano **1853** é este fragmento do “*Libro de entradas de lo que pagan los distintos ayuntamientos para socorros de presos pobres y gastos de cárcel de este Partido*”:

- Cargo (Haberes): 43.238,26 reales.
- Data (Gastos): 47.011,10 ½ rs.
- Alcance contra los fondos y a favor del depositario: 3.772,18 ½ rs.”

*En xuño deste ano tívose que realizar un “Nuevo presupuesto adicional para el socorro de presos pobres existentes en la cárcel (...) por el aumento del número de los mismos”⁴⁶ desde el formado el 12-1 último y aprobado el 17-1 por el Sr. Gobernador de provincia. Presupuestáronse 17.004,24 rs. para 33 presos en 11-12-52, los que había entonces en la cárcel. Se adicionaron 7.214,4 rs. en 12-1 para catorce más que se han aumentado (47), lo que da un total de 24.218,88 rs. Pero, el n° de presos pobres se fue aumentando extraordinariamente hasta el n° de 101 (¡!), ascendiendo sus socorros (a 12 cuartos diarios) a la cantidad anual de 52.044,2 rs. Resulta, por consiguiente, un Déficit de 27.825,30 rs. Cuya cantidad es distribuida entre los ayuntamientos del partido, tomando por base el n° de almas de cada uno, según el Repartimiento publicado en el B.O.P. de 14-2-1853”.*⁴⁷

46. Como consecuencia dunha praga que asolou as ata entón abundantes vides: foi o chamado *año del hambre*, que sumiu a comarca nunha crise económica moi grave, que terá a súa correlación nun aumento dos presos (polo incremento dos delitos de furto e roubo) e a maior proporción de pobres entre eles. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *A fame de 1853 en Pontedeume*, “Revista Cátedra”, nº 15 (2008).

47. Ver nota dos habitantes do partido xudicial neste ano de 1853.

● O ano seguinte sucederá algo aínda peor, como consecuencia da epidemia de cólera. Para o ano **1854** había un orzamento inicial que reflectía as seguintes contas:

- Cargo (Haberes) de socorros para todo el año:	53.591,8 rs
- Data (Gastos) “ “ “ “ “ :	38.658,4 rs.
- Alcance a favor de los fondos:	14.933,3 rs.

Non obstante, as necesidades producidas pola epidemia de cólera que asolará o país obrigará a cambiar o apartado de gastos por estoutro:

“Presupuesto de gastos para socorros de presos pobres para 1854:

- Alquiler del castillo de la propiedad del Excmo. Sr. Duque de Berwick y Alba, Conde de Lemos, que sirve de cárcel, ínterin no se construye la de nueva planta: 800 rs.

- Dotación del alcaide carcelero, a 5 rs diarios:	1.825 rs.
- Socorros para presos pobres cumpliendo condena:	4.122 rs.
- Suministros para presos pobres pendientes de condena:	<u>39.162 rs.</u>
- Asistencia para enfermos y medicinas:	<u>552 rs.</u>

- Total: 53.591,7 rs.

Ata aquí este anexo ao relato dos presos do cárcere de Pontedeume entre mediados do século XIX e principios do XX, como complemento de información económica, sen a cal aquel estaría incompleto. Nel preténdese explicar como se financiaban os gastos da prisión do partido e se atendían as axudas (en alimentos e atención médica, e incluso en traslados dos reos) aos moi abundantes presos pobres que na vila cumprían as súas condenas, confirmando ao mesmo tempo a estreita relación entre pobreza e delincuencia. Neste traballo pretendeuse resaltar como os concellos cargaban sobre os seus ombreiros (a falta doutras instancias superiores, alleas a estas necesidades) estes cuantiosos gastos para as escasas arcas municipais, non só na función punitiva, senón tamén na de beneficencia pública, para esta poboación marxina.

MONFERO, UN MONASTERIO CISTERCIENSE EN LA COMARCA EUMESA (I parte)

Carlos de Castro Álvarez

Introducción

Se ha progresado mucho en el conocimiento del monasterio de Sta. María de Monfero gracias a la ingente labor documental llevada a cabo por investigadores como José Luis López Sangil, quien dedicó, con pasión y orden, muchos años de su vida a la búsqueda, transcripción y crítica de la documentación del monasterio¹. Fruto de esta dedicación fueron dos libros, uno de historia y de documentación, en el que tuve el placer de redactar la parte dedicada a las manifestaciones artísticas; y otro con la transcripción (o reseñas, cuando no era posible otra cosa) de documentos datados hasta el 1300; y un buen número de artículos donde abordaba algunos de los problemas que teníamos planteados sobre el monasterio, o en los que transcribía y recensionaba documentación, como la “Relación de la documentación del monasterio”, realmente un libro dentro del volumen 18 de la revista Estudios Mindonienses.

Pero, frente al estudio paleográfico², documental, positivista, narrativo, cronológico que, guardando las distancias, siguieron la línea de Bernardo Cardillo, caben otros estudios más sistemáticos, temáticos y estructurales³, que a la vez que rebasen el marco medieval, indaguen sobre aspectos como las relaciones del monasterio con la monarquía y la nobleza, sobre los conflictos con los vecinos y con otras instituciones eclesiásticas, sobre su economía, sobre su demografía, sobre determinados aspectos de su desaparición; revisen los aspectos artísticos; o, en fin, aborden la etapa del monasterio deshabitado, en cuyo conocimiento, como veremos, gracias a meritorios trabajos, se ha avanzado mucho.

En esta primera entrega, abordamos, partiendo de un breve apartado sobre la organización del Archivo, seguido de las circunstancias, ya de sobra conocidas, de su fundación su relación con la monarquía, dedicando un amplio epígrafe a la reconstrucción de su coto y a las prerrogativas de gobierno que, a través de lo que denominamos privilegios reales, le fueron concedidas por una monarquía que no dudará en defenderlo cuando di-

1. Véase DE CASTRO ÁLVAERZ, C., “José Luis López Sangil o la pasión por Santa María de Monfero”, Cátedra, nº 23, 2016, donde falta la obra póstuma de Nalgures, nº XVI, 2020. Respecto a las aportaciones de otros investigadores, daremos buena cuenta cuando rematemos la última entrega de las cuatro que pensamos publicar.

2. La transcripción, a partir de 1300, está siendo abordada por Adrián Ares Legaspi. Cuando utilicemos documentos del AHN por él transcritos, que amablemente nos pasó, así lo haremos constar.

3. Lógicamente no hay novedad en este enfoque y la nómina de estudios de investigación sobre monasterios gallegos es ciertamente abultada. La única novedad radica en la impostura con que los historiadores locales abordamos la Historia, sin el necesario pudor y sin atenernos a la recomendable parcelación cronológica.

chas prerrogativas comiencen a ser disputadas por la nobleza comarcal e incluso por la nobleza de un nivel superior.

I. La organización del Archivo

El control de la hacienda de un monasterio, como institución, requería una organización documental de sus privilegios y propiedades. Ello sólo era posible mediante la organización de un archivo, con libros que no registrasen las propiedades, ingresos y gastos, sino que albergasen los documentos de todo tipo (privilegios, nombramientos, donaciones, compras, foros, apeos, pleitos, etc.) que pudieran ser mostrados en caso de conflicto con las consiguientes demandas presentadas por los procuradores. Desde 1434, seguramente coincidiendo con el aumento del papel como soporte⁴, se dan los primeros pasos sobre la legislación de los archivos, con disposiciones claras desde 1504⁵, proceso que culmina con normas de creación de los mismos, presentes en las Constituciones o Definiciones de las congregaciones del Císter y de san Benito, básicamente diseñadas hacia 1550⁶.

Para Pegerto Saavedra los apeos y los tumbos se concentran sobre todo en el periodo de 1560 a 1660, pero es indudable que muchos monasterios, como es el caso de Caaveiro, contaron con Tumbos o Cartularios ya desde el siglo XIII o incluso antes, y más habría que hablar de una puesta al día.

Los habitantes de Monfero no realizaron un Cartulario al uso de los pergaminos como en Caaveiro, sino que los conservaron numerados en cajones. José Luis López Sangil se dedicó durante muchos años, en una meritoria tarea⁷, a inventariar la documentación del monasterio, en especial, la medieval. En la revista *Estudios Mindonienses*, nº 18, 2002, publica una completa regesta de 1139 documentos y libros, cuya cronología va desde la aparición del monasterio hasta su desaparición. En 2020, en el tomo XVI de Nalgures, publica la documentación del monasterio hasta el 1300, transcribiendo o realizando regestas (cuando el documento no había llegado hasta nosotros) de 604 documentos⁸. Su intención era realizar una segunda entrega con transcripciones hasta principios del siglo XVI, calculando que serían unos 367 documentos, tarea que, desgraciadamente, debido a su fallecimiento, no llegó a realizar.

Nos falta un estudio detenido de cómo se organizaba el archivo, pero hay algo que hemos constatado: la organización es más caótica de lo que cabría pensar, al menos así

4. Aunque es un hecho como, a lo largo de toda la centuria, se sigue utilizando el pergamino.

5. Véase LÓPEZ SANGIL, J. L., "Los tumbos y memoriales de los monasterios de Sobrado y Monfero. Sus autores", *Estudios Mindonienses*, nº 30, 2014, p. 80.

6. PEGERTO SAAVEDRA, "El control del patrimonio monástico en la Galicia moderna", *Historia Agraria* 74. 2018, p. 12.

7. El aparato crítico, respecto a la localización, soporte, transcripción, publicación, tipología, etc., de José Luis es ingente, facilitando sobremediana la labor de los investigadores que quieran seguir profundizando en el tema o acercarse a la historia del monasterio.

8. Los documentos transcritos hasta el 1300 son 398, si bien se añaden 5 documentos posteriores bajo el epígrafe de *VARIA*.

nos lo parece desde la óptica del investigador actual. Pensamos que ello se debió a la discontinuidad en las normas de control a lo largo de la dilatada vida de un monasterio que generó una amplia documentación durante tantos años, en una sucesión en la que cada generación de monjes pretendió controlar información contenida en un frágil soporte, lo que explicaría en gran medida los casos de libros incompletos, con hojas en blanco, o los casos de duplicación, como si se buscara tener lo que hoy podríamos llamar archivos de seguridad ante las posibles destrucciones o extravíos. Aunque en algunos libros (como los que se denominan *Actas o Estado Espiritual y Temporal*, redactados siguiendo normas impresas, y siendo libros visitados por los superiores de la orden) se advierte una mayor sistematización y continuidad.

A finales del siglo XVI, los amanuenses del monasterio reconocen tener 41 libros, más uno que identifican con una cruz, información que se encabeza con una aclaración: “*Memorial de libros que ay en el archivo del monasterio*”, poniendo al margen: “*los libros que no están aqui, faltan*”. A finales del siglo XVII, son ya 56. Antes de entrar a explicar lo que, a grandes rasgos, contienen estos libros, debemos repetir que la primera organización se fundamentó en cajones y en una numeración de pergaminos. Sorprende que en muchos de estos libros el contenido no corresponda ni a una organización por lugares ni por temas. La mayoría de los libros contiene indistintamente foros (sin duda los más numerosos) documentos de renovación de voces, censos, beneficios, pleitos, apeos, demarcaciones, ejecutorias, citaciones, emplazamientos, ventas, arriendos, etc., etc., todos juntos, resultado de hojas que luego fueron encuadernadas; hasta el punto de que en muchos casos falta la paginación; pero, ciertamente, otras veces nos encontramos con libros que contienen una información homogénea, como es el caso de los apeos (Libros 4 y 35) o los censos (Libro 6); y, sobre todo, de cuentas o rentas. Algunos documentos incluso se repiten en varios sitios. Uno de ellos es el Libro 10, que va de 1495 a 1560 con 514 folios, otro, el libro 8, de 1578 a 1860, ambos en el ARG.

Como el manejo de esta documentación era complicada, los amanuenses realizaron dos tipos de libros:

- A.-Tumbos que contienen breves reseñas de lugares, explicando los sucesivos foros, detentadores de foros y condiciones del aforamiento, agrupados por feligresías. Hemos manejado dos de estos libros con cronología desde finales del siglo XVI, depositados en el ARG: uno conserva la numeración 50 y está incompleto, “*Tumbo de monasterio y de las feligresía de San Fiz, Santa Xiá, Xestoso, Labrada e Buriz*”, 1700 /1800. [Siglo XVIII] (Sig. 45064 1 13, L. 13); y otro voluminoso libro denominado “*Memorial de hacienda y renta*”, 1598 (Sig. 45209 278, Antigua L. 278).

Un documento de este tipo de información, que no libro, referente a los lugares de San Fiz, 1736-1738, con 19 folios, está depositado en la Real Academia de la Historia, y ha sido publicado por López Sangil, en Cátedra nº 19.

Petram Mourete	Petram de Maurente	Portum Maurenti	Petram Maurenti	Petram de Maurente	Pena de Mourete (Montante)
	ubi fuit primo inchoatum			ubi fuit primo inchoa tum	
Portum Vite		<i>deinde per illum portum Vite ipsas, deinde mamulas ubi incoavimus</i>	<i>portum de Vite, de inde ad ipsas Mamoas ubi inchoauimus</i>		

- (1) Privilegio de Alfonso VII, de 1135, que aparece en el Memorial del AHN, CÓDICES, L. 259, folios 3r a 4v.
- (2) Privilegio de Alfonso VII, de 1135. ARG, Fondo Vaamonde Lores, nº 8, sección 4-5. Posiblemente, según María José Sanz Fuentes, sea una copia de hacia 1230. Véase LÓPEZ SANGIL, J. L., El monasterio cisterciense de Sta. María de Monfero en su documentación, 1018-1300, p. 42. También véase LÓPEZ SANGIL, J. L., "Privilegios reales concedidos por Alfonso VII, Fernando II y Alfonso X al monasterio de santa María de Monfero" (años 1135 a 1213), Cátedra nº 5, 1998, p. 114. Aparece en Anales Cistercienses de Ángel Manrique, pero sin incluir el límite del coto.
- (3) AHN, Códice 977. Privilegio 1 de noviembre de 1152 de Alfonso VII. Véase LOSCERTALES, P., Tumbos del monasterio de Sobrado de los monjes, Volumen I, nº 136 pp.176-177. Véase LÓPEZ SANGIL, J. L., El monasterio cisterciense de Sta. María de Monfero en su documentación, 1018-1300, nº 41, p. 80.
- (4) Confirmación de Alfonso VII de 1152, SUÁREZ GONZÁLEZ A., "Los dos memoriales de escrituras de fray Bernardo Cardillo de Villalpando (Santa María de Monfero, 1616)", Documenta e Instrumenta, nº 17. Archivo Municipal de A Coruña, Colección Martínez Salazar, Caja 4/05, ff. 80v-85v.
- (5) Coto incluido en privilegio de Alfonso X, 21 de abril de 1258. Además de LÓPEZ SANGIL, op, cit, nº 377, véase REIGOSA, R, Colección Diplomática del monasterio de Monfero, XC. Véase crítica al documento en M., y PÉREZ RIDRÍGUEZ F. J., Galicia no tempo de Alfonso X, nº 109, p. 85.
- (6) Esta versión aparece en el memorial del AHN, CÓDICES, L. 259, folios 5-5v, LÓPEZ SANGIL, J. L., Historia del monasterio de Santa María de Monfero, p. 207. Posiblemente sea un añadido de 1668, debido a Bernardo Armuño. Existe una versión de 1787 en el Archivo Histórico Municipal de Betanzos, que utiliza Couceiro en su Historia de Pontedeume. Los términos en paréntesis corresponden a dicha versión, ed. 1981, pp. 74-75.
- (7) Este topónimo no aparece en la versión en castellano. Véase LÓPEZ SANGIL, J.L., "Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero". Estudios Mindonienses, nº 18, 2003.
- (8) Se menciona a Forja dos Castelos en los foros de Labrada. Ignoramos si se trata del monte dos Castelos, hoy situado al noroeste de Xove Vello. Como está expresado, no se trataría precisamente de un límite del coto. Sin embargo, en el apeo de 1668 se menciona una pena dos Castelos que cuadra mal con el actual monte dos Castelos: "...Y de allí a la pena do Çelarete, de allí a la pena dos Castelos, de allí a la pena do Marco, de allí a la pena da cruz das Cañeiras, que llama pena de Pedro Mendez, y de allí a la pena do Millo..."
- (9) Es mencionado en la delimitación de Buriz, citando después a Estremil.
- (10) Según foros, porto de Payal, feligresía de Gestoso.
- (11) Según foros, Vígas es topónimo de la feligresía de Santa María de Xestoso, al igual que Lagares.
- (12) Estaba en la feligresía de San Xoán de Calobre.
- (13) En los foros, aparece como Santandrer, de Abajo y de Arriba, perteneciente a la feligresía de San Fiz.
- (14) Con este topónimo tenemos un problema, pues se dice que el límite del coto pasa por debajo de la iglesia de Queixeiro hasta Junqueira que dice "divide a las tres jurisdicciones del coto pequeño (Caaveiro), Vilachá y Monfero", y, en otros casos se dice que va por "pena Cruzada y el marco de Martín Gardado, i al marco de Junqueira da serra i al marco de Carballeira encima de Candedo", o también "por el monte y Seixo de Teixoeira y por los demás términos y mojones que dice el párrafo de arriba, asta el marco de Junqueira de serra y marca de Carballeira, encima de Canelo". Posiblemente el Junqueira actual no sea el Junqueira da serra, seguramente Chao da Serra, cerca de Caldelo. En otra delimitación Chao da Serra divide las tres jurisdicciones: "de allí atravesia el camino i se ba derecho al marco do Chao da Serra de Queixeiro que es Loseño i divide las tres feligresías i jurisdicciones de Monfero, coto pequeño, i Villacha".

Tabla 2. Documentos reales (1)

Documento	Data	Contenido
Alfonso VII	1135, 5 de diciembre	Delimitación de, coto. -Eximente de fonsadera o facendera, caloña o foro real debido o servicio, a no ser al abad. -Que no le sea lícito al merino del rey o sayón, noble o no noble, entrar y romper dicho coto. -Eximente de peaje.
Alfonso VII	1152, 1 de noviembre	Confirmación, sin hacer referencia a las otras prerrogativas.
Fernando II	1174, 9 de julio	Donación de 12 lugares en Labrada y Gestoso.
Fernando II	1177, 2 de diciembre	Confirma lo que le dieron y dona y acota Buriz y Labrada, concediendo inmunidad y foros reales.
Fernando II	1177, 2 de diciembre	Confirma lo que le dieron y dona y acota Buriz y Labrada, concediendo inmunidad, diciendo que no respondan <i>"en adelante a otro de hurto, homicidio, rapto, facendaria o fonsadera, o de otra callumnia o foro real debido"</i> .
Fernando II	1180, 16 de julio	Dona lo que pertenece al realengo en la villa de S. Vicente dos Vilares, en tierra de Parga.
Alfonso IX	1213, 11 de mayo	Sentencia a favor del monasterio de Sobrado la filiación del monasterio de Monfero, contra las pretensiones que a ella tenía el monasterio de Carracedo.
Alfonso IX	1213, 25 de junio	Ordena a los hombres de los Vilares de Manares obedezcan y paguen sus rentas al monasterio de Monfero.
Fernando III-1	1232, 28 de enero	Confirma que los que antes eran sus vasallos pasen a ser del monasterio y manda mantener la inmunidad del coto, y toma bajo su protección a todos los bienes del monasterio.
Fernando III-2	1232, 28 de enero	Ordena que no sean prendadas las bestias de carga ni los haberes pertenecientes al monasterio si no es en presencia del señor de la tierra o del merino del monasterio. Los vasallos pueden abandonar el monasterio libremente dejando la mitad de lo ganado.
Alfonso X	1258, 20 de abril	Confirma al monasterio la orden de Fernando III, de 28 de enero de 1232, de que no sean prendadas las bestias de carga.
Alfonso X	1258, 20 de abril (2)	Confirma el privilegio otorgado por Fernando III a 28 de enero de 1232 referente a la inmunidad del coto.
Alfonso X	1258, 21 de abril	Confirmación del privilegio de Alfonso VII, incluyendo límites del coto.
Alfonso X	1258, 24 de noviembre	Ordena al merino mayor, Rodrigo García, que indague sobre si es cierto que Rodrigo Gómez y otros caballeros han derribado los mojones del coto y de ser cierto revise los privilegios del monasterio para que sean guardados.
Alfonso X	1261, 13 de octubre	Ordena al merino mayor en Galicia, don Rodrigo García, que, en función de la pesquisa realizada desde 1258 sobre el coto, obligue a Gonzalo Fernández de Sanxurxo, Pedro Pardo y al mayordomo de Mayor Alfonso a reponer los mojones, y devolver los vasallos del coto.

Documento	Data	Contenido
Alfonso X	1268, 16 de abril (3)	Dona los servicios reales que le correspondían en el coto para las obras que en él se iban a realizar y encarga a sus funcionarios el cumplimiento. Y manda al Merino Mayor “que no lleve de colleitas más de lo que acostumbraba y que no consienta que los ricos homes, con algunos malhechores, siembren en los monasterios y granjas y lleven malas mujeres y que les sean guardados sus privilegios y franquezas y que en las granjas no coman los merinos ni los demás, carnes, ni fuerzen a los religiosos que se la den, y que no vayan los vasallos a juicio a otra parte”.
Alfonso X	1268, 26 de abril	A petición de Monfero, y otros monasterios, que protestan porque los concejos donde tienen propiedades les hacen pagar pechos, y a la vez los oficiales reales quieren tomar pechos en sus cotos y heredades, ordena al adelantado mayor de Galicia que llame a los personeros de los concejos demandados y que, de reconocer las acusaciones de los monasterios, devuelvan lo tomado y en caso contrario los emplace ante la corte; también ordena a los oficiales reales que solo tomen pechos como lo hacían en tiempos de Alfonso IX.
Alfonso X	1268, 26 de abril	A petición de Monfero, y otros monasterios, que se queja del quebrantamiento de sus derechos por parte del merino de la tierra y nobles, ordena al adelantado mayor de Galicia: -Que no se exija al monasterio más de 20 maravedís de yantar anuales cuando fuese personalmente a visitarlo, como era costumbre hacer. -Que se prohíba a los merinos y mayordomos de los ricoshombres exigir prestaciones al monasterio. -Que impida a los nobles abusos de poder, forzando el coto del monasterio.
Alfonso X	1269, 10 de febrero	Ordena a Lope Díaz de Rojas y a Juan Hurtado de Mendoza, merinos mayores en Galicia, que no exijan pechos ni pedidos a los vasallos del monasterio.
Alfonso X	1274, 17 de abril	Acuerdo sobre eximente de servicios que tenía que pagar el monasterio.
Alfonso X	SN (4)	Concede los pechos reales de los vasallos para la obra del monasterio, salvo los dos años en curso, y ordena a Nuno Pérez, juez de Pruzos, y a Men Rodríguez de Pontedeume que supervisen el cobro del impuesto para el gasto en la obra de la iglesia.
Sancho IV	1285, 9 de febrero	Confirmación del de 16 de abril de 1268 de Alfonso X el Sabio, que manda al merino y adelantado de Galicia que los lugares de las abadías no se arrienden a los ricoshombres y no cobren de ellos los yantares en dinero ni obligue a que lo lleven a otras partes, ni lleven dos mulas ni caballos.
Sancho IV	1286, 6 de enero	Juan de Seoane y Domingo Eanes, por orden del rey don Sancho, hacen una pesquisa sobre las tierras de realengo en Santa Juliana, coto de Monfero, cuyos poseedores no pagaban al rey los debidos pechos.
Sancho IV	1291, 4 de julio	Concede que sus vasallos no conozcan de sus pleitos otro juez que el merino y notario puestos por el abad, disposición, en particular, contra los vecinos de Pontedeume.
Sancho IV	1293, 2 de mayo	Confirma las dos cartas concedidas por Alfonso X, 20 de abril de 1258, confirmatorias a su vez del privilegio de exención jurisdiccional y de no ser prendadas sus bestias de carga.

Documento	Data	Contenido
Sancho IV	1293, 2 de mayo	Confirma su propia donación de los pechos reales para la fábrica de la iglesia hecha en Almazán, 9 de febrero de 1285, en vista de que el documento que la contenía <i>“se moiara e se corrompiera”</i> .
Sancho IV	1294, 18 de mayo	Ordena a los moradores del coto de Monfero que paguen fielmente al monasterio el “maninadigo”, como acostumbraban a hacerlo en los tiempos de su abuelo don Fernando y de su padre don Alfonso.
Fernando IV	1306, 26 de julio (5)	Referente a la donación de los pechos correspondientes a la corona en el coto del monasterio para la fábrica de la iglesia del mismo
Fernando IV	1307, 28 de octubre	-Que no se diesen por yantar más de 25 maravedís de buena moneda y no a otro lugar, y solo una vez al año. -Ordena a los recaudadores de los pechos reales que no embarquen a los vasallos por tales cuestiones sin previa pesquisa.
Fernando IV	1309, 12 de abril	-Ordena a Rodrigo Álvarez que no exija más de 25 maravedís de yantares. -Que prohíba a los caballeros exigir pedidos a los vasallos de los monasterios y que no lleven a estos por fuerza en su acompañamiento. cuando vayan a la corte llamados por el rey o saliesen en campaña. -Que no se les obligue a comparecer ante jueces seculares, y corte todos lo abusos de personas poderosas.
Fernando IV	1309, 18 de abril (6)	Ordena a los recaudadores de servicios reales que no arrienden su recaudación a personas poderosas, para evitar que cometan abusos,
Fernando IV	1309, 4 de julio (7)	Ratifica el privilegio de nombrar merino y juez en el coto, prohibiendo que los vasallos vayan a otro juez, reservándose el derecho de alzada.
Alfonso XI	1313, 24 de junio	Confirma el privilegio sobre nombramiento de juez y merino concedido por Fernando IV en Sevilla, 4 de julio de 1309.
Alfonso XI	1313, 25 de junio	Confirma privilegio otorgado por Fernando IV en Carrión, 26 de julio de 1306, referente a la donación de los pechos correspondientes a la corona en el coto del monasterio para la fábrica de la iglesia del mismo.
Alfonso XI	1315, 30 de agosto	Confirma todos los privilegios, exenciones, mercedes y donaciones concedidos al mismo por sus antepasados y ordena que sean respetados y cumplidos fielmente.
Alfonso XI	1316, 8 de enero	Confirmación del privilegio de Fernando II y Sancho IV de percepción de pechos reales aplicados a la obra del monasterio.
Alfonso XI	1329, 12 de diciembre	Carta en la que pide a todos los concejos de Trastamar y Ortigueira que paguen una ayuda para la guerra, salvo los prelados gallegos.
Alfonso XI	1331, 20 de marzo	Confirmación de todos los privilegios y se concede que los vasallos del rey puedan se empleados en las obras del monasterio.
Alfonso XI	1332, 20 de septiembre	Carta para que se hiciesen respetar los privilegios de los monasterios, entre ellos, los de Monfero.
Pedro I	1349, 20 de octubre	Confirmación de todos los privilegios.
Pedro I	1351, 20 de octubre	Confirmación de todos los privilegios.

Documento	Data	Contenido
Juan I	1380, 25 de septiembre	Confirmación de todos los privilegios.
Juan I	1308, 28 de septiembre	Carta para que sea ejecutada la sentencia en contra de Fernán Pérez de Andrade, para que deje la encomienda de Monfero.
Enrique III	1401, 18 de abril	Confirmación de todos los privilegios.
Juan II	1432, 12 de enero	Albalá para que el monasterio presente sus privilegios.
Juan II	1432, 24 de mayo	Confirmación de todos los privilegios.
Enrique IV	1457, 25 de enero	Confirmación de todos los privilegios.
Fernando VI	1747, 17 de marzo	Confirmación de todos los privilegios.
Carlos IV	1802, 14 de septiembre	Confirmación de todos los privilegios.

- (1) La Tabla 2 ha sido elaborada con información sacada de las obras de LÓPEZ SANGIL, J. L., Santa María de Monfero en sus documentos (1088-1300), Nalgures, T. XVI, 2020; Historia del monasterio de Santa María de Monfero; y “Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero”. Estudios Mindonienses, nº 18, 2003. SUÁREZ CONZÁLEZ, A. “Los dos memoriales de escrituras de fray Bernardo Cardillo Villalpando (Santa María de Monfero, 1616)”, Documenta y Instrumenta, nº 17, 2019. Para Alfonso X se ha tenido en cuenta la obra ANDRADE CERNADAS, J. M., y DOUBLEDAY, S. R., Galicia no tempo de Alfonso X, nº 114, p. 87. Y para Alfonso VII y Fernando II las colecciones de documentos gallegos de estos dos monarcas coordinadas por RECUERO ASTRAY. A partir de 1300 hemos tenido en cuenta a REIGOSA. R. Colección diplomática del monasterio de Monfero y los documentos originales del AHN, transcritos por Adrián Ares Legaspi.
- (2) LÓPEZ SANGIL, J., L., Santa María de Monfero en sus documentos (1088-1300), Nalgures, T. XVI, 2020, nº 376, p. 426. En realidad no es cierto que se exima al monasterio de pechos sino que se mantenga lo establecido sobre ellos por Fernando III, que a su vez manda respetar lo dispuesto por sus antecesores.
- (3) Véase LÓPEZ SANGIL, op.cit., nº 409, p. 467. Este documento, del que solo tenemos referencias, no es considerado por ANDRADE CERNADAS, J. M., y DOUBLEDAY, S. R. Posiblemente estemos ante una confusión con documentos del 26 del mismo mes y año.
- (4) AHN, Clero, SECULAR-REGULAR, Car. 505, N. 12. PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., “Diplomas gallegos de AlfonsoX”, Galicia no tempo de Alfonso X, nº 2, p. 49. Insertado en el privilegio de Alfonso XI de 25 de junio de 1313. Es posterior a 1270 porque se cita a Pontedeume. Nuno Pérez es citado como juez de Pontedeume en documento de 1272.
- (5) AHN, SECULAR-REGULAR, Car. 505, N. 12. Dentro del privilegio de Alfonso XI de 25 de junio de 1313. Transcripción de Adrián Ares Legaspi.
- (6) Incluido en documento de Alfonso XI de 1313,-6-24 (AHN, CLERO-SECULAR-REGULAR, Car. 505, N.11). Transcripción de Adrián Ares Legaspi.
- (7) Los documentos de Fernando IV fueron presentados por Pedro Ponce al abad, en 8 de octubre de 1310. AHN, Clero, secular-regular, Car. 505, N. 5. REIGOSA. R. Colección diplomática del monasterio de Monfero, nº 21. Transcripción de Adrián Ares Legaspi.

XOSÉ VÁZQUEZ BUGUEIRO E O XERME DO PROGRESISMO EUMÉS

Manuel Domínguez Ferro

“...pero al fin la causa de los hombres de la reacción, sin porvenir, sin juventud en el corazón, sin entusiasmo, sin fe en principio alguno, pusilánimes y egoístas, desaparecerá ante los ímpetus de la revolución que provocan, como las hojas secas de los árboles ante los huracanes del otoño”.

Xosé Vázquez Bugueiro

Introdución

Durante os anos 30 e 40 do século XIX, momento no que se produce a consolidación en España do réxime liberal, Pontedeume foi un activo núcleo do liberalismo progresista, e a vila, como xa sinalara Antonio Couceiro na súa *Historia de Puentedeume y su comarca*, non permaneceu allea aos numerosos levantamentos que se están a producir no conxunto do Estado¹.

O obxectivo deste traballo é o de analizar a actividade da agrupación progresista de Pontedeume e retratar aqueles que lideraron a mobilización política ao longo desta etapa, especialmente Xosé Vázquez Bugueiro, cuxa importancia trascendeu o ámbito local, ben como membro das diversas xuntas que se constituíron na esfera provincial, ben como deputado en Cortes durante as lexislaturas de 1843 e 1854, converténdose nunha das figuras máis destacadas do progresismo coruñés.

As elites emerxentes

Dende a segunda metade do século XVIII, motivado fundamentalmente pola expansión que está a experimentar o comercio marítimo, Galicia convértese en terra provisoria para unha burguesía ávida e emprendedora. A súa procedencia é diversa, destacando sobre todo os cataláns (Vadell, Illá), aínda que non faltan vascos, leoneses (La Riba, Noboa), casteláns (Rojo) ou asturianos (Fernández Casariego, Suárez Pola). O seu destino principal é A Coruña, pero moitos diríxense tamén ás vilas costeiras, onde se adicarán nunha primeira fase á industria da salga de sardiña. Meijide Pardo data en 1750 a chegada a Pontedeume dos primeiros fomentadores cataláns². Posteriormente ocuparanse tamén da im-

1. COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1971), *Historia de Puentedeume y su Comarca*, Pontedeume.

2. MEIJIDE PARDO, A. (1993), *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, Anuario Brigantino, nº 16, Betanzos.

portación de viños, como é o caso dos irmáns Josef e Tomás Vadell, de Vilanova i la Geltrú (Girona). Antonio Illá, da mesma localidade, tamén se adicou á industria da salga, negocio no que se asociou en 1832 con Francisco e Nicolás Roberes, que posuíron, xunto o seu irmán Benito, a máis importante fábrica de curtidos da vila. Outros negociantes de orixe catalá foron Jaime Moret, Ramón Rafols, Josef Solé, seu fillo Cristóbal, Josef Illá, todos eles de Cubells (Lleida); Juan Fontanals, de Vilanova i la Geltrú; Robert e Josef Guasch, de Altafulla (Tarragona)³. Tamén o comerciante Antonio Suárez Pola, de orixe asturiana (procedente de Luanco), adicado ao abastecemento de carne e ao comercio de curtidos; era, ademais, administrador das rendas e sinecuras do conde de Lemos, e Florencio de la Torre, comerciante e industrial da salga.

A actividade industrial centrouse nos curtidos. A primeira fábrica foi instalada a finais da primeira metade do s. XVIII por Thadeo Roberes, que pasou a seu neto Benito Roberes de la Peña a principios do novo século⁴. A segunda fábrica de curtidos foi fundada por José Andrés Varela en Augabar, que fora tamén interventor na Casa Alfolín do sal. Outra tería era a dirixida por Vicente Doce, que se mantivo ata 1820⁵. E en 1779 o asturiano Ramón Fernández Casariego fundaba outra fábrica de curtidos na vila⁶.

Moitos destes comerciantes acabaron establecéndose na vila e casando entre eles, como sucede co comerciante de Bergondo Clemente Otero, que casa con Andrea Rojo, ou Antonio Illá, casado con Josefa Vadell. Apelidos como Vadell, Illá, Rojo, Noboa será frecuente atopalos entre os que militaron nas filas do progresismo

Os problemas que sofre o comercio marítimo dende finais do século XVIII e a crise na que o país se ve sumido durante a Guerra da independencia, fixo que esta burguesía desviase gran parte das súas riquezas cara a valores máis seguros, como a adquisición de terras, rendas e inmobles. A procura de alternativas económicas é paralelo a un proceso de radicalización ideolóxica⁷. Esta radicalización, que a Guerra da independencia e o retorno ao Antigo Réxime potenciarán, dará orixe á aparición dunha primeira xeración de liberais, que en Pontedeume ten como figuras máis salientables o comerciante de orixe palentina Andrés Rojo del Cañizal, amigo e colaborador de Juan Díaz Porlier durante o pronunciamento de 1815 e tamén do xeneral Francisco Javier Espoz y Mina e da súa muller, Juana de Vega, deputado en Cortes durante o Trienio Liberal e intendente en varias ocasións⁸; o procurador do concello Lorenzo Gavino Irijoa e os xuíces Juan José Portal e

3. MEIJIDE PARDO, A. (1993), *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, Anuario Brigantino, nº 16, Betanzos.

4. NUÑEZ BARROS, R. (1994) *A industria do curtido en Pontedeume*, Cátedra: revista eumesa de estudos, Nº 1, Pontedeume.

5. MEIJIDE PARDO, A. (2000), *Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del s. XIX*, Anuario brigantino, Nº 23, Betanzos.

6. MEIJIDE PARDO, A. (1993), *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, Anuario Brigantino nº 16, Betanzos.

7. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1981), *Os primeiros liberais galegos*, Rev. Grial, Nº 74. Vigo. Según Josep Fontana (1979): *A estrutura económica manténse e a falta de reformas estruturais imposibilitará o crecemento da burguesía, danada tamén pola perda do mercado americano, todo o cal explica a súa radicalización. La crisis del Antiguo Régimen (1808-1833)*, Barcelona.

José Antonio García de Velasco. Esta xeración terá continuidade nunha segunda, que, na primeira metade do século XIX, será a encargada de afianzar as novas institucións do réxime constitucional.

Á segunda xeración liberal pertencen os máis renomeados políticos da Coruña durante este período que militaron nas filas do progresismo, como Vicente Alsina Selisis, comerciante de orixe catalá, alcalde da Coruña e deputado en varias lexislaturas dende 1836 ata 1856; Xosé Arias Uría, avogado e propietario de Betanzos, ministro de Graza e Xustiza con Espartero; Xosé M^a Suances, propietario de Padrón; e Xosé Vázquez Bugueiro, avogado e xuíz, a quen en 1939 o cónsul francés na Coruña relacionaba, nun informe ao seu goberno, co sector radical dos progresistas⁹. E entre os moderados Francisco del Adalid, concelleiro e oficial da Milicia Nacional; os Ferrer y Albá, Xoán Florez, Nicolás de la Riva, Xoán Coumes-Gay, Xoán Antonio Barrié, o arquitecto Faustino Domínguez e os irmáns Calderón Collantes¹⁰.



1. Retrato de Vicente Alsina Selisis

Xosé Vázquez Bugueiro nace en Meá (Mugardos) o 31 de marzo de 1809. Era fillo de Xóse Vázquez Novas, de Franza, e María Bugueiro, de Meá. Estuda primeiras letras en Pontedeume, na cátedra de latinidade. En 1827 ingresa na Universidade compostelá, onde inicia estudos de filosofía e logo de leis, acadando o título de bachiller en leis en 1835. Nestas datas instálase en Pontedeume como avogado, ingresa na Milicia Nacional e exerce de rexedor. En 1838 é designado alcalde primeiro e deputado provincial. En 1831 casa con Xosefa Rojo¹¹, filla de Andrés Rojo del Cañizal, que sae do cárcere en 1832, aproveitando a amnistía que o goberno de

Cea Bermúdez concede aos liberais que non votaron a destitución de Fernando VII en maio de 1823. Josefa morre en 1836 e froito do matrimonio foron dous fillos, Cristina e Constantino Vázquez Rojo. Este, que naceu o 31 de agosto de 1832, seguiría os pasos de seu pai e, ademais de ingresar na carreira xudicial como auditor de guerra, adicouse á política, sendo deputado por Cambados polo partido progresista, membro da Xunta Revolucionaria da Coruña en 1868 e gobernador da provincia entre 1871 e 1872.

8. DOMÍNGUEZ FERRO, M. (2009), *O deputado Andrés Rojo del Cañizal: trayectoria vital e compromiso político*, Rev. Cátedra de estudos, Nº 16, Pontedeume.

9. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2001), *Parlamentarios: biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, R.A.G., A Coruña.

10. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1997), *O liberalismo coruñés: a segunda xeración liberal da Coruña (1823-1846)*, R.A.G., A Coruña.

11. AMP. Padrón Xeral de Pontedeume.



2. Retrato de Xosé Vázquez Bugueiro

En 1840, tralo triunfo do pronunciamento progresista, Xosé Vázquez é nomeado xuíz de Carballo. O seu cargo estivo suxeito aos vaivéns políticos. En 1854 era maxistrado da Audiencia de Cáceres, da que pasará en 1856 a Barcelona, onde foi presidente de sala ata o seu traslado a Oviedo, onde era supernumerario en 1869 e tras un breve paso pola Audiencia de Granada.

O acceso aos órganos de poder local

A condición da vila como cabeceira comarcal e sede xudicial explica a presenza dunha numerosa burguesía de toga composta por avogados, xuíces, notarios e funcionarios

do goberno local que asumirán un papel protagonista na actividade política, e así vémolos encabezando as listas electorais, ocupando os cargos municipais e tamén os mandos da Milicia Nacional.

Trala longa paréntese absolutista de Fernando VII restablécese o réxime municipal liberal¹². O estudo das actas municipais revela, dende mediados dos anos trinta, o ascenso ao goberno local de elementos burgueses comprometidos coa causa liberal, ao tempo que se produce a retirada da fidalguía, ata agora posuidora en exclusiva do poder nos concellos; aínda que a procura de alianzas matrimoniais coas elites burguesas lle permitirá sobrevivir na escena política¹³.

Na Corporación que sae dos primeiros comicios celebrados trala morte de Fernando VII baixo o amparo da Constitución de 1812, identifícanse, entre estes novos homes, o alcalde Manuel Punín, boticario e facendado, subtenente da Milicia Urbana da vila; ao

12. Coa reforma da administración local, o Concello pasa a estar formado por un alcalde primeiro, outro segundo, seis rexedores, un procurador e un secretario.

13. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1991), *La sociedad gallega contemporánea, tradición y modernidad, Historia de Galicia*, Tomo V. A Coruña. O seu papel será outro a partir deste momento: o seu apelido servirá, por medio do matrimonio, para dar lustre ás emerxentes familias de negocios que gozan de patrimonio pero carecen de avoengo.

tenente de alcalde Nicolás Antonio Pereira, comerciante; a Xosé Vázquez Bugueiro, primeiro rexedor e subtenente da Milicia. E outros rexedores, como Nicolás Irijoa y Bermúdez, fillo de Lorenzo Gavino Irijoa, avogado, xuíz, facendado e comandante da Milicia; Santiago Abella, comerciante, e tamén Xosé Rodríguez e Xosé Vázquez Celada. Aquí atopamos o primeiro núcleo progresista da vila. Durante os axitados anos das rexencias –a de M^a Cristina primeiro e a de Espartero despois– será este grupo, que liderarán Xosé Vázquez e Narciso Irijoa, quen monopolizará os cargos municipais e os mandos da Milicia Nacional. Tamén o secretario municipal, Xoán Xosé Lores, foi un significado progresista. A partir de 1844 e durante a década moderada, os progresistas son afastados das institucións, quedando reducida a súa presenza, e só durante un tempo, ás Deputacións.

Ao tempo que se libraba a primeira guerra carlista (1833-1839) o réxime constitucional daba os seus primeiros e vacilantes pasos. Se o morno liberalismo que emanaba do Estatuto Real, promovido por Javier de Burgos e Martínez de la Rosa, non satisfacía a amplos sectores do liberalismo máis radical, as reformas que nun sentido máis acorde con este introduciu o goberno progresista de Calatrava e Mendizábal, en especial a constitución de 1837, provocan o rexeitamento do partido moderado capitaneado pola rexente. E neste contexto onde se desenvolven as pugnas entre os dous sectores do liberalismo, moderados e progresistas, que provocarán unha constante inestabilidade, como proban os seis procesos electorais e os máis de once gobernos que se suceden ao longo de esta etapa.

A confusión que xeran os constantes cambios políticos ocultan, ás veces, a loita de forzas que operan nun plano máis fondo, como observou Karl Marx nas súas reflexións sobre a revolución liberal en España e que revelan, entre outras, a discordancia que existía entre a política da corte e a que se desenvolvía nas vilas e cidades:

Os historiadores, en vez de descubrir os recursos e a forza deses países na súa organización provincial e local, limitáronse a tomar os seus materiais dos almanaques da corte (...)

O que chamamos estado no sentido moderno da palabra non ten verdadeira corporización fronte á corte, por causa da vida exclusivamente provincial do pobo, se non é no exército. (...) A peculiar posición de España e a guerra pola Independencia crearon condicións nas cales o exército resultou o único lugar no que podían concentrarse as forzas vitais da nación española¹⁴.

O pronunciamento de 1840 en Pontedeume

Elemento clave da disputa entre os dous partidos é a reforma do réxime local, cuxa modificación nun sentido centralista está na orixe do levantamento de 1840.

14. Karl MARX e Friedrich ENGELS (1960), *Revolución en España*, Ariel, Barcelona.

As eleccións que se celebran en xullo de 1839, durante a presidencia do moderado Evaristo Pérez de Castro, deron a maioría aos progresistas. A inquietude dos progresistas polas políticas centralistas dos moderados saen a relucir na campaña electoral:

Uno de los puntos principales que por la opinión pública y por la voluntad explícitamente consignada de los electores se encomienda a los diputados que sean elegidos por el partido progresista es el asegurar la libertad e independencia de los ayuntamientos. En esta parte, la conducta observada por las últimas Cortes es extraordinariamente notable, porque acaso en ninguna otra materia hayan podido acreditar más su espíritu retrógrado, y sus miras de encadenar la libertad, quitándole los elementos y órganos más favorables y ventajosos¹⁵.

Na provincia da Coruña a candidatura progresista estaba encabezada por Vicente Alsina. Xosé Vázquez é elixido deputado suplente por esta circunscrición. O periódico progresista *El Eco del Comercio* alude aos manexos electorais do ministro de Gobernaación, Saturnino Calderón y Collantes, e do xefe político, Laureano Sanz:

En Santiago, Betanzos, Puentedeume, Cambre y Narón fue aún ventajosa la elección. Ignoramos aún la de seis distritos, pero desde luego puede asegurarse que no saldrá ningún retrógrado en primer escrutinio.

Parece seguro el triunfo de la candidatura progresista de esta provincia, aunque haya de haber segundas elecciones. Por lo que se sabe de los distritos creemos que en primeras sólo obtendrán mayoría tres o cuatro candidatos, entre ellos los señores Ferro Montaños y Campuzano, habiendo reunido el primero sólo en siete distritos, cuya votación final se conoce, más de 4500 votos.

Mucho, muchísimo han trabajado los retrógrados para vencer a sus contrarios; grandes y desusados manejos e intrigas de todas clases se han puesto en juego. Algunas autoridades superiores los han protegido eficazmente sin reparar en los medios... si fuese necesario se nombrarían las que se han escedido en las elecciones (...)

Para que no se frustre el triunfo del progreso en las segundas elecciones, es necesario que los sugetos de ésta opinión más influyentes en la Coruña y Santiago se entiendan y acuerden entre sí, y de buena fe prescindiendo de intereses locales que deben ceder a otros más vitales y de más elevada importancia¹⁶.

15. *El Eco del Comercio*, 7-8-1839.

16. *El Eco del Comercio*, 7-8-1839.

Entre os proxectos de reforma que pretende levar a cabo o gabinete moderado de Evaristo Pérez de Castro figuraba unha lei de concellos cuxo obxectivo era exercer un maior control por parte do goberno sobre as administración locais, ata entón en mans, sobre todo, dos progresistas.

As Cortes, convocadas en setembro para aprobar o Convenio de Oñate que puxo fin á primeira guerra carlista, tiveron unha curta vida: en outubro Pérez de Castro disolveunas coa intención de obter unha maioría moderada para poñer en marcha as reformas.

Nas eleccións de xaneiro de 1840 os moderados obteñen a maioría. O goberno, como era habitual, recorre á manipulación electoral e á destitución de empregados públicos para asegurar o resultado, como foi no caso de Andrés Rojo. E na Coruña a oposición do Concello motivou o encarceramento do alcalde Vicente Alsina e a declaración de estado de sitio.

*Las deposiciones de empleados beneméritos y traslaciones de algunas autoridades de quienes se recelaba su acatamiento y respeto a la ley llegan ya a un número excesivo. El señor Rojo, contador principal de rentas de esta provincia fue separado de su destino*¹⁷.

A nova maioría permitiu emprender, a partir de marzo de 1840, as reformas previstas polo gabinete moderado a instancias da rexente, nomeadamente a reforma electoral, que restrinxía a participación política e apostaba polos distritos uninominais, máis favorables ao voto moderado; unha nova lei de imprenta, que permitía un maior control sobre a prensa; e, sobre todo, a lei de concellos, de orientación claramente centralista, que establecía que os alcaldes¹⁸ fosen nomeados polo goberno, convertíndoos nunha figura clave na elaboración do censo electoral e na organización da Milicia Nacional. Estas medidas, sumadas á lei de dotación do culto e clero, que devolvía os seus bens ao clero secular, suscitaron a forte oposición dos progresistas.

Alentadas por estes as protestas multiplícanse en cidades e vilas, e ante o cariz que toma o movemento, Pérez de Castro vese obrigado a dimitir. En xuño María Cristina marcha a Cataluña, onde Espartero –figura clave do momento e líder dos progresistas– trataba de acabar coa resistencia das forzas carlistas de Cabrera, co obxectivo de gañarse o apoio do xeneral, ofrecéndolle a presidencia do consello de ministros. Pero este esíxelle garantías de que se mantería a Constitución de 1837, a disolución das Cortes e a anulación das reformas. Con todo, a rexente sanciona a lei de concellos o 14 de xullo, o cal provocará o estalido popular, que se inicia o 18 de xullo coas manifestacións da Milicia Nacional de Barcelona, movemento que prenderá por todo o país. A gravidade dos feitos leva á rexente a designar presidente do executivo a Antonio González, home próximo ao xeneral Espar-

17. *El Eco del Comercio*, 11-1-1840.

18. Os tenentes de alcalde das capitais de provincia e os alcaldes das cabezas de partido polo xefe político.

tero. Pero a oposición da Coroa ás medidas que o novo gabinete formulaba (anulación da reforma municipal, redución das competencias da Coroa e disolución das Cortes) precipitan a saída do goberno de Antonio González en agosto.

Ao tempo que a rexenta partía de Barcelona cara a Valencia fuxindo dos disturbios, o 1 de setembro prodúcese en Madrid un movemento insurreccional que institúe unha xunta de goberno con carácter de goberno provisional, presidida polo propio alcalde, Joaquín Ferraz. O exemplo de Madrid esténdese por todo o territorio, constituíndose xuntas que asumen o goberno nos seus distritos. As demandas das xuntas radicalízanse e Espartero, nomeado presidente do Consello o 16 de setembro, entra triunfalmente en Madrid para formar goberno. Insiste á rexente para que disolva as Cortes e derroque a lei de concellos e, ante a súa proposta dunha correxencia, esta presenta a renuncia o 12 de outubro. Poucos días despois embarca rumbo a Marsella e Espartero é elixido rexente interino, cargo que ocupará dende outubro ata maio de 1841.

En Galicia o movemento esténdese polos cuarteis, as sociedades patrióticas, a Milicia Nacional e a xuventude universitaria¹⁹. En Santiago constitúese o 24 de xullo unha xunta da que forman parte personalidades destacadas do progresismo, como Hipólito Otero, Pío Rodríguez Terrazo, Neira de Mosquera e Romero Ortíz. E, a pesar do decreto de estado de sitio que publica o día 8 de setembro o capitán xeneral, Laureano Sanz, Vigo, Ferrol, Betanzos pronúncianse o día 10. A Coruña e Lugo farano ao día seguinte; Compostela e Pontedeume dous días despois. A principios de setembro Espartero envía a Galicia o xeneral Martín José Iriarte para coordinar o alzamento.

Na Coruña fórmase tamén unha Xunta Provisional Governativa que preside o alcalde Xosé Cepeda e que ten como vogais, entre outros, a Vicente Alsina, Santos Allende e Nicolás de Luna. Estas xuntas organízanse tamén nas vilas, como é o caso de Betanzos ou Pontedeume. O pronunciamento do Exército, favorable ao movemento, obriga a Sanz a dimitir o día 16. O 26 de setembro as diversas xuntas deciden constituír unha Xunta Superior Central de Galicia. Dela formarán parte, en representación da provincia da Coruña, os deputados Vicente Alsina, Francisco González e Hipólito Otero; de Lugo os deputados Xosé Becerra e Xosé Arias de la Torre; de Ourense Xoán Mosquera e o deputado Mauricio García; e de Pontevedra Manuel Otero e Pedro Llanes. O día 28 é disolta polo novo capitán xeneral de Galicia, Martín José Iriarte, alegando que era innecesaria. As súas funcións son encomendadas á Xunta da Coruña, da que era presidente Iriarte.

Unha práctica constante das novas autoridades, unha vez asegurado o éxito do levantamento, era a de prescindir das xuntas, por temor á deriva revolucionaria que estas, dado o seu carácter democrático, puidesen imprimir ao movemento.

Pontedeume sumouse á sublevación da Coruña o 12 de setembro. Constitúese unha Xunta Provisional de Goberno que preside Andrés Rojo e na que están presentes Xosé Vázquez, Narciso Irijoa, Xosé Sedes, Xoán Xosé Lores e Domingo de Murcia. Ao mesmo

19. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela.

AL HEROICO VECINDARIO
DE PUENTEDEUME.
SU JUNTA PROVISIONAL DE GOBIERNO.

CIUDADANOS: Hollada la Constitucion por algunos espúeos que habian jurado observarla, violentada la voluntad nacional en las últimas elecciones para aparentar en las Córtes una mayoría ficticia, y llevada la avilantez y el perjurio hasta el extremo de querernos arrancar á la fuerza nuestros fueros municipales sacramentados bajo la antigüedad de tantos siglos, preciso fué á la Nacion alzar su imponente grito, y en uso de sus imprescriptibles derechos y soberanía, lanzar un voto de excomunion á los tiranos.

Este leal vecindario acaba espontáneamente de seguir la honrosa y patriótica marcha de la Capital de la Monarquía, Ferrol, Coruña, Betanzos, Leon, Zaragoza y otras tantas poblaciones de primer orden, que juraron antes perecer que ver destruida la Constitucion del Estado y hecho juguete de un club tenebroso, guiado por maquinaciones extranjeras, el trono augusto de nuestra inocente REINA. Tambien lo juró Puente deume, y esta Junta de Gobierno que habeis instalado, bajo las inmediatas órdenes de la de la Capital de la Provincia, promete no faltaros á la confianza con que le habeis honrado, y sostener á vuestro lado, hasta con sus vidas, la integridad y cumplimiento de nuestro Código fundamental.

CIUDADANOS: á vuestro pronunciamiento acompañó la sensatez, la cordura, el valor y patriotismo que requieren los hechos heroicos, y al dirigiros por primera vez su voz la Junta provisional, os encarga, aunque no lo duda, que no desmentireis en lo sucesivo estas virtudes cívicas que os adornan.

VIVID y reposad tranquilos: la Junta vela sobre vuestros intereses y seguridad individual.

Sea el grito de todo buen Español: **VIVA LA CONSTITUCION. VIVA ISABEL II. VIVA LA INDEPENDENCIA NACIONAL.**—Puente deume 12 de Setiembre de 1840.

Andrés Rojo del Cañizal.

Presidente.



Narciso Irijoa.



José Sedes.



Domingo de Murcia.



José Vázquez Bugueiro.



Juan José Lores.

Srio.



tempo faise público un Manifesto apoiando o levantamento de Espartero, a Constitución de 1837 e as liberdades municipais: *llevada la avilantez y el perjurio hasta el extremo de quererlos arrancar a la fuerza nuestros fueros municipales sacramentados bajo la anti-güedad de tantos siglos*. O pronunciamento contou co apoio de toda a comarca.

Tralo triunfo do pronunciamento as xuntas locais e provinciais levarán a cabo unha depuración dos cargos municipais ligados ao goberno moderado; así, a Xunta local de Santiago procederá á destitución de alcaldes e ao desterro de varios cóengos. O mesmo labor repetirase por parte das xuntas de Betanzos, Muros, Padrón, Noia, etc²⁰. Do mesmo xeito, a Xunta Provisional de Pontedeume decretará, en novembro dese ano a depuración dos funcionarios vinculados á anterior administración²¹. As remocións na administración eran consecuencia inmediata dos cambios políticos e dan lugar ao coñecido fenómeno do cesante, sempre exposto ás mudanzas no poder, sendo un dos temas recorrentes na prensa e na literatura da época.

As vacantes cubriranse con elementos afíns e, así, a Xunta proverá de novos cargos á municipalidade co nomeamento de membros da Milicia Nacional e da agrupación progresista local, entre eles Gregorio Rodríguez, que é designado tercerista para a oficina de intervención de Ares; Leandro Varela, escribente para esta mesma administración, e Xoán Xosé Lores, que é repostado na contaduría de hipotecas. Tamén serán recompensados Xosé Vázquez, que é nomeado, en marzo de 1841, xuíz de primeira instancia do xulgado de Carballo; xunto con outros, como o deputado Manuel Fernández Poyán, que presidira a Xunta de Ortigueira e que é designado xuíz do mesmo concello. Así mesmo, Andrés Rojo é destinado á provincia de Pontevedra como intendente²².

Convocadas eleccións para febreiro de 1841, entre os candidatos máis votados en Galicia figuran Vicente Alsina, Xosé Arias Uría, o republicano Manuel García Uzal, Tomás Acha, Francisco González, Xesús Ferro Montaos, Xosé M^a Suances, Hipólito Otero, Xoán Francisco Fernández e Xosé Vázquez Bugueiro –que, xunto con Iriarte e Méndez de Vigo, é elixido deputado suplente–, os pesos pesados do progresismo na provincia. Comentando o resultado das eleccións, deste xeito tan rotundo expresábase o corresponsal de *El Eco del Comercio*:

20. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela. 1977.

21. Entre eles atopamos o interventor da administración de rendas Manuel Loredó, o escribente Xoán Álvarez Roibas, tamén de Ares, que é confinado na Coruña; a Ramón Couceiro, tamén escribente e xunto a seu fillo Benito, igualmente confinados na Coruña; a Antonio M^a Lafuente, procurador de causas, confinado en Vigo; a Tomás Lorenzo Ramonde, perito agrimensor, confinado en Santiago; a Ramón Barbeito, catedrático de latinidade e capelán de Cupeiro, que é separado de ambos destinos e mandado saír para súa vila de orixe; a Andrés Padín, separado da tercena sen soldo; a Xosé Caruncho, comandante de nacionais de Ares, que é suspendido do dito destino; a Xosé Antonio Amoeiro, escribente residente en Pontedeume, que tamén é mandado saír á súa vila de orixe; a Domingo Portela, que fora prior do convento de agostiños e mandado saír para a súa vila; a Xoán Romero, que é separado da secretaría do Concello de Castro; a Francisco M^a Ricoy, tamén separado da secretaría do Concello de Cabanas e da comandancia de nacionais do seu distrito; a Xacobe M^a Lafuente, secretario da asesoría de Mariña de Mugarodos; a Francisco Picos, estanqueiro de Miño; a Luís Canosa, secretario da axudantía de Mariña de Ares; a Manuel Vizoso y Silva, secretario da alcaldía segunda de Fene; a Blas Sol Pérez, promotor fiscal do xulgado de Pontedeume. *El Correo Nacional*, 5-11-1840

22. Para o xulgado de Pontedeume é designado Félix Cantalicio de Prat y de Miralles, nacido en Barcelona, cabaleiro da real e distinguida orde de Carlos III.

Una votación tan unánime prueba el buen sentido en que está esta provincia; y no debe sorprender a los retrógrados una opinión tan uniforme, porque saben bien que aún en el tiempo que ellos mandaban y estaban a la orden del día los estados de sitio, y todo género de amaños y violencias, Betanzos ha presentado en todas las elecciones casi el mismo número de votos en favor del progreso.

*Decimos esto por sí a nuestros adversarios se les antoja, como se les antojará, sospechar de la legalidad y moralidad de un acto tan solemne, tan público y en el cual salieron tan victoriosos los progresistas*²³.

As primeiras friccións entre os progresistas, que esixen o cumprimento estrito do programa progresista, e o rexente prodúcense co motivo do peche en febreiro das sociedades patrióticas, cuxa contribución foi esencial durante o levantamento e que o novo réxime consideraba perigosos núcleos de axitación. En Galicia tiveron importancia as da Coruña e Santiago. Tamén serán disoltas as xuntas, a excepción das instaladas nas capitais de provincia que, á súa vez, foron finalmente suprimidas en novembro dese ano.

Nas Cortes, que se reúnen en marzo, advertiuse o divorcio entre os progresistas civís e os militares partidarios de Espartero ou “ayacuchos”, así chamados os compañeiros de armas que combateron co xeneral na batalla de Ayacucho. Ademais da abolición dos foros de Navarra e a cuestión da titoría de Isabel II, que se resolveu designando a Argüelles como titor e a Xoana de Vega como aia, as Cortes tiveron que resolver o problema da definición do modelo de Rexencia. A maioría dos deputados, encabezados por Salustiano Olózaga e Joaquín M^a López, defendían unha Rexencia plural. Espartero e os ayacuchos estaban a favor da Rexencia única. Finalmente impúxose a vontade de Espartero, grazas, en parte, á actitude do Senado. A lista dos deputados galegos partidarios da Rexencia única foi reducida fronte a unha maioría de partidarios dunha Rexencia trinitaria. Acordada a Rexencia unitaria, na elección do rexente a vitoria de Espartero sobre o seu rival Argüelles foi rotunda.

Unha vez resolta a cuestión da Rexencia, Espartero dispúxose a disolver as Cortes, en maio de 1841, e nomeou xefe de goberno a Antonio González. A el débese o proxecto de lei de desamortización dos bens do clero regular e secular, que foron declarados bens nacionais. Foi a máis ampla desamortización de cantas se tiñan aprobado.

Mentres, M^a Cristina e a súa corte alentaban dende París, co apoio da monarquía de Luís Filipe de Orleáns, a conspiración militar moderada que, iniciada en outubro, co concurso dos xenerais Narváez, O'Donnell e Concha, e os civís Istúriz, Donoso Cortés e Alcalá Galiano, foi rapidamente sufocada, prolongándose algún tempo no País Vasco e Navarra debido á cuestión foral²⁴. O plan dos conxurados incluía o levantamento de

23. *El Eco del Comercio*, 12-2-1841.

24. GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1985). *De Espartero a la revoución gallega de 1846. La buena y mala fortuna del progresismo gallego*, Sada.

O'Donnell en Pamplona, Montes de Oca en Álava, Narváez en Andalucía, mentres, en Madrid, Concha e Diego de León encargárianse de reter a Isabel II. O plan fracasou pola intervención do coronel Dulce, que impediu a entrada en palacio das forzas de Concha. A nova motivou o envío polo Concello de Pontedeume, o 25 de outubro, dunha carta dirixida ao Rexente, onde se condenaban os feitos nos termos máis ampulosos:

Asombrado quedó este pueblo del terrible atentado de un puñado de ilusos que en la noche del 7 al 8 del actual intentaron robar a la España en un solo momento la libertad adquirida con la preciosa sangre de sus hijos en tantos años de desoladora guerra.

El resultado de su loca empresa les probó las pequeñas de sus fuerzas: como el humo han desaparecido sus esperanzas; y regocijado este liberal tanto como leal vecindario por el feliz éxito que tuvo tan nefando drama, acordaron todas sus autoridades, milicia nacional y empleados felicitar al Sermo. Regente del reino con la de que por acuerdo del ayuntamiento adjunta remito a vd. copia.

Sermo. Señor.- Un corto número de hijos desnaturalizados osó en la terrible noche del 7 del corriente atacar a mano armada el regio alcázar... ¡proyecto inaudito, crimen atroz que no tiene ejemplo en los fastos de la historia!!! En su loco desvario no intentaban menos los temerarios que arrancar de entre los leales a dos ídolos de su corazón, a la inocente Isabel (...) al trono de San Fernando.

Fallido salió por fortuna, Sermo. señor, tan nefando plan; las sacrílegas manos no llegaron, no, a empañar el precioso depósito encomendado a la lealtad de V. A. Diez y ocho valientes lo resguardaron con sus pechos de bronce; anonadaron los tiranos y contribuyeron notablemente a salvar la constitución del Estado. ¿Qué galardón será bastante a recompensar tanta heroicidad? Uno solo y el más grande sin duda, la gratitud y admiración de todos los verdaderos hijos de la patria.

Hoy, pues, Sermo. señor, que el genio del mal aparece otra vez en el horizonte político, el ayuntamiento constitucional de esta villa de Puente-deume, juez de primera instancia de su partido judicial, comandante militar, milicia nacional y empleados de hacienda se presentan animados de los más puros sentimientos no solo a felicitar a V. A. por el tiempo de la causa nacional en aquella tremenda noche, sino también para ofrecer a V. A. su débil pero patriótico apoyo si, lo que no esperan, la tea incendiaria arrojada por los traidores en algún que otro punto de las provincias vascongadas continuase atizando el fuego de la rebelión; no dudando V. A. que sabrán empuñar el fusil y acreditar a costa de su existencia que no en vano juraron fidelidad eterna a la constitución de 1837, al trono de la augusta Isabel y a la regencia del invicto guerrero que en las márgenes del Deva

dio la paz a los españoles; la que indudablemente sabrá ahora consolidar para siempre, aun cuando preciso fuere llevar a efecto las enérgicas medidas ofrecidas a esta magnánima nación.

Dios guarde la importante vida de V. A. S. muchos años. Casa consistorial de la villa de Puente deume y octubre 21 de 1841.- Serenísimo señor²⁵.

Como consecuencia da conspiración militar o goberno desenvolveu unha intensa represión contra os opositores e unha campaña de presión contra a prensa, suspendendo os xornais máis críticos. O responsable da persecución desta foi o promotor fiscal de orixe galega Cándido Nocedal. Froito dos seus esforzos foi o peche de xornais radicais como *El Cangrejo*, *El Huracán*, o galego *Santiago y a Ellos*, ou o moderado *El Correo Nacional*. El foi quen, en 1856, como ministro de Gobernación de Narváez, redactou a lei de prensa que impuxo a censura previa²⁶.

Conxurado o perigo militar os problemas para o goberno viñeron da oposición progresista, que tiña maioría nas Cortes. A intención do goberno de Antonio González era disolvelas e convocar outras novas co obxectivo de lograr unha maioría máis afectá.

O desencanto entre os progresistas contra o goberno do rexente non tardou en prender debido á deriva autoritaria do réxime, que se plasmou nas medidas excepcionais decretadas polo goberno a raíz do levantamento moderado de outubro. Ademais, a elección de Antonio González non fora ben recibida nas filas do progresismo, en especial nas faccións lideradas por Olózaga (os legais) e López (os puros).

A brecha aberta entre os progresistas faise máis profunda; gran parte do Exército mantén a súa lealdade a Espartero, mentres que os progresistas civís escíndense entre os partidarios do rexente ou ayacuchos, que en Galicia terán certa presenza en Lugo, Pontevedra e, sobre todo, nas cidades de Vigo e Ferrol, e os antiesparteristas, maioritarios en Santiago, A Coruña e Ourense²⁷.

É neste ambiente de desconfianza política cando, en maio de 1842, un grupo de deputados progresistas, aproveitando as críticas contra o ministro de Facenda pola cuestión da débeda externa, presenta un voto de censura contra o goberno, cuxa aprobación vai provocar a súa caída. A negativa de Olózaga e de J. M^a López a formar goberno levou a Espartero a nomear, en xuño, a José Ramón Rodil, un dos ayacuchos.

Pero foi, sen dúbida, o conflito en Barcelona coa Xunta Governativa que se establecera en outubro a crise máis grave á que tivo que facer fronte a rexencia. A súa orixe atópase no novo tratado comercial firmado con Gran Bretaña que se consideraba prexudicial para os intereses da industria téxtil. A presenza cada vez máis influente na xunta dos republicanos contribuirá á progresiva radicalización das súas posicións. En novembro

25. *El Eco del Comercio*, 25-10-1841.

26. GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1985), *De Espartero a la revolución gallega de 1846. La buena y mala fortuna del progresismo gallego*, Sada.

27. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela.

Espartero decretou a súa disolución e o estado de sitio. O capitán xeneral viuse obrigado a saír da cidade. De volta o día 3 de decembro, ordenou o bombardeo; a represión que lle seguiu foi en extremo violenta e xerou un forte descontento contra o goberno. A inestabilidade do goberno persuade a Espartero da necesidade de disolver as Cortes en xaneiro de 1843 e convocar unhas novas para abril.

As diferenzas no seo do progresismo, que se acentuaron durante a campaña electoral pola actuación das autoridades, con detencións policiais e destitución de xefes políticos, favoreceron o acercamento entre os progresistas, liderados por Olózaga, Cortina e López, e os moderados, e materializouse nunha coalición electoral entre ambas as dúas forzas. En Galicia as xuntas debatéronse entre tres posicións: a sostida polas xuntas de Vigo e Ferrol de adhesión inquebrantable ao rexente; a de Lugo e Ourense, que pretendían manter ao rexente, pero condenaban a súa camarilla e o acordo cos moderados; e o da xunta da Coruña, onde os partidarios de López eran maioritarios e manifestábanse a favor dun acordo cos moderados. De feito, a candidatura progresista na provincia estivo encabezada polo mesmo Joaquín M^a López.

As eleccións de febreiro supuxeron unha vitoria rotunda para os progresistas antiesparteristas. En Galicia acadan unha ampla maioría. Entre os candidatos da provincia figuraban Joaquín M^a López, Vicente Alsina, Xosé M^a Suances, Xosé Arias Uría, Xoán Francisco Fernández, Manuel García Uzal, Xosé Vázquez Bugueiro –que obtivo 12 507 votos dun total de 16 285–, Hipólito Otero e Francisco Arias. Un dos deputados suplentes que resultou elixido nestas eleccións foi Patricio Rodríguez Díaz, de Pontedeume, fillo de Gaspar Rodríguez, que fora o primeiro alcalde constitucional do concello de Redes en 1812. Este avogado e capitán da Milicia Nacional de Pontedeume, que mantivo unha estreita relación con Xosé Vázquez, tamén formou parte dunha saga de tradición progresista ligada á vila que se prolongou durante o Sexenio revolucionario na figura dos seus fillos, Gaspar e Daniel Rodríguez, ambos deputados polo partido progresista²⁸.

No programa que presenta esta candidatura recollíanse as seguintes propostas: a defensa da Constitución de 1837, unha lei de concellos e deputacións que garantise a autonomía local, a reforma do sistema tributario, unha lei de responsabilidade ministerial e a auditoría de contas da actual administración²⁹.

As Cortes, convocadas polo Goberno Rodil, foron de moi curta duración, pois iniciadas as súas sesións, o 3 de abril, serán disoltas mes e medio máis tarde. A oposición progresista, co apoio dos moderados, logra a designación de López para a presidencia do goberno, pero a negativa de Espartero a aceptar o seu programa³⁰ leva á súa renuncia e ao

28. LÓPEZ NAVEIRAS, E. (2011), *La huella y el final de una saga familiar en el puerto de Redes: la familia Rodríguez-Rodríguez*, Rev. A Tenencia, Caamouco.

29. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1985), *Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos*, Rev. Anuario Brigantino, N^o 7, Betanzos.

30. López presenta a Espartero un programa de goberno que encontrará apoio tanto nos progresistas revisionistas como en certo sector do partido moderado. As bases de este programa político tendían a unha liberalización do réxime. GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1985), *De Espartero a la revolución gallega de 1846. La buena y mala fortuna del progresismo gallego*, Sada.

nomeamento polo rexente de Álvaro Gómez Becerra, ata entón presidente do Senado. A disolución da cámara, logo do famoso discurso de Olózaga, Deus salve o país!, Deus salve á raíña!, sinala a ruptura definitiva entre a Rexencia e o seu goberno, por un lado, e os progresistas antiyacuchos por outra.

Durante esta breve lexislatura non consta ningunha intervención por parte de Xosé Vázquez, aínda que formou parte da comisión de presupostos.

O levantamento de 1843

O gabinete de Gómez Becerra non contaba coa aprobación da maioría progresista. Unha proposición presentada polo deputado pola Coruña Manuel García Uzal a favor do goberno López, que contou co apoio da maioría, revelou a debilidade do goberno, que decidiu a disolución das cámaras e a convocatoria dunhas novas en agosto.

Este é o sinal que esperaban moderados e progresistas para iniciar o levantamento e o comité central creado por ambos partidos envía un grupo de deputados aos distritos onde tiñan influencia para organizar o movemento. Otero, Suances, Plá, Alonso, Arias de la Torre, Arias Uría, Fernández Poyán e Xoán Bautista Alonso son despachados a Galicia, onde van ter unha intervención fundamental na constitución e organización das xuntas.

O levantamento comeza o 23 de maio en Málaga e espállase logo polas grandes cidades, a excepción de Madrid e Zaragoza, que se mantiveron fieis a Espartero. En Galicia tivo un claro compoñente progresista. O obxectivo do mesmo era o restablecemento do goberno de López e a constitución dunha Xunta Central³¹.

En Santiago a Xunta estaba presidida por Hipólito Otero e entre os seus membros máis coñecidos aparecía Pío Rodríguez Terrazo e Xosé M^a Chao. A de Lugo foi dirixida por Xosé Arias de la Torre, presidía a de Vigo Ramón Buch, a de Ourense Mariano Marqués e a de Pontevedra Ramón García Flores.

A Coruña pronúnciase o 18 de xuño. O mesmo día o capitán xeneral é relevado no mando polo coronel César Tournelle, que, ademais, se puxo á fronte da Xunta Provisional da cidade. O 19 pronúnciase Lugo, o 21 Vigo e Ourense; Ferrol mantívose fiel ao goberno. Confórmanse de novo xuntas locais e provinciais. Ao fronte destas recoñecemos as figuras máis sinaladas do progresismo galego. A Xunta de Goberno interina da provincia da Coruña, presidida por César Tournelle, conta entre os seus membros co alcalde, Xoán Vilar, o secretario da xunta e do concello, Andrés Mourín, o adiñeirado comerciante Bruno Herce, e outros progresistas da localidade, como Ramón Peón e Eduardo Chicharro.

Xorden tamén xuntas locais en Betanzos, Ortigueira, que encabezarán Fernández Poyán; Muros, Padrón, Noia, Corcubión, Ribeira. Na de Carballo atopamos á súa fronte a Xosé Vázquez Bugueiro, que nestas datas exercía de xuíz na localidade. Pontedeume con-

31. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela.

tou tamén cunha Xunta Provisional de Goberno que funcionou ata principios de xullo. Aquí o pronunciamento prodúcese o 25 de xuño aos gritos de “Salvación, unión e fraternidade” e foi liderado polo capitán da cuarta compañía da Milicia Nacional Gregorio Rodríguez y Allegue. Ao seu éxito colaboraron as forzas comandadas por Manuel Rilo, segundo comandante da Milicia da Coruña, cuxa acción quedou reflectida nas actas municipais, que destacan:

*os servicios eminentes a la causa de la libertad y a dicho pronunciamiento, acercándose con su pequeña columna de doce hombres de infantería (...) a este pueblo, y uniéndose con sus nacionales (...) y haciendo con sus acertadas disposiciones y pericia militar salir de esta repetida villa cuarenta hombres del provincial de Tuy que con sus jefes querían oponerse al pronunciamiento*³².

Unha vez máis comprobamos como a Milicia Nacional serviu de forza de choque e de instrumento de mobilización política por parte dos progresistas nas vilas pronunciadas³³.

É interesante facer notar como tamén aquí se produciu a división entre o sector antiesparterista e o ayacucho, tal e como deixa dito Narciso Irijoa, como comandante da Milicia Nacional da vila, nun comunicado publicado no xornal moderado *El Centinela de Galicia*:

*(...) el Lic. D. Fernando Varela de esta vecindad, abogado hoy del ilustre colegio de esa audiencia, el día 25 de junio último, cuando esta villa estaba para pronunciarse y proclamar la unión de todos los españoles, se presentó en la plaza con sable en mano frente a la casa consistorial unido a una poca tropa que aquí había, que asestaban sus fusiles preparados al ayuntamiento que se hallaba reunido, gritando (a pesar de haber publicado poco había en un injurioso impreso que él no era ayacucho) «viva el Regente, mueran los traidores»*³⁴.

As proclamas das xuntas manifestan as fortes diferenzas que existían entre elas, pois mentres as de Lugo, Pontevedra, Vigo e Ferrol fan recaer as críticas na camarilla que rodeaba o rexente e reclaman un cambio de goberno e a formación dunha Xunta Central, as de Santiago, A Coruña e Ourense avogan pola destitución de Espartero. Pero se en algo existía coincidencia era na condena pola disolución das Cortes e na defensa do goberno de López. Moitas das xuntas, ademais, compartían o mesmo receo pola actuación que estaban levando a cabo os moderados, sobre todo en zonas do leste e sur peninsular, onde o

32. COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1971), *Historia de Puentedeume y su comarca*, Puentedeume.

33. DOMÍNGUEZ FERRO, M. (2018), *Salvación, unión e fraternidade. A Milicia Nacional de Puentedeume*, Cátedra: revista eumesa de estudios, Nº 25, Puentedeume.

34. *El Centinela de Galicia*, 13-12-1843.

levantamento era liderado polos seus xefes militares, Ramón Narváez e Manuel Gutierrez de la Concha.

A mediados de xullo o triunfo do movemento parece asegurado. As xuntas acordan constituír o 15 de xullo unha Xunta Central con sede en Lugo que vai estar integrada por representantes das xuntas provinciais. Xosé M^a Suances foi elixido presidente; Xosé Arias, vicepresidente; Hipólito Otero secretario, e Manuel Fernández Poyán, vicesecretario. Pouco duraría, pois é disolta o 15 de agosto, en cumprimento da orde emitida a principios deste mes polo ministro de gobernación do novo goberno, que suprimía todas as xuntas, a excepción das provinciais. Neste breve período, ademais, a Xunta Central tivo que facer fronte á oposición dalgunhas das xuntas provinciais, sobre todo as da Coruña e Lugo.

As tensións que se viven seo da xunta coruñesa explicarían os cambios que se producen a finais de xuño, cando se incorporan a esta Xosé M^a Suances como vicepresidente, Xosé Vázquez Bugueiro, Xoán Tenreiro, Xosé Pérez, Manuel Fernández Poyán, Manuel Espiñeira e Ramón Fernández Soto. A mediados de xullo Xosé Vázquez pasará a ocupar a vicepresidencia e Xoán Xosé Lores, o secretario do concello de Pontedeume, a secretaría³⁵.

Segundo Barreiro Fernández³⁶ na xunta predominaban os elementos moderados. Non obstante a situación resulta algo máis confusa, pois temos motivos para crer que o que realmente se produciu foi unha pugna entre o sector progresista e o moderado, que finalmente logrou impoñerse, logo do golpe contrarrevolucionario do 22 de xullo.

A crise estala cando o 11 de xullo a Xunta Central fai público un manifesto no que, ademais de reivindicar o goberno de Joaquín M^a López, reclamaba Cortes constituíntes. O 21 de xullo os moderados, co concurso dalgúns mandos militares, forman unha nova xunta na Coruña, á fronte da cal sitúase Joaquín Fontanilles, que substitúe a Xunta Provincial Progresista, desvinculándose, ademais, da Xunta Central de Galicia, a cuxos membros acusa de inimigos do trono, das actuais institucións e da orde pública establecida.

Unos cuantos individuos de los que componían parte de la junta central de Galicia (...) acaban de imprimir y circular con profusión un manifesto altamente sedicioso y subversivo, y que concitando a los pueblos todos a la más abierta rebelión, descubre evidentemente cuáles fueron siempre sus conatos, y la razón poderosa que tuvieron los coruñeses provisoros para hacer su glorioso alzamiento del día 21 de julio último.

Contra las disposiciones anárquicas de dicha junta central de Galicia, y en favor del programa del ministerio López que han sabido defender aquellos y dominar la situación de Galicia en este sentido, hasta con esposición de

35. Integrábana: Xosé María Suances, presidente; Xosé Arias de la Torre, César Tounelle, Manuel Fernández Poyán, Antonio Prado, Hipólito Otero (secretario), entre outros. *La Posdata*, 25-7-1843.

36. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela.

sus propias vidas (...) pero algunos anarquistas, tenidos por conspiradores, ora porque estuviesen vendidos al ex-regente, o al oro extranjero, o porque querían desunirnos e introducir la democracia pura, pretendieron apoderarse de la situación proclamando en la Coruña nuevos principios opuestos al verdadero pronunciamiento por medio de su programa del 11 de julio en que se pedían el gobierno de 9 de mayo, cortes constituyentes y junta central (...)

*Alarmada, pues, aquella plaza con tales tramas, dio la primera en Galicia por segunda vez, el grito de salvación, alzándose el día 19 de julio en masa, para recobrar el programa de López, proclamado el día 18 de junio anterior, y ratificarlo con la sangre de sus hijos si hubiera sido necesario (...). También los pueblos todos de Galicia se sostuvieron por los mismos principios salvadores proclamados el día 21 en la Coruña, escepto las juntas de Vigo y Santiago, y especialmente la central, que insistió ya débil, ya inconsecuente, en sus despropósitos comprobados en su manifiesto del 13 do agosto próximo pasado (...)*³⁷

Este conflicto está, sen dúbida, detrás da polémica que enfronta a Xosé Vázquez Bugueiro co moderado Fernando Calderón y Collantes³⁸, irmán do ministro, do que dá conta o impreso publicado en agosto de 1843 que, baixo o título “Unas cuantas verdades”, firman Xosé Vázquez Bugueiro e un grupo de progresistas coruñeses que formaban parte da Xunta no primeiro momento: Xosé M^a Pérez, Ramón Peón e Manuel Espiñeira. No escrito, ademais de defender o papel fundamental dos progresistas durante o alzamento e de respaldar a convocatoria de Cortes constituíntes, arremétese contra a traición dos moderados por querer apropiarse da dirección do movemento.

Todos los periódicos órganos de la fracción moderada habían reconocido que la situación correspondía al progreso, y solamente aspiraban a que su partido tuviera alguna representación en las últimas Cortes. Decretada su disolución que comprometió al país en el alzamiento, se lanzaron en medio de él los amigos políticos del Ministerio López-Caballero, y como el partido del señor Collantes no podía aparecer de frente porque el abuso de los principios y de las prácticas parlamentarias no debía suponerse motivo suficiente de inquietud para los hombres que habían abusado de unos y de

37. *El Eco del Comercio*, 9-9-1843

38. Anónimo, *Semblanzas de los 340 diputados a Cortes. Que han figurado en la legislatura de 1849 a 1850* (1850). Recuperado de <https://es.wikisource.org/wiki/Semblanzas:059>: *Para adular al poder se ha propuesto insultar al pueblo, y no ha tenido reparo en llamarle plebe asquerosa. Esa y otras lindezas parecidas le han valido el destino de magistrado de la Audiencia de Madrid con el sueldo de 40,000 rs. que sale de la plebe, sin embargo de ser asquerosa. Es su señoría de los que gritan y provocan y dan ocasión á escenas de bulla y alboroto: de los que aplauden a los ministros con exagerado entusiasmo: y ciertamente en nadie es más extraña esta conducta que en todo un señor magistrado. Fuera del Congreso es de condición más suave, y al ver su paso lento, lo concertado de sus maneras, lo afinadito de su fisonomía, y el barniz de sencillez con que la reviste, cualquiera le tendrá por un san Luis Gonzaga.*

N.º 6268

UNAS CUANTAS VERDADES

á Don

Fernando Calderon y Collantes.REAL ACADEMIA
GALLEGA
LA CORUÑA

6337

Biblioteca

Apenas, Fabio, lo que dices, creo,
y aunque tu carta persuadirme intenta,
mas me confunde cuanto mas la leo.

Escribía así un poeta cualquiera, y á otros hombres cualesquiera, en concepto del Sr. Collantes, que de buenos es el honrar, les parece que nada mejor que aquel terceto puede decirse al alegato, ó si se quiere, á la explosión de saña curial, que para inaugurar la reconciliación de los partidos políticos ha salido á luz el 22 del corriente. La coincidencia de haber algunas gentes alegres que en el día de la publicación recorrian las calles dando muertas á las personas aludidas en el escrito, parecería á muchos un señalamiento de las víctimas que convenia inmolar ante el ara inmunda de los fariseos políticos, y sin embargo de ser cosa averiguada que hay venas en las que no corre sangre sino veneno, lo que es á nosotros no nos ha parecido sino un exabrupto de aquellos con que el poco juicio y el prurito de figurar del Sr. Collantes alimenta de ordinario la curiosidad del público.

Como quiera que la calumnia aleve como la vívora haya tratado de verter sobre nuestros corazones toda la hiel que elaboran las entrañas de los calumniadores, seguros en nuestra conciencia, y por bien de esa misma enseñanza de reconciliación, hoy tan desgarrada, hemos guardado de propósito un silencio profundo; pero cuando D. Fernando Calderon y Collantes nos provoca é insulta en un escrito que con protestas de educación está empedrado de invectivas vergonzosas, callar ya sería mengua, y la prudencia no aconseja jamás con menoscabo de la honra.

A nosotros no nos toca, y menos al Sr. Collantes, decidir del mérito literario entre la producción del mismo y el manifiesto de D. Pedro Villar, cosa que habrán hecho ya los que algo entiendan de achaque de escribir; y si bien una producción que empieza con una nota pue-

otras tantas veces, forzosamente hubo de representar en el alzamiento el papel subalterno de cuerpo auxiliar. Sin embargo intentan ahora las tropas auxiliares apoderarse de todos los derechos más preciosos que creó la conquista, y hábiles en la estrategia política bautizan con el nombre de ayacuchos a los que concibieron, prepararon y dieron felizmente cima al pronunciamiento contra el gobierno Espartero (...)

Verdad es que los que militan bajo esta bandera de vanidad y egoísmo han leído en la nuestra con ojos encendidos por la cólera Cortes constituyentes (...)

No podía estar nunca en los principios de la Junta de provincia, ni hombre alguno liberal y sensato podía imaginarse siquiera que el gobierno hubiese de atentar por tantos caminos contra la ley fundamental del Estado (...); razón es esta que cumplidamente justifica el paso de la Junta de provincia al proclamar Cortes constituyentes³⁹.

Pola súa banda, a Xunta de Lugo opúñase á decisión da Xunta Central de transformar as xuntas provinciais en auxiliares da central.

A decisión do goberno López de suprimir as xuntas, que deixaban de seren gobernativas para converterse en consultivas, así como a disolución das corporacións municipais, substituíndoas polas existentes en 1842, xerou unha forte oposición entre moitos progresistas e motivou a protesta do Concello de Santiago, apoiado polos de Pontedeume, Ordes, Ortigueira, Muros, Padrón⁴⁰.

En Pontedeume a Xunta Provisional de Goberno é disolta a principios de xullo, conforme á orde emitida pola Xunta de Provincia, e as súas competencias foron transferidas ao Concello, así como a cantidade de dous mil seiscientos cincuenta e catro reais e dez e seis maravedís que a Xunta conseguira da Administración de Rendas Nacionais, e tres fusís⁴¹.

A resistencia de Ferrol motivou a decisión da Xunta Central de enviar unha columna ao mando do coronel Nicolás Luna para obrigar a cidade a sumarse ao movemento:

Junta de gobierno de la provincia de La Coruña.- La serenísima junta central del reino con fecha de hoy, entre otras cosas dice a esta provisional lo que sigue:

1. Que todas las fuerzas militares que se encuentren en las cuatro provincias de Galicia, marchen inmediatamente sobre Pontedeume a reforzar la columna del coronel don Nicolás Luna.

39. VÁZQUEZ BUGUEIRO, J., PÉREZ, J. M., PEÓN, R., ESPIÑEIRA, M. (1843), *Unas cuantas verdades*, Imprenta el Coruñés, A Coruña.

40. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1977), *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Ed. Pico Sacro, Santiago de Compostela.

41. COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1971), *Historia de Puente deume y su comarca*, Pontedeume.

2. Que las capitales, ciudades y villas, donde haya batallones de la Milicia que tengan compañías de solteros, se dirijan con la rapidez posible sobre el mismo punto con el indicado objeto y en los batallones donde no haya estas compañías se organicen inmediatamente, nombrando, con el carácter de provisionales, sus oficiales para marchar a dicho punto.

La pérdida del enemigo debe haber sido de mayor consideración que la nuestra, que sin embargo es bastante sensible pues hasta la fecha se cuentan 16 carabineros heridos, entre ellos lo es de gravedad el teniente don Domingo Abella, el que según noticias quedó en el pueblo y fue hecho prisionero; cuatro tiradores de Pontevedra y tres soldados de los provinciales, teniendo además que lamentar la pérdida de algunos muertos, entre cuyo número la mayor parte son carabineros. Mañana daré a vd. el parte detallado de la acción. Según noticias confidenciales, la pérdida de los rebeldes cuenta entre su número cinco oficiales⁴².

A Xunta de A Coruña cominaba, ademais, o Concello de Pontedeume –nun comunicado que firma o seu vicepresidente, Xosé Vázquez Bugueiro, e o secretario, Xoán Xosé Lores– a mobilizar cen nacionais co obxectivo de incorporarse á columna. Fracasado o intento de tomar Ferrol, a xunta da cidade envía unha comisión para negociar a súa adhesión á Xunta Central:

*La junta ha acordado que los comisionados del Ferrol se dirijan y entien-
dan con S. A. la junta central de Lugo, único gobierno que reconocemos los
gallegos libres, y que sin embargo continúen los aprestos militares y se lle-
ven á cabo las medidas salvadoras acordadas para dominar la situación
hostil de las tropas disidentes del Ferrol, hasta tanto que se sometan a la
autoridad de la junta central, y ésta disponga la cesación de las hostilida-
des o lo que crea más conveniente.*

*Y para conocimiento del público y a fin de que los enemigos del orden y
tranquilidad no extravíen la opinión desfigurando los hechos para alarmar
los ánimos, acordó esta junta publicar todas las comunicaciones oficiales
de esta clase. Coruña julio 19 de 1843.—El vicepresidente, José Vázquez
Bugueiro.—Juan José Lores, secretario⁴³.*

A formación do novo goberno liderado por Joaquín M^a López tivo lugar o 23 de xullo, unha vez derrotadas as tropas esparteristas en Torrejón de Ardoz. Narváez foi premiado co nomeamento de Capitán Xeneral de Madrid e Prim co de gobernador militar. As Cortes, que os sublevados prometeran convocar para o 1 de agosto, foron aprazadas

42. Boletín extraordinario do 17 de xullo firmado polo vicepresidente da xunta Xosé Vázquez Bugueiro. *El Eco del Comercio*, 26-6-1843.

43. *La Posdata. Periódico joco-serio*. 25-7-1843.

para outubro. A medida, xunto á disolución da Milicia Nacional, a negativa á constitución dunha Xunta Central na que estarían representadas todas as xuntas, a destitución de Argüelles como titor da raíña e de Xoana de Vega como aia, así como a declaración da maioría de idade da raíña (que era unha das principais demandas dos moderados), foron estendendo a desconfianza dos progresistas no goberno de López.

O goberno pretendía, ademais, rematar coa situación que dominaba en territorios como Galicia, onde as xuntas non acabaran de recoñecer o novo goberno. Por iso é enviado, nas primeiras semanas de agosto, un Exército de Operacións ao mando do xeneral Fernando Cotoner co obxectivo de disolver as xuntas. Sometida a Xunta Central e as xuntas provinciais, só quedaban as de Vigo e Ferrol á marxe do control do goberno. A situación complicábase no resto do Estado co levantamento de Barcelona, onde en setembro a nova Xunta revolucionaria reclama a formación dunha Xunta Central. A protesta é afogada cun novo bombardeo, pero o movemento contáxiase ao resto de Cataluña e, en setembro, sumáase Zaragoza.

En Vigo, onde a Milicia Nacional négase a acatar a orde de disolución, os esparteristas pronúncianse o 23 de outubro e organizan unha xunta que designa o xeneral Iriarte, que acabara de chegar do exilio inglés, Capitán Xeneral de Galicia. A cidade aspiraba incorporar á rebelión outras vilas e contaba coa simpatía de Ferrol e Ourense. O novo capitán xeneral nomeado polo goberno, Francisco Puig Samper, declara o estado de guerra en Vigo e envía o xeneral Cotoner. Este, aínda que primeiro vese obrigado a repregarse a Pontevedra, logra logo deter o avance de Iriarte cara a Ourense, onde o xeneral trataba de alzar a cidade, e, finalmente, reprégase cara a Portugal.

O tempo dos moderados

As eleccións celebradas en setembro configuran unhas Cortes de maioría moderada e un reducido peso da minoría ministerial. En Galicia o panorama electoral era especialmente complexo, pois mentres na Coruña a vantaxe foi para os moderados, en Lugo, non obstante, correspondeu aos progresistas, e en Ourense e Pontevedra houbo certa igualdade no resultado, cun maior predominio do voto progresista en Ourense.

Na provincia da Coruña a candidatura moderada estaba encabezada por Nicomedes Pastor Díaz e nela tamén figuraba o que fora deputado suplente por Lugo, Fernando Calderón Collantes. Nesta ocasión ningún dos progresistas da provincia –Alsina, Suances, Arias Uría, Xosé Vázquez Bugueiro– acadou a acta de deputado⁴⁴.

As Cortes reúnen-se en outubro e, logo de ratificar a maioría de idade de Isabel II, López presenta a súa dimisión ante a imposibilidade de sacar adiante a convocatoria de eleccións municipais e a reorganización da Milicia Nacional. Joaquín M^a López, cuxo

44. GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1985), *De Espartero a la revolución gallega de 1846. La buena y mala fortuna del progresismo gallego*, Sada.

gobierno fora habilmente manexado polos moderados para servir aos seus intereses, deixa paso a Olózaga, que se propuña impulsar un auténtico programa progresista, restablecendo a Milicia Nacional, concedendo unha ampla amnistía e recoñecendo os empregos, graos e honores concedidos por Espartero. A oposición nas Cortes da maioría moderada fixo que instara á raíña o decreto de disolución.

O decreto non foi publicado e Olózaga foi acusado polos moderados de presionar a raíña para que disolvese as Cortes. Isabel II designa entón o moderado Luis González Bravo como xefe de goberno, que propuña un programa netamente conservador, con medidas como o restablecemento da lei de concellos de 1840, a eliminación da Milicia Nacional ou a creación da Garda Civil. Comezaba, así, a Década moderada, caracterizada pola hexemonía dos moderados, que se manterán sen interrupción no poder ata que o pronunciamento de 1854 dea paso a un curto período no que progresistas e unionistas intentan dar un xiro ás políticas reaccionarias dos moderados.

Durante a Década moderada os progresistas atrinchéiranse nas Deputacións. A da Coruña contaba con maioría progresista e entre os seus deputados atopamos a Vicente Alsina, Xosé M^a Suances, Arias Uría, o avogado Chicharro, o comerciante Francisco Ferrer y Albá e a Xosé M^a Pérez, comerciante tamén, de Ferrol; pero a presidencia estaba en mans dun moderado, que decide cesar os progresistas pola súa oposición á lei de concellos⁴⁵.

Pouco se sabe das repercusións na vila de Pontedeume do pronunciamento de 1846, debido ao baleiro documental do arquivo municipal, salvo os escasos datos que reproduce Francisco Tettamancy en *La revolución gallega de 1846* e que posteriormente recolle Couceiro Freijomil na súa *Historia de Puente deume y su comarca*. Segundo estes o coronel Solís, fracasado o intento de conseguir a adhesión de Ferrol ao levantamento, decide retirarse a Santiago coas súas tropas. Permanece o día 20 de abril en Pontedeume, dende onde remite á Xunta de Goberno de Lugo a resposta á súa petición de reforzos, tres días antes da fatal batalla de Cacheiras, coa derrota das tropas provincialistas a mans das forzas do xeneral Manuel Gutiérrez de la Concha.

Ejército libertador.- División expedicionaria de Galicia.- E.M.G.- Con esta fecha oficio ala Excma. Junta de Gobierno de Lugo, participándole que desde Betanzos le remitiré, no tan sólo artillería sino también fuerzas suficientes para la defensa de la santa causa que tan heroicamente proclamaron el 2 del actual.- Al mismo tiempo pongo en conocimiento de S. V. como ayer dirigí todos mis esfuerzos a conquistar la plaza del Ferrol, teniendo, no tan sólo esperanzas sino probabilidades casi ciertas de que en todo el día tremolase en sus muros el pendón de la independencia nacional. Todas mis ilusiones y esperanzas fueron frustradas por la [indolencia?] de sus

45. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1985), *Xosé Arias Uría. Un ministro progresista de Betanzos*, Rev. Anuario Brigantino, Betanzos.

*habitantes. A su frente estuve todo el día sin que diesen la menor señal de vida, y a las siete de la noche me retiré a este punto para seguir la marcha a Betanzos.- ¡Patria y libertad!- Puente deume, 20 de abril de 1846.- El general en jefe, Miguel Solís y Cueto.- Señor Presidente de la Junta de Santiago*⁴⁶.

Tampouco temos suficientes datos da actividade dos progresistas eumeses nestes anos, por mor do retraemento electoral que practicou o partido durante o réxime isabelino. O falseamento electoral, ademais, afastou os progresistas dos órganos de representación. De feito, en 1852 Xosé Vázquez presenta unha denuncia, acompañado de Narciso Irijoa, Ramón Castelo, Xacobe Rodríguez, todos eles electores do distrito, ante o gobernador da Coruña pola exclusión de varios suxeitos das listas electorais⁴⁷.

A volta dos progresistas: as revolucións de 1854 e 1868

A raíz da revolución de 1854, iniciada en Madrid co pronunciamento de O'Donnell en Vicálvaro que, ademais de contar co firme apoio dos progresistas, sumou o de moderados descontentos co curso autoritario do réxime, os progresistas volveron ás institucións e recuperaron o poder municipal. En Ponte deume Narciso Irijoa accede á alcaldía, na que se manterá ata 1856.

En agosto de 1854 establécese unha Xunta Consultiva de carácter provincial, da que forman parte, entre outros, Vicente Alsina, Xosé Dalmau, Arias Uría e Xosé Vázquez Bugueiro. Podemos comprobar como reaparecen aquí algúns dos protagonistas do levantamento do 43. Velaquí a proclama que fai pública:

Habitantes de la provincia de la Coruña: Vuestra Junta acaba de instalarse a las diez de la mañana de hoy.

No quiere transcurra un instante sin espresaros su pensamiento. Está resumido en muy pocas palabras.

Contribuir, en íntima y fraternal armonía con las demás Juntas, a que los principios escritos en la bandera de Julio sea la base fundamental de nuestra regeneración política; que el Pueblo no se vea defraudado en sus legítimas esperanzas; que las promesas se conviertan en hechos; que la moralidad suceda a la dilapidación, la ley a la arbitrariedad, la libertad de los Pueblos al despotismo ministerial. No de otra manera puede ser fecunda la sangre vertida en Vicálvaro y en la heroica capital de la Monarquía, sangre generosa que ha hecho reverdecer el casi agostado árbol de la libertad.

46. COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1971), *Historia de Puente deume y su comarca*, Ponte deume.

47. Arquivo do Reino de Galicia (código de clasificación 1.2.2). Outros exemplos de vicios e ilegalidades nos distritos de Noia e Negreira durante as eleccións de 1839.

Coruña 8 de Agosto de 1854.- El presidente de edad, José Maria Suances, José Dalmau, Tomás Acha, Manuel F. Bastos, José Arias Uria, José Vázquez Bugeiro, Manuel Domenech, Manuel Fernández Poyán, Leandro Pita Lamas, secretario.

Durante o bienio (1854-1856) Xosé Vázquez foi elixido deputado. Con outros catro deputados (Alejandro Castro, Juan Diego Osorio, Ramón Somoza e Tomás Acha), apoiou a iniciativa presentada polo deputado coruñés Ramón de La Sagra, a principios de 1855, de atender as demandas dos emigrados galegos en Cuba que denunciaban as penosas condicións laborais da “Compañía patriótica-mercantil” do comerciante negreiro e deputado Urbano Feijóo Sotomayor que, en 1853, como alternativa ao emprego na illa de man de obra escrava, fundou a empresa co propósito de contratar man de obra barata para traballar nas obras do ferrocarril, nos cafetais ou nos enxeños azucreiros. As protestas dos familiares, que atoparon eco na prensa, motivaron o debate nas Cortes e a presentación da proposición do deputado Ramón de La Sagra ao goberno, que decidiu liberar os traballadores contratados dos seus compromisos coa empresa.

“Reclamando un urgente remedio a los inhumanos abusos a que está dando lugar la empresa de colonización de pobladores gallegos en la isla de Cuba, pido al gobierno que traiga para su examen y efectos consiguientes, el expediente de la contrata, conforme al cual se están haciendo dichas introducciones”⁴⁸.

A raíz de esta iniciativa creouse unha comisión parlamentaria formada por cinco deputados: Pedro Bayarri, Xosé Arias Uría, Xoán Bautista Alonso, Daniel Carballo e José Ordax Avecilla.

Xosé Vázquez tamén secundou, en febreiro de 1856, a emenda presentada polo deputado progresista Práxedes Mateo Sagasta á lei electoral de 1856:

*Pedimos a las Cortes se sirvan aceptar la enmienda siguiente:
En lugar de las bases 9a, 10a y 11a de la ley electoral se colocará la que sigue:*

“Base 9a 1o. No podrán ser elegidos Diputados y Senadores en las provincias en que tengan su residencia o ejerzan las funciones de sus destinos, los capitanes y comandantes generales de las mismas; los regentes, magistrados, fiscales de las Audiencias; los gobernadores civiles y sus secretarios, ni los administradores de rentas.

2o. Los ministros, los magistrados de los Tribunales Supremos, los directores generales de todos los ramos de la administración, los oficiales de las Secretarías del Despacho, todos los empleados de oficinas generales de la

48. CAMBRÓN INFANTE, A. (2000), *Emigración gallega y esclavitud en Cuba. Un problema de Estado*, Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, A Coruña.

corte que disfruten igual o mayor sueldo que los comprendidos en el párrafo anterior; y los empleados en la Casa Real, no podrán ser tampoco elegidos por la provincia de Madrid.

3o. Los jueces de primera instancia no pueden serlo en los distritos electorales que correspondan en todo o en parte a los partidos judiciales en que ejerzan su jurisdicción.

4o. No pueden ser elegidos Senadores por las provincias que correspondan en todo o en parte a sus respectivas diócesis, los Arzobispos, Obispos, Provisores y Vicarios generales.

Últimamente, no podrán ser elegidos Diputados ni Senadores los empleados en las provincias de Ultramar por ninguna de las que componen la Monarquía. “

Palacio de las Cortes 8 de febrero de 1856. =García Jové. =Práxedes Mateo-Sagasta. =A. de Echarrí. =José Vázquez Bugueiro. =Laureano G. Campoamor. =San Miguel. =Manuel Centurió⁴⁹

En 1868 foi home clave no triunfo en Pontedeume da Revolución de setembro⁵⁰. Nomeado comisionado da Xunta Revolucionaria de Ferrol, presidida polo tenente xeneral Blas García de Quesada, procedeu á destitución da corporación local e ao nomeamento doutra acorde cos principios da revolución Gloriosa. Na Xunta Revolucionaria de Ferrol participou en calidade de vicepresidente Gaspar Rodríguez, fillo do deputado Patricio Rodríguez, e membro do partido progresista, en representación do cal será elixido



5. Constantino Vázquez Rojo



6. Xosé Vázquez Bugueiro

deputado nas eleccións de 1869 polo distrito da Coruña, e, posteriormente, polo de Ortigueira, entre 1871 e 1873, e Pontedeume en 1884, cando substitúe a seu irmán Daniel.

En xullo de 1869, en nome da Xunta Provisional de Goberno do partido de Pontedeume Xosé Vázquez insta ás au-

49. *Los discursos parlamentarios de Práxedes Mateo-Sagasta*. Legislatura: 1854-1856 (Cortes Constituyentes de 1854 a 1856). Sesión: 8 de febrero de 1856. Cámara: Congreso de los Diputados Número y páginas del Diario de Sesiones: nº 307, 10.584.

50. DOMÍNGUEZ FERRO, M. (2014), *A Gloriosa en Pontedeume*, Cátedra: revista eumes de estudios, Nº 21, Pontedeume.

toridades municipais ao restablecemento da Milicia Nacional (*único baluarte donde se estrellan los golpes del despotismo*)⁵¹. Nese mesmo mes de xullo constitúese na vila un novo Concello: o secretario certifica que: *Habiéndose pronunciado este pueblo siguiendo el movimiento general de la Nación su Junta provisional de gobierno acordó renovar el Ayuntamiento*. E, de novo, Narciso Irijoa é nomeado alcalde primeiro.

Este é o último episodio dunha longa carreira política que remata co falecemento de Xosé Vázquez Bugueiro pouco tempo despois, en 1871.

Conclusiones

O achegamento ás transformacións políticas e sociais que supuxo a revolución liberal no conxunto do Estado español non é posible sen unha apreciación da súa diversidade territorial e das diversas circunstancias que se deron no ámbito local. A debilidade do Estado e o divorcio que existía entre a política da corte e as forzas que operaban nos ámbitos territorial e local, como explicaba Marx, obrigan a unha visión máis plural do proceso. Esta visión debe completarse co estudo da actividade política que os diversos grupos sociais, en particular as elites locais, desenvolveron ao longo do período.

Bibliografía

- ARTOLA, MIGUEL, *La burguesía revolucionaria*. Alianza Editorial. Madrid. 1973
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., LÓPEZ MORÁN, B., MÍNGUEZ GOYANES, X. L., *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia: Real Academia Gallega, 2001.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia contemporánea: política (S.XIX)*, Historia / coord. por Francisco Rodríguez Iglesias. Vol. 7. 1991,
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Pronunciamento do 1846 e rexionalismo galego*. Grial: revista galega de cultura. Nº. 50. 1975.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela. 1977.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846)*. Real Academia Galega. 1997.
- COUCEIRO FREIJOMIL, ANTONIO, *Historia de Puente deume y su Comarca*. Puente deume (A Coruña). 1971.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, EMILIO, *De Espartero a la revolución gallega de 1846. La buena y mala fortuna del progresismo gallego*. Sada-A Coruña. 1985.
- TUÑÓN DE LARA, MANUEL, *Estudios sobre el siglo XIX español*. Madrid. 1971.

51. AMP. Expts. MN caixa 1938-1973 229

UNHA OLLADA AO SEMANARIO

EL EUME

Sindo Vilariño

Este xornal, fundado e dirixido polo mozo eumés de vinte anos Juan Tejada Velasco, comeza a súa andaina o 16 de febreiro de 1890, con vocación de editarse cada semana. **Será o primeiro xornal publicado en Pontedeume**, unha vila aínda sen os cambios na súa fisionomía e na paisaxe que ocasionarán as futuras obras do ferrocarril. Nese ano, segundo o Censo de Poboación, ten unha poboación de feito de 8.496 habitantes, pois ten agregado dende o 16 de novembro de 1872 o extinguido concello de Vilarmaior composto de seis parroquias (Vilarmaior, Vilamateo, Torres, Doroña, Grandal e Güimil). O núcleo urbano ou Vila de Pontedeume ten unha poboación de 2.591 habitantes e as trece parroquias ou núcleo rural 5.905 habitantes. A vila concentra as actividades comerciais e servizos e as dependencias administrativas, a maioría do resto da poboación traballa no sector primario (labregos e mariñeiros).

A Corporación Municipal está composta por 16 concelleiros, sendo alcalde Juan Antonio Sardiña Barceló. Pontedeume era capital do partido xudicial do mesmo nome e cabeceira dun distrito electoral que elixía un deputado nas Cortes españolas, que nese ano era Enrique Sors Martínez.

Cabeceira



Título: EL EUME

Subtítulo: *Periódico independiente, eco de los intereses generales de esta región*

Período de Publicación: O primeiro número sae o 16 de febreiro de 1890 e o derradeiro número será o nº 28, do 31 de agosto de 1890. Suspendeuse a súa publicación sen previo aviso, *por causas de forza maior* non explicadas polo fundador no seu mo-

mento. Os poucos subscritores e escasa publicidade poderían estar detrás desta suspensión.

Parece ser que ao ano seguinte Juan Tejada volve a retomar a súa publicación nunha segunda etapa publicando o xornal durante tres ou catro meses, segundo el mesmo expón nun artigo co título “El Periodismo en Pontedeume” publicado no extraordinario de *Ecos del Eume* con motivo das festas patronais do 8 de setembro de 1910. Como afirma no mesmo artigo, *a fortuna non lle foi propicia, concluíndo de tal sorte o primeiro ensaio xornalístico en Pontedeume*. Desta segunda etapa non hai pegada de ningún dos exemplares publicados.

Periodicidade: Semanal. Distribúese aos subscritores os domingos pola mañá.

Idioma: Castelán, aínda que aparecerán de xeito esporádico algunhas poesías en galego.

Redacción e administración: Rúa Ferreiros 11 en Pontedeume e na rúa Real 30 na Coruña. Este último domicilio correspóndese co da imprenta Puga.

Director e Administrador: Juan Martínez de Tejada Velasco (1870-1958), este é o seu nome completo. Natural de Pontedeume, era un dos fillos de Juan Martínez de Tejada, deputado en Cortes polo distrito de Pontedeume na Primeira República.

Xornalista precoz en activo dende os quince anos, foi neses primeiros anos correspondente en Pontedeume de *La Voz de Galicia*, e con dezanove anos será o cronista para ese xornal do *Motín de Consumos* do domingo sete de xullo de 1889, día en que centos de persoas das parroquias se concentran diante do Concello e rúas contiguas para protestar contra o imposto de consumos terminando a protesta de xeito violento pola actuación da Garda Civil.

Correspondente de diversos medios de comunicación, foi redactor entre outros dos diarios *La Mañana*, *El Telegrama*, *El Noroeste*, *Diario de La Coruña*, *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, realizando neste último a maior parte do seu labor periodístico practicamente ata a súa morte.

Foi un dos cinco fundadores en 1904 da *Asociación de la Prensa de La Coruña* e formará parte por tres veces polo menos da súa Xunta Directiva.

Será o fundador e director do semanario *El Eume* e da revista semanal *Coruña Moderna* (1905-1907).

Estaba casado con Juana Barreiro Fariña, coa que terá cinco fillos. O seu domicilio familiar era na rúa de San Andrés 151, e traballou dende moi novo como funcionario do Goberno Civil da Coruña.



Juan Martínez de Tejada Velasco

Non sabemos moito das súas ideas políticas pero era amigo e simpatizaba co líder conservador Juan Armada Losada, Marqués de Figueroa, deputado moitos anos por Pontedeume e A Coruña, e ministro no goberno de Maura. Xa na segunda República aparece nas listas das eleccións lexislativas de 1933 polos *Radicales* da Coruña.

Decano dos xornalistas coruñeses, aínda exercía de correspondente de *El Correo Gallego* cando faleceu aos 88 anos na Coruña, o 24 de marzo de 1.958, dedicándolle *La Voz de Galicia* unha necrolóxica ao seu antigo redactor.

Prezos da subscrición: Pontedeume e toda Galicia, 0,50 pesetas ao mes; Provincias, 2 pesetas ao trimestre; e Ultramar, 5 pesetas ao semestre.

Imprenta: O semanario imprímese na Imprenta de Puga da Coruña, rexentada por José Puga.

Seccións: Na primeira páxina normalmente recolle artigos de contido diverso, sen editorial, xa nas páxinas seguintes a sección máis importante é a de **Noticias**, con párrafos curtos sobre temas locais típicos destes xornais: vida social, viaxeiros, actividades das sociedades ou movemento da poboación. Outras seccións serán **Crónica General**; **Variedades**; **Correspondencias** (informacións de colaboradores dende Fene, Ares, Maniños, Monfero, A Coruña, etc.); **Fiestas**, con información sobre todo tipo de festas na vila, nas parroquias e nas localidades veciñas: festas dos patróns, Entroido, romarías, etc. Nas páxinas tres e catro vai ir reproducindo, como *Folletín de El Eume*, a novela *Los Empleados* de Emile Gaborieau traducida do francés por Ricardo Caruncho e a partir do número 22 comeza a publicar a novela *Un drama en Cambre* da que é autor Ricardo Caruncho. A última páxina, a catro, estará dedicada maiormente a anuncios e publicidade do comercio local.

Descrición Física: Sae á rúa o semanario con catro páxinas e con tres columnas. O seu formato é homoxéneo, e non contén información gráfica nin gravados nin reprodución fotográfica

Colaboradores (sinaturas principais): Entre os colaboradores que figuran citados están Ricardo Caruncho, Valeriano Villanueva, Manuel Serapio, Antonio M^a Carrillo, Antonia Serapio, Galo Salinas, Vicente Pardo Tenreiro, A. Allegue ou José Fraga de Castro.

Sinaturas literarias: Na revista aparecen algunhas poesías en galego ou artigos de coñecidos autores como Salvador Golpe, Benito Losada, Aureliano J. Pereira, J. Pérez Ballesteros. Tamén reproduce artigos de Emilio Castelar, un de Benito Pérez Galdós e outro de José Zorrilla.

Localización: Na Biblioteca Municipal “Poeta Ramiro Fonte” de Pontedeume están os xornais publicados no ano 1890 (do nº 1 ao 28). Os publicados no ano 1891 non aparecen por ningures.

ANTONIO VEIGA RÍOS, *TOÑITO O XARRO: UNA VIDA TRUNCADA*

Carlos de Castro Álvarez
Eduardo Veiga Piñeiro

Introducción

La historia la escriben los vencedores. El renunciar a escribir la historia de los perdedores supone para ellos una segunda condena a muerte después de la muerte física, porque morimos físicamente y morimos de una forma absoluta y definitiva cuando ya nadie nos recuerde ni exista una sola línea escrita sobre nosotros. Durante mucho tiempo un silencio mortal cayó sobre los vencidos de la Guerra Civil, un silencio que se prolongó incluso más allá de la Transición, pero el recuerdo de los que murieron permaneció en la memoria de sus familiares como una dolorosa herida que era necesario curar. No se trata, pues, de recuperar la memoria, que nunca se perdió, se trata de verbalizarla, como bálsamo reparador, para salvar de la muerte absoluta a los que ya estaban muertos. Este proceso terminará cuando no quede ningún familiar vivo que recuerde, que busque o que verbalice. Entonces la Guerra Civil, como lo fue la Guerra de la Independencia o las Guerras Carlistas, quedará definitivamente enterrada en las bibliotecas y los centros de estudios; y entonces sí, la memoria será sólo una memoria histórica.

El tiempo pasa y los recuerdos se desvanecen, por eso no es extraño que hijos, luego nietos y biznietos, o sobrinos, se hayan apresurado a querer desenterrar, no sólo restos óseos, sino fotografías y documentos de todo tipo en un ejercicio de verbalización del recuerdo de tantas vidas injusta e irracionalmente truncadas, proceso que ha dado lugar a un sinfín de publicaciones de todo tipo.

Este es el caso de Antonio Veiga Ríos, cuya trayectoria vital, como tantas otras, quedó truncada en la flor de la vida, cuando tenía 24 años y estaba a punto de casarse, y este pequeño artículo es una modesta aportación de verbalización de su memoria.

1. Algunos datos personales

Antonio Veiga Ríos, conocido como Toñito o Xarro, nació en Pontedeume el 27 de julio de 1912. Era hijo del marinero Eduardo Veiga Piñeiro y de Alejandrina Ríos Pérez, de ocupación sus labores, ambos de Pontedeume. Sus abuelos paternos fueron Juan Veiga y Carmen Piñeiro; y maternos, José Ríos, natural de A Coruña, y María Josefa Pérez, ya fallecida en 1912.

Sabemos que estudió en la escuela del Pósito de Pescadores de Pontedeume.

Los Pósitos de Pescadores surgen en un momento de efervescencia del asociacionismo, como asociaciones mixtas, verticales, con participación de armadores y pescadores, con la triple vertiente de mutualismo, cooperativa y de crédito¹, con una preocupación educativa y cultural. Estaban financiados por la Caja del Crédito Marítimo, dependiente del Ministerio de Marina. El primer pósito de España se establece en Cambados en 1917, extendiéndose sobremanera durante la Dictadura de Primo de Rivera, hasta alcanzar el número de 50 al comenzar la República. Los primeros intentos en Pontedeume se producen en diciembre de 1922 con la reunión de 300 marineros de Pontedeume, Centroña y Boebre en el Palacio de Andrade. En enero de 1923 se reúnen, con la presencia de pescadores del Pósito de Mugarbos, para aprobar el reglamento, nombrar la directiva y pedir subvenciones². Se elige como presidente a Manuel Fernández Doldán; vicepresidente a Victoriano Vázquez Otero; secretario a Enrique Piñeiro Otero; y se nombra presidente y vicepresidente de honor a don José María Franco de Villalobos y al señor Ayudante de marina del distrito, don Evoaldo Iglesias Somoza.

En julio de 1923, bajo la dirección de Frutos Fernández, se inauguran las clases infantiles y la sección de cultura. Al año siguiente, la escuela tenía 124 niños y uno de ellos era Antonio Veiga, como hijo de marinero que era. Ese año se señala que:

*“En los exámenes del segundo semestre destacó por sus especiales conocimientos en Historia de España y Sagrada, Geografía y Aritmética los alumnos de las secciones quinta, sexta y séptima, Antonio Vázquez y Vázquez, Antonio Veiga Ríos, Jesús Piñeiro Allegue, Ramón González Reyes, Eugenio Placer López, Daniel Fernández Vázquez y José Bouza Varela”*³.



1. Véase FERNÁNDEZ CASANOVA, C., “Los Pósitos de pescadores: la vida del Pósito de Moaña a través de las memorias de Costa Alonso (1921-1939)”. Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XLVI, 111, 1999. Sobre el caso de Pontedeume, véase BRISET MARTÍN X., “Cidadás e cidadáns con dereitos (1800-1923). Unha xeración eumesa esquecida pola política de amnesia”, Xornadas sobre Historia Local de Pontedeume, 750 Aniversario, 2022.

2. El 25 de junio de 1923 el Ministerio de Marina le concede una subvención de 1500 pesetas.

3. El Ideal Gallego, 13 de agosto de 1924.

La prensa también se hace eco de que al final del curso de 1924-1925 el niño Antonio Veiga Ríos puso en escena el “gracioso y chispeante monólogo titulado *Las Amarguras de un polizonte gallego*, cuya acertada interpretación mantuvo constantemente la hilaridad del público, que premió la labor del pequeño actor con una ovación merecidísima”⁴.


Estas noticias nos hablan de un niño despierto, que aprendía con facilidad y con ganas de vivir la vida, como nos pone de manifiesto otra noticia del ideal Gallego, que de haber muerto Antonio de viejo hubiese sido una anécdota sin importancia en su vida, muy propia de la juventud: en 1929 fue sancionado por blasfemar, embriaguez y escándalo en la calle de la Atahona de Pontedeume, siendo multado con 25 pesetas junto con Fonte Martínez, Ramón Picos Veiga, Constantino Casanova y Francisco Amigo⁵.

Por entonces había ingresado ya como voluntario en el ejército, medía 1,61 m, pesaba 65 kilos, tenía pelo negro y ojos castaños


2. Trayectoria profesional

Se alistó en la Marina muy joven, a los 14 años, el 9 de agosto de 1926, reen-ganchándose al cumplir el servicio militar. En 1932 se inscribe por 2 años más para su ascenso a marinero fogonero en el Arsenal de Ferrol, jurando bandera el 14 de abril de 1933 en el crucero *Libertad*. El 19 de mayo de 1933 se le propone a aspirante a fogonero, siendo ascendido a marinero fogonero el 6 de octubre de 1933.

Hay que decir que la de fogonero era una de las categorías navales más bajas, hasta el punto de que muchos fogoneros eran analfabetos, que, como hemos visto, no era el caso de Antonio Veiga. Al estallar la Guerra Civil, la mayoría de los buques poseían propulsión de diesel y los fogoneros, en las categorías de fogonero, fogonero preferente y cabo fogonero, estaban en vías de extinción para ser reconvertidos en maquinistas. Con duras condiciones de trabajo, salario bajo y nulas perspectivas de ascenso, los fogoneros eran los más reivindicativos a la hora de exigir mejores condiciones laborales, y jugaron,



Acorazado Libertad



Acorazado Dato después de la Guerra Civil

4. El Ideal Gallego, 31 de julio de 1925.

5. El Ideal gallego, 10 de octubre de 1929.

formando parte de los Comités⁶, un papel importante en el intento de parar el golpe de estado.

Sabemos que en 1934 estaba destinado de fogonero en el *Dato*, barco que había sido botado en 1923 y entregado a la Armada en 1925. Este barco fue empleado desde el 6 de abril de 1934 en la ocupación del territorio de Ifni, territorio que había sido cedido a España en 1860. Su tarea consistió en el traslado de tropas, víveres y suministros desde Las Palmas a Ifni, siendo relevado en las islas Canarias por el cañonero *Cánovas del Castillo*. En la carta de servicio de Antonio Veiga figura la estancia de un mes y doce días en las operaciones realizadas en Ifni, en el cañonero *Dato*.

El Diario Oficial del Ministerio de Marina del 7 de noviembre de 1934 informa que con data de 2 de noviembre del dicho año Antonio Veiga Ríos pasa del *Dato* a la Escuadra⁷. Y en 1935 se le concede la continuación por tres años más, de tal manera que en 1936, al estallar el golpe militar, estaba en el *Libertad*, anclado en Ferrol.

Tanto en el *Dato* como en el *Libertad*, en los informes sobre su comportamiento, se dice que su conducta fue correcta o buena.

3. Víctima de la represión franquista

3.1 Datos generales

Los estudios de Xosé Manuel Suárez⁸ son fundamentales para calibrar la magnitud de la represión al estallar la Guerra Civil, tanto en Ferrol como en Pontedeume. Escribe el citado autor que se desarrolló una primera fase entre julio y noviembre de 1936, momento en que es asesinado Antonio Veiga, en la que predominan las ejecuciones sin juicio, teniendo lugar en estos 5 meses unas 500. Las ejecuciones totales superaron las 714, habiéndose inventariado más de 1000 procesos sumarios en 1936.

En Pontedeume, donde el autor considera que la represión fue especialmente dura, fueron 25 los vecinos ejecutados, tres de ellos fogoneros⁹: además de Antonio Veiga Ríos, Jesús Vázquez Varela, fogonero del acorazado España, quien fue juzgado por sedición en dicho acorazado y ejecutado en Val (Narón) el 26 de diciembre de 1936; y José Francisco Nicolás Leira Piñeiro, juzgado por sedición y ejecutado en Ferrol, en la punta del martillo del Arsenal el 30 de agosto de 1936. José Francisco posiblemente fuese hermano de Ángel Leira Piñeiro, vigilante de arbitrios de Pontedeume, condenado a 20 años por haber hecho guardia con armas en el puente de la villa.

6. Véase DIMAS BALSALOBRE, F., "El precio de la lealtad. La represión franquista contra la marina republicana". Actas de las II Jornadas Alumbra Alumbra. Julio 2017.

7. El Correo Gallego, 9 de noviembre de 1934. "Información Militar".

8. Véase Guerra e represión en Ferrol e comarca, 2002, *Crónica negra de la marinería Española. Represión en la Armada Española, Ferrol, 1936-1939*, 2014, y "A guerra civil en Pontedeume. Sublevación e represión", Cátedra, Monográfico, 75 Anos da II República, 2006. Sobre el tema véase también BARRERA BEITIA, E., *Ferrol, 1931-1952, De la República a la posguerra*, 2005; MÁIZ VÁZQUEZ B., *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra, Ferrol, 1936-1955*, 2004; e, del mismo autor, *Castelo de San Felipe, Cárcere e morte*, 2010.

9. Se considera que fueron 15 los fogoneros ejecutados en Ferrol y comarcas limítrofes.

3.2 Lo que sabemos

Para el caso de Antonio Veiga, los datos de que disponemos son limitados. Xosé Manuel Suárez¹⁰ y distintas entradas en Internet de la Memoria Histórica se limitan a dar su nombre, unas veces sin señalar su nacimiento o su profesión y a veces confundiendo su segundo apellido. Xosé Suárez nos dice que fue fusilado el martes 22 de septiembre, con otros 32 presos más sacados del *Plus Ultra*, en la Escollera, y enterrados en el cementerio de Serantes.

No hay duda de que en 1936 se encontraba sirviendo en el crucero *Libertad*. El día 18 de julio de 1936 dicho buque, uno de los mejores barcos de la Armada, parte del Ferrol bastante mermado de dotación, pues era periodo vacacional. En él no va Antonio Veiga, quien, según fuentes orales, había pedido permiso para casarse con su novia de Pontedeume. Sí van otros vecinos de Pontedeume, como Enrique Cruz López, apodado José “O Cañón”, electricista torpedero que, ganado el barco para la rebelión, vivió para contarlo. Al producirse el golpe, Antonio Veiga regresa a Ferrol, siendo detenido. La prensa da la noticia de su detención considerándola importante:

“IMPORTANTE DETENCIÓN

El Ferrol.- Fue detenido por agentes de la autoridad el marinero fogonero Antonio Veiga Ríos, considerándose importante esta detención¹¹”.

El periódico donde aparece esta noticia es del 24 de agosto, pero la detención ya se debió de producir antes del 23, día en que consta que pierde su categoría de marinero fogonero y queda separado del servicio activo de la Armada, a disposición de la autoridad militar de Ferrol. Hasta su muerte estuvo en el buque prisión *Plus Ultra*, situado en la Escollera.

En el libro de detenidos del *Plus Ultra*, página 128, encontramos la siguiente exposición:

“Margen Izquierdo: Paisano


Veiga Ríos Antonio

En 21 de septiembre de 1936, después de la segunda comida, [...] en la Escollera procedente del vapor “Plus Ultra” por orden de esta Base Naval. En 22 de septiembre de 1936, después de la 2ª comida, fue entregado a la fuerza pública que se presentó a recogerle por orden del Delegado de orden publicó en esta ciudad.

(Según relación remitida por el Pus Ultra, embarcó detenido en dicho buque el 23 de agosto, perteneciendo al “España”. Por disposición S. A de la B. n. P., fecha de 23 de agosto, queda separado del servicio activo de la Armada con pérdida de categoría militar, continuando detenido como pai-

10. En el inventario de Suárez aparece como Rico de segundo apellido.

11. El Pueblo Gallego, 24 de agosto de 1936.



- 3 -

FILIACION de Antonio Veiga Prió hijo de Donato
y de Marcelina natural de Guatemala provincia de
Guatemala

Se inscribió en 2 de Agosto (1) de 1926. y ocupa el folio 96/97
del distrito de Guatemala de esta provincia.

Nació el día 21 de Julio 1912 Estado civil casado
a. sabe leer si sabe escribir.

Tiempo que ha servido anteriormente: 0 años 0 meses 0 días.
Con arreglo a lo decretado por el Excmo. Sr. Capitán general del departamento en
18 de Junio 1922 sale para la capital del mismo en la calidad de
caraballero mayor y jefe de i. c. p. n. c.

Firmado 2 de Junio de 1926
El Jefe del Detalle

V. B.
El COMANDANTE DE MARINA

Agustín
Trujillo

4.º, suscrito con 0 pesetas por paga, y 0 pesetas por
días de dieta.

El COMANDO DE LA PROVINCIA.

(1) Esta página y la siguiente se han de leer y autorizada por el Comandante de Marina de su inspección,
al ser inspeccionada, para que se acredite la veracidad de los datos, al final de la 5.ª, según
y certifica su exactitud expresando la fuente de donde tomó los datos, al final de la 5.ª, según.

sano. En 3 de agosto de 1936 la S. A. de esta B.N. P. decretó oficio del Comandante Militar de la Plaza, del 29 del mismo mes, en que interesa quede este individuo como detenido gubernativo de esta última autoridad”)¹².

Por este informe deducimos que, al llegar a Ferrol, Antonio Veiga se incorpora al acorazado España, donde también estaba el fogonero de Pontedeume Jesús Vázquez Varela, y en el que se juntaron marineros de otros buques. El *España* era entonces un buque destinado al desguace, estaba desartillado y contaba con una dotación, en esos momentos, de 864 hombres. Dicho buque con el *Cervera* participa en el intento de sofocar la sublevación, rindiéndose el día 22-23 de julio. Enrique Barrera señala que el día 23:

“por la tarde se sacaron del España unos 800 marineros. Las condiciones pactadas no fueron respetadas por los militares sublevados, que se mostraron especialmente fanáticos con la dotación del España (fusilamiento en el cementerio de o Val, Narón)”.

Todo apunta a que Antonio, producida la rendición o antes, consiguió escapar permaneciendo entre el 22 de julio y el 23 de agosto huido, sólo así se entiendo que la prensa lo considerara como una detención importante. Pero lo que acabamos de decir no deja de ser una hipótesis cimentada en dicha nota de prensa y en la frase “perteneciendo al España” que aparece en el expediente del *Plus Ultra*, afirmación que podría ser falsa con el mero objeto de buscar una mayor incriminación.

Sea como fuese, como miembro del ejército de la más baja graduación, sólo podía obedecer al mando, y es seguramente lo que hizo, siendo incomprensiblemente degradado a paisano y, en un mundo al revés, fusilado sin juicio, considerado sedicioso, por defender la libertad y la República.

12. Archivo Región Militar del Noroeste. Causa 182/36 y, 379/36.



Cementerio de Serantes, donde está enterrado Antonio Veiga, en una fosa común.

CÁTEDRA

PREMIO DE INVESTIGACIÓN Concello de Pontedeume 2023

Acta do Xurado do XXVI Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2023

O xurado da edición número XXVI do Premio de Investigación Concello de Pontedeume, composto por dona **Esperanza Piñeiro de San Miguel**, catedrática de Historia en ensinanza secundaria, don **Jesús Andrés López Calvo**, profesor de Didáctica das Ciencias Sociais da UDC e membro de consello de redacción de la revista Cátedra, don **Adrián Ares Legaspi** doctor en Historia, profesor de UNED e membro del consello de redacción de la revista Cátedra e actuando como secretario do xurado **Alexandre Caínzos Corbeira**, exbibliotecario-arquiveiro do Concello de Pontedeume, decidiu conceder o premio ó traballo titulado:

OS PRESOS DO CÁRCERE DE PONTEDEUME
do que é autor don **Juan Carlos Vázquez Arias**.

OS PRESOS DO CÁRCERE DE PONTEDEUME

Juan Carlos Vázquez Arias



Introducción

No Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP) consérvanse libros das visitas carcerarias do século XVIII e rexistros dos testemuños de condena e dos presos existentes no cárcere do partido xudicial de Pontedeume durante o século XIX e primeiros anos do XX, que nos proporcionan información sobre a súa idade, procedencia, profesión, estado civil, delitos e condenas, mediante todo o cal podemos estudar a situación carceraria deste partido xudicial. Con esta información, pretendemos aproximarnos a certos trazos psicolóxicos e de comportamentos, accións e interaccións individuais e colectivas da sociedade e a economía da bisbarra eumesa deste período histórico. Unha conclusión será a estreita e coñecida relación entre pobreza e delito, como unhas condicións familiares e sociais desfavorables están detrás da maioría dos delincentes (os presos).

Os delitos que as persoas cometen nun eido social concreto fálannos tanto da súa actuación persoal como da influencia que sobre eles exerce a sociedade (o seu pobo ou aldea). E como eses delitos, á súa vez, inflúen no seu contorno. A forma en que a organización institucional da xustiza (tribunais, avogados, etc.) xulga o delito e o castiga (as distintas penas carcerarias e sancións) fálanos tamén da mentalidade colectiva ante o socialmente rexeitable, é dicir, o que esa comunidade teme e penaliza. Por último, o trato dispensado aos reos transloce a sensibilidade, a humanidade ou a severidade e o rexeitamento ante esas persoas por parte desa sociedade.

O lugar (o partido xudicial de Pontedeume) forma parte dun ámbito maior (Galicia e España) e as penas veñen tipificadas en códigos de xustiza estatais, pero multitude de trazos locais e rexionais peculiares afloran aquí e alá en manifestacións dunha idiosincrasia que podemos identificar como parte do “noso” eido cultural.

O período temporal estudado abrangue dende o século XVIII ata principios do século XX, o cal nos permite estudar sucintamente a evolución dos delitos e das penas. Mais, a maior información dende mediados ata finais do século XIX fará que sexa esta época a da nosa análise con maior profundidade, o que nos posibilitará extraer conclusións con maior base.

Abordar esta tarefa poderíase facer dende varios puntos de vista. Eliximos un que se centra no protagonista deste estudo que, como o título do mesmo di: non é o cárcere, senón o preso; é dicir, o delincente, a persoa que nun momento dado da súa vida (ás veces con reincidencia, outras de maneira case inconsciente) infrinxe o código penal do seu tempo, é detido, acusado, xulgado e encerrado no cárcere do partido en Pontedeume. O proceso xudicial e a organización desa prisión tamén serán estudados, así como a vida carceraria.

Por último, aínda que a gran maioría dos xuízos se efectúan na Audiencia Territorial da Coruña, nesta época é o partido xudicial (os nove concellos que o forman) quen se fai cargo do cárcere e corre cos gastos da estancia do reo no mesmo, incluída a axuda económica e a atención médica aos presos pobres (a inmensa maioría, o cal nos confirma a estreita relación entre pobreza e delito), nun papel de xestor de beneficencia por parte do municipio que suple as carencias das institucións superiores, e que é certamente encomiable. Podemos dicir que nos sorprende atopar moitas mostras de humanidade e compasión por parte das autoridades implicadas (xuíces, alcaldes, médicos) cos presos.

Antes diso, é ilustrativo para coñecer a situación dos mesmos botar unha ollada ao espazo onde pasarán a súa reclusión.

1. O cárcere de Pontedeume

1.1 O torreón dos Andrade como primitivo cárcere

“Na maioría das vilas e pobos como Pontedeume, víñanse utilizando como cárceres, edificios que pertencían ós concellos ou que estaban alugados por estos, que carecían de todas aquelas condicións hixiénicas elementais para encarcerar a calquera preso; edificios non deseñados para desempeñar as funcións de cárcere.”¹

1. CAÍNZOS CORBEIRA, A., *O Cárcere do Partido Xudicial de Pontedeume (1853-1856): obra do arquitecto provincial Faustino Domínguez Domínguez*, en Revista Cátedra, nº 2 (1995).

É o caso de Pontedeume? Cal era o edificio que servía de prisión antes da construída no século XIX? No AMP consérvanse contas de reparacións dun cárcere datadas en 1663 a nome de “*Joseph Fernández Hortelano, depositario dos reparos dos cárceres e do pazo do conde de Lemos*”², o que nos indica que polo menos dende esa data a prisión da vila era o torreón dos Andrade, como se coñece actualmente o resto supervivente do pazo dos señores xurisdicionais da comarca dende época medieval, agora en mans da Casa de Alba e de Lemos. Tamén sabemos dun “*Inventario das alfaias³ do cárcere e o seu oratorio executado nos anos 1663, 1664 e 1739*”. Da primeira data, extraemos o texto seguinte por significativo dos métodos de suxeición dos presos: “*Dúas cadeas cos seus cadeados e chaves; Un ferro coas súas dúas argolas dobres; grillóns⁴ coas súas cuñas; ferropa⁵ con cadeado; paus dun poldro quebrados*”. E do derradeiro ano: “*Cinco chaves das portas do cárcere; tres ferropas cos seus cadeados e chaves; outra ferropa sen cadeado e o cadeado atópase no cepo⁶ novo; catro grillóns cos seus surtidos de ferro e cuñas*”⁷.

E por un documento do ano 1829 sabemos do inadecuado deste edificio como cárcere:

“José M^a Segovia, do Consello da Súa Maxestade. Á Xustiza Ordinaria da Xurisdición de Pontedeume (...) expón que, por Antonio de la Fuente, Alcaide Carcerario, se acudiu a Vs., manifestando o estado deplorable do Cárcere do dito pobo, enteiramente arruinado sen ningunha seguridade e que só merecía o nome de alxube, pedindo a súa reparación para evitar a fuga dos reos, (...) e desexando o Concello evitar aos desgraciados presos as calamidades no seu edificio que non debe ser para homes, senón para feras (...).”

Efectivamente, en 1826 sucedera “a fuga dos facinorosos e a perdición do carcereiro e a súa familia”⁸.

Mais, en 1834 nada se adiantara, como manifesta o alcalde maior de Pontedeume:

“Esta vila atópase sen cárcere e a que serve de tal non ten máis nome que o dunha leoneira, máis propia para feras que para humanidade, sen máis pezas que unha pequena onde están homes e mulleres xuntos, e está ameazando perigo por estar a desplomarse o chan, como sucedeu en todas as

2. AMP, Caixa 186 /1.1.

3. Aquí co significado de bens ou obxectos de valor.

4. Aneis de ferro que se poñían nos nocellos do prisioneiro para impedir o seu libre movemento ao andar.

5. Cadea ou bola grosa que se poñía aos presos asida ao grillón dun pé.

6. Instrumento feito de dous madeiros grosos que unidos forman no medio uns buracos nos cales se aseguraba a perna do reo.

7. AMP, Caixa 209.

8. Por desgraza, ignoramos máis datos deste suceso. AMP, Caixa 186.1, Xunta do Partido Xudicial (1663-1872).

que contiña, causas porque non pode haber aseo, limpeza, nin policía de parte do Alcaide, o que unicamente goza de tres reais diarios.”

O 1 de marzo de 1847 o alcalde insiste ao Gobernador da Coruña das penosas condicións do cárcere, agora non no torreón, senón en construcións anexas, debido a un (xa vimos que previsto) colapso do chan daquel:

“Nesta vila, cabeza de partido, non hai cárcere ningún propio do común, serve de tal un castelo feudal antigo da pertenza do Excmo. Sr. Duque de Berwick y Alba, conde de Lemos, señor xurisdiccional que foi da vila, con quen o Concello seguiu un ¿ruinoso? preito sobre esta finca, perdéndoa en contraditorio xuízo e pagándolle hoxe de renda por ela 800 reais cada ano. O castelo (...) consta dunha elevada torre que antes servía de calabozo, pero téndose afundido o seu chan hai anos, quedaron reducidas as pezas que serven de cárcere ás oficinas adherentes e exteriores a dita torre, que parecen de moito máis moderna construción, ter moi pouca ventilación, e collerán corenta presos de entrambos sexos divididos en dous departamentos, xa chegou a contarse máis nalgunhas ocasións, pero amoreados con exposición da súa saúde, como sempre o estará calquera número que haxa a causa das súas bufardas estreitísimas, que impiden a continua renovación do aire, ao paso que estando como está a tella va? débelle ofender moitísimo o frío no inverno.”⁹

Cinco anos máis tarde a situación non cambiara. O alcaide do cárcere comunica ao alcalde de Pontedeume as súas preocupacións pola seguridade do mesmo, en parte polo enorme número de presos que nel se amorean:

“O excesivo número de máis de cincuenta reos que se achan nestes cárce-res ao meu cargo, e entre eles algúns da maior consideración, cal debe constar dos procedementos porque se lles xulga: o arruinamento e inseguridade do local, edificio en que todos eles se achan xuntos, pola falta de comodidade, e as poucas prisións para a seguridade daqueles, non só me fan rechar con fundamento algunha tentativa de fuga, senón calquera enfermidade contaxiosa que podería orixinar unha morea de desgrazas. Para evitar tan funestas consecuencias, véxome na necesidade de poñer en coñecemento de V. a fin de que se sirva oficiar co Sr. Alcalde do Concello da vila para que ben se proporcione outro local que ofrezca máis seguridade, ou no seu defecto, os auxilios necesarios para a custodia de tantos criminais. (...) A 17 de maio de 1852. Asdo.: Manuel Menéndez.”

9. Acompaña á descrición do edificio un esbozo, publicado por Alejandro Caínzos na Revista Cátedra, nº 2 (1995). AMP, Caixa 464, Correspondencia de entrada (1850-1859).

O alcaide, o mesmo día, repite as súas queixas na carta enviada ao xuíz de 1ª instancia do partido xudicial, na que, entre outras cosas, di: *“os presos realmente non caben naquel miserable cortello e é moi fácil a súa evasión pola inseguridade do edificio, polo que me vin precisado a facer catro ferrepeas e dúas barras de grillóns para suxeitar os de maior consideración (...)”*¹⁰.

1.2 O antigo convento dos agostiños

Ante a falta de solucións, buscaranse outras alternativas. Realizarase un *“Expediente de orde do Goberno de S. M. para facer cárcere do edificio do suprimido Convento dos Agostiños da vila”*¹¹. O proxecto non prosperará, aínda que o ano 1853, pouco antes de abrirse o novo cárcere, se vai aproveitar o edificio do convento para aliviar o enorme número de presos que poboaban o antigo, aloxando naquel nada menos que 45 reclusos pobres¹².

1.3 Os depósitos municipais

Ademais desta (inapropiada) prisión, o Partido Xudicial de Pontedeume contaba con outros locais nos distintos concellos, chamados *depósitos municipais*, que albergaban os detidos que estaban pendentes de xuízo, polo tanto aínda sen condena, provisoriamente ata o seu traslado ao cárcere de Pontedeume¹³, se ben as súas condicións aínda eran peores, polo que *“O Fiscal da Real Facenda cre moi necesario reedificar a Casa do Cárcere (...) pois sería moi conveniente que ao dito cárcere se lle dese maior comodidade para recibir os presos dos seus coutos próximos, máis seguros e con menos molestia dos veciños respectivos no cárcere da vila que nos dos seus propios pobos, regularmente situados en chozas ou casas particulares e en puntos despoboados.”*

Non obstante, en 1853, e para aliviar a saturación do cárcere de Pontedeume, actuarase ao revés e envíananse 20 presos aos depósitos de Castro, Monfero, Mugardos e Ares.

Estes locais, a pesar da construción do novo cárcere de Pontedeume, seguiron existindo en data tan serodia como o ano 1870, e sabémolo por unha comunicación do Director Xeral de Establecementos Penais do 19 de xaneiro dese ano, na que pide información dos cárceres e *depósitos municipais* existentes no Partido Xudicial. O alcalde eumés, Leandro Portal, remite a pregunta a cada alcalde do Partido, e estas son as respostas:

10. Estes sistemas de suxeción dos presos indicánnos os métodos que aínda se empregaban nos cárceres españois nesta época, moi parecidos aos vistos un e dous séculos antes. O Código Penal de 1848 aínda mantiña a “pena da argola”, que non se abolirá ata o de 1870.

11. Debido á Desamortización de Mendizábal de 1835, moitos edificios da Igrexa pasaron a ser propiedade dos concellos, efectuándose a do aludido convento en 1842.

12. Outros 24 envíananse ao de Ferrol. Listado de presos pobres de 27/5/1853. AMP, Caixa 52, Socorros relativos a presos pobres. Veremos máis adiante a crise dos anos 1853 a 1855.

13. Segundo a Lei de 27/7/1849, que no título 2º, art. 7, di: *“En cada distrito municipal establecerase un depósito para os sentenciados á pena de arresto menor e para ter en custodia os que se atopen procesados criminalmente, interim que se lles traslada aos cárceres do partido.”*

“Mugardos: O local do depósito municipal é un dos departamentos da planta baixa da casa do concello, de propiedade particular e o seu alugueiro anual págase en conxunto con todo o edificio. O estado do local é regular e non pode admitir reformas para reunir as condicións que require a lei.

Ares: Hai un cárcere-depósito para penados en xuízos de faltas, cuxo alugueiro nada custa por estar no chan baixo da casa do concello, e que para reunir as condicións da dita lei, habería que pisala e dividila convenientemente, precisándose uns 400 escudos.

Fene: Está situada no chan baixo da casa do Concello, de propiedade particular, e páganse 24 escudos ao ano.

Monfero: Hai un depósito municipal onde se celebran as sesións do Concello, de propiedade particular, pagándose 9 escudos de alugueiro. O ano pasado acordouse a súa traslación ao exconvento deste pobo, propiedade do Estado, en cuxas inmediacións existía o antigo (cárcere), por reunir as condicións que esixe a lei de 1869, e cuxo custo e reparación será de 500 escudos, incluídas as oficinas do Concello e a casa para mestres.

Castro (Miño): No chan baixo do Concello hai unha adega que serve de depósito municipal. O edificio é propiedade do suprimido couto de Leiro, e dende a creación do concello apoderouse del o municipio, e non se paga ren. Esixe reformas de absoluta necesidade por non reunir as condicións.

Cabanas: A sala onde celebra o Concello as sesións, propiedade particular. Vilarmaior e Capela: non hai depósito municipal.”¹⁴

1.4 O novo cárcere do partido xudicial¹⁵

O 15 de outubro de 1854 un expediente dá conta da poxa e remate de 50 camas e os seus xogos de roupa para o servizo da case rematada (por fin) nova prisión, no porto de Pontedeume, por valor de 7.710 reais. Do ano seguinte é o documento que nos achega interesante información sobre as condicións de vida dos reclusos. Trátase do *“Inventario dos efectos e papeis pertencentes a este Cárcere público da vila, así como o número de presos existentes nel, de que fai entrega o Alcaide carcerario saínte ao entrante, José García, a saber:*

– Bens da prisión:¹⁶ nove encadeados cos seus grillóns e coas súas catro chaves, unha cadea de quince elos e un encadeado, sete barras coas súas cuñas, unha chave do


14. AMP, op. cit. Caixa 186.1.

15. Sobre a construción da mesma e o seu arquitecto, ver: CAINZOS CORBEIRA, A., *opus cit.*

16. Vemos que algúns son ferramentas herdadas da vella prisión, polo que no novo edificio non deberon cambiar os xa arcaicos métodos de suxeición dos presos.



PLANTA BAIXA



1. VESTIBULO
2. ENTRADA
3. VESTIBULO
4. ESCALERAS
5. ALMACEN
6. CALABOZO
7. CALABOZO
8. SALA
9. PASO
10. CAPELA
11. ASEIO
12. PASO
13. SALA-LAREIRA
14. CALABOZO
15. CALABOZO
16. PASO
17. VESTIBULO
18. CARCERE
19. ESTANCIA
20. PATIO
21. DESCUBERTO
22. PORCHE

cepo, oito banquiños, doce táboas, roupa de cama e dúas camisas, catro xergóns, trece chaves das portas, 104 reais e 16 maravedís para os presos pobres. (...)

– Número de presos: trinta e tres homes e trece mulleres, corenta e seis en total¹⁷.

Presos transeúntes: catro homes e dúas mulleres.

*Faise entrega en presenza do Segundo Alcaide e Secretario do Concello, a 22-7-1855. Asdo.: José García.*¹⁸

Un ano despois está rematado por fin o novo cárcere:

*“A súa planta é rectangular, organizada entorno a un patio central. Neste último existe unha zona porticada diante da capela; á esquerda e dereita desta capela existirían as dúas cociñas: unha destinada aos presos e a outra ao alcaide carcerario. O resto do espacio estaría destinado ós calabozos a excepción da entrada; esta última, a parte máis modificada da planta baixa, é da que posiblemente arrincarían dúas escaleiras cara ao piso principal. Este piso serviría como sala de audiencias e despacho para os escribáns e procuradores do Xulgado; isto é así polo menos dende 1872. (...)*¹⁹

E a el trasládanse o 29 de agosto de 1856 os presos dende o anterior edificio.

2. O partido xudicial de Pontedeume

O partido xudicial é o segundo nivel de unidade territorial para a administración de xustiza en España. Está integrado por un ou máis concellos limítrofes, pertencentes a unha mesma provincia. Entre os municipios que compoñen os partidos xudiciais elíxese a capital do mesmo, que se denomina cabeza do partido xudicial. Nela encóntrase a sede dun ou varios xulgados de primeira instancia e instrución.

A primeira división moderna de España en partidos xudiciais realizouse por decreto o 21 de abril de 1834.

Na orde penal teñen encomendado o coñecemento e fallo dos xuízos sobre delitos leves, así como a instrución dos delitos que serán axuizados polos xulgados do penal ou polas audiencias provinciais. O partido xudicial de Pontedeume (como cabeza do mesmo) comprende os concellos de Ares, Cabanas, Capela, Castro (hoxe, Miño), Fene, Monfero, Mugardos e Vilarmaior. Entre todos corrían cos gastos do cárcere e da beneficencia dos presos pobres (a gran maioría), o cal xeraba frecuentes tensións entre o Concello de Pontedeume (como xestor da prisión) e os demais municipios, moitas veces remisos á hora de achegar a súa parte alicuota.

17. Sumados aos seis transeúntes dá unha cifra ben avultada, cincuenta e dous. Chegarase a duplicar, como veremos.

18. AMP. Caixa 186.1, Xunta do Partido Xudicial (1663-1872).

19. CAÍNZOS, A., *op. cit.*, páx. 70-71. Plano da planta baixa do cárcere de Pontedeume realizado por Manuel López Lamas.

3. As fontes

3.1 Século XVIII. As visitas do cárcere

A *visita de cárcere* era unha institución hispánica que se remonta ao século XIII. Mediante a súa execución, os xuíces vixiaban as actividades do alcaide, a lexitimidade dos arrestos e a boa administración do sistema xudicial. A visita celebrábase no mesmo cárcere e en presenza “*dos procuradores e máis oficiais desta Audiencia, pasábase lista dos presos*” (por parte do alcaide carcerario), detectábase o seu estado físico (aseo, provisión de auga potable, etc.), entrevistábase cos mesmos e averiguábase o tratamento que se lles daba. Tamén se inspecionaba o estado do cárcere e dos obxectos que nel había.

O AMP conserva varias destas visitas²⁰, se ben cabe distinguir entre as realizadas durante o século XVIII (entre 1756 e 1794, as máis antigas de que dispón o Arquivo) e as de época liberal, no século XIX (entre 1834 –ano de nacemento dos partidos xudiciais– e 1890). Nas primeiras, durante o absolutismo do Antigo Réxime, o visitador é o *alcalde maior* ou xuíz da vila, mentres que nas segundas é o alcalde (o tenente de alcalde, na década de 1870). Nas primeiras, aquel podía ordenar continuar a prisión dos reos ou darlles liberdade, mentres que na época constitucional non se toman semellantes decisións²¹. Nas decimonónicas, aparece repetidamente o seguinte: “*Sen que ningún deles (os presos) aínda que se lles preguntou separadamente, dese a menor queixa contra o alcaide carcerario, nin contra a xustiza*”, mentres que nas primeiras non consta que se lles preguntase tal cousa.

Non obstante, a diferenza maior para nós é que, para o século XVIII, estas visitas son a única fonte de información dos presos que temos no AMP, mentres que para o XIX reducen moitísimo os datos achegados, sendo substituídos vantaxosamente polos abundantes testemuños de condena e outros moitos rexistros existentes sobre os reos. A continuación, a modo de exemplo, a visita máis antiga de que dispoñemos:

1756 - “Dentro do Cárcere Público da vila de Puente de heume, a dez días do mes de abril de 1756, por ante min, a súa mercé D. Joseph Melchor Lahora, Alcalde Maior da vila e a súa Xurisdición e Estados de Andrade²², estando no dito Cárcere para o efecto de facer visita dos presos que están nel. (...) Antonio de Neda, Alcaide do dito Cárcere, fixo relación dos presos seguintes: Achou s. m. a Ramón Vázquez, fillo de Francisco, defunto = Joseph de Bastida, fillo de Alonso, ambos veciños de Meá, por causa que contra eles e outros se fixo sobre a morte de Manuel de Outeyro, veciño que

20. Caixa 48, Libro de visitas do Cárcere. Xunta do Partido Xudicial (1756-1890).

21. É dicir, no século XVIII, a visita tiña unha función de revisión xudicial das penas, mentres que no XIX era meramente de inspección do funcionamento do cárcere, como responsabilidade que era do alcalde, unha “municipalización” ou traslado de función da Xustiza ao Concello.

22. O alcalde maior equivalía ao xuíz. Refírese ao territorio xurisdiccional do couto dos Andrade, señores da bisbarra ata a época liberal, os cales nomeaban os xuíces e os alcaldes.

foi do mesmo couto. Açou s. m. algunhas persoas presas por causa de prazas faltoras²³ de Milicianos da Compañía desta vila²⁴, sen que o estean por outra causa ningunha, aos que s. m. manda sigan nela, sen que achase outros, co que deu por fenecida a dita visita (...) Asinado: J. Melchor Lahora =Andrés Bermúdez. Ante mín, Andrés del Río.” (escribán)

Pasamos a analizar a información proporcionada por estas visitas. Só dispoñemos de referencias de 22 presos, todos da 2ª metade do século XVIII, correspondendo a cada ano os indicados:

PRESOS NO CÁRCERE DE PONTEDEUME DURANTE O SÉCULO XVIII										
1756	1759	1763	1766	1767	1768	1769	1770	1773	1782	1783
2	1	0	2	3	3	2	12	0	17	10
1784	1785	1786	1787	1788	1789	1790	1791	1792	1793	1794
4	8	11	10	13	3	8	12	6	20	9

Vemos, en primeiro lugar, unha gran variabilidade dun ano a outro, saltando de 12 a 0 ou de 6 a 20, por exemplo, sen ningún preso algúns anos, e ata 20 o que máis, aínda que parece haber unha tónica ascendente conforme pasa o tempo, pois a pesar de ser unha serie incompleta, nos cinco anos da década dos 60 temos un total de dez presos, e nos dous únicos anos da década dos 70, xa son doce; e nos cinco anos da década dos 90, ascenden a cincuenta e cinco. A década dos 80, case completa, suman 76. En total, 156 son as persoas que ocuparon as celas durante os vinte e dous anos de que temos constancia, o que dá unha media de sete ao ano²⁵.

23. Prazas sen cubrir, por ausencia dos milicianos.

24. Organización armada integrada por paisanos dunha localidade, recrutados á forza mediante sorteo para defender unha bisbarra ou un país, prestar servizo como forza de reserva e manter a orde pública. Aínda que a máis coñecida sexa a Milicia Nacional da época liberal, o seu precedente encóntrase nas Milicias Provinciais organizadas polos Borbóns no século XVIII, como é o caso. A Milicia acabou converténdose nunha carga tan temida polos campesiños e polos artesáns máis humildes, que moitos deles se vían obrigados a finxir enfermidades ou a fuxir dos seus fogares e non presentarse cando eran requiridos (como vemos aquí) con tal de liberarse desta carga.

25. Nada que ver coas elevadísimas cifras do século seguinte.

PRESOS NO CÁRCERE DE PONTEDEUME DURANTE O SÉCULO XVIII SEGUNDO O SEU DELITO			
DELITOS	PRESOS	DELITOS	PRESOS
Roubo	31	Enriquecemento ilícito, Falsificación de moeda	3
Homicidio/Morte	24	Prostitución	3
Fugas do cárcere e Quebrantamento de p. da Xustiza	12	Débedas	2
Malos tratamentos	10	Falsidade	2
Adulterio, Amancebamento, Demanda matrim. e Rapto	7	Destrucción de bens	2
Malos tratamentos de palabra/ Insultos	5	Pertenza a grupo criminal	1
Milicianos e matriculados do Mar desertores	>4	Posesión de arma prohibida	1
Furto	3	Falso mendigo	1
Invasión de domicilio	3	TOTAL Delitos coñecidos	120
Falsidade	3	Sen Causa ou Ilexibles	38
Embriaguez	3	TOTAL	158

3.2 Século XIX e principios do XX. Os testemuños de condena

No AMP atópanse multitude de oficios do Xulgado de Pontedeume polos que se entregan ao alcalde da vila os presos que van sufrir a privación de liberdade no cárcere do partido xudicial, acompañados do correspondente “Testemuño de condena”, no que constan algúns datos do xuízo e a sentenza. Os casos son iniciados no Xulgado de 1ª Instancia eumés, pero a gran maioría pasan logo á Audiencia Territorial (A.T.) da Coruña, onde se efectuará o xuízo. Só os casos menores son xulgados e sentenciados no de Pontedeume. Un exemplo, abreviado, do ano 1856 explícanolo:

“Ao Sr. Alcalde constitucional desta vila: Poño a disposición de V. co correspondente testemuño da súa condena a persoa de Juan Viñas, veciño da freguesía de S. Juan de Vilanova, sentenciado a cinco meses de arresto maior conforme o artigo 8 do R.D. de 14/12/1855 (...). 16/11/1856. Asdo.: (o xuíz) Juan Carballo”.

Continúa a comunicación do escribán:

“D. Antonio de Castro y Quirós, escribán da Súa Maxestade (Isabel II) e un dos do número no Xulgado de Primeira Instancia desta vila de Pontedeume. Certifico recibirse no mesmo a certificación que coa causa, orde e auto na súa virtude provido, din así: «D. Luís Rivera, escribán de Cámara por S.M. na sala 3ª da Audiencia Territorial de Galicia (na Coruña). Certifico que coa Causa formada no Xulgado de Pontedeume contra Juan Viñas sobre furto a Juan Vila, deuse e pronunciouse polo Xuíz de 1ª Instancia en 29 de setembro último a sentenza seguinte= Na Causa pendente de sentenza neste Xulgado entre partes o Ministerio Fiscal e Juan Viñas, sobre furto de 37 reais a Juan Vila (...) Considerando a súa mala conduta anterior de rateiro (...), condeno á pena de cinco meses de arresto maior. Fallo que lle debo aplicar outra pena coas custas e resarcimento dos 37 reais a Juan Vila (...). Asinado.»”

A cada oficio engádeselle o parte da parella da Garda Civil que entrega o detido ao alcaide do cárcere e a recepción deste coa data de entrada. Pasa entón a ser un preso pendente de condena. Posteriormente, será conducido tamén pola Benemérita a xuízo na Audiencia Territorial, na Coruña, e logo volverá ao cárcere eumés, como preso rematado, é dicir, con condena. Se esta é breve, cúmpriase en Pontedeume ata o día da súa posta en liberdade, trámite que firma o alcaide noutra parte; se é prolongada, o reo terá que agardar aquí ata o seu traslado á prisión definitiva, xeralmente a provincial, o castelo de Santo Antón na Coruña²⁶, ou noutra prisión. As mulleres soían ir á Casa Galera tamén na capital herculina. A maiores, están os testemuños dos presos transeúntes ou en tránsito a outros cárceres.

PRESOS CON TESTEMUÑO DE CONDENA NO CÁRCERE DE PONTEDEUME NO SÉCULO XIX ²⁷													
ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº
1834	11	1846	6	1847	1	1848	2	1849	13	1851	52	1852	66
1853	— ²⁸	1854	—	1856	3	1858	6	1859	23	1860	35	1861	13
1862	16	1863	12	1864	2	1865	3	1866	2	1867	1	1869	5

26. Construído no século XVI como baluarte defensivo da cidade pasará a ser prisión dende o século XVIII ata 1960, que será cedido ao Concello para o seu uso museístico actual. Entre 1927 e 1997, será substituído progresivamente pola prisión provincial próxima á torre de Hércules.

27. Este cadro refírese só aos presos dos cales temos información completa grazas aos testemuños de condena e serán os que estudaremos a continuación. Aqueles dos que só sabemos os seus nomes e o tempo que estiveron no cárcere (sobre todo, nos anos 1851 a 1854) non figuran aquí, senón no capítulo Sen causa ou llexible. Finalmente, dalgúns anos só coñecemos uns poucos do total. A maiores estarían sempre os presos de tránsito, dos que en ocasións sabemos o número, pero pouco máis.

28. Este ano e o seguinte haberá unha superpoboación carceraria (ver o capítulo da Crise destes anos), mais a maioría carece de causa, por iso non constan aquí.

ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº	ANO	Nº
1870	15	1871	14	1872	20	1873	14	1874	8	1875	11	1876	11
1877	9	1878	13	1879	11	1880	4	1881	11	1882	24	1883	27
1884	15	1885	21	1886	17	1887	23	1888	32	1889	36	1890	14
1891	17	1892	15	1893	16	1894	24	1895	11	1896	15	1897	15
1898	17	1899	17	1900	20	1901	12	1902	1	1903	8	1904	22
1905	5	1914	5										

PRESOS NO CÁRCERE DE PONTEDEUME DURANTE O SÉCULO XIX SEGUNDO O SEU DELITO			
DELITOS	PRESOS (%)	DELITOS	PRESOS
Lesións	283 (47%)	Falsificación de moeda. Defraudación a Facenda. Xogos prohibidos. Rol incorrecto	4
Furto	110 (18,5)	Prófugos de servizo militar	4
Desacato, resistencia, insultos e atentado á autoridade	33 (5,5)	Escándalo público. Ofensas á Moral	4
Insultos, Ameazas, Inxurias e Calumnias	25 (4,2)	Blasfemias	3
Homicidio/Asasinato	24 (4)	Danos	3
Roubo	21 (3,5)	Dementes	3
Falsidade	16 (2,7)	Invasión de domicilio	2
Falso testemuño	16 (2,7)	Vagancia e mendicidade	2
Desorde pública	12 (2)	Quebrantamento de condena	1
Indocumentado e sospeitoso	10 (1,7)	Detención ilegal	1
Estafa	9 (1,5)	TOTAL Delitos coñecidos	596
Disparo con armas de fogo	5 (<1)	Sen Causa ou Ilexibles	75
Faltas	5 (<1)	TOTAL	671

Estudaremos só os presos dos cales coñecemos o delito (o 76%), quedando fóra os que non, sendo consignados posteriormente. No século XVIII, o que máis xente levou ao cárcere de Pontedeume será o *roubo*, con case o 26%, o que entra dentro do esperable. O que chama a atención é o que está en segundo lugar, o *homicidio/morte*, con nada menos que un 20%. Séguenlles cun 10% os que ou ben se *fugaron* anteriormente ou, debido á súa condición de alcaides do propio cárcere de Pontedeume, non impediron que se escapasen eses presos, o que sucedeu en tres ocasións en quince anos, nada menos. O seguinte, *malos tratamentos*, que se refire a agresións, só representa un 8,3%, o que nos indica que moitos dos casos de violencia non son denunciados ou non rematan nunha condena, debido probablemente ao que poderíamos chamar violencia *endémica* ou habitual da época, máis ou menos consentida socialmente. Rematamos cos presos por *adulterio* e variantes, cun 5,8%, que nos retrotrae a un tempo en que aquel era considerado un delito pola influencia da relixión católica na moral pública e o poder da Igrexa na sociedade. Os detidos polos demais delitos son proporcionalmente insignificantes.

No século XIX, a causa con máis presos é a de *lesiões* (con case a metade dos todos os casos), contrastando coas cifras moito menores do equivalente do século anterior (os *malos tratamentos*) e situándose agora moi por encima do líder anterior, o *roubo*, que nesta centuria é superado con creces polo de *furto*. As *mortes*, aínda que coinciden no mesmo número, supoñen unha proporción moito menor. As *fugas do cárcere* desaparecen no cambio de século, supoñemos grazas á nova prisión. O mesmo sucede co *adulterio*. Todo o contrario da *falsidade*, que medra considerablemente.

Mais, para comparar os delitos de dúas épocas distintas (séculos XVIII e XIX), debemos ter en conta que a clasificación dos mesmos cambia co tempo e incluso a propia nomenclatura, tipificándose novos delitos, inexistentes anteriormente. Así, no século XIX aparecen moitos delitos, como *insultos*, *ameazas*, *inxurias* e *calumnias* que achegan non poucos reos, ao igual que os relacionados co *desacato á autoridade*. O mesmo sucede cos *falso testemuño*, *desorde pública*, *indocumentados* e *estafa*, entre outros.

Se facemos un balance de todo o período, debemos ter en conta a asimetría na cantidade de presos que achega cada século (120 fronte a 596), polo que pesarán moitos máis os datos do XIX. Así, o primeiro posto é claramente o de *lesiões*, cun 41% dos presos, seguido a distancia do de *furtos*, duplicando este o de *roubos*, situados algo por encima das *mortes*. A continuación están os ataques verbais entre particulares ou á autoridade. Os demais tiran cifras pouco ou nada relevantes.

O estudo do local non ten sentido sen os nomes e apelidos dos seus protagonistas, que son os veciños (reclusos) de Pontedeume e o seu partido, agrupados segundo os tipos de delitos tal como se calsificaban no século XVIII²⁹. Eles son os protagonistas e, aínda

29. Clasificar os delitos resulta sempre problemático. Tipificalos segundo a terminoloxía actual, aínda máis. Para estruturalos, optamos polos 4 grandes apartados: a distinción entre os atentados contra a persoa, a propiedade, a orde pública e a moral, engadindo o típico caixón de xastre de *varios*. Para un panorama xeral sobre a natureza do delito e a súa tipoloxía, véxase o estudo clásico de TOMÁS Y VALIENTE, F., *El Derecho Penal de la Monarquía Absoluta (Siglos XVI-XVIII)* (1969), e PALOP RAMOS, J. M., *Delitos y penas en la España del siglo XVIII*, Revista de Hª. Moderna (1996).

que a cada clasificación seguirá un breve comentario pola nosa parte, a literal exposición dos casos dos presos e as súas circunstancias son a mellor e máis directa fonte de información sobre a mentalidade e a dinámica social da época.

4. Presos por delitos contra as persoas

Os delitos por lesións, xunto cos furtos, corresponden aos delitos maioritarios na España da época³⁰. Non obstante, non acostuman darse xuntos (co cal o segundo pasaría a converterse en *roubo*), senón por separado. É dicir, apenas hai presos por cometer un roubo con violencia que remata en lesións. Os conflitos polas lindes, polo usufruto das terras, polo impago ou incumprimento dos acordos sobre gando, zonas de paso, etc., foron moito máis frecuentes. Non poucos deles levaron a disputas e a inimizadas familiares que se resolvían con estalidos de violencia, individual ou colectiva, sen máis intención que a resolución inmediata dun agravio. A súa persistencia nas zonas de economía agraria tradicional predominante, como a galega en xeral e a do partido xudicial de Pontedeume en particular, foi indiscutible.

4.1 Asasinatos e homicidios

SÉCULO XVIII³¹

- 1756** - Ramón Vázquez e Joseph de Bastida, ambos veciños de Mehá (Mugardos) [*e outros*], por causa sobre a morte de Manuel de Outeyro, veciño que foi do mesmo couto.
- 1782** - Joseph Corveira e Miguel González, veciños do couto de Nogueirosa por causa do oficio formada polo Alcalde ordinario contra eles e outros³² pola morte violenta executada en Pedro Antonio Méndez, alguacil que era desta Audiencia.
- 1783** - Continúan Miguel González e Joseph Corveira.
- 1784 e 1785** - Alonso Vizoso por causa formada sobre a morte de Ambrosio Domínguez, mandou s. m. prosiga.
- 1786** - Antonio Patiño, matriculado preso por causa da morte de Gabriel Feal, cabaleiro Yntendente de Mariña.
- 1787** - Antonio García e Ramón Amado por causa de morte dun home descoñecido atopado na freguesía de Miño, onde o Amado era veciño (...), aínda por determinar.
- Francisco Fernández da Barra e Antonio Amigo, veciños este de Nogueirosa e aquel de Ombre, sobre a morte de Antonio da Torre.
- 1793 (23/3)** - Manuel da Veiga e Francisco Valiño, veciños da freguesía de Doroña, Ventura e Juana Vázquez, irmáns, e Josefa de Miño, da mesma vecindade, e

30. MONTANOS FERRÍN, E., e SÁNCHEZ-ARCILLA, J., *Estudios de Historia de Derecho Criminal*. Madrid (1999).

31. Correspóndense todos con Visitas carcerarias desas datas. AMP, Caixa 48.

32. Refírese á “fuga que fixeron Andrés Fernández e Domingo da Porta, comprendidos na morte de Pedro Antonio Méndez.”

Vicente Ferro, canteiro, veciño de S^a M^a de Baños, da xurisdición do mesmo nome (Cuntis, Pontevedra), pola morte de Pedro Cabana, sigan.

(24/12) - Francisco Mazas, Vicente Ferro (cont.), Matías do Feal, Domingo do Feal, Francisco Valiño (cont.), Antonio Martínez e Juan Díaz, sobre a morte de Pedro da Cavana, veciño de S^a M^a de Doroña, cuxa causa atópase sentenciada e en consulta na Sala do Crime deste Reino (...), sigan."

1794 - *Josefa da Pena, v^a de Cabanas, Juan Mosquera Menaya e Joseph Lourido sobre a morte de Pedro García, veciño que foi desta vila, prosiga.*

—

Suman oito mortes en trinta e oito anos, mais hai que ter en conta que faltan as visitas de dezaioito anos, concentrándose cinco en sete anos, entre 1782 e 1788, cun ano con dúas (1787). Bastantes máis son os presos detidos por estes crimes (24)³³, pois agás en dous casos, nos crimes están implicadas varias persoas (destaca o cometido en 1793, con nada menos que once presos encarcerados polo mesmo homicidio, entre eles varios irmáns), o cal nos fala dunha organización premeditada dos mesmos, máis que de casos accidentais. Non consta que ningunha morte sexa entre familiares ou matrimonios e, de feito, non hai ningunha muller entre as vítimas, aínda que si entre os encausados, tres, en dous crimes colectivos. En canto ao tempo que permanecen neste cárcere, non chegan nunca a un ano, senón que cumprirán a súa condena (que descoñecemos en todos os casos³⁴) noutras prisións, como sucede con todas as penas de longa duración por delitos graves.

Non sabemos as profesións dos implicados máis que a dun acusado, un canteiro de Cuntis, e as de dúas vítimas: o alguacil (que podemos imaxinar como un caso de vinganza múltiple por algún preito pois son cinco os acusados) e o intendente de Mariña, a mans dun matriculado, de evidente relación³⁵.

Cal é a procedencia dos presos e das vítimas? Agás dúas excepcións, como é lóxico todos son do partido xudicial, se ben descoñecemos a vecindade de case a metade.

Os datos non nos permiten extraer demasiadas conclusións, pero podemos considerar a maioría dos casos como crimes pertencentes á chamada violencia rural, lóxico pois a maior parte da poboación residía en aldeas (pois traballaban no campo), pero tamén forma parte dunha violencia característica deste hábitat.

33. Aos que habería que sumar máis, pois din que hai "outros" tamén relacionados co crime de 1756, e os dous fugados mencionados no homicidio de 1782.

34. Soían ser condenados a pena de morte (moi frecuente para este tipo de delitos, xeralmente mediante a forca ou o garrote), ou a prisión perpetua; mais, a partir de 1776, non pasaba dos dez anos en presidios ou traballos forzados en arsenais.

35. Ver a nota sobre os matriculados de Mar.

SÉCULO XIX³⁶

- 1873**³⁷ - *Expediente de traslado de Cayetano Calvo Canosa, procesado polo homicidio de Andrés Alvariño, para o seu traslado pola Garda Civil o 24 de xuño dende o cárcere de Puente deume, onde estaba preso, ao cárcere da cidade da Coruña, ás ordes do Presidente da Audiencia Provincial, para xulgallo.*
- 1877** - *Juan Sangerman Fontichel, de 45 anos, de Ares (natural de Meá), empregado, por lesións a Maximina Vázquez, súa dona, das que resultou morta. Condenado a catro meses*³⁸, *estivo só dende o 18 de novembro ata o 1 de febreiro de 1878, pois foi indultado polo gobernador.*
- 1879** - *Juan de Porto y Porto, por homicidio, será condenado a catorce anos e será conducido á Coruña.*
- 1881** - *Pedro Domínguez Cortizas, de 15 anos de idade, e Manuel Seco Espiñeira, de 13, ambos de Vilachá (Monfero), por homicidio de Santiago Domínguez, entran no cárcere o sete de xullo, son trasladados ao Goberno provincial da Coruña para o seu xulgamento.*
- 1882** - *Francisco Varela Manso, de Perbes, será condenado a doce anos por homicidio.*
- *Francisco López Fornos, de S. Tirso de Ambroa (Irixoa), por homicidio de Gerónimo Fariña, será trasladado ao penal para cumprir unha condena de dezaioito anos.*
- 1883** - *Domingo Penedo Garabana, de Doroña, pola morte da súa irmá María cunha escopeta de pistón. Entra o 28/6 e será conducido á Coruña.*
- 1884** - *Marcos Martínez Cabana, de 23 anos, solteiro, labrego, de San Pedro (Monfero), por homicidio; detido en Puente deume o 23 de xaneiro, será condenado a seis anos en Coruña.*
- 1885**³⁹ - *Ramona, Domingo e Teresa Martínez Amado, Andrés Martínez Castiñeira, Benita Amado Riveira e Pascual Ares López, todos de Grandal (Vilarmajor), presos por causa que se lles instrúe por homicidio.*
- 1887** - *José Varela Bonome, Santos Varela e Cayetano López, por asasinato, ingresan o 26 de xuño.*
- 1888**⁴⁰ - *Con data de 9 de agosto, pónense a disposición de esta Autoridade local os presos deste cárcere de Puente deume Rogelio Vilela Ares, Gabriel Fernández López, “Espartero”, José Torrente Allegue e Jacobo Irijoa Calvo, “Chulo”, para que sexan*

36. En realidade, chega ata o ano 1905. Correspóndense con testemuños de condena e rexistros de presos. Entre o ano de 1795 e 1850 hai un baleiro total de información relativa aos presos (agás para as axudas económicas ou *socorros*). Nos primeiros anos con datos (1851 a 1859), case non se achegan os delitos. A partir de 1860 si aparecen de maneira sistemática. AMP, Caixa 45.

37. Entre o citado ano de 1860 e 1872 non aparece ningún preso por este delito, polo que contrasta co visto no século XVIII.

38. Tras unha absolución en primeira instancia, esta foi revogada en revisión feita pola Audiencia Provincial.

39. AMP, Caixa 54.

40. AMP, Caixa 44.

*conducidos ao Cárcere da Coruña daquela Audiencia Provincial para asistir ao xuízo oral de causa por homicidio de Ramón Pérez*⁴¹.

1889 - *Francisco Martínez Casteleiro, de Mugardos, de 22 anos, solteiro, mariñeiro, sabe ler e escribir, condenado por homicidio por imprudencia a seis meses, seralle perdoada a metade, preso dende o 9 de maio ao 27 de agosto*⁴².

1892 - *Félix Hermida Vázquez, de Mugardos, de 51 anos, casado, mariñeiro, sabe ler e escribir, encarcerado seis meses por lesións, foi condenado anteriormente pola Xurisdición de Mariña por un delito de homicidio*⁴³.

Data indeterminada - *Manuel Nieto Castro, natural de Hermida, da freguesía de S. Mamede de Momán (Xermade), veciño de Franza (Mugardos), de 30 anos, casado, xornaleiro, sabe ler e escribir, é condenado en 1892 en seis meses por un delito de lesións*⁴⁴, *de regular conduta, pois foi antes penado como autor dun delito de homicidio e lesións en oito anos e un día.*

Vimos como entre 1860 e 1872 non había ningún preso por morte violenta. Dende o primeiro caso, en 1873, ata 1905, o último do que temos información dos delitos dos presos, transcorren trinta e dous anos nos que no cárcere de Pontedeume se atopan un total de vinte e tres reos acusados de catorce mortes sucedidas no partido xudicial en corenta e cinco anos, co que temos unha morte cada tres anos, con dúas épocas sen ningún, ao principio e ao final do período analizado, mentres que hai outras en que se concentran os crimes: entre 1881 e 1889, case un por ano.

De entre estes detidos só temos un acusado de asasinato, mentres que os demais o están por homicidio⁴⁵ (un deles por imprudencia, outro ademais con lesións) e dous casos en que, significativamente, non aparece a palabra homicidio (a pesar de morrer por armas de fogo), senón unha forma máis atenuada, e nas que as vítimas son mulleres (as dúas únicas): unha esposa do procesado (acusado só de lesións, aínda que o resultado fose letal), e unha irmá (*a morte de...*)⁴⁶.

En canto ás condenas, só coñecemos as de sete presos: as cinco de longa duración (14, 18, 12, 8 e 6 anos), que se cumprirán noutras prisións; e as dúas máis curtas, que por esa razón si se efectuarán no cárcere da vila (unha anomalía no caso de penas por homicidios): a de seis meses (por imprudencia) e a de tan só catro meses (reducida polo indulto a menos de dous e medio), precisamente a do home que matou a súa muller, que,

41. Nesta data, no cárcere de Pontedeume hai sete presos cumprindo condena preventiva por asasinato!, pois a estes catro últimos hai que sumar os tres ingresados en xuño de 1887, que seguen internados aquí.

42. É anómalo que se cumpra cadea por homicidio no cárcere de Pontedeume, supoñemos que pola brevidade da condena.

43. Non está polo tanto, agora, apresado por homicidio, pero si o estivo, igual que o seguinte.

44. Será novamente procesado dous anos máis tarde como autor dun delito de resistencia a un axente da Autoridade.

45. A diferenza entre asasinato e homicidio é que o primeiro se considera unha forma agravada do segundo polas circunstancias nas que se produce a morte: mediante alevosía, asañoamento ou recompensa.

46. O que nos fala da tolerancia da violencia contra as mulleres nesta época. Descoñecemos como foron os demais casos.

ademais, nunha primeira instancia foi absolto. A revisión desa sentenza explica as circunstancias do caso e ten o seu interese lela enteira⁴⁷.

Temos dous casos de presos que non o están nese momento por homicidio (senón por lesións), pero que si o estiveron anteriormente. Do primeiro non sabemos nada máis, e do segundo, aínda volverá por outro delito.

Outro destes crimes foi cometido por catro persoas, o cal, xunto á circunstancia de que dous deles tivesen alcumes, fainos sospeitar da posible vida delituosa dos mesmos.

E ata seis presos serán os acusados doutra morte, a metade irmáns, todos da mesma freguesía, e tres son mulleres, sendo os únicos casos coñecidos de presas encarceradas por homicidio dos que teñamos noticia. Chaman a atención os dous presos de 1881, menores de idade (13 e 15 anos), que merece unha explicación⁴⁸.

Das vítimas, só coñecemos indirectamente a súa residencia, pois foron mortas por parentes, polo que supoñemos que sexa a mesma que a dos seus vitimarios. Destes, ignoramos a procedencia de nove, pero dos demais observamos que todos son do partido xudicial, agás un (de Irixoa), e por concellos, destacan os seis de Grandal (Vilarmaior), por un mesmo crime, e os tres de Monfero (aínda que de distintas freguesías). Este feito, procedentes de contornas tipicamente rurais (dentro dunha sociedade que o era en gran medida) e a ausencia de casos de Pontedeume, como poboación maior e máis “urbana”, fálanos dunha violencia característica do medio agrario.

4.2 Malos tratamentos e lesións

SÉCULO XVIII

1768 (24/12) - Antonio Rodríguez, veciño de S. Martín do Porto sobre malos tratamentos que lle fixo a un fillo do denunciante, subsista na prisión.

47. “Revisión de condena da Audiencia Provincial: “Resultando probado que os cónxuxes J. S. F. e M. V. vivían como bos esposos na maior paz e harmonía, sen que se observase que mediaban entre eles desavenencias, senón que pola contra, notábanse no marido desexos de compracer a súa muller. Resultando probado por declaración de C. L. e F. D. (testemuñas), en sentenza absólvese libremente a Juan Sangerman, despois de declaralo exento de responsabilidade (...). Considerando que Maximina Vázquez morreu de resultado das lesións causadas polo disparo da arma de fogo que executou seu home co propósito de matar un can, sen apercibimento de que aquela, por unha fatal coincidencia, chegaba naquel intre e ía entrar na casa precisamente pola porta en cuxa dirección se fixo o disparo dende o interior da habitación (...). Aínda considerando sexa certo, como semella, que no feito non mediou malicia, non por iso o procesado está exento de toda responsabilidade porque o disparo de arma de fogo en dirección a unha porta que dá á vía pública, con perigo de ofender o que acertara a pasar por alí naquel intre, como sucedeu en efecto, non pode menos de cualificarse de acto imprudente e temerario (...). Fallamos que revogamos a sentenza consultada (de absolución) e condenamos o procesado a catro meses e un día.”

48. No século XIX é frecuente ver menores presos debido ao diferente concepto de maioría de idade legal. No Código Penal de 1822 declarábanse inimputables, isto é, exentos de responsabilidade, os menores de 7 anos. Para os maiores desa idade e menores de 17 procedía examinar se obraron con discernimento e malicia, segundo o desenvolvemento das súas facultades intelectuais. Se non había discernimento, declarábase o menor como perigoso e cabían dúas posibilidades: entregábase aos seus pais, se estes merecesen confianza respecto á súa educación; ou no seu defecto, ingresaba nunha casa de corrección polo tempo que o xuíz considerase conveniente, con tal de que nunca superase a data en que cumprise os 20 anos de idade. No caso de que os maiores de 7 anos a xuízo do Tribunal obrasen con discernimento, sufrían a pena de cárcere igual que os adultos. Os sucesivos códigos (1848 e 1870) consagran a idea do discernimento como condición primeira de responsabilidade. O Código Penal de 1928 acabou por fin co sistema de discernimento e elevou aos 16 anos o límite da imputabilidade. Esta regulación pasou ao Código de 1932 e deste ao de 1944. O actual Código Penal de 1995 estendeu a maioría de idade penal aos 18 anos. Veremos esta mención de “obrar con discernimento” en varios testemuños de condena de delitos protagonizados por menores en Pontedeume presos no seu cárcere.

- 1782 (23/3)** - *Raphael de Moreira por querela por malos tratamientos (...), siga en prisión.*
 - *Francico de Lamas e súa filla Nicolasa por querela criminal contra eles dada por Pablo Ramos sobre malas palabras e tratamientos (...) con oito días de cárcere (...), remítense os restantes para que vaian soltos.*
- 1783 (24/12)** - *Pedro da Brage, de S^a M^a de Ombre por querela criminal contra el dada por Ramón, seu pai, por poñerlle altercados violentos, debe continuar.*
- 1786 (8/4)** - *Antonia Vázquez, por palabras denigratorias e outros malos tratamientos (...), mandou liberar.*
- 1788 (24/12)** - *Domingo González, solteiro, v^o de S. Xoan de Piñeiro, sobre malos tratamientos, que vaia solto.*
- 1793 (23/3)** - *Joseph da Braxe, Joseph Brueiro e Manuel Rodríguez, veciños desta vila, por malos tratamientos (...), manda que os dous primeiros sigan en prisión; e o derradeiro, por ser o seu delito de menor graduación, se lle dea soltura do cárcere durante o presente tempo, dando fianza de restituírse de concluso.*

Para o século XVIII só dispoñemos dos datos achegados polos citados libros de visitas do cárcere e os presos que no século seguinte figurarán como detidos por lesións ou maltratos naquel aparecerán baixo a acusación de *malos tratamientos*. Temos un total de dez, entre 1756 e 1794, que non son demasiados comparados cos que veremos no XIX, pero debemos ter en conta que de moitos presos non nos consta o delito polo que o están.

Entre eles, sete son homes e dúas mulleres, unha delas, en compañía de seu pai. O primeiro dos homes pode tratarse dun maltrato dun menor. Outro, foi denunciado por seu pai. Por último, nun caso son tres os reos, se ben con distinto grao de responsabilidade. En canto ao tempo en que son condenados por este delito na prisión, só dispoñemos dun caso, o segundo, que di que o foron por oito días, o cal nos pode facer pensar que as penas non debían ser moi longas, non habendo ningún preso que o estea por esta causa en dúas visitas consecutivas. Así, deses nove reos, cinco quedarán ceibos e catro continuarán no cárcere trala visita do alcalde maior.

SÉCULO XIX

- 1856** - *Foi condenado Antonio Porriños por lesións a Patricio Rodríguez, de S. Martín do Porto, e como carece de toda clase de bens, atopándose na maior insolvencia para o pago das custas, acordei a prisión condicional e condenamos a 107 días de arresto polos gastos do xuízo a razón dun día por cada medio duro. (Saíu absolto).*
 - *Francisco Fernández, de S. Pedro de Cervás, por feridas causadas cunha escopeta ao seu veciño Leonardo Rey, foi condenado a seis meses de arresto maior.*
- 1860** - *Ao preso pobre Juan Cortiña, desta vila, 106 días de condena por insolvencia das custas do xuízo por lesións a Ramón López, e indemnización ao mesmo. (Este preso xa sufrira outra condena en 1859).*

- Nicolás do Pico, de Breamo, vinte días, en causa por lesións.
- Josefa Villarengo, de S. Jorge de Torres (Vilarmaior), 50 días por insolvencia por lesións. (Presa en 1859).
- Antonio Rodeiro, de S. André de Cabanas, de 22 anos, solteiro, condenado a un mes por lesións a Nicolás Torre. (Este mesmo nome volve a aparecer uns meses máis tarde cunha condena de 42 días tamén por lesións).
- 1861** - José Blanco Romaos (servente), Fernando Sánchez Fernández (de 21 anos) e Antonio Castro Lamas (de 23), ambos xornaleiros, todos solteiros e de S. Fiz de Monfero, condenados a tres meses por lesións.
- 1862** - Fernando ¿Roldos Bayolo?, de Mugar dos, de 51 anos, casado, xornaleiro, un mes e 88 reais de indemnización por lesións a José Soto.
- 1863** - María ¿Lijo? Permy, de 33 anos, de Cabanas, solteira, un mes e 40 rs. por lesións a Juana Fernández.
- Pedro ¿Erralde? Riveira, de 37 anos, de S. Fiz de Monfero, casado, un mes por lesións a Miguel Bouza.
- Santiago Cartelle Felipez, de 42 anos, de Mugar dos, mariñeiro, casado, tres meses por lesións a Antonio Gelpi
- Pedro López Allegue, de 26 anos, de Pontedeume, ferreiro, solteiro, 122 días por substitución de multa de 20 rs., por lesións a Ramón Galego, de Cabanas.
- Juan Maceira Garabana, de Pontedeume, labrego, tres meses por lesións a Manuel Calvo.
- José Amado Fernández, de 23 anos, de S. Juan de Calobre (Miño), labrego, un mes por lesións a José Medín.
- 1870** - Benita e Josefa Barreiro Pita, de Lubre (Ares), un mes e indemnización por lesións a María Bayolo.
- Manuel Meizoso Rivera, de 24 anos, de S. Pedro de Anca (Neda), solteiro, labrego, 27 días por substitución de 120 pts. de multa e 17 pts. de indemnización (insolvente).
- María Gallego López, de Monfero, un mes e catro días máis por insolvencia de 5 pts. de indemnización.
- Faustino Pardo, de Vilamateo, un mes e oito días máis por insolvente.
- Pablo Espiñeira, de Monfero, seis días e doce horas máis por insolvencia de indemnización.
- Gumersindo e Manuel Fernández Fdez., de S^a M^a de Ombre, 58 días e indemnización, por lesións graves.
- 1871** - Pedro da Fonte Pena, de Andrade, un mes e catro días máis por insolvente de 29 pts. de indemnización.
- Tomasa Rodríguez Vázquez, da vila, un mes e 11 pts. de indemnización.
- Clara Gallego Abelleira, de Franza (Mugar dos), dous meses e doce días por insol-vencia de indemnización.

- *Alejandro Freire, de 28 anos, de Iris (Cabanas), solteiro, labrego, dous meses e indemnización.*
- *Andrés Regueiro Allegue, “Merlo”, de S. Pedro de Vilar; 75 días e 65 pts. de indemnización.*
- 1872** - *Gabriel Bugía Calvo, de Nogueirosa, dous meses e indemnización (insolvente)*
 - *Miguel Vázquez Martínez, da vila, dous meses e tres días máis por insolvencia de indemnización.*
 - *Manuel Rodríguez Martínez, de S. Juan de Callobre (Miño), dous meses e indemnización.*
 - *Pedro F. López Allegue, de Franza, tres meses.*
 - *Juan Rebón Cartelle, de S. Pedro de Cervás (Ares), dous meses e medio.*
 - *Isidoro Silvar Franco “Pandeiro”, Ignacio Abeal Domínguez e Rosendo Bello Río⁴⁹, todos de Ombre, o primeiro, seis meses e seis días máis por insolvencia de multa; os outros dous: cinco días por insolvencia de multa de 25 pts., por lesións (pelexa nunha romaría en Ombre).*
 - *Manuel Fernández Vila, de 41 anos, solteiro e labrego, de S. Xoan de Vilanova (Miño), dous meses e catro días máis por insolvencia de 22 pts.*
- 1873** - *Gregorio Martínez Alonso, de 27 anos, solteiro, labrego, de Monfero, un mes e catro días máis por insolvente de indemnización. (Xa está preso).*
 - *Francisco Penedo García, de 15 anos, solteiro, labrego, de Doroña (Vilarmaior), un mes por insolvencia de 25 pts. de indemnización.*
 - *Nicolasa Castañeira Lagares, de 20 a 24 anos, segundo o facultativo, por non atopar a súa partida de bautismo, casada, sardiñeira, dous meses e cinco días máis por insolvente de indemnización.*
 - *José Antonio Agras Prieto, de 13 anos, solteiro, da vila, doce días por insolvencia de multa.*
 - *José M^a Méndez Díaz, de 57 anos, casado, labrego, de Porto, catro meses e indemnización.*
 - *Pedro Martínez Allegue, oito meses e 32 días máis por insolvencia de indemnización⁵⁰ por lesións e roubo de roupa a tres mulleres e un home⁵¹.*
- 1874** - *Manuel da Fonte “Canta á pega”, 29 anos, da vila, solteiro, mariñeiro, un mes, e dous días (insolvente).*
 - *Isidoro Silvar Franco, “Pandeiro”, 23 anos, de Franza, casado, labrego, cinco meses e indemnización.*

49. O primeiro, de 21 anos, criado doméstico. Reincide en 1874. O segundo, 21 anos. O terceiro, de 32. Ambos, labregos. Todos, solteiros.

50. E vinte e dous días máis no cárcere de Mugardos.

51. Só cumprirá seis meses, porque non se pode condenar máis do triplo da condena individual (dous meses por cada un dos prexudicados).

- *Andrés Escariz Ares, 21 anos, de Grandal (Vilarmaior), solteiro, canteiro, tres meses e indemnización.*
- 1875** - *José Vázquez, “Bocas”, 42 anos, de Vilar, casado, zapateiro, un mes e indemnización.*
 - *Antonio Vázquez Ares, 23 anos, xastre, e Diego Fernández López, 32 anos, labrego, solteiros, de Vilachá (Monfero), un mes e cinco días máis por indemnización entre ambos.*
 - *Antonio González “sen segundo apelido”, 20 anos, de Nogueirosa, solteiro, labrego, dous meses e tres días por insolvencia de indemnización.*
 - *Juan José Pereira Leite, 33 anos, de Mugardos, casado, mariñeiro, dous meses e indemnización.*
 - *Antonio López Pena “Pallares”, 61 anos, de Andrade, casado, labrego, dous meses.*
 - *Antonio Salgado Viñas, 33 anos, da vila, solteiro, albanel, tres días e multa.*
- 1876** - *Benita Casal, “Tiñosa”, de Porto, cinco días por insolvencia de indemnización de 25 pts.*
 - *Nicolás Rodríguez Pantín, 34 anos, de Magalofes, solteiro, mariñeiro, dous meses e 25 pts. de indemnización.*
 - *Manuel Martínez López, 26 anos, de Ares, solteiro, mariñeiro, un mes e cinco días máis por insolvencia.*
 - *Jesusa Prieto Plaza, 42 anos, da vila, casada, vendedora de peixe, quinze días por lesións ao seu home⁵².*
 - *Antonio Bustabad Vázquez, 40 anos, de Centroña, casado, zapateiro, un mes, e doce días de indemnización.*
 - *Francisco Vizoso Aguilar, 25 anos, de Barallobre, solteiro, mariñeiro, tres meses e once días por insolvencia.*
- 1877** - *Froilán Rodríguez Pantín, 29 anos, de Cabalar (Capela), fogueiro de vapor, dous meses.*
- 1878** - *Juan Pablo Corbeira Freire, 37 anos, de Iris, casado, labrego, catro meses e indemnización.*
 - *Joaquín Piñeiro Fabal, 27 anos, da vila, casado, mariñeiro, oito días por lesións ao seu irmán e a outro, e blasfemias.*
- 1879** - *Joaquín Piñeiro Fabal, 28 anos, da vila, casado, mariñeiro, cinco días.*
 - *Manuel Vilariño González, 26 anos, de S. Xoan de Vilanova, tres meses.*
 - *Antonio Allegue López “Aparecido”, de Mugardos, tres meses e cinco días por insolvencia de indemnización.*
 - *María Fonte Calvo, da vila, dous meses por maltrato.*
 - *Antonio Prado Fernández, de Ombre, un mes.*

52. Atención á explicación do xuíz: “Disparou unha pedra que feriu o seu marido na cella esquerda e aínda que alegou que seu esposo lle pegara, non o probou.”

- 1880** - *Juan Bouza Fernández, 36 anos, de Leiro (Miño), casado, labrego, dous meses e indemnización.*
 - *Ángel Abelleira Serantes, 37 anos, da vila, casado, mariñeiro, catro meses e indemnización. Insolvente.*
- 1881** - *Joaquín Fernández Pereira, de S. Julián de Mugardos, tres meses e oito días máis por insolvente.*
 - *Andrés Ricoy Casal, 18 anos, de S. Martín do Porto, sen profesión, catro meses e sete días máis por insolvente*
 - *Miguel Vázquez Martínez, 31 anos, da vila, casado, con catro fillos, quince días por maltrato á súa muller.*
 - *Manuel Rodríguez Allegue, 20 anos, de Magalofes, solteiro, labrego.*
 - *Melchor Viña Rivas, 18 anos, de S. Martín do Porto, solteiro, mariñeiro, un mes e cinco días por insolvencia. Carmen Maza Castrillón, de Pontedeume, catro meses.*
- 1882** - *Vicente Núñez Romero, de Sillobre (Fene), dous meses.*
 - *Juan Montenegro Miranda, de S. Vicente de Meá (Mugardos), un mes e cinco días de detención.*
 - *Ignacio Fornos (ilexible), de Monfero, dous meses.*
 - *José M^a Herve López, de Andrade, dous meses e once días máis de prisión subsidiaria.*
 - *Francisco Domínguez Fonte “Pega”, de Pontedeume, vinte e cinco días por insol-vencia de multa.*
 - *José Ramón García, de Vilar, por insolvencia, once días, e cinco días máis de indemnización.*
 - *José Antonio Montero, de Pontedeume, natural de Ferrol, cinco días.*
 - *Juana Rodríguez, de Ombre, cinco días.*
 - *Francisco Domínguez “Quedo”, de Bemantes (Miño), doce meses.*
 - *Manuel Agustín Casal Pita “Papulo”, de Castro (Miño), dous meses.*
 - *José M^a Ayerbe López, dous meses e cinco días máis por insolvencia de indemnización.*
- 1883** - *Ramón Freire Fernández, de Vilachá (Monfero), dous meses e cinco días máis, ídem.*
 - *Manuel Varela Blanco, de Doroña, dous meses e cinco días máis, ídem.*
 - *Francisco Vilar ¿Doval?, de Doroña, catro meses e oito días, ídem.*
 - *M^a José Pacheco Pérez, de S. Martín do Porto, un mes e dous días, ídem.*
 - *Andrés Piñeiro Lago, un ano e doce días, ídem.*
- 1884** - *José Antonio e Robustiano Bouza, de Perbes (Miño), seis meses.*
 - *Pedro Casteleiro Souto, de Limodre, catro meses.*
 - *Manuel Allegue Pico, de Capela, dous meses e tres días máis por insolvencia.*
 - *Manuel Valerio Pardo, de Breamo, seis días.*

- 1885** - Juan Fonte Rodríguez, de 23 anos, de Vilar, serrador, e Atilano Pena Anca, de 30 anos, de S. Martín do Porto, mariñeiro, ambos un mes e catro días máis por insolventes. (*Lesións recíprocas*)
- Rafael Rico Martínez, “Rato”, 22 anos, de Vilamateo, solteiro, zoqueiro, dous meses⁵³.
 - Constantino Vázquez Prieto, de Pontedeume, por lesións a Ángel Abelleira (puñaladas) e a súa muller Bernarda Piñeiro (puñetazos e patadas), na rúa de Ferreiros, de noite. Cinco días de detención polas anteriores lesións ao primeiro e dez días á segunda, na súa propia casa e baixo a responsabilidade do alcalde de barrio, e indemnización de 3 pts. e 75 cts.
- 1886** - Paula Beceiro Fernández, 38 anos, de Queixeiro (Monfero), viúva, labrega, non sabe ler nin escribir, dous meses e cinco días máis por insolvencia de 127 pts. de multa⁵⁴.
- Francisco González Otero, “Asendo”, 47 anos, de Ares, casado, xornaleiro, non sabe ler nin escribir, dous meses e seis días máis por insolvencia de indemnización de 31 pts.⁵⁵
 - Francisco García Cortiñas, de Queixeiro (Monfero), solteiro, labrego, sabe ler e escribir, un mes e 125 pts. de indemnización ao seu veciño Nicolás García, “por palabras burlonas que desagradaron o acusado, o cal feriu cunha navalla”⁵⁶. Por insolvencia, vinte e cinco días de pena subsidiaria.
 - José López González, 37 anos, de (ilexible), solteiro, esmoleiro, non sabe ler nin escribir, dous meses⁵⁷.
 - Ramón Rigueiro Candido, 26 anos, de Doroña, solteiro, labrego, non sabe ler nin escribir (xunto con outros dous: seu irmán Bernardo, 23 anos e soldado en Burgos; e un terceiro, de 19 anos), por lesións a Juana Varela, tres meses e un día máis por insolvencia de 11 pts. de indemnización.
 - Antonio Tenreiro Varela, 22 anos, de Nogueirosa, solteiro, labrego, non sabe ler nin escribir, dous meses⁵⁸.
 - José Rosendo Fernández Camino, “Carallón”, 39 anos, de Vilar, de padre descoñecido, casado, escribente curial, dous meses e 200 pts. por invasión de domicilio e dous meses e 39 pts. por lesións; total: 149 días⁵⁹.

53. Acusou a Antonio Freire de roubarlle unhas galiñas, polo que o golpeou cun pau, e dixo que “*aínda lle dera pouco*”.

54. Por lesións a súa irmá Cándida por unha pelexa por reparto de froitos secos.

55. A Domingo Naya Fernández, de Ares: “*Deulle cun pau e feriu cunha faca no muslo esquerdo*”.

56. Pena inferior por ser menor de 18 anos e maior de 15.

57. “*Por lesións producidas nunha liorta nunha taberna en Nogueirosa, por motivo dunhas coplas que dixo Pedro Tonceda que considerou ofensivas o acusado, interpoñéndose entre ambos Francisco Andrade para separalos, foi este lesionado cunha navalla por aquel na man esquerda.*”

58. “*Estando Lucía Varela labrando verdura ao carón da súa casa, saíu o procesado da súa cunha picaña ao lombo e acercándosele, deulle varios golpes coa picaña, causándolle diferentes lesións.*”

59. O ano seguinte volverá a estar preso por dous delitos consecutivos: *detención arbitraria e estafa*.

1887 - Manuel Fariña, José Varela Infante e José Antonio Penedo⁶⁰.

- Francisco Souto Otero, de S. Xulián de Mugardos, carpinteiro, de 20 anos, non sabe ler nin escribir. Condénaselle por lesións por imprudencia temeraria a dous meses de arresto maior e indemnización de 49 pts. á nai do neno J.M.P. Declárase insolvente, polo que terá que cumprir sete días máis de prisión subsidiaria.

- Bernardo Espiñeira Varela, de 58 anos, le e escribe incorrectamente, casado, labrego; Tomás Fernández Allegue, de 36 anos, sen instrución, casado, labrego; e Rafael Salido Iglesias, de 25 anos, sabe ler e escribir, casado, labrego. Todos eles aveciñados en S^a M^a de Taboada, Monfero. Condénase a cada un a dous meses e un día e multa de 130 pts. polo delito de detención ilegal e lesións leves cometidas a Nicolás Freire Vieites, e once días de arresto menor e indemnización mancomunada de 4 pts. e 30 cts ^oo prexudicado.

- Nicolás Basilio Roibal Prieto⁶¹, de 18 anos, solteiro, mariñeiro, natural de Ferrol e veciño de Mugardos, sabe ler e escribir, sen antecedentes penais, por un mes de arresto maior e indemnización de 38 pts. por lesións (substitución de sete días máis, por insolvente). Causa: No peirao de Mugardos, Rosendo Vilas aproximou o seu bote ao de Roibal, contra o costume entre os da súa clase, para que a el se trasladasen parte das persoas que o Roibal tiña xa embarcadas para conducilas a Ferrol, en cuxo momento o Roibal cun remo deu un golpe na cabeza a R. V., inferíndolle unha lesión que fixo necesaria a asistencia facultativa por nove días.

- José Francisco Porta Rigal, alias Catalán, 40 anos, natural de Reus (Tarragona) e veciño de Ares, casado, industrial, sabe ler e escribir (e outros dous máis). Denunciante: Pedro Suárez Sánchez, garda dependente de consumos de Ares. Delito: Fraude de consumos (reiterado) no fielato: intentaron os acusados pasar sacos de xabón sen declarar. Ademais, o Porta deulle varios golpes cunha escopeta que levaba, causándolle oito lesións (sete na cabeza, unha con fractura de cráneo, perda de substancia e hernia cerebral) e un óso da man roto, o cal provocoulle 158 días de curación e imposibilidade de traballar, complicándoselle cunhas erisipelas r^aumáticas. Pena: catro anos de prisión correccional⁶². Os tres acusados son condenados a pagar unha indemnización ao agredido de 395 pts.

- Concepción Fornos Pereira, casada, de Monfero, sen instrución, labrega, catro meses⁶³ de arresto e catro días por insolvencia de indemnización, por lesións á súa cuñada Josefa Martínez Anido (agravante por ser familiares), por golpeala cun banco e unha (ilexible) de ferro, porque dicía que J. M. A. maltratoulle un can.

1888 - Manuel Solares Acción, de S. Pedro de Grandal (Vilarmaior), de 13 anos, solteiro, xornaleiro, sen instrución. Pena: vinte e cinco días de prema persoal por insol-

60. Todos presos por delitos por lesións, pero sen máis datos.

61. Un irmán seu será condenado tamén por lesións o ano seguinte.

62. A cumprir no cárcere da Audiencia da Coruña.

63. "E acesorias durante igual tempo de suspensión de todo cargo e en canto sexa compatible co seu sexo".

vencia polas 125 pts. de multa. Delito: O acusado tiroulle pedras, alcanzándolle unha delas ao neno Pedro Núñez T., de 7 anos. A nai, Manuela rifoulle, pero aquel feriu cun coitelo a referida nun brazo. Manuel Solares, por ser maior de 9 anos e menor de 15, foi recoñecido por dous profesores de instrución primaria e tres facultativos, manifestando todos eles que obrara con discernimento por ter conciencia dos seus actos. O acusado conformouse (con asistencia do seu pai) coa sentenza e non continuou o xuízo oral.

- José M^a Calvo Calvo, de Santiago de Franza (Mugardos), de 22 anos, solteiro, labrego, sen instrución. Pena: cinco meses de arresto e catro días de prisión subsidiaria por insolvente. Delito: lesións e furto de figos.

- José Tenreiro Casás, de Boebre, de 21 anos, solteiro, labrego, non sabe ler nin escribir. Pena: dous meses por lesións e vinte días máis por insolvente. E comiso da pistola e faca do condenado, as que se venderán, dando ao seu produto a aplicación legal.

- Eleuterio José Antonio González Bugía, de Vilar, de 24 anos, solteiro, labrego, sen instrución. Pena: dous meses e seis días de prema persoal por insolvencia de multa de 30 pts. por lesións: un golpe cun pau sen motivo coñecido a Antonio Tenreiro na cabeza.

- Andrés Díaz Montero, de Villamateo, de 43 anos, casado, labrego, non sabe ler nin escribir. Pena: dous meses de arresto e indemnización de 58 pts. por prexuízos por lesións graves a Antonio Martínez.

- Juan Pita Golpe, de Carantoña (Miño), de 19 anos, solteiro, labrego. Un mes e quince días por imprudencia temeraria por disparo de arma de fogo e lesións a Manuel Vales: o acusado, ao volver dunha feira, ía divertíndose efectuando disparos ao ar cunha pistola, e un deles feriu a M. Vales no brazo esquerdo. Insolvente.

- Manuel Martínez Abeledo, alias Pirucho, desta vila, de 24 anos, solteiro, zapateiro, non sabe ler nin escribir. Pena: un mes e tres días de a. p. por insolvencia de 16,50 pts. de indemnización por lesións a Ramón García.

- Ricardo Vázquez Rodríguez, de Perbes, de 20 anos, solteiro, labrego e mariñeiro, sabe ler e escribir. Pena: dous meses e sete días por insolvencia de indemnización por lesións a José Manso Leal.

- Andrés Bouza Piñeiro, alias ¿Marrañón?, natural de S. Martín de Andrade e veciño de Pontedeume, de máis de 14 e menos de 15 anos de idade, solteiro, sen profesión nin instrución. Pena: vinte e cinco días de p. s. por insolvencia de multa de 125 pts. e oito días máis por indemnización de 300 pts. ao ofendido, por lesións.

- José González Pena, de Xestoso (Monfero), de 23 anos, solteiro, labrego, sabe ler e escribir. Pena: dous meses por imprudencia temeraria por lesións a Hermenegildo Cainzos e comiso do revólver.

- Manuel José Díaz, de pai incógnito, de 39 anos, casado, labrego; Rosendo Vázquez Cupeiro, de 37 anos, casado, labrego; ambos saben ler e escribir; Manuel

Couce Iglesias, de 64 anos, viúvo, labrego, non sabe ler nin escribir; José M^a Manso Vázquez, alias Garnacho, de 17 anos, solteiro, labrego, sabe ler e escribir; todos veciños de Leiro (Miño). Catro meses e sete días por insolvencia de indemnización aos tres primeiros e trinta días de detención subsidiaria por insolvencia de multa de 200 pts. ao último. Os procesados, de noite nun camiño derónlle catro paus na cabeza e resto do corpo, sen motivo ningún, coas varas de guiar bois, a A. Fraga.

- Os irmáns Pedro, de 18 anos, e Pascual López Lagares, de 16 anos, solteiros, labregos, non saben ler nin escribir; e Nicolasa Castiñeira Lagares, nai dos anteriores, de 38 anos, casada, labrega, sen instrución. Penas: o primeiro, dúas de dous meses e sete días; o segundo, cincuenta días por insolvencia de a. p. de multa de 125 pts., máis sete días a ambos por indemnización, por lesións a Teresa Ares, e aboar 19 pts. a Teresa Coira (nai da anterior). A terceira, catro meses e catro días por indemnización por lesións a Lorenza Varela.

- Andrés Roibal Prieto, de Mugar dos. Pena: tres meses e nove días de prema persoal por insolvencia de indemnización de 48 pts. por lesións a Felipe Bastida.

- Ignacio Pita, de Doroña, que na súa casa extinga tres días de arresto por maltrato a Manuela Campo.

1889 - *Bonifacio Tenreiro Bujía, 50 anos, casado, labrego, con instrución; Andrea Tenreiro Tenreiro (filla), 24 anos, solteira, xornaleira, sen instrución; M^a Dolores Tenreiro Ares, (esposa do primeiro), 49 anos, labrega, sen instrución; e Gabriel Tenreiro Bugía (sic) (irmán do primeiro), 43 anos, casado, labrego, con instrución; todos de Vilar. Delito: Os tres primeiros: lesións entre partes ao cuarto. Pena: un mes de arresto a cada un. O cuarto: días faltas. Dez días no Depósito Municipal.*

- Manuel López (fillo natural) 17 anos, de Doroña, solteiro, labrego, con instrución, lesións a Francisco Rico. Pena: vinte e cinco días en equivalencia de 125 pts de multa, por insolvente.

- Manuel José Pena Feal, 27 anos, de Ombre, solteiro, labrego, sen instrución, un mes por lesións graves⁶⁴.

- Pedro (20 anos) e José M^a Cal González (19 anos); Juana González Meizoso, 40 anos; todos solteiros e xornaleiros; e M^a Antonia González Meizoso, 55 anos, casada e labrega. Todos de Espiñaredo (As Pontes), e sen instrución. Lesións a

64. "Xuízo por imprudencia temeraria contra Juan López García. Na taberna de Josefa Sobrado, en Ombre, sacando Pena Feal unha pistola de dous canóns, mostrouna aos demais, correndo de man en man e, ao chegar ao acusado, o seu dono, caéuselle ao chan, disparouse e feriu a Juan López García no ombreiro esquerdo. Resultando que o procesado carecía de bens e de industria, e ofrecidas as causas ao ofendido, renunciou ás accións penais e ás civís para a indemnización de prexuízos (...) O procesado declárase insolvente".

*Manuel Ardao Cabarcos*⁶⁵. Dous meses e 28 pts. de multa aos varóns e cinco días máis por insolvencia. As acusadas resultaron absoltas.

- *Andrés Torres Fariña*, 19 anos, de Vilarmaior, solteiro, labrego, con instrución, 25 días por insolvente.

- *Antonio Pico Sanjuán*, 39 anos, casado, *Manuela Beceiro Rico* 43 anos, casada, e *Domingo Pico Beceiro*, (fillo dos anteriores), 14 anos, solteiro, todos de *Queixeiro* (Monfero), labregos e sen instrución, por lesións a *Paula Beceiro* (irmá da segunda): un mes e dous días por insolvencia de multa aos dous primeiros, e o terceiro, declárase exento de responsabilidades, é absolto con encargo aos seus pais de vixialo e educalo.

1890 - *Ángel Santarén Fabeiro*⁶⁶, 19 anos, de Castro, solteiro, mariñeiro, sen instrución, por lesións a *Francisco Rico*. Tres meses e un mes máis por insolvencia (indemnización de 400 pts. ao ofendido).

- *José Benito Vilela Ares*, “*Catano*”, 18 anos, da vila, solteiro, mariñeiro, con instrución. Dous meses e dez días máis por insolvencia de 52 pts. de indemnización.

- *Manuel Couce González*, 68 anos, de Ares, casado, xornaleiro, con instrución. Catro meses. Insolvente⁶⁷.

- *José Salorio Tizón*, 16 anos, de Nogueirosa, solteiro, ferreiro, con instrución. Catro meses e once días por insolvencia.

- *José Casanova Rodríguez* (19 anos), *Fulgencio “Fluencio”* (20) e *Juan Medín Lorenzo* (17), todos de Vilarmaior, solteiros, labregos e sen instrución. Penas por lesións a *José Infante Doural*: *José* e *Fulgencio*: catro meses e 76 pts. de indemnización, e cinco días máis por insolvencia. *Juan*: un mes, e cinco días máis, ídem.

1891 - *Ángel Santarén Fabeiro*, 20 anos, de S^a María de Castro, solteiro, labrego, sen instrución, lesións (con antecedentes penais en 1890). Catro meses e catro días por insolvencia de multa de 21 pts.

- *María Gelpi Prieto*, 22 anos, de Mugardos, solteira, labores propias do seu sexo, sen instrución, por lesións a *Nicolasa Lago*, un mes e tres días máis por insolvencia de multa.

- *M^a Antonia* e *Carmen Piñeiro Prieto*, *Rosario Vázquez* (filla natural) e *Genoveva Salgado Viñas*, da vila, pescadoras, casadas as dúas primeiras, solteiras as outras, sen instrución, por lesións a *Bernarda Salgado Viñas* (irmá dunha das agresoras), dous meses e catro días máis por insolvencia de multa de 20 pts.

- *Cipriano Piñón López*, 20 anos, de Neda; *Juan*, 20 anos, de Sillobre; e *Manuel Díaz Grandal*, 18 anos, de Neda; *Francisco* (17 anos), *José* (25) e *Manuel Fraguela Dopico* (17), de Fene. Todos mariñeiros; solteiros e con instrución, agás

65. Os procesados varóns acometeron a *Manuel Ardao*, dándolle golpes cunha fouce e un pau; niso, apareceron *M^a Antonia* e *Juana* (nai e tía daqueles) e dixéronlles “que lle deran” ao *Ardao*, o cal causaron unha ferida na cabeza e outras

66. Reincidirá o ano próximo.

67. “Comiso da navalla ocupada que se venderá, dando ao produto destino legal”.

- o penúltimo. Dous meses, agás o derradeiro: vinte e cinco días. O lesionado renuncia á multa de 55 pts., polo que non cumpren once días máis por insolvencia.*
- Pablo Prieto Blanco, 14 anos, de S. Félix (Monfero), solteiro, labrego, sen instrución, Vinte e cinco días por multa e seis días máis por insolvente por 30 pts. de indemnización. O procesado obrou con discernimento ao ferir o seu discípulo Manuel Otero Viñas.
 - Gabriel Benito Núñez Varela, 44 anos, de Doroña, casado, labrego, sen instrución, un mes e comisada a pistola comprada, por ferida por arma de fogo. Insolvente.
 - Demetrio Amador Pedreira Tabeiro, 21 anos, de Ares, casado, xornaleiro, sen instrución, dous meses, e un día máis por insolvencia.
- 1892** - Ramón Manuel Varela Regueiro, 13 anos, de Ombre⁶⁸, solteiro, labrego, con instrución, Vinte e cinco días por indemnización de 500 pts. e oito días máis por insolvencia.
- José Penedo Rey, "Pepe de Juanitas", 32 anos, de Doroña, casado, labrego, sen instrución, dous meses e oito días máis por insolvente de indemnización de 40 pts.
 - Vicenta Vales López, 30 anos, de Breamo, casada, labrega, sen instrución, pór lesións a Josefa Fermín e a Francisca García, dous meses.
 - Félix M^a Hermida Vázquez, 51 anos, de Mugardos, casado, mariñeiro, con instrución, seis meses⁶⁹.
 - Andrés Varela Freire, 23 anos, de Andrade, solteiro, labrego, sen instrución, dous meses e cinco días máis por insolvencia.
 - José Antonio Casteleiro Martínez, 20 anos, de Caamouco (Ares), solteiro, mariñeiro, con instrución, un mes e oito días máis por insolvente de indemnización.
 - José Leiro Míguez, 17 anos, de Miño, solteiro, pescador, sen instrución, Vinte e cinco días por insolvencia de multa por lesións graves por imprudencia temeraria.
 - Manuel Nieto Castro, 30 anos, de Franza, casado, xornaleiro, con instrución, seis meses. (...) Mandamos que polo Xulgado Municipal de Mugardos se celebre xuízo de faltas polo Castro por atentado a un dependente do Resgardo de ^consumos (disparo de arma de fogo feito preto do establecemento de Ángel Fernández)⁷⁰.
 - Agustín Torre Vizús, "Xudas", 22 anos, da vila, solteiro, mariñeiro, sen instrución, dous meses. Insolvente.
 - Andrés González, de pai descoñecido, 17 anos, de Andrade, solteiro, labrego. Vinte e cinco días por insolvencia de multa de 125 pts., por lesións por disparo de arma de fogo a Agustina Doural.

68. O tribunal alegou que, a pesar da súa curta idade, "o procesado obrou con discernimento".

69. Foi condenado anteriormente pola Xurisdición de Mariña por un delito de homicidio.

70. Condenado anteriormente por homicidio. Voltará a delinquir en 1894.

1893 - *Pedro Francisco Ares Garabana*⁷¹.

- *Valentín Blanco Penedo, dous meses.*

1894 - *Pedro Caaveiro Romeu, de 21 anos de idade, veciño de S. Pedro de Eume (As Pontes), solteiro, labrego e sen instrución nin antecedentes penais, estivo preso por outra causa (...) Condenamos a dous meses e un día de arresto maior, coas accesorias (...) e que indemnice con 50 pts. a Manuel López Coira por lesións, sufrindo en caso de insolvencia a responsabilidade persoal subsidiaria dun día por cada cinco ptas e o pago das custas. Declárase insolvente. E dígase ao Xuíz de Instrución de Pontedeume que no sucesivo cumpra con maior celo e actividade as ordes desta Sala, po's non deu aínda conta de poñer en liberdade o procesado segundo aparece noutras dilixencias*⁷². *E para remitir ao Sr. Alcalde deste Distrito para que o acusado sufra vinte días de arresto maior que lle corresponden polo resto das penais, toda vez que estivo preso provisionalmente 101 días."*

- *José Permuy Esteiro, natural e domiciliado en Boebre, de 17 anos, labrego, sabe ler e escribir, sen antecedentes penais (...), condeno o acusado a un día de arresto neste Depósito Municipal e a pagar de indemnización ao lesionado 4 pts. e as custas (...)*⁷³.

- *José M^a Corgo "Golada", sobre lesións inferidas a Antonio López Domínguez. O acusado, de 23 anos, de padre descoñecido, natural de Golada (Pontevedra), sen residencia fixa, acode a feiras e romarías onde pide esmola tocando o violín, sendo algunha vez xornaleiro, solteiro, de boa conduta e sen antecedentes penais, sabe ler e escribir, atópase en prisión provincial despois de estar rebelde e de ser capturado. Fallamos: Condenar o acusado a dous meses e un día e a pagar a A.L.D. 28 pts., quedando suxeito á responsabilidade subsidiaria en caso de insolvencia, que establece o artº. 50 do Código, debendo sufrir un día máis por cada cinco pts. Declarámo-lo insolvente, polo que cumprirá cinco días máis. Ordenamos que antes de poñerse en liberdade, déase coñecemento ao Coronel do Rexemento de Luzón (Filipinas)*⁷⁴.

- *Ángel Abeleira Serantes, veciño de este pobo, de 50 anos, natural de Sta. Eulalia (Maniños, Fene), casado, mariñeiro, sabe ler e escribir, de mala conduta, penado anteriormente por resistencia e desobediencia a un Axente da Autoridade con dous meses e multa, estafa (indemnización e multa) e lesións (catro meses). Procesado agora por lesións a Ramón Ares Lagares. Pena de catro meses e un día de arresto maior e nove días por insolvencia.*

71. "O preso está enfermo e non pode trasladarse ao Cárcere da Coruña a cumprir a condena imposta."

72. Insólita advertencia ao xuíz de Pontedeume por parte do da Audiencia.

73. Providencia. Casa do Concello de Pontedeume. Carecendo este Concello de local axeitado para o Depósito Municipal, designase o salón baixo deste Concello para extinguir o detido un día de arresto."

74. Quizais sexa un prófugo do Exército español en Filipinas.

- *José González Vilar "Pardillo", de 28 anos, natural de S. Julián de Mugardos, solteiro, mariñeiro, non sabe ler nin escribir, de mala conduta polo vicio da embriaguez e pendencieiro, procesado por lesións ao seu veciño Manuel Pérez Campos, á pena de dous meses de arresto maior e a indemnizar con 30 pts. Insolvente.*

- *Carlos Espiñeira Varela, de 17 anos, de S. Cristovo de Guimil (Vilarmaior), solteiro, xornaleiro, sen instrución, de boa conduta, por lesións e tres de furto de castañas. Pena: 130 pts. de multa e satisfacer o ofendido Jacinto Vilariño 20 pts. Absolvemos dos tres delitos de furto. Por insolvente, trinta días.*

- *Santiago Fariña López "Oleiros", de 21 anos, natural de Sta. M^a de Oleiros, xornaleiro, sen instrución nin antecedentes penais, e Abelardo Constenla do Pico, de 30 anos, natural de Ferrol, dependente de Consumos, con instrución e antecedentes penais, os dous veciños de Ares. Condena de dúas penas de arresto maior, unha para cada un dos delitos de lesións menos graves: ao primeiro, cada unha de catro meses, e outras dúas de a dous meses ao segundo, e a ambos, as acesorias e as custas. Entrégase o revólver, cápsulas e (ilexible), ocupados ao Constenla. De-cláranse ambos insolventes para as responsabilidades pecuniarias.*

- *Joaquín Pazos Bello, de Maniños (Fene), de 22 anos, solteiro, mariñeiro, sen instrución. Por lesións graves causadas por imprudencia temeraria, condénaselle a dous meses e 100 pts. de indemnización. Por insolvente, engádenselle vinte días máis.*

- *Ana Toimil Cristal, de Mugardos, de 36 anos, casada, pescadera, sen instrución. Por lesións graves a Elena Rodríguez, condénase a catro meses e a satisfacer a lesionada 80 pts. Insolvente, engádense 16 días máis.*

- *Rosendo del Río Castro "Chas", de 24 anos, labrego e músico, con instrución; e Tomás Míguez Domínguez, de Bemantes, de 25 anos, mariñeiro, sen instrución; por lesións a Antonio Lourido: Cinco meses. Insolventes.*

- *Vicenta Vales López, do Soto da vila, por lesións a Nicolasa Bouza, condénase a un día de arresto menor "no faiado deste Concello, por carecerse de local axeitado para Depósito municipal"⁷⁵.*

- *Testemuño de condena a instancias de Antonia Fernández contra Nicolasa Carpenle, desta vecindade, por maltrato de obras e palabras. Condénase as dúas a un día de arresto nas súas casas con garda de visitas.*

- *Testemuño de condena de Ramón Salgado Soto, de 18 anos, carpinteiro, Josefa Martínez Vázquez, de 19 anos, revendedora de peixe, Ramona González García, de 19 anos, dedicada ao goberno da súa casa, Juan José Piñeiro Martínez, de 16 anos, mariñeiro, Clotilde Barro Salgado, de 20 anos, puntilleira, e Manuel Barro Salgado, de 16 anos, xastre. D. B.M. L., secretario do concello de Pontedeume*

75. Xa fora condenada en 1892.

certifica que en xuízo verbal de faltas contra os anteriores, todos solteiros, deste pobo, sobre maltratos, foron condenados a unha pena de multa de 5 pts. cada un. Declarados insolventes todos, cumprarán un día de pena subsidiaria no Depósito Municipal, baixo a custodia do porteiro municipal.

1895 - *Joaquina Fonte “Pega”, de Pontedeume, seis días de cárcere, a falta de Depósito Municipal, por malos tratamentos a Concepción Amado⁷⁶.*

- *Antonio Castro Anca, 22 anos, de Limodre, solteiro, mariñeiro, sen instrución, catro meses e dezaseis días por insolvencia de multa.*

- *Ramón Abeledo Bustabad, 20 anos, de Pontedeume, solteiro, xastre, con instrución, catro meses e oito días por insolvencia de multa.*

- *Andrés Pérez Fernández, 27 anos, de Ares, solteiro, mariñeiro, con instrución. Seis meses e trece días, ídem.*

- *Juan José Fraga Pérez, de Iris, tres meses⁷⁷.*

- *Carolina Piñeiro Fabal⁷⁸, 30 anos, casada e pescadora; a súa cuñada Josefa Amado, 44 anos, casada e xornaleira; e seu fillo Ramón Piñeiro Amado, 18 anos, solteiro e mariñeiro. Todos de Pontedeume. Por lesións entre a primeira e a segunda e o fillo: dez días (e cinco máis por insolvencia); cinco e dous días, respectivamente, de cárcere, por non haber Depósito Municipal.*

1896 - *Domingo Pazo García “Rato”, 28 anos, de Nogueirosa, casado, labrego, sen instrución, de conduta provocativa e carácter camorrista, segundo información do alcalde, que estivo preso provisional. Condenado a dous meses e seis días por insolvencia de indemnización⁷⁹.*

- *José M^a Luaces Ares, un día no Depósito Municipal por lesións a José Rodríguez.*

- *Teresa Moradillos Brandeiro, 40 a 45 anos, de Ares, viúva, traballos domésticos, non sabe ler nin escribir, por lesións á súa veciña, dous meses e oito días por insolvencia de indemnización.*

- *Fulgencio Fernández (de pai descoñecido), 21 anos, de Franza, solteiro, xornaleiro, sen instrución, por lesións ao seu veciño, dous meses e catro días por insolvencia de indemnización⁸⁰.*

- *Esteban Andrade Barros, 14 anos, de Franza, solteiro, mariñeiro, non sabe ler nin escribir, un mes e tres días por insolvencia de indemnización. Obrou con discernimento.*

76. Denuncia do garda municipal Fernando Cortizas Espiñeira. Xuízo verbal de faltas en Pontedeume. Xuízo municipal accidental, Manuel Villanueva. Secretario xudicial, Francisco Anca y Soler.

77. “Condenado por sentenza de 1892 por tentativa de violación pola que se lle condenou a tres anos de prisión correccional, a cal deixará cumprida a 31 de agosto. (...) O preso atópase no cárcere de Ortigueira, deberá sufrir no de Pontedeume tres meses que tamén se lle impuxeron na citada sentenza polo delito de lesións”.

78. Volverá a ser condenada en 1897, tamén por lesións.

79. É a condena que lle queda por cumprir; unha vez descontado o tempo de prisión provisional, dun total de 10 meses.

80. Volverá ao cárcere en 1899, por estafa.

- Agustín Pereira Lara “Marguindoy”?, 20 anos, de Franza, solteiro, mariñeiro, sen instrución, dous meses e dez días por insolvencia de indemnización.
- 1897** - Francisco Germán Rey⁸¹, 25 anos, de Andrade, casado, labrego, sen instrución, e Andrés Riveiros Varela, 25 anos, con instrución, por lesións a Antonio Tenreiro, dous meses e dez días por insolv^a. de multa.
- Ramon Fernández López e Carolina Piñeiro Fabal⁸², maior de idade, solteira, ambos da vila. Condenados por delito de lesións ao primeiro e aos dous por escándalo público e ofensas á moral en disputa: ao primeiro: un día e un día máis por insolvencia de multa; á segunda: vinte e cinco días e dez días máis por insolvencia.
- Francisco Rey Dopico, de Mugardos, patrón do falucho Anduriña, por lesións ao tripulante do mesmo buque, Blas Casas: dez días e dous días por insolvencia de multa⁸³.
- Rosendo Corral Fernández, 22 anos, de Xestoso, solteiro, labrego, sen instrución, por lesións por imprudencia temeraria, vinte e cinco días por insolvencia de multa.
- Juan A. Feal Castro “Arosa”, 18 anos, de Magalofes, solteiro, labrego, sen instrución, dez meses, e doce días por insolvencia de multa.
- 1898** - Andrés Pérez Carballo, 24 anos, de Limodre, solteiro, mariñeiro, sen instrución, dous meses, e dez días máis por insolvencia.
- Manuel Amado Fernández “Saleo”, 46 años, de Ombre, casado, labrego, sen instrución, dous meses e tres días máis por insolvencia.
- J. Antonio Allegue Varela⁸⁴, 24 anos, sen instrución; e José Feal López, 25 anos, sabe ler e escribir; ambos de Ombre, solteiros e labregos, dous meses e catro días por insolvencia de indemnización a cada un.
- Cristóbal Vila Fernández, 31 anos, Manuel, 30 anos, e José Vilar Ardao 33 anos, todos de Regüela (Cabanas), casados, labregos e sen instrución, por lesións a M^a Modesta Díaz, catro meses e un día por insolvencia de indemnización de 15 pts. a cada un.
- J. M^a Castro González “Porta”, 17 anos, de Xestoso, solteiro, cesteiro, sen instrución, por lesións ao fillo de Pedro Fernández, vinte e dous días por insolvencia de multa.
- M^a J. Asunción Pérez Piñeiro, 21 anos, de S. Juan de Piñeiro (Mugardos), solteira, labrega, sabe ler e escribir, dous meses e cinco días por insolv^a. de multa.

81. De pais descoñecidos, expósito do hospicio de Ferrol.

82. Xa foi condenada en 1895 por lesións.

83. Xulgado instructor: Comandancia de Mariña da Capitanía do Porto de Ferrol.

84. Anteriormente penado por furto. Feal López, serao en 1899.

- José M^a Cuiñas Parga, 54 anos, da vila, casado, carteiro, sen instrución (sic), un mes e quince días e cinco días por insolv^a. de multa, por lesións a M^a Antonia Fonte.
- 1899** - Ramón R. Leira Calvete, 17 anos, da vila, solteiro, mariñeiro, sen instrución, trinta e tres días por insolvencia de multa.
- M^a Concepción Piñeiro Rico, 22 anos, solteira, sen instrución, e Consuelo Abelleira Piñeiro, 28 anos, casada, sabe ler e escribir, ambas da vila e xornaleiras, dous meses e dous días por insolvencia de indemnización.
- Víctor Vizoso Silva, 23 anos, da vila, solteiro, xastre, con instrución, dous meses e indemnización de 100 pts.
- Manuel Beceiro Díaz, 36 anos, de Ferrol, casado, empregado, con instrución, un mes e catro días por insolv^a.
- Ángel Abelleira Serantes, 56 anos, natural de Maniños, casado, mariñeiro, e Manuel Fernández Piñeiro, 19 anos, natural de Betanzos, solteiro, cocheiro, ambos da vila e con instrución, cinco meses e vinte e dous días por insolvencia de multa ao primeiro, e un mes e catro días ídem ao segundo, por un delito de lesións e faltas.
- 1900** - Eulogio López García, 32 anos, de Pontedeume, casado, dependente de consumos, con instrución, un mes e cinco días por insolvente de indemnización.
- Ramón M^a Pita Nieto, 40 anos, de Bemantes, casado, labrego, con instrución, dous meses por insolvente.
- José M^a Crespo Caramés "Teso", 33 anos, de Pontedeume, casado, cocheiro, le e escribe, catro meses e vinte días por insolvente, por lesións graves.
- Pablo Vidal Fdez., 34 anos, de Franza, casado, labrego, sen instrución, dous meses e catro días máis, ídem.
- Juan Antonio Martínez Pita, 20 anos, de Ferrol, solteiro, ferreiro, con instrución, un mes e quince días, e seis días máis por insolvente.
- José M^a García Recio "Rego", 22 anos, de Vilar, solteiro, xornaleiro, dous meses e catro días por insolvencia.
- Manuel de la Fuente "Pego", de pai descoñecido, 55 anos, de Pontedeume, mendi-go, sen instrución, tres meses e vinte e cinco días por insolvente⁸⁵.
- Juan Ramón Carpente Leira "del Río", 26 anos, Manuel Francisco Carpente García "Labora", 19 anos, Gervasio Romero, 19 anos, e Manuel Carpente Castro "Chus"⁸⁶, 16 anos, todos de Centroña, solteiros, labregos e sen instrución. Penas: os tres primeiros: dúas penas cada un de dous meses; o cuarto: cincuenta días por dúas multas de 125 pts; todos: vinte días máis por insolv^a. de 50 pts. de

85. Penado anteriormente polo mesmo delito.

86. Sen pais coñecidos, do hospicio de Ferrol.

- indemnización. Por lesións a Domingo A. Martínez e a Tomás Allegue na verbena de S. Xoan, por saltar e apagar estes unha lumeirada.*
- *Cándido López Sobrado "Baleiro", 20 anos, de Ares, solteiro, xornaleiro, sen instrución, dous meses e seis días por insolvente.*
 - *Francisco Amenado Maroño, 23 anos, de Xestoso, solteiro, labrego, con instrución, tres meses, e once días.*
- 1901** - *Andrés Rey Montero, 32 anos, de Meá, casado, labrego, sen instrución, dous meses e nove días por ídem.*
- *Manuela Blanco Pérez, 63 anos, viúva; e Juana Campelo Blanco, 26 anos, solteira, as dúas de Barallobre, labregas, sen instrución, dous meses e dous días por insolventes cada unha.*
 - *José M^a Luaces Ares, de Nogueirosa, seis días por insolvente.*
 - *Pedro Sanjurjo Martínez "Rojo", 25 anos, e Agustín Martínez Sánchez "Oso"⁸⁷, 24 anos, ambos de Ares, solteiros, xornaleiros e sen instrución, un mes a cada un.*
 - *Bernardina López Rodríguez "Perdiz", 50 anos, de Mugardos, viúva, xornaleira, sen instrución, catro meses e catro días por insolvente. Reincidente.*
 - *Manuel Pérez, 35 anos, de Xestoso, casado, labrego, con instrución, dous meses.*
- 1902** - *Rogelio Cabana Castelo, 18 anos, de Miño, solteiro, labrego, sen instrución, catorce días, resto dun mes de condena, por insolvente.*
- 1903** - *Andrés Fernández Seijas, 32 anos, de Pontedeume, casado, labrego, con instrución, dous meses por insolvente.*
- *Ricardo García Pena "Cacharulo", 29 anos, de Franza, casado, labrego, con instrución, un mes por insolvente*
 - *Eugenio Tenreiro, de pai descoñecido, 20 anos, de Andrade, solteiro, mariñeiro, sen instrución, un mes, ídem.*
 - *Manuel Varela Lago, 24 anos, de Bemantes, solteiro, labrego, con instrución, un mes.*
 - *Constantino Torre Tenreiro "Alemán", 35 anos, de Nogueirosa, casado, labrego, con instrución, dous meses e cindo días por insolvente.*
 - *Nicolás Fabal Torrente, 22 anos, de Porto, solteiro, mariñeiro, con instrución, dous meses⁸⁸.*
- 1904** - *Ramón Martínez Seijas, de Monfero, 16 anos, solteiro, servente, cinco días por maltratos.*
- *Vicente Regueiro, maior de idade, e José Antonio Pérez Prado, labrego, ambos de Ombre, once días a cada un por lesións recíprocas.*
 - *Plácido Carreira López, 21 anos, de Niñodagua (Arzúa), solteiro, labrego, sen instrución, 41 días e multa.*

87. Tamén está perseguido en Ferrol por agresión ao cabo de carabineiros de Ares (Xulgado Militar).

88. Xulgado municipal de Cabanas.

- *Marcial Agras Gómez, 16 anos, de Perlio (Fene), solteiro, ferreiro, sen instrución; José Ameneiro Gómez, 18 anos, de Barallobre, solteiro, mariñeiro, sen instrución; e Francisco Vivero Couce, 26 anos, de Barallobre, solteiro, mariñeiro, con instrución, vinte e sete días de multa e indemnización aos dous primeiros e dous meses e dous días por insolvencia ao terceiro.*

- *Laureana Vázquez Fernández, maior de idade, de Pontedeume, casada, xornaleira, seis días.*

- *Tomás Piñeiro Rodeiro, 35 anos, de Pontedeume, casado, zapateiro, con instrución, catro meses.*

- *Dolores Casas Espada, 40 anos, de Boebre, solteira, labrega, sen instrución, catro meses e dezanove días, ídem.*

- *Manuel Calviño Castro, 26 anos, de Sedes (Narón), casado, pirotécnico, sen instrución e con antecedentes penais, cinco meses e sete días por insolvente.*

- *Francisco Pérez Cortizas "Camblete", 16 anos, de Perbes, solteiro, mariñeiro, sen instrución, vinte e cinco días de prema por insolvente.*

1905 - *Juan Antonio López, de pai descoñecido, 32 anos, natural de Andrade, de Limodre, casado, empregado en consumos, con instrución, catro meses e oito días por insolvente.*

- *Francisco Acción Maroño, de Xestoso, un mes.*

- *Patricio Bouza Enriquez "Chis", 16 anos, de Perbes, solteiro, labrego, con instrución, cinco días e multa.*

- *Manuel Barro López, 21 anos, de Espiñaredo, solteiro, labrego, con instrución, dous meses, e tres días, ídem.*

- *Camilo Navarro Pérez, 23 anos, de Pontedeume, mariñeiro, seis días por insolvencia de indemnización.*

Agrupamos, xunto coas *lesións*, o delito de *maltrato*, que é de gravidade menor, ao non provocar feridas. Só figuran nove presos (catro homes e cinco mulleres), sendo seis deles os mozos e mozas de Pontedeume do ano 1894 que sufrirán unha pena mínima, un día no Depósito Municipal (en realidade, é a substitución por insolvencia dunha multa de 5 pts.) Outro detido (o de 1888) serao tres días no seu propio domicilio. Podería tratarse (non sabemos as circunstancias) dun caso que hoxe catalogariamos de violencia de xénero, e que é penado ben levemente.

O delito de *lesións* é, con diferenza, o que maior número de persoas levou ao cárcere de Pontedeume neste século, un total de 283, case a metade, un 47,5 % do total (algún en máis dunha ocasión)⁸⁹. Cal é o perfil deste preso? Trátase dun home (234 casos, case un 86 %), mozo, solteiro, dunha parroquia rural, do concello de Pontedeume (103,

89. Na segunda metade do século XIX as *lesións* encabezan notoriamente todos os rexistros documentados. Dende 1870, as *lesiones leves* pasan a tratarse como faltas. GÓMEZ BRAVO, G. *Cartografías penales para la España del siglo XIX*. Cuadernos de Historia Contemporánea (2003).

un 36 %), labrego ou xornaleiro (112, case un 40 %)º, sen instrución (91, un 32%), e pobre (172 *insolventes*, case un 61 %), que agrede a outro home, da mesma freguesía, veciño moitas veces e, por indicios, de semellante clase social. Non soe reincidir (sen antecedentes penais) e, tras unha estadía curta no cárcere (inferior aos dous meses), continúa a súa vida sen máis infraccións legais, polo que non poden considerarse delinquentes habituais, senón esporádicos, xa sexa por un arrebatado de violencia ou unha relación tensa entre coñecidos que remata nunha agresión. Xente do pobo, que semella participar dunha mentalidade onde parece normal certo nivel de violencia ou máis ben brutalidade (entendida como unha forma xeneralizada de comportamento social intracomunitario), non política nin reivindicativa, autolimitada na maioría das veces.

Cómpre tamén abordar este asunto dende un punto de vista sociolóxico e psicolóxico. Expresado moi brevemente, parte da violencia rural está trabada na concepción dun honor baseado nas características da forza e a masculinidade que confiren o prestixio nas comunidades rurais dende o Antigo Réxime. A agresión ao nome, á posición ou á familia, é unha cuestión de honor que esixe ser reparada mediante unha solución física inmediata e directa. A defensa da honra, o orgullo e ata as bravatas eran expresións de poder, de enaltecemento dos costumes tradicionais e da normalidade social⁹¹.

Case todas as agresións son dun home contra outro, mais tamén as hai grupais. Neste ambiente de violencia cotiá, as pelexas (sobre todo de mozos en verbenas e tabernas) non deberían ser infrecuentes, mais en poucas ocasións (sete) levaban os protagonistas á cadea, sendo nunha delas (a citada de 1894) seis mozos de ambos sexos entre 16 e 20 anos os involucrados (*maltratos*); e outra en 1900, cando catro mozos varóns de entre 16 e 24 anos mallaron outros dous nunha verbena. Tampouco abundan os casos entre esposos (só sabemos dun preso por agresión a súa dona, aínda que hai seis casos de mulleres agredidas por homes –nun deles, son tres os agresores–, pero sen constar esa relación), aínda que esta ausencia de condenas polo que hoxe chamamos violencia machista ou de xénero non quere dicir que non existise, senón que, probablemente, a mentalidade da época, moito máis tolerante coa mesma, fixese que non comportase a denuncia ou que esta non prosperase.

Algo parecido podería suceder cos detidos por liortas entre parentes, aínda que temos algúns casos como o da familia en que os tres membros (pai, nai e fillo) agreden a irmá da muller; e é curiosa a nota do xuíz que, en troques de absolver o fillo (de tan só 14 anos), encarga a eses mesmos pais *que o vixíen e o eduquen...* En canto ás mulleres presas, son unha minoría (45, o 14 %), das cales, máis da metade, vinte e catro, o están por agresións a outra muller, en ocasións en pelexas entre varias delas. Só aparece un caso en que unha muller está presa por agresión ao seu home e é significativa a acusación: “Dispa-

90. Dos casos coñecidos, pois non aparecen as profesións de todos. O mesmo cabe dicir dos seus estudos.

91. VÁZQUEZ VARELA, J. M. e CABO VILLAYERDE, M., *Las otras guerras de nuestros antepasados: la violencia intercomunitaria en la Galicia rural contemporánea*. Hispania, vol. LXXV, nº. 251 (2015).

rou unha pedra que feriu a seu marido na cella esquerda e aínda que alegou que o seu *esposo lle pegara, non o probou.*”

A profesión maioritaria dos detidos correspóndese coa da economía da época, é dicir, labregos que traballan no campo, nun partido xudicial cunha poboación maioritariamente rural, onde mesmo a vila da capital, Pontedeume, só tiña 2.718 habitantes no ano 1900, sendo as demais cabeceiras dos restantes concellos uns pobos cunha mínima presenza urbana. Estes labregos traballaban en terras caracterizadas polo minifundio, o atraso e o autoconsumo e, ao igual que os xornaleiros, as súas condicións de vida eran de moi baixos recursos. Tamén é abundante a poboación reclusa adicada ao mar nos concellos de Mugar dos e Pontedeume e teñen, polo tanto, a súa proporcional representación entre os presos estudados. De xeito significativo, case que non atopamos ningunha profesión adicada ao comercio acomodado ou de colo branco, e non só porque sexan menos frecuentes, senón polo menor risco de caer no delito en cuestión por parte da poboación cun maior nivel económico e cultural⁹².

Relacionado co anterior, vimos como o analfabetismo era moi alto entre a poboación reclusa, sobre todo entre os labregos e nos concellos do interior, sendo menor nas vilas costeiras e nos mariñeiros. Este baixo nivel de estudos agrávase nas mulleres presas, sendo contadísimas as que estaban alfabetizadas.

En vista de todo o anterior, non sorprenderá, polo tanto, que a maioría dos condenados reciban a consideración de *insolventes*, é dicir, carecen de bens cos que afrontar a responsabilidade pecuniaria, polo que as penas accesorias á privación de liberdade, isto é, a multa e/ou indemnización ao ofendido comporta case sempre un tempo engadido de permanencia no cárcere, xeralmente a razón dun día por cada medio duro e, dende 1870, un día por cada 5 ptas, aínda que non son regras fixas e estas proporcións poden variar sensiblemente. O que si reflicte esta circunstancia é un panorama abrumador de pobreza e falta de recursos, ou cando menos, a constante relación entre pobreza e delincuencia. En tres casos, os presos constan literalmente como mendigos.

Outro indicador social son os casos de presos “sen pai coñecido”, que ascenden a doce, carecendo dos dous apelidos usuais, que soía condenar a nai a unha vida chea de dificultades, o cal repercutiría no futuro do fillo.

Chaman a atención os vinte e nove presos menores de 18 anos: 3 de 13, 4 de 14, 1 de 15, 10 de 16 e 10 de 17, que cos códigos de xustiza da época eran procesados como adultos, ao aplicarlles a consideración de que “actuaron con discernimento” a pesar da súa xuventude, como xa vimos anteriormente.

En canto ao tempo das condenas dos presos por esta causa, a maior parte é inferior a dous meses (70%), reservándose as longas para outras prisións. No cadro seguinte podemos ver o número de presos e a duración das súas condenas, expresadas en meses, o que non significa que as cumpran integramente en Pontedeume. Aínda que non soe vir

92. Unha excepción é un preso de 1886, José Rosendo Fernández Camino, *curial*, é dicir, empregado subalterno (escribente) dos tribunais de xustiza, que delinquirá en dúas ocasións máis o ano seguinte.

explícito, a considerable diferenza de duración entre as penas vén dada pola gravidade das feridas e polas circunstancias de reincidencia, atenuantes, etc.⁹³ Os menores de idade teñen normalmente redución. Así mesmo, os presos xulgados no xulgado de Pontedeume acostuman a ter penas inferiores pola menor gravidade dos seus casos que os que son tratados na Audiencia provincial.

MESES	≤1	≤2	≤3	≤4	≤5	≤6	≤7	≤8	≤9	≤10	≤11	≤12	≥12
Nº DE PRESOS	99 ⁹⁴	90	19	37	8	9	1	0	0	1	0	2	1 ⁹⁵

O partido xudicial de Pontedeume carecía dun Depósito Municipal (que si había nalgúns concellos do mesmo) para os detidos pendentes de xuízo ou con orde xudicial expresa para penas de arresto menor, polo que o lugar de custodia destas persoas era xeralmente o cárcere, constando varios casos (en 1894 e 1895) de dez, cinco, dous e un día na mesma, xunto cos demais presos. Noutros casos, máis afortunados, o xuíz acordaba como lugar o salón baixo do concello ou o faiado do mesmo. En dúas ocasións, o arresto domiciliario será na súa casa.

A maior parte das lesións non se especifica como se cometeron, polo que hai que interpretar que son golpes proporcionados co propio corpo (algunhas evidentes, nas pelexas), ou algún obxecto contundente, pero tamén hai algúns casos de uso de armas de fogo: constan catro pistolas, un revólver, unha escopeta e “unha arma de fogo”, o cal nos di que a existencia deste tipo de armas non era algo extraordinario.

En canto ao lugar de residencia dos presos por concellos, móstrase no seguinte cadro: na primeira liña, o número de presos polo delito de lesións en cifras absolutas; na segunda, en porcentaxes; na terceira, a poboación de cada concello (referido ao ano 1853); e na cuarta, a proporción da poboación de cada concello con respecto ao total do partido:

CONCELLOS	Pontedeume	Mugardos	Monfero	Miño	Vilarmaior	Fene	Ares	Cabanas	Capela	Fora do partido	Non consta	TOTAL
PRESOS	103	26	27	22	23	16	15	13	2	11 ⁹⁶	19	275
%	36	9,5	9,5	8	8	6	5,5	4,7	0,7	4	7	100
HABITANTES	4.392	3.863	4.431	3.943	2.398	3.634	3.683	2.616	3.464	—	—	26.373
%	15	11,7	13,4	12	7,3	11	11,2	8	10,5	—	—	100

93. En canto ás características concretas das lesións infrinxidas, pouco se detalla nas fontes, agás a consideración illada de *graves* ou *leves*. Como excepción, destacan os catro anos impostos a un caso de 1887, explicable polas gravísimas feridas que sufriu a vítima, que si veñen detalladas. Por suposto, esta longa sentenza cumprírase fóra de Pontedeume, na Coruña.

94. Enténdese un mes como máximo, habendo estancias bastante máis breves, por exemplo, un caso de tres días e catro de seis. O mesmo os demais meses.

95. Catro anos, a cumprir no cárcere da Coruña.

96. Seis das Pontes, dous de Ferrol, un de Narón, un de Arzúa e un da Golada (Pontevedra).

Aínda que só consta a vecindade dos presos, non a súa procedencia, á vista deste cadro é palmaria a pouca mobilidade da poboación na época estudada, onde a maior parte da xente vivía (e delinquía) no concello onde nacía (en boa parte debido ao seu traballo, á labranza da terra, xeralmente herdada), polo que vemos que o 96% dos presos pertencen ao partido xudicial, e dos poucos restantes, a maioría aos límites.

Xa dentro do partido, podemos comparar os datos do cadro anterior co da poboación por concellos, onde vemos a relación entre ambas magnitudes, sempre tendo en conta que os primeiros corresponden a unha franxa de tempo de medio século e o segundo a un ano só como referencia (1863). Como era de esperar, os concellos máis poboados achegan máis presos, pero Pontedeume sitúase moi por enriba dos demais, de xeito desproporcionado con respecto á súa poboación, pois esta supón só un escaso 15% do total, mentres que os presos ascenden a un 36 %! Vilarmajor case coincide en ambas cifras, mentres que os demais supoñen proporcións inferiores ao que lles corresponden, sobre todo Capela e Ares⁹⁷.

4.3 Disparo de armas de fogo

SÉCULO XIX

1878 - Froilán Neira Cancela, de Fene, 22 anos, casado, estudante, catro anos, dous meses e multa de 500 pts., por atentado por disparo de arma de fogo⁹⁸.

1888 - José Rivera López, de Castro, 18 anos, solteiro, labrego, sabe ler e escribir, vinte e cinco días por insolvencia de 125 pts. de multa por disparo de arma de fogo.

1890 - Nicolás Pérez Arnoso, dous meses por disparo de armas de fogo.

1896 - Salvador Varela Veiga "Abeal", de Vilar, 24 anos, solteiro, labrego, con instrución, seis meses de prisión correccional, só para os efectos de suspensión do cargo e dereitos de sufraxio, por disparo de arma de fogo.

1901 - José Manuel Amado Pena, de Ombre, por disparo de arma de fogo.

Poucos son os presos por este delito, mais se lles sumamos os detidos por lesións e homicidios por armas de fogo, chegamos á conclusión de que eran frecuentes as armas, xa sexan pistolas, escopetas de caza ou doutro tipo. E o feito de que non haxa ninguén penado pola posesión das mesmas indica que estas eran de uso legal ou consentido⁹⁹. Reiteramos o dito sobre a violencia *normalizada* nesta sociedade, como conduta habitual de resolución de conflitos.

Concéntranse os cinco nos anos finais do século XIX e non constan no anterior. A falta de datos impide tirar máis conclusións, e só podemos destacar as penas, que non son severas: vinte e cinco días –por insolvencia– e dous meses de cárcere; o de 1896 non com-

97. Os outros concellos dispoñían dos citados Depósitos municipais, que poderían albergar algúns detidos máis neles.

98. Condenado tamén por outros tres delitos: resistencia á autoridade, desacato e ameazas a súa muller.

99. A este respecto, no século XVIII hai un preso que si o está, aínda que ignoramos de que tipo: 1786 (23/12) *Francisco* (ilexible), *natural de Córdoba, por causa sobre armas prohibidas (...), siga.*

porta prisión e o de 1901 non consta. Coa excepción dos catro anos e dous meses do detido de 1878, mais trátase dun *atentado* e por parte dun preso reincidente, con varias condenas.

4.4 Detención arbitraria

1887 - *Testemuño de condena da multa de 130 pts. a José Rosendo Fernández, de pai descoñecido, de S. Pedro de Vilar, 39 anos, sabe ler e escribir, casado, curial¹⁰⁰, por detención arbitraria de Josefa López e Luis González, e na súa equivalencia, vinte e seis días de arresto no cárcere público desta vila.*

—
Único preso por este motivo, que debido ao cargo do mesmo, semella unha actuación ilegal de tipo xurídico. A situación de insolvente volve a ser a causa da súa privación de liberdade.

4.5 Invasión de domicilio

SÉCULO XVIII

1783 (12/4) - *Domingo García, veciño de Nogueirosa, por causa de matonería¹⁰¹ e entrada nun muíño, ao cal mandou continuar (no cárcere).*

1793 (23/3) - *Manuel García, veciño de S. Pedro de Vilarmajor, e Antonio do Pico, de Andrade, por entrar nunha casa de Ysidro Fernández, desta vila, (...), sigan.*

SÉCULO XIX

1870 - *Vicenta Permuy López, de Capela, tres meses e multa, por invasión de domicilio e outros excesos cometidos na casa do cura ecónomo D. Bernardo Brage.*

1888 - *Gregorio Couce Pena, natural de S. Martiño de Andrade e veciño de Ares, de 31 anos, casado, xornaleiro, non sabe ler nin escribir, non goza de boa conduta, dúas penas de un mes e vinte días de detención subsidiaria por insolvencia pola multa de 125 pts., por invasión de domicilio¹⁰². O acusado presentouse bastante ebrio no establecemento de bebidas de Demetria García Bugallo, (a cal) viuse precisada a fuxir, perseguíndoa ata a casa dun veciño e entrando nela (...).*

—
Tan só cinco casos, catro homes e unha muller, todos do partido; o primeiro non se trata exactamente dun domicilio, pero si dunha propiedade allea; no segundo, son dous os acusados da invasión. O terceiro (a única muller) engade outra acusación que non se especifica (*outros excesos*). Aínda que non consta, o móbil deste tipo de delitos acostuma ser o roubo, algo frecuente nas propiedades da Igrexa, dada a súa riqueza, como sucede neste terceiro caso¹⁰³. O cuarto, semella ser distinto, pois produciuse nunha persecución do acusado (ebrio e agresivo) e non en algo premeditado. En canto ás penas, dos reos do

100. Empregado subalterno dos tribunais de xustiza.

101. Matonear: Intimidar a alguén cunha actitude agresiva e prepotente.

102. Ademais de ameazas e coaccións, ver ese capítulo.

103. Como vimos neste capítulo con varios furtos en igrexas.

século XVIII só sabemos que deben permanecer na prisión, e dos do XIX, varios meses, mais hai que ter en conta que se acompañan doutros delitos.

4.6 Malas palabras. insultos, amenazas, injurias, calumnias

SÉCULO XVIII

1783 (12/4) - *Achou a Bernardo Miragaya? y Mosquera (...) por viñoso e con este vicio cometer distintas alteracións e malos tratos de palabra; mandou ao alcaide que, concluído o día de hoxe, se poña en liberdade.*

1786 (8/4) - *Achou a Antonia Vázquez, por palabras denigratorias e outros malos tratos (...), mandou poñer en liberdade.*

(23/12) *Achou a Nicolás de Punin por malas palabras e pouco respecto (...), poña en liberdade.*

1789 *Valga para O Reinado de S. M. o Sr. D. Carlos quarto.*

(4/4) - *J. M. Labora de Andrade, Alcalde maior e Xuíz Hordinario (...) con asistencia dos escribáns de número, Miguel (ilexible), escribán de Couso, e Pedro Mosquera de Hermida, procuradores e más curiais da Audiencia desta vila para o efecto de facer Visita do Cárcere Xeral de todos os presos que se atopan nela, en ref^a á paixón e morte de Noso Redentor X.C. (...), mandou a Juan Ant^o. de Lamas, alcaide dela, fíxese comparecencia de todos os presos (...): Thomás Varela, sobre varios insultos, mandou siga. Domingo González, (idem anterior), e con respecto ao seu estado, alíviaselle a prisión (...)*

SÉCULO XIX

1860 - *Joaquín Casanova, de S. Fiz de Monfero, 59 anos, casado, un mes por calumnias.*

1862 - *Tomás Martínez Vázquez, de Boebre, casado, labrego, un mes e multa por ameazas.*

- *Margarita Torres Couceiro, de Vilar, 40 anos, casada, labrega, vinte días¹⁰⁴ por injurias graves.*

1871 - *Vicente Yáñez López, de Maniños, un mes e multa de 125 pts. por calumnias.*

1872 - *Manuela Piñeiro Rico, da vila, sete meses de **desterro**, privada de entrar en Pontedeume nun radio de vinte e cinco km, debe residir na freguesía de Serantes (hoxe, de Ferrol), por injurias¹⁰⁵.*

1873 - *Manuela Piñeiro Rico, da vila, **desterro** de catorce días na cidade da Coruña por injurias.*

- *Ascensión e Julia Villanueva Martínez, da Coruña, sete meses de **desterro** en Pontedeume por injurias¹⁰⁶.*

1877 - *Tomas López, da vila, tres días por insolvencia, por injurias leves.*

104. Prisión subsidiaria por insolvencia por impago de multa de 200 rs.

105. Reincidirá ao ano seguinte.

106. Deben afastarse 25 km da Coruña. Leva aparelhada unha multa de 125 pts.

- 1878** - Froilán Neira Cancela, de Fene, 22 anos, casado, estudante, por ameazas a súa muller Manuela Fernández con asesinala cun cravo longo. Revógase a sentenza anterior e condénase a catro meses e vinte e catro días por insolvencia de multa¹⁰⁷.
- Andrés Miño, de Vilar, 20 anos, casado, tres días por inxurias e ameazas de morte.
- 1881** - José Vilariño Bouza “Vichuco”, de S. Xoan de Vilanova, cinco días por ameazas.
- 1883** - Marcelino Piñeiro Leira, de Pontedeume, cindo meses por inxurias.
- Manuela Cudilleiro Lago, de Mugardos, 96 días por inxurias.
- 1885** - Orde de desterro a Francisca Casal Permuy, de San Boulo de Caaveiro (A Capela), para que á distancia de vinte e cinco km do radio da dita freguesía extinga a pena de cinco meses de desterro, e vinte e cinco días de prisión subsidiaria en equivalencia de 125 pts. de multa por inxurias.
- 1886** - Bernarda Salgado, da vila, dous días por insolvencia de dez pts. de multa, por inxurias.
- Francisca Casal Permuy, de Caaveiro, vinte e cinco días de desterro en Serantes por insolvencia de multa, por inxurias.
- 1888** - Testemuño de condena de Gregorio Couce Pena, natural de S. Martín de Andrade e veciño de Ares, de 31 anos, casado, xornaleiro, non sabe ler nin escribir, non goza de boa conduta. Condenado a dúas penas de un mes e vinte días por insolvencia pola multa de 125 pts. por ameazas e coaccións¹⁰⁸. O acusado presentouse ebrio no establecemento de bebidas de Demetria García Bugallo, pedíndolle un cuartillo de caña, a cal non quiso darlle polas palabras groseiras e ademais os modos descompostos con que llo esixía, non obstante terlle dado unha copa que derramou polo mostrador, dando voces e golpes e, atemorizada, viuse precisada de fuxir por unha ventá porque aquel lle impedía facelo pola porta, persuíndoa ata a casa dun veciño e entrando nela. Acudiron varios veciños e perseguírono polas rúas ata que o detiveron dous carabineiros.
- 1890** - José Ramón García Lorenzo “Raeiro”, fillo natural, da vila, 27 anos, solteiro, panadeiro, sen instrución, dous meses, por ameazas. Aboa a metade do tempo por estar xa preso. Insolvente¹⁰⁹.
- 1894** - Andrés, 44 anos, e Marciana Silvar Méndez, 47 anos, de S. Pedro de Vilar, solteiros, labregos, sen instrución, un mes e multa de 125 pts. por inxurias e calumnias.
- 1898** - Andrés e Marciana Silvar Méndez, de Vilar, dez días a cada un por insolvencia, por calumnias.
- 1904** - Josefa e Manuela Otero Saavedra, de Serantes, de 50 e 44 anos, solteiras, lavandeiras, sen instrución, 206 días de **desterro** nesta vila, a vinte e cinco km de

107. Xa se atopaba no cárcere por dúas sentenzas anteriores por desacato e resistencia á autoridade.

108. *E invasión de domicilio.*

109. Volverá a ser xulgado en 1892, por insultos e ameazas a axentes da autoridade.

distancia, elixida por elas, e ademais, vinte e cinco días de igual pena, por insolvencia de 125 pts. de multa, por inxurias.

Agrupamos aquí varios delitos que afectan a trinta presos e que no século XVIII aparecen en cinco ocasións baixo a fórmula de *malas palabras* ou similares ou *insultos*, e no XIX, en vinte e dous deles, como *ameazas* (cinco), *inxurias* (doce), *calumnias* (catro) ou as dúas derradeiras (catro), e que afecta a mulleres e homes por igual: quince e quince¹¹⁰. Algunhas son irmás (1873) e reincidentes (1872, 1873; 1894, 1898), e tamén hai unha cun irmán varón (1904).

Algúns presos tamén o están por outros delitos, ás veces por causa do alcohol. Son os casos do *viñoso* de 1783, e do de 1888, acusado ademais de coaccións e invasión de domicilio. E, sobre todos, destaca o de 1878, un estudante de Fene, de 22 anos, que suma ás ameazas a súa muller varias condenas por desacato, resistencia á autoridade e atentado. Polo que respecta ás profesións, só sabemos as de nove reos: cinco labregos/as, dúas lavandeiras, un panadeiro e un estudante (!). En canto á procedencia, doce dos presos son de Pontedeume e dos seis de fóra do partido, catro mulleres (dúas de Coruña e dúas de Serantes) son desterradas, non presas.

Precisamente, o desterro será a pena con que se castigue en 8 casos este delito¹¹¹, sendo as de maior duración de sete meses. A separación é sempre de 25 km da localidade de orixe dos presos (xeralmente, elixida por eles), e a situación de Pontedeume, a esa distancia de Serantes (Ferrol) e Coruña, fará que e os desterrados desas poboacións o sexan en ocasións en Pontedeume, estando así esas catro mulleres obrigadas a residir nesta vila durante ese tempo. E viceversa, algúns desterrados do partido xudicial de Pontedeume serano en Serantes ou A Coruña (unha reincidente, nas dúas cidades sucesivamente). En dous casos, o desterro prodúcese como substitución dunha multa por insolvencia¹¹². Son doce (40 %) os presos ou desterrados insolventes e seis os analfabetos.

En canto á duración das estancias dos penados con cárcere, son curtas, estando algúns só dous ou tres días (por insolvencia de multas) e ata un mes, a máis frecuente, en seis casos (máis multa), sendo excepcionais a pena de cinco meses de 1883 e os 96 días da presa de 1886. No século XVIII non consta a duración, a cal quedaba ao arbitrio do xuíz visitador, como lle pasou ao preso de 1789: *aliviaselle a prisión*.

110. Aínda que se nos fixamos só nas inxurias e calumnias, as mulleres case os triplican: catorce contra seis.

111. Máis aínda que nos delitos de desacato, resistencia e insultos á Autoridade.

112. Nalgún caso (1885), ao desterro únese a prisión por impago da multa. Noutros (1904), a insolvencia súplese cunha prolongación do desterro.

5. Presos por delitos contra a propiedade

5.1 Furto

SÉCULO XVIII

1782 - *Achouse a Joseph Fornos, solteiro, vº. de Sª. Mª. de Doroña por furto dun fusil dun establecemento*¹¹³.

1783 - *Bernardo Pardo, veciño de Franza, por furto dun puñal como arma vedada.*

1791 - *Manuel Vázquez, polo furto dunha vaca.*

SÉCULO XIX

1856 - *Juan Viñas, veciño da freguesía de S. Juan de Vilanova, sobre furto de 37 reais a Juan Vila (...) Considerando a súa mala conduta anterior de rateiro, (...) condeno á pena de cinco meses de arresto maior. 1860*

- *Vicente e Josefa Varela, de Boebre, seis meses, por furto de patacas e dous melóns.*

- *José Méndez, de S. Martín do Porto, vinte e un días e medio, por insolvencia por furto.*

- *Isabel Fernández Carrera, de S. Salvador de Damil (Begonte), provª. de Lugo, dous meses por furto de 400 rs.*

- *Juan Pérez Caneyro, 22 años, de Doroña, solteiro, oito meses por furto dunha egua e outras prendas.*

- *Félix da Pena Calvo, 28 anos, Andrés do Pico, 28 anos, e Pedro da Pena Calvo (irmán do primeiro), 40 anos, todos de Monfero, dous meses os dous primeiros e un o terceiro, por furto de pans.*

Os catro presos seguintes e dous máis de 1862 veñen baixo o apartado seguinte: *Rexistro de penados que cumpren condena de desterro ou de suxeición á vixilancia da Autoridade correspondente ao 2º semestre de 1860*¹¹⁴:

- *Ana do Rigueira Pita*¹¹⁵, 40 anos, de Andrade, dezasete meses de presidio correccional por reincidente de furto (sospeitosa e amonestada). *Procede da Casa Galera provincial da Coruña*¹¹⁶.

113. Este caso e o seguinte corrobóranos do nada infrecuente uso das armas.

114. Aínda que non queda demasiado claro, non pode tratarse de condenas de cárcere, excesivas para un delito menor como é o furto, polo que debe entenderse como desterrados ou vixiados durante ese tempo.

115. Un irmán tamén estará preso en 1871 por furto.

116. A galera de mulleres consistiu nun «barco en terra, con rigor de trato e réxime conventual, correspondente á súa relixiosa fundadora», Magdalena de San Gerónimo, que no ano 1608 funda esta institución penitenciaria feminina e publica: *Razón y forma de la Galera y Casa Real que el rey N.º S. manda hacer en estos reinos para castigo de las mujeres vagantes y ladronas, alcahuetas, hechiceras y semejantes*. Esta obra marcaba unha dirección ideolóxica e práctica, unha asimilación entre delito e pecado, pois nun principio esta nova prisión foi creada non para mulleres delinquentes, senón para aquelas que se consideraban «pecadoras». CHECA RIVERA, N. *El sistema penitenciario. Orígenes y evolución histórica*. Universidade de Alcalá de Henares (2017). A *Casa Galera* da Coruña estivo vixente ata polo menos o ano 1865 na rúa que actualmente (e por iso) leva ese nome, no centro da cidade. A ferrolá Concepción Arenal (fundadora en 1881 da Asociación General de la Reforma Penitenciaria en España) foi visitadora da mesma e relata que alí se amoreaban ata 300 reclusas. Nesta prisión inspirouse a escritora Marilar Aleixandre na súa novela *As malas mulleres*, Premio Nacional de Narrativa 2022. Ver entrevista coa autora en *La Voz de Galicia*, 30/10/2022.

- *Andrea Quijano de la Fuente “Pálida”, 43 anos, picada de variola, de Pontedeume, sospeitosa. Catro anos de presidio menor por furto de roupas en Andrade. Desapareceu e ignórase que día e paradioiro. Procede da Casa Galera provincial.*
 - *María do Río Varela, 36 anos, de Breamo, tres anos de presidio correccional por furto de roupas. Procede da Casa Galera provincial.*
 - *Manuel Rigueira Vázquez, 29 anos, de Andrade, casado, tres anos por furto. Procede do presidio correccional.*
- 1861** Os seguintes detidos aparecen na seguinte notificación: *Partido Xudicial de Pontedeume. Concello de Pontedeume. Rexistro dos reos que son postos a disposición desta Alcaldía polo Xulgado de Primeira Instancia para o cumprimento no Cárcere do dito Partido das penas de arresto menor, maior e presidio correccional por insolvencia, en 1º de xullo de 1861:*
- *Antonio Torre Bermúdez, 38 anos, de Doroña, casado, xornaleiro, seis meses de arresto maior por furto de madeira de piñeiro*¹¹⁷.
 - *Nicolás Varela López, 45 anos, de Andrade, casado, xornaleiro, dous meses por furto de herba.*
- 1862** - *Isabel Torres Díaz, 27 anos, de O Páramo, Lugo, solteira, tendeira ambulante, trinta e sete días por insolvencia.*
- *Ana Rigueiro Vázquez, 42 anos, de Andrade, solteira, dezasete meses por furto duns zapatos. Procede da Casa Galera provincial*¹¹⁸.
 - *Rosa Ferreiro Pérez, 46 anos, de Andrade, casada, sete anos por furto de froitos secos e outros efectos. Procede da Casa Galera provincial.*
- 1863** - *Rita Lorenzo Rodríguez, 40 anos, de Miño, solteira, xornaleira, cinco meses por furto de millo.*
- *Micaela Martínez González, 23 anos, e Antonia Freire, ambas de Pontedeume, solteiras, labregas, sete días por insolvencia de indemnización de furto de esquilm*¹¹⁹ *e un carballo.*
- 1869** - *Manuela Martínez, filla natural, de Vilar, dous meses e un día de cárcere por cada escudo por insolvente de indemnización, por furto de madeira nunha viña.*
- 1870** - *Teresa Caridad, do Hospicio de Ourense, sen residencia fixa, vinte días por insolvencia de multa de 43 reais, por furto de tres camisas e unha almofada.*
- *José Santos Rivas, de Santander, tres meses e 4 reais por furto dun cobertor.*
 - *Ángel Abelleira Serantes, de Ferrol, tres días de prisión subsidiaria por insolvencia*¹²⁰.

117. Será posto en liberdade aos catro meses.

118. Esta presa e a seguinte pertencen á lista dos desterrados ou vixiados de 1860.

119. Conxunto de restos vexetais, como toxo, arume, etc., que se colle no monte para estrar as cortes dos animais e que ao mesmo tempo serve de esterco para fertilizar as leiras.

120. Verémolo outra vez en 1872, aínda que por outro delito.

- *Josefa Piñeiro Vázquez, 52 anos, da vila, solteira, doméstica, suxeita á vixilancia da Autoridade de Pontedeume, tras cumprir un ano e oito meses no cárcere da Coruña por furto.*
- *Ramona Casanova Romaus e o seu home Antonio García Iglesias, de Betanzos, un mes a cada un e indemnización de 22 escudos.*
- 1871**¹²¹ - *Josefa Piñeiro Vázquez volve aparecer con catro meses de pena, sen constar deli-to, pero fora condenada o ano anterior por furto.*
- *María Ares*¹²², *de Ares, catro meses e 120 pts. de indemnización por furto de efectos (reloxo, colcha) e cartos.*
- *María Rey*¹²³, *ignórase a idade e a procedencia, mendiga, vinte días por insolvente de 100 pts. de multa por furto frustrado*¹²⁴.
- *M^a Antonia Rodríguez Díaz, 41 anos, de S. Martín de Tobas (¿?), mendiga, catro meses por furto de roupas e cartos*¹²⁵. *Insolvente.*
- *Teresa Martínez “Antería” e Luisa Gallego Abelleira, de Franza, un mes e once días por furto de roupa (estafa).*
- *Manuel Rigueiro Pita “Xixirixi”, catro meses por dous delitos de furto dunha saia, uns pantalóns e un paraugas*¹²⁶.
- 1872** - *Antonio García Iglesias e a súa dona Ramona Casanova, de Monfero, dez días por insolvencia de indemnización a cada un, por furto.*
- *Teresa Freire “Antería”, de Franza, cinco meses e catro días por insolvente.*
- 1875**¹²⁷ - *Adelaida Veiga Soto, dous anos e catro meses e indemnización de 12,5 pts.*¹²⁸.
- 1876** - *Juan Antonio Rey Montenegro, de Cervás (Ares), trinta días en substitución de 150 pts. de multa, por insolvencia, por furto en causa por atentado.*
- 1877** - *Josefa Ares Quintiá, 66 anos, casada, de S. Xoan de Vilanova, dous meses e restituir o cinto furtado.*
- 1878** - *Andrés Fonte, 18 anos, e Agustín Martínez, fillo natural, 17 anos, ambos de Vilar, solteiros e xornaleiros, seis días por coller figos nunha horta.*
- 1879** - *M^a Cipriana Meizoso Andrade, 55 anos, de Ferrol, mendiga, furto de galiñas. Ignórase a pena, reincidirá.*

121. Son condenas do Xulgado de Pontedeume revisadas ou recorridas pola Audiencia Provincial.

122. Sen segundo apelido, probablemente sen pai coñecido.

123. Ídem nota anterior.

124. Nunha primeira sentenza foi condenada a 50 pts., pero trala revisión, duplicóuselle a multa.

125. Revisión dunha primeira condena de tres meses.

126. Revisión de anterior condena de tres meses.

127. Os dous casos seguintes son revisións de condenas do Xulgado de Pontedeume feitas na Audiencia Provincial, nas que se ratifican as mesmas.

128. *Licenza absoluta do confinamento cumprido na Casa-Galera de Alcalá de Henares (Madrid), de Adelaida Veiga Soto, de 21 anos, natural de Pontedeume e veciña da Coruña, solteira, os seus labores, extinguida o 19 de maio a condena que o 16 de marzo de 1871 lle impuxo a Audiencia da Coruña.*

- 1880**¹²⁹ - Manuel López Pena, 52 anos, de Franza, casado, aserrador, dous meses e indemnización por furto de esquilmo. Insolvente.
- Carmen Maza Castrillón “a Preta”, 77 anos, da vila, viúva, sen oficio algún, dous meses por furto de millo.
- 1882** - Joaquín Domínguez Abeal “Serenio”, 26 anos, de Barallobre, solteiro, mariñeiro, catro meses e dez días por insolvencia¹³⁰.
- Silvestre Vázquez Núñez, de Torres (Vilarmaior), once días.
- Francisco e Andrés Martínez, de Vilar, dez días ao primeiro e cinco ao segundo por furto de froita¹³¹.
- 1883** - Juana P. Pérez Varela e Nicolasa Bernarda Varela, ambas de Vilar, e Benita M. do Couto, de Breamo, condenadas as tres a dous meses e un día de prisión.
- José Varela Varela, de Doroña, cinco días.
- Benito Pérez Rico, de Mugardos, catro meses.
- Joaquín Domínguez Abeal “Serenio”, de Barallobre, seis meses e dous días por insolvencia, por furto de roupa e cartos¹³².
- Antonio Rodríguez Amado, ano ano e nove meses por furto de cartos¹³³.
- 1884** - Francisco Cabana Valerio, natural de Vilar, veciño de Andrade, catro meses.
- Ramón Castelos e a súa muller Ramona Añón, de Miño, catro meses e dez días a cada un.
- M^a Francisca Castelos, de Miño, vinte e cinco días de prisión subsidiaria por insolvencia.
- 1885** - Antonio Lourido García, natural de Doroña, veciño de Andrade, dez días.
- Manuel Maroño Casanova, 38 anos, de Queixeiro, casado, labrego, sen instrución, dous meses por furto dun anaco de castiñeiro dos cortados por valor de 25 pts. Insolvente.
- José Vales González, 17 anos, José M^a García Lorenzo, 18 anos, e José Antonio Fonte, 17 anos, sen segundo apelido, todos de Pontedeume, solteiros e mariñeiros, por entrar nunha finca e comer figos. Multa de 2 pts. ao primeiro e sete e tres días de detención ao segundo e ao terceiro, respectivamente.
- Juan Rodríguez Varela, da vila, preso por furto de cebolas. (Ignórase a condena.) Socorrido por pobre.

129. Son confirmacións por parte da Sala do Criminal da Audiencia Provincial sobre consultas das sentenzas do Xulgado de 1^a Instancia de Pontedeume.

130. Trasladado ao Xulgado Militar de Ferrol. Verémolo o ano próximo.

131. Por entrar nunha horta propiedade de Manuel Paadín en Chao de Vilar con obxecto de comer froita. Os acusados confe-saron que só colleron cadansúa mazá que deixaron no horto ao ser sorprendidos polo encargado. Pedironlle ao denunciante que lles perdoase a falta cometida, ao que este se negou. Atenuante de Andrés: ser menor de 14 anos.

132. Consta como *de mala conduta* por condena ano anterior por estafa. Enviado pola Comandancia de Mariña de Ferrol.

133. Será trasladado ao Penal de Burgos.

- 1886** - *Juan Rodríguez Varela “Macon”, 36 anos, da vila, casado, labrego, le incorrec-
tamente. Dous meses, sen indemnización por renuncia do prexudicado, por furto
de cebolas; con antecedentes.*
- 1888** - *Juan Antonio Pérez, de padre incógnito, 17 anos, de Betanzos, solteiro, mariñeiro,
sabe ler e escribir. Catro meses, e un día por insolvencia. Delito: furto de cartos
(27 pts. e 45 cts.) e un reloxo de prata e outros.*
- *Ramón Gabriel Tenreiro Bugía, 36 anos, de Vilar, labrego, sen instrución. Pena:
dous meses por furto de esquilmo nun monte de Manuel Espada.*
- 1889** - *Juan Varela Rodeiro, 41 anos, de Grandal, casado, labrego, sen instrución, polo
furto de cortizas de carballo: dous meses por insolvente en lugar da multa de 2
pts., máis o dano das árbores cortadas: 2 pts. 50 cts.*
- *Manuel Manso Miño “Agulleiro”, 27 anos, desta vecindade, casado,
comerciante, sabe ler e escribir; dous meses por furto dun saco de azucre.*
- *Josefa Rodríguez Vila, 56 anos, de Vilar, viúva, labrega. Dous meses e multa por
furto de patacas. Insolvente.*
- 1890** - *Raquel Varela Manso “Raposa”, 41 anos, de Vilamateo, casada, labrega, sen ins-
trucción. Dous meses. Insolvente.*
- *Juan Filgueiras López, 27 anos, de Ribadeume (As Pontes), solteiro, labrego,
con instrución. Dous meses. Insolvente.*
- *Joaquín López Fernández, 25 anos, de S^a M^a de Labrada (Guitiriz), solteiro, xor-
naleiro, sen instrución, tres meses por furto dunha cabalaría. Insolvente.*
- 1892** - *María Ares Ares, 52 anos, de Ares, solteira, xornaleira, sen instrución, catro meses
por furto¹³⁴.*
- 1893** - *Francisco Bellón Martínez, vinte e cinco días por insolvencia de multa de 125 pts.*
- 1894** - *Nicolás Vila Varela, como de 40 anos de idade, natural de Andrade, veciño de
Doroña, casado, labrego, non sabe ler e escribir; de boa conduta e sen
antecedentes penais, dous meses e un día de arresto maior por furto dun feixe de
esquilmo por valor de 10 pts. Insolvente.*
- 1895** - *Vicente Penedo Amigo, de 22 anos, de Andrade, solteiro, labrego, non sabe ler e
escribir; dous meses e indemnización a Ramona Varela, por furto dun feixe de
esquilmo valorado en 50 cts. Insolvente.*
- 1896** - *Manuel Casal Ponce, 27 anos, de Ferrol, casado, xornaleiro, non sabe ler e
escribir; cinco meses por furto e invasión de domicilio¹³⁵.*

134. Subtraeu das casas dos seus veciños Antonio Ríos e Paula González as fabas en rama e debulladas que tiñan secando, as que ocultou na súa casa, valoradas en 87 cts. de peseta, sendo polo tanto, un delito de furto de cantidade inferior a 10 pts. Insolvente, mais non require indemnización, por devolver as fabas aos seus donos.

135. Introduciuse na casa de Francisca Pérez en Perlío (Fene) e dun baúl aberto subtraeu 22 pts. e un cinto do irmán. Con antecedentes penais, procesado e en prisión provisional como autor dun delito de furto de cartos e un cinto e lesións, polos que se lle impuxeron cinco e tres meses, respectivamente.

- *Salvador Amado Fernández*, 66 anos, da vila, natural de Ombre, casado, mariñeiro¹³⁶; *Francisco Allegue Pena*, 25 anos, casado; *José Manuel Regueiro Fernández*, 24 anos, solteiro; *Nicolás Otero Fernández*, 33 anos, casado; e *José Antonio Allegue Fernández*, 23 anos, solteiro; os catro de Ombre e labregos; e todos con instrución. Tres meses ao primeiro e dous meses a cada un dos outros catro. Embargo de bens ao primeiro e fágase entrega ao Concello da pedra (?) ocupada e depositada.
- 1897** - *Joaquín Brea "Carnal"* (fillo natural), 16 anos, de Ares, solteiro, mariñeiro, sen instrución, corenta e seis días por insolvencia de multa de 200 pts. e indemnización de 3 pts.
- *Josefa Viñas Goyos*, 71 anos, da vila, solteira, mendiga, sen instrución, dous meses por furto dun mantón. Insolvente.
- *José M^a "Jura toxos"*¹³⁷, 16 anos, e *Manuel José Ríos Fernández*, 13 anos, de Bemantes, solteiros, labregos, nin len nin escriben, nin fan nada. Vinte e cinco días por insolvencia de multa ao primeiro e absolto por actuar sen discernimento o segundo.
- 1898** - *Manuel M^a Caínzos Rodríguez*, 25 anos, de Monfero, casado, labrego, sen instrución, dous meses.
- *Francisco Pereira Montero "Pistolo"* e *Daniel López Cancela "Lino"*, de Ares, tres meses a cada un. Consello de Guerra en Ferrol (Axudantía de Mariña de Sada).
- *Gabriel Vázquez Fernández*, 25 anos, de Irís, solteiro, labrego, sen instrución, dous meses.
- 1899** - *Ramón Carballeira Ares "Castillo"*, 21 anos, de Campolongo, solteiro, xornaleiro, sen instrución, dous meses e entregar a pulseira a Milagros Cardelo.
- *M^a Vicenta Pena Barro*, 37 anos, de Xestoso, xornaleira, sen instrución, cinco meses.
- *Juan Amigo Varela*, 56 anos, de Vilar, casado, labrego, sen instrución, dous meses por insolvente e devolver os piñeiros roubados.
- *J. Antonio Freire Sanjurjo "Vista"*, 18 anos, e *Fernando Cisneros Santiago*, 17 anos, veciños da vila, solteiros, estudantes, con instrución, vinte e cinco días por insolventes de multa de 125 pts., por tentativa de furto.
- *José Antonio Feal López*¹³⁸, 24 anos, de Ombre, solteiro, labrego, sen instrución, dous meses por insolvente e devolver os dous feixes de estrume ao seu dono.
- 1900** - *Ildefonso Roberes Rodríguez*, 24 anos, e *José Ares Lagares "Calado"*, 17 anos, de Pontedeume, solteiros, xastres, sen instrución, vinte e cinco días por insolvencia de multa de 125 pts. a cada un.

136. Penado anteriormente polo mesmo delito.

137. Sen apelido, só alcume.

138. Condenado o ano anterior por lesións.

- *Manuela Casal Varela, 32 anos, de Castro, casada, labrega, sen instrución, vinte e cinco días por insolvencia de 125 pts. por furto frustrado de herba valorada en 10 cts.*

- *Juana, 18 anos, e José Antonio Castro (16), de Nogueirosa, solteiros e labregos, sen instrución, dous meses.*

1904 - *Antonio Prego Fragueta, 26 anos, casado, labrego, con instrución, dous meses.*

- *Manuel Sánchez Fernández "o fillo do coxo de Mallal", 94 días por furto dunha chaqueta¹³⁹.*

- *José Feal López, 31 anos, serrador; Nicolás Otero Fernández, 40 anos, xornaleiro; ambos con instrución; Manuel Amado Fernández, 52 anos, labrego; Pilar Amado Leira, 22 anos, labrega; e Carmen Pena Balado, 35 anos; todos de Ombre, casados e sen instrución. Catro meses aos dous primeiros e dous aos demais¹⁴⁰.*

Se ben no século XVIII o delito de furto case non aparece nos testemuños de condena dos presos¹⁴¹, fronte ao maioritario de roubo, no século seguinte aquel será a segunda causa (tras as lesións) pola que haxa máis reclusos no cárcere de Pontedeume¹⁴². Do total, temos documentados 113 (algúns son reincidentes) e aínda que os homes seguen a ser a maioría (73, un 64,6%), as mulleres achegan unha cantidade moi considerable (40, un 35,4%), algo non frecuente, sendo este delito polo que máis presas houbo. En consecuencia, o perfil do preso por furto é semellante ao de lesións (salvo no sexo), mais tendo en conta que os datos non son sempre completos, faltando en ocasións a profesión, a vecindade, o grao de instrución, etc, non podemos calcular porcentaxes fiables, polo que nos referiremos ás cifras absolutas, podendo ser tanto dun varón como dunha muller, de Pontedeume (35 de 79 coñecidos, un 44%), labrego ou xornaleiro (vinte e seis casos), sen instrución (dezaoto), e pobre (trinta insolventes).

Malia haber bastantes casos sen identificar, o obxecto do furto (vinte e oito), este non soen ser os cartos (só en seis), senón elementos básicos como roupa (en dezaseis ocasións) ou comida (tres de pan, varios de patacas ou cebolas e cinco por comer figos de árbores alleas). A maioría dos presos seguen a ser labregos ou xornaleiros e, propio dunha sociedade e economía rurais, hai varios furtos de esquilmo, herba, madeira e árbores. Todo isto fálanos dun estado de miseria que leva algunhas persoas a delinquir para satisfacer as necesidades máis prentorias. Son os roubos dos pobres, non para enriquecerse, senón

139. Xunto con Manuel Estraviz Pérez, foron condenados por sentenzas de 1892 e 1893 en causas do Xulgado de Betanzos, por roubo nas igrexas parroquiais de S. Pedro de Porzomillos, S. Mamede de Bragade e S.^a Cruz de Mondoí (todas en Oza-Cesuras), a máis de doce anos de cárcere a cada un.

140. O primeiro, penado anteriormente dúas veces por lesións e furto. O segundo, unha vez por furto.

141. Aínda que chama a atención que, dos tres presos, dous o sexan por apropiación de armas.

142. Nesta época dáse nos códigos penais unha certa confusión entre ambos conceptos. Hoxe, considérase roubo cando na apropiación indebida de bens alleos se emprega forza, violencia ou intimidación, ausentes no furto. GONZALO RODRÍGUEZ, G., *La distinción hurto-roubo en el derecho histórico español* (1962). Dialnet. Unirioja.es

para sobrevivir. Os insolventes (e os analfabetos) seguen a ser unha boa proporción e temos ademais 4 pordioseras, todas mulleres, que vivían da mendicidade.

Non obstante, sendo o valor dos obxectos indebidamente apropiados ben escaso, e sendo o delito de furto menos penado que o do roubo, non por iso as penas son o leves que parecera corresponderlles. Se as comparamos coas aplicadas ao delito xa visto de lesións, a maioría seguen a ser inferiores a dous meses, pero en menor proporción (61,4%, case dez puntos menos), o cal quere dicir que os furtos se castigan máis severamente que as lesións¹⁴³. Vémolos detallado no seguinte cadro:

MESES DE CONDENA	≤1	≤2	≤3	≤4	≤5	≤6	≤8	≤12	≤24
Nº DE PRESOS	23	28	5	10	5	3	1	7	1

En efecto, os presos con penas superiores a tres meses son proporcionalmente superiores, e chaman a atención as de máis dun ano, chegando en tres casos a ser de nada menos que dous anos e catro meses¹⁴⁴, un ano e nove meses¹⁴⁵, e un ano e oito meses¹⁴⁶, respectivamente. É significativo que sexan mulleres cinco dos seis presos que sufriron longas condenas na Galera da Coruña e continuarán desterradas ou vixiadas¹⁴⁷ durante sete anos¹⁴⁸, catro anos¹⁴⁹, tres anos¹⁵⁰ e dezasete meses¹⁵¹.

Esta dureza nos castigos maniféstase tamén comparándoa co valor do roubado:

– En 1900, *Manuela Casal* está presa vinte e cinco días por un *furto frustrado de herba valorada en 10 cts.*

– En 1892, *María Ares Ares “Francisca”*, estivo presa *catro meses por substraer das casas duns veciños as fabas en rama e debulladas que tiñan secando, valoradas en 87 cts., sendo polo tanto, un delito de furto de cantidade inferior a 10 pts. Sen indemnización, por devolvelas.*

143. Isto será explícito nos testemuños de condena dos casos de reincidencia, que tamén son máis abundantes (10). A pesar de todo, o código penal español era moito máis benévolo que, por exemplo, o inglés, famoso pola súa crueldade: “Os 279 volumes de documentos (sobre a xustiza británica) agora dispoñibles abarcan de 1791 a 1892, unha época na que máis de 200 delitos diferentes estaban castigados coa pena capital, entre eles calquera roubo superior a cinco chelíns (o equivalente a 35 euros de hoxe), levar o rostro ennegrecido durante a noite ou roubar gando. Os arquivos detallan 10.300 execucións, 97.000 deportacións e 900.000 penas de cárcere.” *El Periódico*, 4/8/2009.

144. En 1875, a *Adelaida Veiga Soto*, polo furto de 12,5 pts.! (ou polo menos esa foi a indemnización.)

145. En 1883, *Antonio Rodríguez Amado*, por furto de cartos.

146. En 1870, *Josefa Piñeiro Vázquez*, suxeita á vixilancia da Autoridade de Pontedeume, tras cumprir no cárcere da Coruña.

147. Nos anos 1860 e 1862. Facemos unha interpretación máis benévola da lectura do ambiguo documento por parecernos desmesurado que esas condenas fosen de cárcere.

148. *Rosa Ferreiro Pérez*, 46 anos, de Andrade, casada, por furto de froitos secos e outros efectos.

149. Consta que: *Desapareceu e ignórase que día e paradiroiro*. Non en van figura como sospeitosa. O delito: *furto de roupa*.

150. *María do Río Varela*, 36 anos, de Bremao, por furto de roupas.

151. Trátase de *Ana Rigueiro Vázquez*, por furto duns zapatos; e *Ana do Rigueira Pita*, por reincidente de furto.

– En 1860, os irmáns *Vicente e Josefa Varela* sufrirán pena de seis meses por furto de patacas e dous melóns.

– Ese mesmo ano, os tamén irmáns *Félix e Pedro da Pena Calvo, e Andrés do Pico*, cumprirán dous meses o primeiro e o terceiro, e un mes o segundo, por furto de pans.

– En 1861, *Antonio Torre Bermúdez* será condenado a seis meses por furto de madeira de piñeiro.

Unha avanzada idade (e moito máis para aquela época) non impediu que *Carmen Maza Castrillón “a Preta”, de 77 anos, da vila, viúva, sen oficio ningún, fose condenada a dous meses por furto de millo.*

Tampouco a minoría de idade (como vimos cos presos por delito de lesións) era eximente para ser enviado ao cárcere. Serán oito os menores detidos, e aplicaráselles a condición de que *actuaron con discernimento* para esixirlle responsabilidades penais¹⁵². Entre eles están:

– En 1900, *José Antonio Castro*, de 16 anos, (xunto a súa irmá Juana, de 18), estarán presos dous meses.

– En 1897, *Joaquín Brea “Carnal” (fillo natural), 16 anos, cumpriu corenta e seis días por insolvencia de multa de 200 pts. e indemnización de 3 pts.* (Chama a atención ademais a desproporción entre o valor do roubado –3 pts.– e a multa con que se castiga –200 pts.–, que se converte en mes e medio de cárcere por no poder pagala).

– En 1897, serán detidos por furto *José M^a “Jura toxos”, de 16 anos, e Manuel José Ríos Fernández, de 13 anos, de Bemantes, nin len nin escriben, nin fan nada. O primeiro será condenado a vinte e cinco días por insolvencia de multa. Co segundo si se terá en conta a súa curta idade e será absolto porque actuou sen discernimento.*

Unha acción intrascendente e propia dos mozos como é roubar froita podía rematar nun xuízo e nunha condena:

– En 1878, *Andrés Fonte, de 18 anos, e Agustín Martínez, de 17 anos, seis días por coller figos nunha horta.*

– En 1885, *José M^a García Lorenzo, 18 anos, e José Antonio Fonte, de 17 anos, por entrar nunha finca e comer figos. Sete e tres días de detención ao primeiro e ao segundo.*

O mozo de 1897 de 16 anos, como podemos apreciar, carece de apelido. Hai oito casos de presos moi novos, fillos sen pai recoñecido. Non podemos dicir se a proporción é superior á media da poboación, pero non parece unha cifra desprezable. Non será o único: ademais dos dous mencionados de 1878, en 1888, *Juan Antonio Pérez, de padre incógnito, de 17 anos, (sufrirá) catro meses e un día de substitución por insolvencia.*

152. Aínda que peor estaba a situación en Inglaterra, onde o furto dun pequeno prego de papel, un saquiño de té ou dúas barras de ferro se castigaban con varias semanas de traballos forzados nun penal de adultos e ata cinco anos nun reformatorio. En 1833, un neno de nove anos de idade sufriu a pena de morte polo roubo de pinturas valoradas en dous peniques. A novela de Dickens, *Oliver Twist*, é ilustrativa desta situación. Ver: COOPER, H.H.A., *La pena de muerte en Inglaterra*. Universidad Nacional Mayor de San Marcos (1966). Dialnet.

En canto á procedencia, é dominante a posición (dentro do partido xudicial) dos reos veciños do concello de Pontedeume, case a metade, nove puntos máis que os detidos por lesións, sendo mínima a proporción dos outros concellos (nove presos –un 11%– de Miño, e cinco de Monfero, os que máis).

En cambio, é claramente maior a participación nos furtos de persoas de fóra do partido xudicial (once, ademais de tres de procedencia descoñecida, case un 18%, fronte a un 4% das lesións): tres de Ferrol, dous de Betanzos e un das Pontes, Guitiriz, Begonte, O Páramo, Ourense e Santander. Trátase, en ocasións, de persoas itinerantes, de paso, algunhas mendigas, que aproveitan a ocasión para apropiarse dalgún obxecto e continuar o camiño:

– En 1870, *Teresa Caridad, do Hospicio de Ourense*¹⁵³, *sen residencia fixa, foi presa vinte días por insolvencia de multa, por furto de tres camisas e unha almofada. E José Santos Rivas, de Santander, tres meses por furto dun cobertor.*

– En 1871, *María Rey*¹⁵⁴, *ignórase a idade e a procedencia, mendiga, foi penada con vinte días por insolvente de 100 pts. de multa por furto frustrado.*

Por último, en 1896 hai detidos por este delito un grupo numeroso de presos, o cal é anómalo, pois acostuma ser cometido por un só individuo. Trátase de: *Salvador Amado Fernández, 66 anos, da vila, natural de Ombre, casado, mariñeiro*¹⁵⁵; *Francisco Allegue Pena, 25 anos, casado; José Manuel Regueiro Fernández, 24 anos, solteiro; Nicolás Otero Fernández, 33 anos, casado; e José Antonio Allegue Fernández, 23 anos, solteiro; os catro de Ombre e labregos; e todos con instrución. Pena: tres meses ao primeiro e dous meses a cada un dos outros catro. Embargo de bens ao primeiro. Que foi o furtado? Só sabemos o que di a condena: Fágase entrega ao Concello da pedra ocupada e depositada. Queda a incógnita de a que pedra pode referirse...*

5.2 Roubo

SÉCULO XVIII

1766 - *A 24 de decembro de 1766 (...) Juan Ramón Serantes, Alcalde maior (...), a honra do nacemento de N° Redentor Xesucristo, Francisco Fernández, alcaide (...), achou preso a Joseph Lopez, por causa de oficio que s. m. lle formou sobre roubo de alfaias). E o Joseph Lopez é natural de Asturias, polo cal s. m. manda o seu traslado a Prisións, en que se achan, sen que achase outros (...). Ante min, Martin Grande Brandariz.*

1770 (7/4) - *D. Ignacio Barandica, alcalde maior interino, en honor e honra da pasión e morte de N° Redentor Xesucristo, e Luis Grande, alcaide (...): Achou a Domingo Rodríguez de Fraga, veciño de San Fiz de Monfero, Andrés López e Cristóbal de*

153. Polo tanto, orfa.

154. Dun só apelido.

155. Penado anteriormente polo mesmo delito.

Allegue, de S. Pedro de Villar, Ramón de Lago e Bernardo Garavana, de S^a M^a de Doroña, sobre roubo.

(24/12) (...) - *E Simón Varela, que fai de Carceeiro (...). Achou s. m. a Bernardo Garavana, veciño de S. Pedro de Grandal, Pascual Amado, de Vilachá, Domingo Sánchez de Fraga, escribán da xurisdición de Monfero, que se achan presos sobre o roubo acaecido a Joseph de Vega, cura que foi de S^a M^a de Ombre. (...) Igualmente achou preso a Ramón Vidal, do couto de Perbes, sobre roubo (...).*

1782 (23/3) - *D. Joseph Melchor Lahora de Andrade, alcalde maior e xuíz ordinario, e Joseph de Veiga, alcaide (...): Achou s. m. a Domingo de Caxias e a Domingo do Pazo, solteiro, por causa de oficio sobre roubo (...) mandou prosigan en prisión¹⁵⁶.*

(24/12) - *J.M.L. de Andrade (...) mandou a Miguel de Filgueiras, alcaide interino do dito cárcere, presente a todos os presos e que os escribáns numerarios que igualmente concorresen cos demais dependentes da Audiencia e os escribáns fagan relación das causas que cada un teña (...) Achou s.m. a José Antonio Gómez, solteiro, natural da f^a de S^a M^a de Cela, residente na freguesía de S^a M^a de val de Veiga (Ourense?), por causa por roubo que tentou facer na casa do cura de Nogueirosa, D. Pedro Ramón Mesía, siga. (...) Por dependencia de causa tamén formada por s. m. contra Manuel Rodríguez e outros, sobre roubos (que se fugaron deste cárcere).*

1783 (12/4) - *J. M. L., Antonio do Río, alcaide (...): Achou s. m. a Antonio Castelo por roubo que tentou facer na casa do cura de Nogueirosa.*

1788 (15/3) - *Achou s. m. a Manuel de Ábalos e Catalina García, sobre roubo (...); sigan. (...) A Bermudo Fernández, por roubo tentado (...); siga. A Pedro González, por roubo na casa de Joseph Cupeiro (...), siga.*

(24/12) (...) - *Felipe Salgado, alcaide: Achou a Pedro González e Bernardo Miño, sobre roubo (...); sigan.*

1790 (27/3) - (...) *Pedro González, Bernardo de Miño e Fernando da Pena, sobre roubo na casa de J. Cupeiro (...), mandou se lle poña en liberdade por este tempo ao segundo e sigan os outros.*

(24/12) - *J. M. Labora e Joseph do Río, alcaide (idem): Melchor Cortizas, v^o da f^a de S^a M^a, por fugarse daquela Xurisdición, detido por roubo (...), siga. Juan Montoto, por roubo (...), siga.*

1791 (17/4) - *Joseph Saavedra e Parga, alcalde maior (...) e Santos Gómez, alcaide (...): M^a Josefa Rodriguez, de S. Pedro de Vilar, por comprar nun ínfimo prezo algunhas alfaias a Josefa Tenreiro¹⁵⁷, veciña desta vila, que roubara a María Couto (...), vaia libre. E a Josefa Tenreiro, v^a desta vila, polo anterior, siga.*

(24/12) - (...) *Juan Montoto (...), siga. Melchor Cortizas (...), siga.*

156. Como xa vimos, o alcalde maior (xuíz) na súa visita pode decidir sobre a continuidade da condena do preso.

157. Este sería exactamente un delito de receptación.

- 1792 (30/3)** - *Juan Domínguez, como quen fai de alcaide (...): Manuel Vázquez, veciño de Nogueirosa, por roubo dunha xuvenca (...), siga. Feliciano Vázquez, veciño de S^a M^a de Doroña, por roubo de cartos (...), prosiga. (...) Teresa e Rosa do Camiño, nai e filla, polo roubo (...), prosigan.*
- 1793 (23/3)** - *O Lcdo. Blas Frias de Dufen, avogado da Real Audiencia deste Reino, Rexedor da dita vila que como tal fai de Alcalde maior desta e a súa Xurisdición e estados de Andrade, por ausencia do propietario, e dixo que en conformidade do costume e regalía que ten o dito Alcalde maior (...) e mandou a Juan Domínguez, como que fai de alcaide (...): Açou a Ramón Fernández, v^o de S. Pedro de Vilar, sobre roubo dunha potra, do que se deu conta á Real Sala do Crime deste Reino (...), prosiga. Bernardo Freire, veciño de S^a M^a de Vilachá, e Juan García, de S. Pedro de Cambás (Aranga), xurisdición de Sobrado, sobre roubo dunhas cabalerías (...), manda se lle dea soltura do cárcere. (...) Ante min, Pedro Mosquera de Hermida. (Asinado)”*
- 1794 (12-3)** - *Valente de Punin, alcaide (...): Miguel González, veciño desta vila, por roubo (...), prosiga.*

Poucos son os datos que sabemos dos presos por roubo no século XVIII. Temos trinta e un (algúns reincidentes) dos cales vinte e seis son homes e cinco mulleres. Serían máis se non fose porque algúns se fugaron en 1782, como se di na visita dese ano, cando se cita a causa contra o recluso *Manuel Rodríguez e outros, sobre roubos que se fugaron deste cárcere*¹⁵⁸. A falta de información sobre idade, profesión, estado civil, etc, só coñecemos a procedencia de vinte e sete: oito de Pontedeume, catro de Vilarmar, tres de Monfero e un de Miño; e tres de fóra do partido: un de Aranga, un de Asturias (polo que será trasladado) e un da provincia de Ourense.

En canto ao obxecto dos roubos, só un o é por cartos, tres o son por cabalos, un por unha xovenca, dous por alfaias¹⁵⁹, e un de receptación das mesmas; destacan os sete presos por roubar a curas das freguesías, un deles un nutrido grupo (cinco), na de Ombre, e dous en Nogueirosa. No Antigo Réxime, a Igrexa era un estamento privilexiado, posuidor de riqueza e propiedades, polo cal dentro da pobreza rural eran o obxectivo de roubo máis atractivo. Un deles (xunto con outros) será en 1770, *Domingo Sánchez de Fraga, escribán da xurisdición de Monfero*, o único do cal sabemos a profesión, a cal é un caso excepcional neste dominante mundo de labregos e iletrados que é o presidiario.

Descoñecemos tamén a duración das penas mais, como xa vimos, non soían ser moi longas no cárcere de Pontedeume (tampouco hai mención de traslados a outras prisións, agás o caso do preso asturiano de 1766), xa que apenas se repiten os nomes dos presos nas visitas consecutivas (dúas ao ano, unha por Semana Santa e outra por Nadal).

158. Fuga pola cal esta detido o propio alcaide. Non será a única, ese ano e outros.

159. Na época, non se refería exclusivamente a xoias, podían ser outros obxectos de valor.

Hai algunhas excepcións: Pedro González, que aparece en 1788 e segue en 1790; e Juan Montoto e Melchor, que levan un ano en 1791.

Relacionado co anterior, maniféstase a capacidade que tiña o xuíz na súa visita de liberar ou manter a estancia do preso no cárcere. Ata 1782 non figura ningunha destas decisións e só a partir de 1788 si o fai de xeito sistemático. Así, temos que ordena o primeiro só en catro casos e o segundo en dezaioito.

SÉCULO XIX

1860 *Rexistro de penados que cumpren condena de desterro ou de suxeición á vixilancia da Autoridade correspondente ao segundo semestre do ano de 1860:*

- Gabriela Rodríguez, de 22 anos, solteira, seis meses por roubo de 6 napoleóns¹⁶⁰.

- Manuela da Torre y Feal, de Vilar, 22 anos, solteira, xulgada na Audiencia de Ferrol e condenada a dez anos de presidio por roubo en gavela. Sospeitosa. Procede da Casa Galera provincial. Ausente, ignórase día e onde.

1862 - Pedro de Barro Fernández, de Pontedeume, 32 anos, seis anos de presidio na Coruña.

- Miguel (Ilexible), de Alforja (Tarragona), 52 anos, seis anos de presidio en Ferrol.

- Benina M^a Casal Sarmiento, de S^a M^a do Porto, 23 anos, dezasete meses por cada un dos dous roubos. Mala conduta. Procede da Casa Galera da Coruña.

1867 - Consta un Rexistro do Presidio do Canal de Ysabel II e unha Folla histórico penal do confinado Benito Lago Ynfesta, natural da Estrada (Pontevedra), aveciñado na dita freguesía, de 35 anos en 1865, solteiro, canteiro. Foi sentenciado pola Audiencia Provincial da Coruña a dezanove anos de cadea polo delito de roubo. Segundo testemuño de Andrés Ferreiro, do Xulgado de Pontedeume, o 11 de xaneiro de 1855 ingresou no cárcere da Coruña. O 9 de maio é trasladado ao de Vigo. En 1856, pasa ao presidio de Burgos e ese mesmo ano ingresa no do Canle de Ysabel II¹⁶¹. En 1865, e tras nove anos de traballos, é declarado comprendido na Real Graza outorgada por S. M. a Raíña o 26-11-1852¹⁶². E en marzo daquel ano é indultado do resto da súa condena, polo que se propón para o seu licenciamento ser sometido a Vixilancia Pública. (...) Concédesele cédula de vecindade na Estrada, onde traballa de canteiro. O 2/2/1867 (xa con 27 anos) comparece en Pontedeume, manifesta boa conduta, preséntase case diariamente á autoridade e traballa como

160. Moeda acuñada en Francia e tamén en España durante a ocupación gala, que aínda circulaba medio século despois. O seu valor dependía do material de que estivese feita, o cal non se menciona.

161. Este presidio estivo vixente entre os anos 1851 e 1867 para acoller a poboación reclusa que traballou na obra hidráulica de maior envergadura que se realizara ata a data en España, a presa do Pontón da Oliva (entre Guadalajara e Madrid), que serviu para abastecer de auga a capital. A cambio, os presos obtíñan indultos e reducións de condena, se ben as enfermidades provocaron unha alta taxa de mortalidade. GONZÁLEZ GALLEGO, M. A., *El presidio del Canal de Isabel II en el contexto jurídico y penitenciario de la España isabelina (1851-1867)*. Universidade Complutense de Madrid (2021)

162. A potestade de outorgar o indulto (graza) é prerrogativa do rei, a petición do ministro de Xustiza.

canteiro nas obras da gran ponte que se está a construír nesta vila¹⁶³. O 3 de marzo, expídeselle cédula de vecindade provisional.

1877 - Manuel Vázquez Azas “Maleante”?, da vila (natural de Doroña), 41 anos, casado, sen profesión, dous meses e restituír 11,5 pts. por roubo frustrado¹⁶⁴.

1878 - Toribio Fernández Sanmartín, Tomás Cambón Calvelo? e José Leiras Calvete “Furaparedes”, roubo na igrexa de Mugardos¹⁶⁵.

1883 - José López Pico “Santos”, de Nogueirosa, cumpre catro condenas consecutivas por roubo, dende o 13-3 ata o 13-7-1884, de catro meses, tres meses e doce días, tres meses e once días e cinco meses, respectivamente.

1884 - José López Pico, (o preso anterior), tres meses e quince días.

1887 - Gerónimo José Golpe Cagiao “Langrón”, de 21 anos, solteiro, labrego, non sabe ler nin escribir, de S. Martín de Churío (Irixoa). Por roubo dunhas caixas que contiñan panos de meiriño e mostras de pano, propiedade de Santiago Prieto, vixilante da Casa de Comercio de “Hijos de J. Alonso Botas”, da Coruña, o cal, ao baixarse do coche chamado de Gil, entregou ao Gerónimo Golpe unha caixa que levaba consigo con mostras de tecidos e xéneros para a venda, co fin de que o conducise á casa de Juan Cortizas onde ía hospedarse. Mais, o Golpe, en vez de facelo así, cumprindo o encargo referido, conduciu a carga a un terreo próximo ao lugar de Aguabar, onde a fracturou e subtraeu dela todos os efectos que contiña por valor de 279 pts. e 25 cts, coa fractura, 15 pts, e atopada ás poucas horas no sitio mencionado da dita caixa. Condénaselle á pena de cinco meses de arresto maior e cincuenta días de prema persoal pola indemnización, por declararse insolvente.

- Manuel Belo Castelo “Cardador”, de Betanzos, 17 anos, sabe ler e escribir incorrectamente, solteiro, mozo de coches; Antonio Abelino Lagares López, de Ferrol, 21 anos, solteiro, sabe ler e escribir imperfectamente, maior de coches; e Juan Otero Varela. Condénase o primeiro a seis meses de arresto maior, o segundo a tres anos e oito meses de presidio, e o terceiro a que devolva o revólver, o reloxo e 55 cts. de pta. e tres moedas de cuartillo de real. Todos decláranse insolventes.

1888 - Pedro Prieto López, de 67 anos, casado, ferreiro, e Manuela Cagiao Pérez, “Melgacha”, 43 anos, casada, taberneira, ambos de Betanzos. Pena: dous meses e 150 pts. de multa a cada un (e trinta días máis ao primeiro, por insolvente) por roubo nas dúas igrexas da vila: 1.035 pts. de prexuizos na igrexa parroquial de Santiago e 49,50 pts. na capela das Virtudes.

163. A reconstrución da ponte sobre o río Eume tivo lugar entre os anos 1863 e 1873.

164. Elevada a sentenza a consultas á Sala do Criminal da Audiencia do Distrito, ditouse sentenza que revogaba a do Xuíz de 1ª Instancia de Pontedeume, e condenamos a M. V. A. a dous meses (...)

165. Atopóuselles unha pistola de dous canóns de palanca sistema Lafurê? con tres cartuchos metálicos. Serán conducidos e xulgados en Ferrol, descoñecéndose a sentenza.

1892 - *Joaquín Bouza Enríquez, de Leiro (Miño), 42 anos, casado; e José M^a Bouza Enríquez, de Perbes, 16 anos, solteiro; labregos e con instrución, dous meses ao primeiro e vinte e cinco días ao segundo por insolvente*

1901 - *José M^a López Sánchez “Chapela”, natural de Nogueirosa, sen residencia fixa, 20 anos, solteiro, mineiro, con instrución, un mes e indemnizar cos seus efectos por insolvencia por roubo de 190 pts.*

Os condenados por roubo neste medio século (entre 1860 e 1901) ascenden a vinte e un, dos cales a inmensa maioría son homes (17, o 81 %), como é habitual. Descoñecemos os obxectos roubados por oito deles, mais ao contrario que nos casos de furto, non se trata agora de tipo rural. Destacan os cinco presos por algo que xa vimos no século pasado, o roubo en igrexas: tres deles na de Mugardos e dous nos dous templos da vila de Pontedeume (no de Santiago, valorados os prexuízos nunha cantidade elevadísima para a época –1.035 pts.–). Os demais, son roubos de cartos, panos e un revólver e un reloxo.

Polo que respecta ás profesións dos presos, se ben ignoramos as da metade, tam pouco abundan os labregos (tres), habendo unha certa variedade, resaltando un mozo e un maioral de coches, ambos de fóra do partido. Falando da procedencia, unha vez descontados os cinco que non consta, só temos sete do partido xudicial (aínda que seguen dominando os de Pontedeume con cinco), sendo os demais alleos: tres de Betanzos, un de Ferrol, Irixoa, A Estrada e Tarragona. A circunstancia de persoas itinerantes vista nos presos por furto podería repetirse. Consta a consideración de sete presos insolventes e tres analfabetos ou case.

En canto á duración das condenas, sucede o mesmo que no caso dos presos por furto, pero agravado, pois a maioría son moi longas, aínda que, como xa sabemos, non as cumprirán no cárcere de Pontedeume, sendo nalgúns casos soamente sometidos a vixilancia tras cumprir a prisión e establecer a súa residencia no partido. Destacan entre todos dous nomes: Benito Lago Ynfesta, natural da Estrada (Pontevedra), que foi sentenciado a dezanove anos de cadea polo delito de roubo e, tras cumprir a condena, será vixiado por orde gubernativa mentres traballe como canteiro na construción da ponte sobre o río en 1867. E o de Manuela da Torre y Feal, de Vilar, condenada a dez anos de presidio por *roubo en gavela*, e ao igual que outras mulleres procedente da Casa Galera provincial. Terá a consideración de *sospeitosa*, polo que en 1860 será sometida a vixilancia en Pontedeume, aínda que parece que infrutuosamente, pois constará a anotación: *Ausente, ignórase día e onde*.

Varios presos máis terán penas ben longas (seis anos, tres anos e oito meses, trinta e catro meses), aínda que só un cumprirá boa parte da súa condena no cárcere de Pontedeume: trátase de José López Pico Santos, de Nogueirosa, que permanecerá nel dende o 13 de marzo de 1883 ata o 13 de xullo de 1884, cumprindo parte das cinco condenas por roubo. É un caso extraordinario de estancia no cárcere da vila e, dende logo, de reincidencia.

5.3 Destrucións de bens

SÉCULO XVIII

1776 - *Xuízo contra Pedro Fiz e os seus fillos, solteiros e de crecida idade, que ante min resultasen (?) culpados (...) Castigado en contra (...) confesou o dito delito dicindo que aquela árbore no había de estar (...) e cometeron delitos graves (...) Silvestre Fernández e Ysabel López, fillos lexítimos de Pedro Fiz, enfermo e en cama hai moito tempo, sen esperanza de vida, veciño da fregresía de S. Xurxo de Magalofes, presos no cárcere público desta vila hai moitos días sen saber máis causa que a de chegar a nós a noticia de que Fernando Díaz, o noso cuñado e da mesma fregresía, deu contra nós e o noso pai querela en suposición que lle cortamos un freixo que tiña plantado xunto a súa casa con malicia. E caso pensado e outras cousas que con malicia e voluntariamente quixo articular na dita querela, á cal e dende a prisión en que nos atopamos facemos a debida oposición e que V. m. que sirva absolvernos e darnos por libres con soltura do dito cárcere e condenar en custas ao querelante por mal demandante e nada caritativo co seu sogro conside-rando tan enfermo como se acha e (...) porque non se atopara con vida, nin o dito cuñado dixo acreditaría con ela que nós lle cortamos a árbore que supón na súa chamada querela (...) pois foi con testemuñas da súa parcialidade (...). Asdo.: Ignacio Pérez.*

SÉCULO XIX

1885 - *Antonio Lourido García “Vispo”, de Andrade, 48 anos, casado, labrego, dez días e indemnización e devolver a leña cortada, por danos e talar piñeiros alleos.*

1896 - *Salvador Varela Veiga, de Nogueirosa, 25 anos, solteiro, labrego, cinco días no Depósito Municipal e indemnización, por danos nun monte e ameazas ao seu propietario¹⁶⁶.*

1897 - *José Vila, de Andrade, un día, por danos¹⁶⁷.*

Son cinco (catro homes e unha muller) os presos por talar árbores alleas en catro causas. Da primeira (a única do século XVIII), temos o testemuño de condena e o alegato da defensa dos tres acusados (o pai, moi enfermo, por iso está na súa casa do concello de Fene; e dous fillos, encarcerados) nun conflito familiar, acusando o parente querelante de actuar con mala fe (*malicia*) e con testemuñas parciais. Os outros dous son labregos de Pontedeume que, ademais de cortar árbores alleas, suman, o primeiro, a acusación de roubo da leña, e o segundo, a de ameazas. Engadimos un preso, tamén de Pontedeume, nunha acusación afin de danos, mais sen especificar. As penas por estes delitos son a indemnización polo valor do prexuízo producido e unha privación moi breve de liberdade (un a dez días), mesmo no Depósito Municipal (baixo a custodia simplemente do porteiro). Non

166. *Firma a entrega do suxeito o porteiro municipal, Fonte.*

167. Danos: *Menoscabo ou destrución dunha cousa física allea, diminuíndo o seu valor patrimonial económico.* Capítulo IX do Título XIII. Código Penal español 1996.

obstante, os presos do s. XVIII quéixanse de que levan *presos no cárcere público desta vila hai moitos días* e de falta de información sobre a denuncia que pesa sobre eles.

5.4 Estafa

SÉCULO XIX

- 1887** - José Rosendo Fernández Camino, "Carallón", fillo de pai descoñecido, de Vilar, 39 anos, casado, escribente curial¹⁶⁸. Catro meses de arresto e tres días de detención subsidiaria por insolvente de indemnización¹⁶⁹.
- 1892** - Domingo Varela Martínez, de Quixeiro, 20 anos, xornaleiro, sen instrución, dous meses por cada un dos dous delitos de estafa e oito días máis por insolvencia.
- 1895** - Ramón García Casteleiro, de Ferrol, 23 anos, solteiro, xornaleiro, con instrución, tres meses por estafa e oito días máis por insolvencia.
- 1898** - Bienvenido Arras Fernández, de Meixende (Sarria), casado, labrego, sen instrución, 101 días, por estafa. Insolvente. Con antecedentes penais, preso dende 1/8.
- 1899** - Laureano Álvarez Pérez¹⁷⁰, de Monfero, 35 anos, casado, comerciante, con instrución, cinco meses por estafa e cincuenta días máis por insolvencia de indemnización.
- Fulgencio Fernández, de pai descoñecido, de Franza, 24 anos, casado, xornaleiro, sen instrución, dous meses e quince días¹⁷¹ por estafa, e que se entregue ao prexudicado o reloxo depositado no Xulgado.
- 1903** - Manuel Díaz Vázquez, de Lugo, 21 anos, solteiro, escribente, con instrución, tres meses, por estafa¹⁷².
- 1904** - Ricardo Gómez Amenedo, de Xestoso, 40 anos, solteiro, labrego, con instrución, cincuenta días e multa de 4.500 pts.
- Manuel Penelas Serrano, de Lugo, 17 anos, solteiro, ambulante, con instrución, con antecedentes penais, corenta e oito días e multa, por estafa de 540 pts. Insolvente.

—

No século XVIII non consta ningún preso polo delito de estafa e só nove nos anos finais do s. XIX e principios do XX, todos homes, procedentes catro de fóra do partido (dous de Lugo, descoñecemos se con conexión), e tres de Monfero, que desbanca a Ponte-deume dentro do partido. En canto ás profesións, aínda que segue a haber maioría de labregos ou xornaleiros (cinco), aparecen dous escribentes¹⁷³, un comerciante e un vende-

168. Empregado subalterno dos tribunais de xustiza.

169. Continúa no cárcere pois aínda estaba cumprindo unha condena anterior por detención arbitraria. Tamén estivo preso o ano pasado por *lesións e invasión de domicilio*.

170. Fillo natural, bautizado na Casa Hospicio de Oviedo.

171. Xa está no cárcere detido por un delito de lesións cometido en 1866.

172. *Que cumprirá despois de extinguir as dúas penas anteriores que ten pendentes polo mesmo. Mandamos que se faga entrega ao seu dono do cabalo e arreos ocupados.*

173. Destaca o *curial*, que traballa nos propios despachos dos tribunais de Xustiza.

dor ambulante, ocupacións que poden darse con maior facilidade ao delito de estafa. Igual circunstancia concorre que sexan a maioría (seis) xente que sabe ler e escribir (coa excepción de tres labregos, sen instrución).

Contrariamente á maioría dos presos por calquera causa, hai varios casos de estafadores con antecedentes penais, xa sexan reincidentes no mesmo (un preso, en dúas ocasións) ou noutros delitos (é o caso de catro presos: dous deles, o de 1887 e o de 1899, aínda estaban no cárcere por varias condenas anteriores: entraban e saían e volvían entrar). As penas van entre os corenta e oito días e os cinco meses, e cincuenta días máis por insolvencia, algo que afecta seis presos, que ven prorrogada así a súa prisión. As estancias máis frecuentes son de dous e tres meses. En ocasións levan aparelhada unha indemnización polo obxecto estafado (un reloxo, un cabalo) ou unha multa (no caso de 1904, nada menos que 4.500 pts.)

5.5 Pertenza a grupo criminal

SÉCULO XVIII

1786 (23/12) - *A Manuel Fuentes, por acharse ás catro da tarde en cama cunha muller e resultar ser compañeiro dunha gavela de ladróns (...), siga.*

Un único caso de *bandidaxe* (un ladrón) no que, ademais, pesa sobre el outra acusación, pouco clara –como moitas das visitas do século XVIII–, pero que apunta a unha infidelidade marital ou adulterio¹⁷⁴, cargos polos cales o xuíz o mantén en prisión.

174. Vémololo no capítulo correspondente.

6. Contra a orde Pública

6.1. Milicianos¹⁷⁵ e matriculados do mar¹⁷⁶ desertores

SÉCULO XVIII

1756 (10-4) - *Achou s. m. algunhas persoas presas por causa de prazas faltoras¹⁷⁷ de Milicianos da Compañía desta vila, sen que o estean por outra causa ningunha, aos que s. m. manda sigan nela, sen que achase outros, co que deu por fenecida a dita visita (...)*

1785 (24/12) - *Josepha Tenreiro, presa como Matriculada orde do Subdelegado de Mariña por estar embarazada¹⁷⁸ e non haber dado fianza¹⁷⁹, s. m. mandou que, dando a fianza correspondente a favor do Subdelegado de Mariña, se poña en liberdade. Asdo.: J. J. V. de Castro. Ante min, Pedro Mosquera.*

1786 (8/4) - *J. J. V. de C. e Joseph da Ponte, alcaide: Achou a Antonio Vermúdez, por non concorrer ao Sorteo de Milicias¹⁸⁰ que se fixo na súa freguesía, sen autorización, s. m. mandou poñer en liberdade.*

1787 (31/3) - *Antonio Martínez, matriculado, veciño de Redes (...), siga.*

1788 (24/12) - *Bermudo de Lamas, veciño desta vila, matriculado, téndose formado competencia co cabaleiro intendente que o reclamou, déase conta ao Supremo Consello, e dando fianza, pónaselle en liberdade.*

Como vimos, o tema dos matriculados de mar e dos milicianos era unha fonte de conflitos que provocou rexeitamento entre a poboación afectada, sobre todo os primeiros

175. Organización armada integrada por paisanos dunha localidade, recrutados á forza mediante sorteo para defender unha bisbarra ou un país, prestar servizo como forza de reserva e manter a orde pública. Aínda que a máis coñecida sexa a Milicia Nacional da época liberal, o seu precedente encóntrase nas Milicias Provinciais organizadas polos Borbóns no século XVIII, como é o caso. A Milicia acabou converténdose nunha carga tan temida polos campesiños e polos artesáns máis humildes, que moitos deles viáanse obrigados a finxir enfermidades ou a fuxir dos seus fogares e non presentarse cando eran requiridos (como vemos aquí) con tal de liberarse desta carga.

176. A Matricula de Mar foi un sistema de inscrición marítima ideado no século XVIII que buscou asegurar tripulacións para a Real Armada. O litoral de Galicia rexistrou durante a segunda metade deste século a cuarta parte da matricula humana e da frota españolas. Os matriculados de mar eran inscritos dende moi novos para poder faenar na pesca. Dese modo quedaban excluídos os agricultores e artesáns deste traballo, mais o matriculado tiña o ineludible compromiso, casado ou solteiro, de converterse en soldado de mariña. Citábanse nas Comandancias de Mariña en distintos reemprazos ou quendas denominadas quintas. Os seleccionados debían servir durante un longo período de catro anos como mínimo. Para garantir este regular servizo na Mariña de guerra, os matriculados foron sometidos a un réxime de liberdade vixiada. A ausencia inxustificada destes penábase severamente. Non obstante, as malas condicións dos matriculados (dureza do servizo, retraso no cobro das reducidas pagas), agravadas en caso de guerra, levaron a un índice crecente das desercións. As medidas punitivas non lograron conter estas fuxidas, a pesar de que a lexislación contra este delito foi moi severa: xunto a sancións económicas (embargo de bens, perda de haberes debidos) e militares (degradación e obriga de servir varias campañas consecutivas) contempláronse a prisión e castigos físicos os prófugos (dende os lategazos ata a pena capital). Ver: VÁZQUEZ LIJÓ, J. M., *La matricula de mar y sus repercusiones en la Galicia del siglo XVIII*. (2006)

177. Prazas sen cubrir por ausencia dos milicianos.

178. No caso que nos ocupa, a existencia dunha muller como matriculada de Mariña é extraordinaria e se lle engadimos o feito de estar embarazada (e a ausencia de fianza) xustifican a súa prisión na época.

179. Os matriculados adoitaban pedir adiantos ou pagas de anticipación, reguladas en todas as mariñas de guerra europeas e habituais nas frotas do gran comercio, as cales se condicionaron á presentación de fianzas para resgardo da Facenda.

180. Ver o dito anteriormente sobre a Milicia Nacional.

nas zonas marítimas, como é o caso. Así, temos catro presos por ambos motivos, ademais dun número indeterminado (*varias prazas faltoras*) de milicianos, se ben do preso de 1783 non consta expresamente a causa, só a súa condición de matriculado. A procedencia non aparece máis que en dous casos, un de Redes e outro de Pontedeume. As penas, tampouco, sendo postos en liberdade ou mantidos en prisión, a criterio do xuíz. Dende logo, chama a atención a presenza dunha *matriculada* e da súa circunstancia. Todos concéntranse nun período próximo, incluso correlativo, de finais do século XVIII¹⁸¹. A razón pode estar na contemporánea guerra con Inglaterra, que fixo máis temida a obrigatoria participación nos buques da Armada e levou á deserción de moitos mozos, o que deu lugar á súa persecución.

6.2 Prófugos do servizo militar¹⁸²

SÉCULO XIX

1882 - Antonio S. M^a. Rico, *detido pola Garda Civil de Pontedeume por estar reclamado polo Goberno Militar desta provincia por ser (entendemos que prófugo de) substituto para Ultramar*¹⁸³. *Será encarcerado no cárcere do partido ata que o reclame aquela autoridade.*

- *Admitir neste cárcere o mozo Responsable de quintas, José Villa Allegue, de Cabanas, ata que sexa conducido a disposición do Goberno Civil da provincia que o reclama, socorréndoo co de costume.*

1883 - *Dilixencia para a detención no cárcere do mozo Andrés Martínez, reclamado pola Comisión provincial da Coruña, responsable do recrutamento do Exército da quinta de 1882, pola cota do concello de Monfero, ata que sexa conducido pola forza deste posto a disposición da Garda Civil.*

- *Detención no cárcere de José Pena Faraldo, de Castro, mozo da quinta de 1881 polo concello de Castro, en busca e captura polo Goberno Civil.*

1884 - *De orde de S. E. o Xeneral Gobernador Militar desta provincia, o Sr. Comandante Teodoro LLanderas: «Proceda V. á captura e condución a esta Praza do recruta prófugo da actual quinta de Pontedeume, José Abeledo Lourido, e que sen autorización se asentou a pé da partida receptora do 1º Batallón de Artillaría do Departamento de Betanzos». E sendo capturado hoxe na freguesía da súa residencia, e entregado no cárcere público desta vila ata que sexa conducido a disposición do Gobernador Militar.*

181. No século seguinte serán os prófugos de quintas os perseguidos polo Estado e os que irán ao cárcere.

182. Ver nota 24.

183. En 1837, a Ordenanza de Recrutamentos aprobou exencións como a redención en metálico e a facultade de poñer substitutos, polas cales, mediante o pago dunha cantidade de cartos, se podía evitar o cumprimento do servizo militar obrigatorio. Estas exencións provocaron un elevado rexeitamento na sociedade de finais do século XIX e principios do XX.

Os concellos tiñan unha parte activa no proceso de recrutamento e, tralo recoñecemento médico, proporcionaban os mozos correspondentes á súa cota á Comisión provincial da Coruña. A aqueles que non se presentaban ao chamamento (prófugos) ou unha vez ingresados en filas abandonaban o posto (desertores), o Gobernador civil ou Militar da provincia, respectivamente, ordenaba a súa busca e captura por parte da Garda Civil¹⁸⁴. Cando aparecían, as leis militares castigaban os prófugos cun destino forzoso en Ultramar, e os desertores, con cárcere.

Como vimos, a evitación do servizo militar obrigatorio era unha práctica moi común entre os mozos españois durante o século XIX, mais en Galicia a máis frecuente era a emigración a América, de aí que non se deran demasiados casos de prófugos ou desertores, cando menos no distrito de Pontedeume.

Son cinco os presos que son detidos e conducidos ao cárcere de Pontedeume (en só tres anos consecutivos) á espera de ser levados ante a autoridade provincial. É dicir, neste caso a prisión local é simplemente un lugar de custodia temporal, sen entrar no proceso xudicial habitual. Todos son do partido e apresados nas súas freguesías.

6.3 Fugas do cárcere. Quebrantamiento de condena

SÉCULO XVIII

1767 (24-12) - *Juan Ramón Serantes, alcalde maior; Domingo López, alcaide (...) achou s. m. a Antonio de Neda, alcayde deste cárcere, preso nel pola fuga que fixo Juan Antonio de Hermida. (...)*

1768 (27/7) - *Antonio de Neda, que foino (alcaide) o próximo pasado ano sesenta e sete, e achándose presente este¹⁸⁵, manifestou as alfaias seguintes: cadeas, chaves, mobles, obxectos relixiosos (...)*

1770 (24/12) - *Simón Varela, que fai de Carceeiro (...) achou s. m. a Luis Grande, alcaide do dito Cárcere preso pola fuga que fixo dela Ramón de Lago (...)*

1782 (23/3) - *J. M. L. de Andrade, alcalde maior e xuíz ordinario, e Joseph de Veiga, alcaide (...): Achou s. m. a Nicolasa do Couto y Lago, Manuel Rodríguez, tamén intitulado do Baliño, un mozo nomeado Pedro, que di ignorar o seu apelido, e a Antonio Freire, sobre quebrantamentos dos preceptos da Xustiza e por persoas sospeitosas (...) mandou sigan en prisión.*

(24/12) - *J.M.L. de Andrade (...) mandou a Miguel de Filgueiras, alcaide interino do dito cárcere, presente a todos os presos e que os escribáns numerarios que igualmente concorreran cos demais dependentes da Audiencia e os escribáns fagan relación das causas que cada un teña. (...) Achou s.m. a José Antonio da*

184. Era un dos cometidos da Benemérita o localizar estes perseguidos nas súas roldas de vixilancia, como vemos no capítulo de Presos Indocumentados: *Tendo sido detidos Agustín Vázquez e Manuel Méndez Fernández pola Garda Civil de Pontedeume por falta de documentos de seguridade (...), considerando non presentar certificado de estar libres de quintas en razón a ter 21 e 27 anos de idade, de cuo documento debían proverse segundo as disposicións legais vixentes.*

185. Non sabemos se Antonio de Neda segue preso no cárcere, pero si que asiste ao traspaso das alfaias, obxectos da prisión, cuxa existencia se revisaba cada vez que se facía un cambio de alcaide, como é o caso.

*Pena, alcaide en propiedade deste dito cárcere, por dependencia de causa tamén formada por s. m. contra Manuel Rodríguez e outros, sobre roubos, que se fugaron deste cárcere, (...). Igual fuga que fixeron Andrés Fernández e Domingo da Porta, comprendidos na de morte de Pedro Antonio Méndez, por s. m. mandou que, dando fianza de restituirse a este Cárcere, concluída que sexa, se lle poña en liberdade*¹⁸⁶. Achouse a Santiago da Pena e Ángel de Martínez pola causa da fuga de dito Domingo da Porta. (...) Asinado: J. M. Lahora.

1783 (12/4) - J. M. L., Antonio do Río, alcaide (...): *Achou s. m. a Santiago da Pena e Ángel de Martínez, comprendidos en causa de fuga feita por Domingo da Porta, tamén comprendido na de morte, mandou subsistir:*

(24/12) *Andrés do Río, alcaide (...): Achou a Ángel de Mena, veciño desta vila, en causa de fuga feita por Domingo da Porta, como comprendido na morte violenta de P. A. Méndez, alguacil desta Audiencia. Continúe.*

1790 (24/12) - Melchor Cortizas, veciño da freguesía de S^a María (Miño), *por fugarse da de aquela Xurisdición, detido por roubo (...), siga.*

SÉCULO XIX

1872 - Antonio Patiño Torrente, do Porto, *dous meses e vinte días por insolvencia, por quebrantamento de condena.*

No século XVIII atopamos seis presos por fugas doutros presos e un pola propia fuga. A información desta época, a partir das visitas carcerarias dos xuíces maiores, non é moi abundante, polo que descoñecemos os detalles, mais o que si parece claro é que, como consecuencia destas fugas dos presos, os alcaides do cárcere de Pontedeume, como funcionarios responsables da custodia dos mesmos, pasan a ser eles detidos. Ignoramos as penas a que foron condenados, pero alí están, acompañados dos que antes eran os seus reclusos. Isto sucedeu ata en tres ocasións: en 1767, co alcaide Antonio de Neda; en 1770, con Luis Grande; e en 1782, con Antonio da Pena.

Moitos e moi seguidos, o que nos fala das precarias condicións de seguridade do cárcere antigo (o torreón dos Andrade), que xustifica as queixas que levarán á construción do novo edificio a mediados do século XIX, co que esta situación non volverá a suceder, agás a posible excepción de 1872¹⁸⁷. Destas fugas, a de 1782 debeu ser importante, pois fugáronse un número indeterminado de presos por roubos e dous por homicidio, dos que se fará responsables tres persoas, supoñemos que por facilitar esa fuga, que serán presos, como o alcaide. O derradeiro caso, o de 1790, é o dun reo do cárcere de Miño que se fugou e pasou á de Pontedeume.

186. Nesta ocasión, o xuíz ordena liberar un preso, aínda que baixo fianza, ao igual que os dous seguintes.

187. Un quebrantamento de condena non é unha fuga necesariamente, pois pode referirse á infracción dunha medida cautelar. O mesmo cabe dicir dos catro presos de 1782 *sobre quebrantamentos dos preceptos da Xustiza e por persoas sospeitosas*, aquí agrupados, mais a falta de maior datos impide analizar con certeza de que se trata.

6.4 Desacato, resistencia, insultos e atentado á autoridade

SÉCULO XIX

- 1846** - *Silvestre Fdez., de S. Xoan de Callobre (Miño), tres meses por desobediencia ao alcalde. Pobre.*
- 1862** - *Pedro Lamas López, de S^a Cruz do Salto (Cabanas), 50 anos, solteiro, labrego, sesenta e catro días de prisión subsidiaria por insolvencia por impago de multa de 200 rs., por desacato á Autoridade.*
 - *Fernando Casanova Martínez, 55 anos; Pablo Domenech Ferro, 52 anos; Juan Ramón Cudilleira Rufo, 34 anos, os tres casados e mariñeiros; Juana Pereira Pena, 55 anos e Manuela Ríos Gelpi, ambas viúvas e pescadoras. Todos de Mugardos. Corenta días por impago de multa de 40 rs., por resistencia e desobediencia ao alcalde de Mugardos.*
- 1872** - *Andrés García Torrente, de Soaserra, dous meses e medio por inxurias e insultos á autoridade.*
 - *Ángel Abelleira Serantes, da vila, dous meses e vinte días por insolvencia, por resistencia á autoridade.*
 - *Andrea Blandeiro Rey, de A Coruña, dezasete meses e dez días de desterro en Pontedeume por desacato.*
 - *Felipe Otero, de Mugardos, trinta días por insolvencia de 150 pts. por desacato á Autoridade.*
- 1873** - *Juan José Balado Martínez¹⁸⁸, de Fene, un mes por calumnias ao Concello de Fene.*
 - *Juana González Sanmartín¹⁸⁹, de S^a M^a de Xestoso, un mes por inxurias a axentes da Autoridade.*
- 1874** - *Francisco Moreira Gallego¹⁹⁰, de S. Sebastián de Cabanas, catro meses e vinte e cinco días por insolvencia de multa de 125 pts., por desacato ao alcalde Pedro Rodeiro Vila.*
 - *Andrés Otero Fernández “Francés”, da vila, e Juan Allegue García “Falucho”¹⁹¹, de Vilar; sete meses no correccional da Coruña por resistencia a axentes da autoridade¹⁹².*
- 1877** - *Ricardo J. Feal Vázquez “Riocho”, da vila, 38 anos, casado, mariñeiro, un mes e vinte e tres días por insolvente de multa, por desobediencia á autoridade e ameazas á nai do procesado. (Saíu indultado ao mes).*

188. De 42 anos, casado, mariñeiro e comerciante de bebidas.

189. 46 anos, casada, sen profesión.

190. 56 anos, viúvo, labrego e ferreiro.

191. Casado o primeiro e solteiro o segundo; ambos, labregos.

192. Aínda que non consta a idade, a pena de correccional fai supoñer que se trata de menores.

- Joaquín¹⁹³, 24 anos, casado, e Miguel Piñeiro Fabal, 19 anos, solteiro, mariñeiros, da vila. Un mes ao primeiro, e un ano e oito meses e vinte e cinco días por insolvente ao segundo, por atentado á autoridade municipal¹⁹⁴.
- 1878** - Froilán Neira Cancela, de Fene, 22 anos, casado, estudante, catro anos e dous meses e multa de 500 p.¹⁹⁵
- 1881** - Antonio Varela Sánchez, de Ferrol, en causa do Tribunal de Mariña de Ortigueira, do Departamento Marítimo de Ferrol, polo que se lle condena a cincuenta días de arresto por desacato á autoridade¹⁹⁶.
- Manuel Vales Vázquez, de S^a M^a de Castro, catro días por falta á Garda Civil.
- 1883** - Andrés M^a Blanco Cabezal, de Leiro, dous meses por desobediencia á autoridade.
- 1886** - Joaquín Piñeiro Fabal, da vila, 34 anos, casado, mariñeiro, cinco días e un día máis por insolvencia de multa, por blasfemias e inxurias a Miguel Lamas, cabo de mar de este posto¹⁹⁷.
- 1887** - Manuel Fraga Castiñeira, José Varela Infante e José Antonio Penedo, por desacato.
- 1891** - Andrés Mateo Manso Cabezal, de Leiro, vinte días de arresto por insolvente de multa por desobediencia a un axente da autoridade.
- 1892** - José Ramón García Lorenzo “Raeiro” (fillo natural de Rita L.), da vila, 32 anos, solteiro, xornaleiro, sen instrución, catro meses por insultos e ameazas a axentes da autoridade. Insolvente. Con antecedentes penais.
- 1894** - Expediente referente á pena de seis meses de arresto maior e corenta días de multa que lle foi imposta pola Audiencia Provincial a Manuel Nieto Castro¹⁹⁸ por atentado a un dependente do Resguardo de Consumos. O acusado, de 36 anos, de pai descoñecido, de Hermida, da freguesía de S. Mamede de Momán (concello de Xermade), veciño de Santiago de Franza (Mugardos), casado, xornaleiro, sabe ler

193. Volverá a ser condenado por outros delitos en 1878 e 1879.

194. Consulta da sentenza ditada polo Xulgado Municipal de Pontedeume, confirma a dita sentenza, considerando que a labazada ao carabineiro Liborio Alonso é un acto de resistencia.

195. Revoga a Audiencia Provincial a sentenza anterior condénalo agora por dous delitos de Resistencia á autoridade a dous meses e multa de 125 pts.; e por Desacato, a seis meses e multa de 120 pts. (substituída por vinte días máis por insolvencia). Terá dúas causas máis: por atentado por disparo de arma de fogo e por ameazas de morte á súa muller, polo que se lle prolongará a condena.

196. Con data de 9/5/1881, o alcalde de Pontedeume informa que: “Padece un infarto crónico de fígado complicado con urolitias (sic), polo que non pode permanecer no cárcere, posto que de facelo se agravaría o dito padecemento con perigo da súa vida, toda vez que non hai nesta vila hospital ningún, nin outro medio que o de sinalamento dunha casa en que colocalo en defecto de aquel, e ser ademais o mencionado cárcere insalubre e nada a propósito para o padecemento dito. (...) Solicita que sexa recoñecido polo médico da vila e do cárcere, D. Manuel Romaos, e o forense, D. Ramón Portal, e o cirurxán D. Remigio Vizoso, os cales declaran confirmar o diagnóstico e as malas circunstancias hixiénicas do cárcere e a necesidade de traslado (cobra cada un 25 pts. polo recoñecemento). Acórdase o seu traslado á casa dun veciño da rúa da Riveira, encargándolle a este a vixilancia e o coidado, dando conta no momento en que estea restablecido e do seu estado cada oito días. Firmado: o alcalde, Antonio Díaz Zamorano, e o alcaide, Jesús Pastor. Sucédense periódicos informes dos facultativos nos que desaconsellan volver ao cárcere, ata que el 27 de xuño dáse por cumprida a condena segundo escrito do capitán xeneral de Mariña de Ferrol, Suanzes, que o pon en liberdade.

197. Considerámolo como desacato á autoridade.

198. Ver o capítulo de lesións no ano 1892.

e escribir, de regular conduta, que foi antes penado como autor do delito de homicidio e lesións en oito anos e un día, e por outro lado, de lesións, en seis meses, sendo procesado na actualidade como autor do delito de resistencia a un Axente da Autoridade, Fallamos: Condenar a seis meses e multa de 200 pts., e corenta días máis por insolvente.

1897 - Manuel Fernández Bermúdez, de Laraxe, 46 anos, casado, pescador, dous meses de Consello de guerra por ameazas e insulto ao cabo de mar de Sada¹⁹⁹.

1899 - María Seco Sanmartín, da vila, 34 anos, solteira, taberneira, sen instrución, dous meses e vinte días por insolvencia de multa por atentado aos axentes da autoridade.

1900 - Juan Antonio Feal Rodeiro “Corredoiras”, do Porto, 36 anos, casado, labrego, con instrución, dous meses por ameazas a un axente da autoridade.

Ata trinta e tres presos (vinte e oito homes e cinco mulleres) pasaron polo cárcere de Pontedeume (só no século XIX) polos delitos de *desacato, desobediencia, resistencia ou insultos á Autoridade*. Esa autoridade será a máis próxima, é dicir, a municipal. De entre todos, destacan os casos seguintes: o de 1862, en que tres mariñeiros e dúas pescadoras de Mugarbos foron condenados a corenta días de prisión *por impago de multa de 40 rs. por resistencia e desobediencia ao alcalde*. E o de 1873, Juan José Balado Martí-nez, de Fene, *por calumnias ao concello de Fene, por dicir que a contribución de consu-mos é unha estafa do Concello*²⁰⁰.

Varios estarano por resistencia a axentes da autoridade, aínda que non se especifica cal. De todos, só haberá tres presos por atentado (uso de violencia, ningunha moi grave) contra aqueles axentes: en 1877, os irmáns *Joaquín e Miguel Piñeiro Fabal, por unha labazada ao carabineiro*; e en 1899, *María Seco Sanmartín*.

Estamos ante uns presos cuxos delitos poden trascender o persoal e entrar nun campo maior, de tipo político-social²⁰¹. Sen máis datos, é arriscado aventurar ata que punto estes comportamentos deixan ver unha conflitividade social ou unha forma de protesta dos débiles (todos son membros das clases populares –unha constante en todos os delitos–) contra os poderosos (encarnados nos máis próximos e únicos acesibles, os chamados *axentes da autoridade, xeralmente municipal*).

Observamos, iso si, a existencia dunha resistencia á autoridade poderíamos dicir que de baixa intensidade, non organizada nin continua, senón individual (agás os cinco de

199. Ídem ao preso de 1886.

200. Tributo indirecto que gravaba a compravenda de artigos de primeira necesidade, consistente nunha recarga dunha porcentaxe sobre o prezo da venda (semellante ao actual IVE). A súa xestión polas autoridades locais convertíao nun dos instrumentos fundamentais do mercado político oligárquico e caciquil, en redistribuidor de rendas a favor dos recadadores privados do mesmo e en centro da ira popular, polo que provocou frecuentes motíns de consumos, unha forma de protesta fiscal das clases baixas da sociedade.

201. En realidade, todo delito vai máis aló do ámbito persoal, posto que ten lugar nunha sociedade concreta. Como é evidente, unha persoa illada non pode delinquir.

Mugardos) e espontánea, sen que semelle haber detrás unha motivación de tipo política ou social (habería a dúbida no caso de Fene contra os consumos). Como vimos noutros delitos, trátase máis ben de comportamentos illados, propios do individualismo galego. Como xa levamos vendo en case todos os casos, non se trata de presos que repitan os delitos, agás excepcións como o de 1894, que xa fora detido por homicidio e lesións. En canto á procedencia, case todos (vinte e seis) pertencen ao partido xudicial e segue a gañar Pontedeume con dez, pero Mugardos achega seis –grazas aos cinco de 1862–. Polo que respecta ás profesións, dos dezaseis dos cales temos datos, todos redúcense a dúas: mariñeiros e pescadoras (nove) e labregos e xornaleiros (sete). Ao contrario que noutros delitos, a xente do mar parece máis proclive a este tipo de protestas que a do interior. Neste senso, hai dous mariñeiros (presos en 1886 e 1897), acusados de insultar unha autoridade militar (o cabo de mar) que, como vemos, tiña xurisdición sobre persoal civil.

Polo que respecta á duración das penas, hai unha gran variedade, indo dende os catro días como mínimo (*por falta á Garda Civil*) ata o ano e nove meses do caso do atentado do ano 1887, debido á agresión física. En xeral, as penas non son moi severas²⁰², e oito sentenzas son simplemente de multa, pero ao ser insolventes, eses oito reos teñen que suplila con estancia no cárcere. Por esa mesma razón, noutros casos, vense obrigados a prolongar unha condena menor. Hai unha excepción á pena de cárcere: en 1872, *Andrea Blandeiro Rey, de A Coruña, foi condenada a dezasete meses e dez días de desterro en Pontedeume por desacato á autoridade*.

6.5 Desorde pública

SÉCULO XIX

1860 - *Felipe Pereira (60 anos), Miguel Ferrer (35), I.R.B. (H, 34), J.P. (M, 55), Manuela Ros (42), A.S. (H, 34), P.D. (H, 50), M.M. (M, 35), P.G. (H, 23), F.P. (H, 54), J.F. (H, 40) e F.C. (H, 52), todos de Mugardos, un mes por Desorde cometido no seu Concello*.

Relacionado co delito de desacato, temos un caso particular de doce presos (nove homes e tres mulleres) detidos por algo que semella un motín ou unha revolta, senón organizada, cando menos numerosa. A maioría teñen bastante idade (cinco de cincuenta anos ou máis).

Xa vimos como a autoridade municipal era frecuente branco das críticas do pobo e neste caso foi no propio edificio do concello onde se produciu este altercado, do cal descoñecemos os detalles, mais podemos imaxinar que se trata dunha protesta colectiva (non individual, como soen ser) contra algunha circunstancia na que interveña o Concello, é dicir, un asunto público, non sabemos se de tipo social ou político.

En canto á condena, é curta (polo que pue podemos supoñer que as desordes non foron moi graves), mais debeu ser todo un acontecemento na vila de Mugardos que unha

202. Se descontamos o preso de 1877, condenado por atentado, sae unha media de 80 días por cada unha.

ducia dos seus veciños ingresaran xuntos no cárcere (ademais das razóns polas que tivo lugar o altercado).

Por último, é significativo que en todo o século XVIII e na segunda metade do XIX sexa esta a única vez en que se encarcere alguén por este delito e que, aparentemente, non haxa desordes ou protestas nas poboacións do partido, é dicir, ausencia de conflitividade social, onde a orde e a lei só se rompe de maneira individual.

6.6 Indocumentado e sospeitoso

SÉCULO XIX

1878 - *Parte da Garda Civil de Pontedeume: “Poño á súa disposición a Agustín Vázquez e Manuel Méndez, naturais e veciños, o primeiro de S^a Leocadia e o segundo de S. Bréxome, ambos do concello de Trasparga (Lugo), por falta de documento de seguridade²⁰³, cuxos suxeitos só presentaron ao ser detidos, as adxuntas cédulas, expedidas en 30 de xuño de 1876. A 29/1/1878. Asdo.: O Cabo 1^o: Domingo Díaz Fernández.”*²⁰⁴

1882 - *Andrés Vázquez Fernández, de Lalín, 24 anos, mariñeiro da Armada, por indocumentado²⁰⁵.*

- *Parte da Garda Civil do posto de Pontedeume: “Detención por indocumentado dun paisano na ponte da vila que di chamarse Antonio González Bermúdez, de 50 anos, natural de San Fernando (Cádiz) e veciño de S^a M^a de Coruxo²⁰⁶, e di camiñaba a xunto dun tío que ten en Ferrol, na rúa do Sol, para que lle subministre socorros, pois di ser náufrago do vapor inglés “Douro” en 1^o de abril último nos cabos de Fisterra.”*²⁰⁷

1883 - *Manuel González Naya, de Vilagarcía, 41 anos, por indocumentado e sospeitoso²⁰⁸.*

- *José Novoa, da Coruña, 19 anos, por sospeitoso e indocumentado²⁰⁹.*

203. Nome dos documentos de identidade máis antigos de España, anteriores ás cedúlas, dende 1800. Manuel Fernández será acusado tamén da tenza de moeda falsa. Ver o capítulo correspondente.

204. En realidade, o que non presentaban era o *certificado de estar libres de quintas en razón a ter 21 e 27 anos de idade, de cuxo documento debían proveerse, segundo as disposicións legais vixentes*. É dicir, de ter cumprido o servizo militar. (Ver os Matriculados). Este caso levará a un desacordo entre o xuíz e o alcalde de Pontedeume.

205. *Expediente sobre a detención por indocumentado do individuo que di chamarse A. V. F. e a súa remisión ao Capitán Xeneral da Mariña do Departamento de Ferrol, achado en estado de embriaguez, que di ter 24 anos, natural de Lalín, e pertence á quinta escuadra da Armada, como mariñeiro voluntario (...) do servizo no Arsenal do Departamento de Ferrol, de onde chegou con permiso de 3 días, aínda que só de Ferrol, de onde saíu por beber en demasia e ter por conseguinte privada a razón, ou sexa, en estado de embriaguez en que se presentou ao Alcalde da vila.*

206. Debe referirse a San Salvador de Coruxo, freguesía de Vigo.

207. O 31/3/1882, á altura do cabo Fisterra, chocaron e afundiron os vapores *Douro* e *Iruac Bat*, un naufraxio no que houbo 59 mortos e salváronse 170 persoas, recollidas por un vapor inglés e conducidas ao porto da Coruña. Ver: *Faro de Vigo*, 5/4/2012. (En 1835, a nave *San Antonio* afundiuse fronte á praia de San Amaro, na Coruña, con 140 presos procedentes do Castelo de San Antón con destino no depósito correccional de Ceuta. Houbo sobre unha decena de afogados.)

208. *Detido pola Garda Civil por sospeitoso e indocumentado, natural da provincia de Granada, con residencia en Vilagarcía (Pontevedra), de 41 anos, casado, ebanista, que manifestou se fugou do seo da súa familia o día catro do corrente a causa dun disturbio coa súa muller, e que dirixíase a Ferrol en busca de traballo ao obradoiro de ebanistería do Sr. Cubeiro, sendo detido en Talega (Andrade) pola Garda Civil que prestaba servizo de estrada.*

209. *Detido por sospeitoso e indocumentado na estrada de Betanzos a Ferrol, en Andrade, un rapaz de 19 anos, José Novoa,*

- Antonio Romero Rodríguez, de Soñeiro (Sada), 44 anos, casado, paraguieiro, por sospeitoso e indocumentado e xogos prohibidos (ruleta)²¹⁰.

1887 - Juana del Río Bonome, sospeitosa.

- O 24/4 detívose por indocumentada e sospeitosa a María Rey, de A Coruña.

1888 - O Alcalde de Ares pon a disposición do Gobernador Civil, por indocumentado, o suxeito que di chamarse Ciriaco Ruíz Cuevas, e que está detido no Cárcere de Pontedeume.

Estas dez persoas que se citan²¹¹, todas ao longo de dez anos nas décadas finais do século XIX (tres no mesmo ano, 1883), non son propiamente presos (non están xulgados e condenados), senón que foron detidos ao seu paso polos camiños²¹² do partido xudicial polas patrullas do posto da Garda Civil, que semella tiñan orde de deter as persoas que lles parecían sospeitosas e estivesen sen a correspondente documentación identificatoria. Tiñan especial interese en localizar os mozos que evadían ou desertaban do cumprimento do servizo militar (nas zonas costeiras, como é o caso, os *matriculados do mar*, sobre todo na base naval de Ferrol), cousa que era bastante frecuente²¹³. Son os dous casos de 1878 e o de 1882 e, posiblemente, o rapaz de 1883. No de 1882, é chusca a circunstancia de bébedo en que se atopaba o mariñeiro, que sería o que o delatou os gardas e propiciou a súa detención²¹⁴. Temos tamén tres casos con algo en común: un naufrago (1882), un ebanista e un ferreiro (1883), os cales din buscar auxilio ou traballo en Ferrol²¹⁵.

A procedencia dos camiñantes é, loxicamente, de fóra do partido, algúns de bastante lonxe: tres da provincia de Pontevedra, dous de Lugo, dous de Coruña, un de Sada... En calquera caso, estas persoas descoñecidas e indocumentadas son consideradas como sospeitosos (potenciais desertores militares ou fuxidos da lei) e custodiadas no cárcere de Pontedeume como os demais presos, ata que son conducidos pola forza pública á Coruña, a disposición da autoridade do Gobernador provincial para a súa identificación, como os casos de 1887 e 1888. A excepción sería o caso de 1883, que ao ser atopado cunha ruleta, por ser un xogo prohibido incorrería posiblemente en responsabilidade penal.

natural da Coruña, solteiro, ferreiro, que saíu desta cidade para Ferrol a buscar traballo, e non atopándoo, restituíase ao seu pobo, sendo ingresado no cárcere deste pobo. Asinado: O sarxento da G.C., Pedro Rodríguez Ageitos.

210. *Diligencia sobre a detención in fraganti na romaría de Santa Margarita (Vilar) de A. R. R., atopado pola Garda Civil indocumentado e entregado a xogos prohibidos (ruleta), natural de Rivadeume (A Capela), residente en Sada, foi detido incontinenti, o cal, ademais da ocupación viciosa e repugnante, carece de documento de identidade, a excepción da cédula librada polo alcalde de Sada, sen dirección, polo que se fai sospeitoso ao que subscribe, tanto polo exposto como pola súa traza e expresións pouco satisfactorias (...) Asinado: O sarxento da G. C.: Pedro Rodríguez Ageitos.*

211. Os itinerantes son sempre maioritariamente homes, como é o caso (oito).

212. Como vemos, a xente percorría longas distancias a pé, sen facer uso dos rudimentarios transportes da época.

213. Ver os presos *Matriculados*, por este motivo.

214. A embriaguez era un delito en si, ver o capítulo correspondente.

215. *En 1880 reformouse o estaleiro de Ferrol radicalmente e inaugurouse o primeiro obradoiro mecánico para a construción de buques de ferro, todo baixo a dirección de Andrés Comerma, sendo capitán xeneral o almirante Mac-Mahon. GONZÁLEZ-LLANOS GALVACHE, S. La construción naval en Ferrol durante el siglo XIX (1996). Estes traballos demandaron man de obra que fixo que moita xente buscara ocupación laboral en Ferrol.*

6.7 Embriaguez

SÉCULO XVIII

- 1783 (12/4)** - *J. M. L., Antonio do Río, alcaide (...): Achou s. m. a Bernardo Miragaya? y Mosquera por viñoso e con este vicio cometer distintas alteracións²¹⁶; mandou ao alcaide que, concluído o día de hoxe, se libere.*
- 1785 (8/3)** - *A (ilexible), sobre reincidencia de embriaguez, mandou que siga.*
- 1790 (24/12)** - *Ángel Muras, por incorrizable no vicio da embriaguez (...), vaia solto por agora.*

—

Só atopamos tres presos (homes) por esta causa, reincidentes (trátase dunha adición), aínda que o primeiro (e debido ao mesmo) comete máis delitos. As penas adoitaban ser pequenas e dous deles son ceibados: o primeiro, a pesar desa conduta, e o terceiro semella que o xuíz o considera un caso irremediable (mais, *por agora*). No século XVIII, o alcoholismo considerábase un comportamento antisocial, inmoral (*vicio da embriaguez*), polo que era unha conduta que merecía represión pública e cárcere, se ben, sempre con castigos leves. A finais do século XIX, a investigación médica foi incidindo no aspecto de enfermidade e abandonándose o concepto moralista anterior, comezou a utilizarse a palabra alcoholismo, polo que dende un punto de vista legal foi desaparecendo gradualmente como delito, o que fai que non teñamos ningún caso no século XIX. De todas formas, o alcoholismo sempre foi tratado con permisividade, de aí o número irrelevante de casos.

6.8 Falso mendigo, vagancia, mendicidade²¹⁷

SÉCULO XVIII

- 1794 (12-3)** - *Ramón de Allegue, matriculado, veciño desta vila, polo Subdelegado de Mariña deste posto, porque leva máis de dous meses manténdose de esmola en prexuízo dos máis pobres que a piden, privando de gañar a súa vida, que pode facelo o susodito (...), se lle dea soltura do cárcere”.*

SÉCULO XIX

- 1860 (6-1)** - *Juan Rego, de Doroña, 140 días por insolvencia da multa, por vagancia e denuncia calumniosa²¹⁸.*

216. *E malos tratos de palabra.* Ver este capítulo.

217. Unha das normas aprobadas durante o reinado de Carlos III que afectaba os *vagos e ociosos* foi o Auto de 1778 no que se prescriben as regras de policía para o recollemento de mendigos, mandando aos alcaldes que recolleran a todos os mendigos e vagos das rúas, xa fosen homes, mulleres ou nenos, e fosen enviados a hospicios ou casas de misericordia. ANGUITA OSUNA, J. E., *Las medidas represivas contra vagos y pobres como mecanismo de garantía del orden público en España durante la Edad Moderna.* Universidad Rey Juan Carlos (2020)

218. A Lei de procedemento nas causas de vagancia e mendicidade data de 1845. A Real orde de 1848 fixaría a súa atención na mendicidade e os *vagos*, recomendando aos xuíces aplicar con esmero a lei de 1845. Concretouse a idea de *vago* como aqueles que non posuían bens ou rendas nin dispuxesen de medio lexítimo e coñecido de subsistencia, séndolles aplicadas penas de arresto maior a prisión correccional e tamén para aqueles que pedisen esmola ou levasen a cabo a mendicidade. CASAS DÍAZ, L., *Virtud y vicio del obrero en la España del siglo XIX: delincuencia y marginalidad* (2022)

1867 - Orde do Goberno provincial da Coruña ao Concello de Pontedeume: *Sexa conducido pola Garda Civil á capital da provincia o detido Agustín de la Viuda del Valle, de 18 anos, solteiro, encadernador, como de antecedentes sospeitosos e de vagancia, para que lle obrigue a fixar residencia no punto máis conveniente, baixo a vixilancia constante do alcalde, o cal non poderá darlle Cédula de Vecindade nin documento ningún que lle autorizase a saír do termo municipal, debendo avisar a Vde. no caso de que desapareza ou se fogue, a fin de que se poida ordenar no acto a súa captura e poñer o feito en coñecemento deste Goberno e do Excmo. Sr. Ministro da Gobernación. (...) Que se lle obrigue a presentarse diariamente pola mañá e polo serán no Concello, e comunicar calquera motivo de queixa. Asinado: Calixto Varela Recamán. (Gobernador provincial)*²¹⁹.

1903 - Parte da Garda Civil de Pontedeume, firmado polo sarxento Francisco Montero: *“Policarpo Silva, de pai descoñecido, natural de Tui, menor de 16 anos, solteiro. Foi atopado na vía pública finxíndose inútil e cunha tos e mal acompañado, a que presenta para que se lle socorre, mais como isto parece unha falsidade, como tiver ocasión de observar, e manifestando que é da súa vontade pedir para el e súa nai, por obrigarlle esta a traballar, adicase ao último (...)”*

Comunicado do alcalde Fernando Álvarez: *“Por non haber depósito municipal, alóxase no cárcere municipal ata que sexa trasladado a disposición do Gobernador provincial, para os efectos da lei de 23/7/1903”*.

Xuntamos aquí un grupo de presos, todos homes, un do século XVIII e tres do XIX, que teñen por común a súa marxinalidade. O primeiro non está detido por mendicidade, senón por ser un falso mendigo, pois ten medio para manterse (é un *matriculado do mar*, polo que se supón que se adica á pesca ou relacionado)²²⁰ e así prexudica os pobres auténticos²²¹. O segundo é o único do que sabemos a condena, unha multa que debe ser cuantiosa polo dilatado da súa equivalencia en prisión, máis de catro meses, aínda que debemos ter en conta que se trata de dous delitos. O seguinte non é unha condena de cárcere senón unha orde de confinamento na vila, baixo vixilancia e coa obriga de presentarse dúas veces ao día á autoridade municipal, por sospeitoso e vagancia.

O derradeiro non é propiamente un delincuente, senón que é detido pola Garda Civil por tratarse dun menor de 16 anos atopado nunha rúa de Pontedeume pedindo,

219. Hai outro escrito no que se manda ao susodito que se presente ao alcaide do cárcere de Pontedeume. Outro no que o confinado comunica elixir como habitación para o seu domicilio nesta vila a Casa Posada de D. José Sardaneta, sita na rúa Pescadería, nº 16. Por último, emítese unha *Providencia* para que se cite o anterior para facerlle saber que está obrigado a dar parte á Alcaldía da desaparición do tal de la Viuda.

220. Ver o capítulo dos *matriculados* desertores.

221. Durante a Idade Moderna distinguíase entre os pobres *verdadeiros*, considerados representantes dunha pobreza “institucionalizada”, estaban tolerados pola sociedade e recibían axudas, e os pobres *falsos* ou *finxidos*, que facían dunha situación unha auténtica profesión e se lles aplicaban medidas represivas. OLIVER OLMO, P. e CUBERO IZQUIERDO, M.C., (Coords.), *De los controles disciplinarios a los controles securitarios*. Actas del II Congreso Internacional sobre la Historia de la Prisión y las Instituciones Punitivas. (2020)

finxíndose enfermo. Trátase dun deses nenos pobres itinerantes que son explotados polos pais (neste caso, a nai, por ausencia do pai, nunha asociación repetida: orfandade paterna e miseria). Aínda que non está preso (a responsabilidade sería da súa nai) as autoridades retíranlo da rúa e proceden á súa custodia, mais, como xa vimos en situacións semellantes, a ausencia dun Depósito municipal para estes casos obriga ao encerro do rapaz no cárcere, xunto aos delinquentes adultos²²².

7. Contra a moral pública

7.1 Prostitución

SÉCULO XVIII

1786 (8/4) - J. J. V. e Joseph da Ponte, alcaide, achou a Manuela López, sobre o seu mal modo de vida, siga.

1794 (12-3) - Valente de Punin, alcaide (...): achou a Josepha Vázquez, veciña da freguesía de S. Xulián de Mourente²²³, e a Lucía de San Fiz, da de Santiago de Laxosa (O Corgo, Lugo) (...), por andar mal divertidas con Antonio Fernández Calaza, da de S. Pedro de Vilar (...), manda prosigan.

7.2 Escándalo público / Ofensas á moral

SÉCULO XIX

1886 - Juana e María Rodríguez Leira, de Ombre, 55 e 52 anos, solteiras e labregas, seis días e 7 pts. a cada unha por escándalo público, e un día máis por insolvencia. Querelante: Cosme Allegue, de Ombre, labrego.

1897 - Ramon Fernández López²²⁴ e Carolina Piñeiro Fabal²²⁵, ambos da vila. Delito: escándalo público e ofensas á moral na disputa. Pena á segunda: vinte e cinco días, e dez días por insolvencia de multa de 50 pts.

Agrupamos sete reos por delitos afíns que poderíamos resumir *contra a moralidade*. Os tres do século XVIII catalogámoslos de prostitución, se ben, fôxese de facer constar tal nome e utilízanse eufemismos como *mal modo de vida* ou *andar mal divertidas*

222. En 1903 aprobábase a Lei de Mendicidade e Vagancia que prohibía a mendicidade aos menores de 16 anos e culpaba aos pais. O primeiro artigo penaliza con multas de 5 a 50 pts. e arresto subsidiario dun a dez días. As responsabilidades faranse efectivas polos alcaides ou gobernadores civís, indistintamente. O segundo artigo castiga con multas de 50 a 125 pts. e arresto de dez a trinta días os pais que maltratasen os seus fillos para obrigarlles a mendigar ou por non obter produto bastante da mendicidade. As responsabilidades faranse efectivas polos xuíces municipais. O artigo quinto recolle a competencia dos axentes da autoridade de deter os menores. Unha vez detidos, os menores son conducidos a un local destinado para o efecto, *onde estarán coa separación conveniente* -a separación, igual que noutras normas desta época, refírese a unha separación por sexos-, ata que sexan devoltos aos seus pais. ESPUNY TOMÁS, M. J., *Mendicidad infantil: Ley sobre mendicidad y vagancia de los menores de diez y seis años de 23 de julio de 1903*. (2005)

223. Pode referirse a S^a María de Mourente (Pontevedra).

224. Penado por lesións a un día, e un día máis por insolvencia de multa de 5 pts.

225. Maior de idade, solteira, xa fora condenada en 1895 por lesións.

(cun home que, non obstante, non está detido). Ambas mulleres son de procedencia afastada do termo, algo usual nestes casos. Ignoramos as penas, mais o xuíz mantenas presas²²⁶.

No século seguinte, catro persoas pasan polo *cárcere por escándalo público*: dúas irmás de Ombre, denunciadas por un home da súa freguesía (todos labregos); e unha pelexa entre un home e unha muller de Pontedeume son castigados con penas ben distintas: o varón, a pesar de ser acusado de *lesiões*, un delito que podería comportar unha pena maior, só sofre un día, e nada pola acusación común, mentres que a muller sufrirá vinte e cinco días, máis outros dez por insolvencia. Os catro serán insolventes.

Todos estes casos evidencian a intención punitiva que a xustiza da época tiña coa muller, vista como causante de comportamentos considerados como inmorais e escandalosos, os cales non recaían sobre os varóns. As autoridades, críase, debían velar pola moralidade pública, sancionando aquelas condutas que atentaran contra os bos costumes e a orde pública²²⁷. De todos xeitos, como sucedía no século pasado, os casos son irrelevantes, polo que deducimos que a permisividade era a norma xeral, por enriba da retórica das sentenzas.

7.3 Blasfemias

SÉCULO XIX

1878 - *Joaquín Piñeiro Fabal, da vila, 27 anos, casado, mariñeiro, oito días, por blasfemias*²²⁸.

1886 - *Joaquín Piñeiro Fabal, da vila, 34 anos, casado, mariñeiro, cinco días e 7 pts. de multa, por blasfemias e inxurias*²²⁹, e un día máis por insolvencia.

1899 - *Ramona Torres Blanco, quince días por blasfemias á boa moral e falta de respecto á súa nai política.*

A blasfemia en España foi considerada un delito público contra Deus castigado dende a Idade Media ata finais do século XX (1988) con diversas penas, e do que se ocupaban tanto os tribunais seculares como a Inquisición –ata a súa abolición en 1820–. Isto demostra a relación pecado-delito dunha sociedade profundamente relixiosa e o poder terreal da Igrexa. A chegada do liberalismo e o laicismo vai modificar esta situación. Aínda que o Código Penal aprobado en 1822, durante o Trienio Liberal, estableceu unha pena de quince días a tres meses de prisión aos que blasfemaran publicamente. O Código penal reformado de 1850 considerou a blasfemia como unha falta, non como un delito,

226. Non obstante, non debemos pensar que a prostitución fose severamente perseguida, o feito de que non haxa máis casos é unha boa proba da permisividade e a hipocresía social.

227. Co paso do tempo, moitos destes comportamentos fóronse considerando do ámbito da liberdade privada e, polo tanto, non deben ser obxecto de xuízo por parte do Estado.

228. *E lesións ao seu irmán Miguel e a outro*. Ver o capítulo de Lesións. Reincidirá en 1886.

229. Ver o apartado de Inxurias.

polo que as penas se reduciron considerablemente. Non obstante, ao parecer, esta lexislación non era aplicada polos xuíces, sendo o blasfemar un costume popular xeneralizado e impune²³⁰.

De feito, en Pontedeume, só temos en todo o período analizado dous presos (un home e unha muller); o primeiro é reincidente e con outros delitos máis graves; a muller tamén engade outro, equivalente ao de *maltrato verbal*. A súa acusación mostra a blasfemia como contraria á *boa moral*, polo que a xustiza, garante da moralidade pública, debía sancionar aquelas condutas que atentaban contra os bos costumes e a relixiosidade da sociedade. De todas formas, como queda dito, a permisividade era a norma e as penas son sempre leves.

7.4 Adulterio, amancebamento, demanda matrimonial e rapto

SÉCULO XVIII

1767 (24-12) - *Juan Ramón Serantes, alcalde maior, Domingo López, alcaide (...) achou súa mercé a Francisco do Barro, veciño de (ilexible), sobre demanda matrimonial (...) Asdo.: O Alcalde e Antonio (ilex.) Brandariz.*

1783 (12/4) - *Roque González, vº. da freguesía de S. Estebo, di de S. Salvador de Fene, por querela criminal feita por D. Francisco Díaz del Monte, cura da fª de Perlió e Barallobre, sobre adulterio. Mandou continuar.*

1784 (24/12) - *Antonio Rodríguez de Veiga, sobre reincidencia de amancebamento (...), prosiga.*

1785 (8/3) - *Ventura Grande, alcaide, achou a Antonio Rguez. da Veiga sobre reincidencia de amancebamento.*

1786 (8/4) - *J. J. V. e Joseph da Ponte, alcaide: Achou a Fernando Penedo, por querela criminal contra el feita por Domingo Díaz, vº. de Vilachá (Monfero), por raptarlle a súa filla; tendo presente o seu estado, siga.*

(23/12) - *Antonio Martínez, por querela que deu a muller de el (...), mandou vaia solto (...).*

- Manuel Fuentes, por acharse ás catro da tarde en cama cunha muller²³¹ (...), siga.

1787 (31/3) - *Manuel Fuentes, veciño de Ferrol, por térselle atopado deitado cunha muller, siga.*

- *Ramón Fernández, implicado na mesma causa (...), siga.*

Só atopamos presos por adulterio (e amancebamento, no caso dos homes) no s. XVIII, a pesar de estar vixente a súa consideración de delito ata 1932²³², sendo castigados con cárcere, tanto na Nova Recompilación de Castilla (dende 1567 ata 1805), como nos códigos de 1805, 1848 e 1870²³³. Case todos os casos danse en anos consecutivos entre

230. *Enciclopedia Española de Derecho y Administración* (1853).

231. E, ademais, *resultar ser compañeiro dunha gavela de ladróns*. Ver o apartado de *Pertenza a grupo criminal*.

232. Revocada en 1942 e vixente ata 1978, que se despenaliza definitivamente.

1783 e 1787. Dos sete reunidos aquí, catro son por adulterio, un por amancebamento (reincidente), un por demanda matrimonial e un por rapto dunha muller por parte dun home. Todos son homes e podían ser denunciados polas súas esposas, como sucede no caso de 1786. Tamén, cando un cónxuxe incumpría as súas obrigas maritais, podía ser demandado polo outro (en 1767). É evidente a influencia que a Igrexa tiña nesta consideración ilícita (por pecaminosa) nunha sociedade moi relixiosa, como se manifesta no caso de 1783, onde o querelante é un cura. Cando o que se atopa en infidelidade é un home casado²³⁴, trátase dun caso de amancebamento, como o preso de 1784/1785, ademais, reincidente. O outro preso de 1786²³⁵ ten outra acusación por ladrón, o que explica que siga no cárcere na seguinte visita, xa en 1787. Xunto a el aparece outro home na mesma causa, o que non queda claro en que grao ou se polo mesmo motivo. Agrupamos aquí un preso por rapto da filla do querelante, pois supoñemos que se trata dunha relación non consentida por este ou dunha menor, non sabemos se consentida ou non.

Por último, como sucede en todas as visitas carcerarias do século XVIII, descoñecemos a duración das penas pois dependen da decisión do xuíz, que libera ou mantén os presos, mais o reincidente de amancebamento será o único que permaneza durante dúas visitas, o cal quere dicir que estivo preso polo menos nese intervalo de tempo (uns dous meses e medio).

8. Varios

8.1 Falso testemuño

SÉCULO XIX

- 1861** - Antonio López Hermida, 60 anos, e Antonio Pérez Freire, 68 anos, ambos ferreiros, Manuel Fernández Silva, 59 anos, mariñeiro, e Manuel Maceiras Allegue, 58 anos, esmoleiro, todos casados e de S^a. M^a. de Miño, seis meses os dous primeiros e dous meses os dous últimos, por falso testemuño²³⁶.
- 1866** - Don Juan Bautista Hermo, terceiro piloto dos mares de Europa, escribán de Mariña do Distrito de Ares, Notario e de actuacións da vila de Pontedeume e o seu distrito: “(...) En causa formada no Xulgado de 1^a Instancia de Pontedeume contra Bernardo Manivesa y Casal e Manuel Varela Vilariño, de San Tirso de Ambroa (Irixoa), por falso testemuño, pronunciouse sentenza que di: Condena de catro meses e multa de 20 duros a cada un, e o José Rodríguez García, de Callobre (Miño), a outros catro meses e igual multa por presentar a sabendas as susoditas

233. COLLANTES DE TERÁN DE LA HERA, M. J. *Algunas consideraciones sobre el delito de adulterio: un proceso de finales del siglo XVIII*. (2013)

234. Tamén pode referirse á convivencia dun home e unha muller sen estar casados.

235. A proba concluínte do adulterio era *acharse* (o acusado) *en cama cunha muller*.

236. Non obstante, todos cumpriron o mesmo tempo, ao seren liberados os dous primeiros aos dous meses.

*testemuñas falsas, debendo sufrir en caso de insolvencia, a prisión equivalente.»
Asinado: Pedro de Salazar. Será remitida á Audiencia Provincial”.*

- 1869** - Antonio Vales Pardiñas, de Breamo, José Bouza Casal²³⁷, de Leiro, e Juan Carpenle Rigueiro, de Centroña, catro meses e 66 escudos de multa a cada un, por falso testemuño.
- 1872** - Joaquín Díaz Rodríguez, de Porto, e Manuel Miño Varela “Miñota”, de Doroña, vinte días por insolvencia de 10 duros ao primeiro e dous meses ao segundo.
- 1874** - José Bouza Casal, de Leiro, dezaseis días por insolvencia de multa.
- 1876** - Juan Río Barro, de Xestoso, 27 anos, solteiro, canteiro e labrego, oito meses e 90 días por insolvencia.
- 1879** - Gabriel García, 41 anos, tratante de sardiñas, e a súa muller Escolástica Cereijal, 49 anos, de Redes, dous meses a cada un.

Ningún no século XVIII, no XIX só hai dezaseis presos (quince homes) por mentir en xuízo, o cal quere dicir que participaron nalgún proceso xudicial, descoñecemos en que circunstancia. Agás dous presos de Irixoa que foron xulgados en Pontedeume, todos son do partido, sobresaíndo os sete de Miño, catro deles no mesmo caso de 1861. Das súas profesións, só aparece un labrego e chama a atención a do tratante de sardiñas (encarcerado xunto coa súa muller), e un mendigo (outra nota da pobreza reinante). As penas van dende os dezaseis días (por insolvencia de multa) ata os oito meses, sendo as máis frecuentes de dous e catro meses.

8.2 Falsidade

SÉCULO XVIII

- 1788 (15/3)** - Antonio Vázquez, por suplantación dunha cédula de identidade²³⁸ (...); siga
- 1791 (17/4)** - Joseph Saavedra y Parga, alcalde maior (...) e Santos Gómez, alcaide (...): Domingo do Feal e Manuel Garabana, este do couto de Doroña e aquel do de Grandal, sobre falsidade, e o dito Manuel ten conclusos os oito días polos que se lle condenou, saía ceibe, achegando a multa en que tamén se lle penou. E a Domingo, déaselle tempo de vacacións e preséntese no cárcere para concluír os días que lle restan da súa prisión.

SÉCULO XIX

- 1859** - Domingo Libores, de S. Xurxo de Queixeiro (Monfero), tres meses e multa, por un recibo falso.
- Andrés Salorio, de Castro, cincuenta días en vez de 15 duros de multa, por insolvencia, por falsificación.
- 1860** - Andrés Lage, de S^a M^a de Xestoso, 33 anos, casado, noventa e dous días, por falsificación de recibos.

237. Reincidirá en 1872.

238. Son os antepasados dos documentos nacionais de identidade españois.

- 1861 - Josefa Gómez López, 50 anos, solteira; Rosendo Yáñez Paros, 47 anos, Antonio Jimenez Peña, 32 anos, e Juan Lameiro Rodríguez, 44 anos, casados; todos de Xestoso. Seis meses a cada un por falsidade en documentos privados²³⁹.
- 1866 - José Rodríguez García, de Callobre, ademais²⁴⁰, por falsificación de documento privado repetido, cinco meses con 20 duros, debendo sufrir en caso de insolvencia a prisión equivalente.
- 1873 - Francisco Nicolás Arnos Rigueira, 36 anos, mariñeiro, tres meses e multa de 200 pts.; e seu pai Diego Arnos Vila, vinte meses e vinte e un días e multa de 300 pts. Ambos de Soaserra e casados²⁴¹.
- 1876 - Pascual A Pazos Fraga, cincuenta meses; Pedro Calvo García, trinta meses; e Vicente Calvo Vilar, trinta meses; todos por falsificación de documento privado.
- 1877 - Diego Arnos Vila, de Soaserra, sesenta días por insolvencia da multa de 300 pts.
- 1878 - Francisco N. Arnos Rigueira, de S^a. M^a. de Ombre, un mes por insolvencia da multa.
- 1891 - Cándido Regueiro Rodríguez, de Centroña, 53 anos, solteiro, labrego, non sabe ler nin escribir, dous meses e 2.500 pts. de multa e indemnizar á querelante, Manuela R. R. (súa irmá), por simulación de contratos.

Atopamos nesta categoría tres presos do século XVIII e quince da seguinte centuria, e un máis por unha razón afín: *simulación de contratos*. En total, dezanove, dos cales só unha é muller. Non son moitos, supoñemos que pola condición da poboación do partido xudicial, formada maioritariamente por labregos e mariñeiros con pouca instrución, polo que este tipo de delitos económicos (máis refinados que o furto ou o roubo) serían alleos á maior parte deles²⁴². Os casos de insolvencia son case a metade do total.

En canto á procedencia, todos pertencen ao distrito e non é Pontedeume, o concello con máis detidos, como soe ocorrer, senón Monfero, con seis presos, catro deles os de Xestoso que semellan formar parte do mesmo caso. Polo que respecta ás penas, contrastan os oito días do preso de 1791²⁴³ coas condenas bastante longas de cincuenta e trinta meses dos reos detidos en 1876 (catro e dous anos e medio), que non cumprirán en Pontedeume. A metade irán acompañadas de multa, destacándoa elevadísima para a época do citado preso de 1891, ademais da indemnización.

239. Todos declarados insolventes.

240. *E condena de catro meses e multa de outros 20 duros por presentar a sabendas a testemuñas falsas.*

241. Este último cumprirá na prisión da Coruña. Ver os anos 1877 e 1878.

242. Malia que paradoxalmente o único reo que consta como analfabeto é o mencionado por *simulación de contrato*.

243. Semellante parece ser a do seu compañeiro. Vemos outra vez a facultade do xuíz que fai a visita carceraria para ceibar os presos e é curiosa a expresión que utiliza: *déaselle tempo de vacacións*.

8.3 Enriquecemento ilícito, falsificación de moeda, defraudación a facenda, xogos prohibidos, rol incorrecto

SÉCULO XVIII

1759 - *Juan Fernández, solteiro, veciño da freguesía de San Pedro de Vilar, couto de No-gueirosa, por causa de oficio que contra el se formou por favorecerse ilicitamente, de cuxa causa dou fe*²⁴⁴.

1769 (23/12) - *Ante min, Ignacio Brandariz, alcalde, e Joseph Caamaño, alcaide (...) Achou a Francisco de la Puebla e a María do Couce, a súa muller, por atopár-selles moedas falsas (...)*²⁴⁵.

SÉCULO XIX

1878 - Informe do alcaide: “*Ao entrar no cárcere como detido e conducido polo garda municipal Antonio Huertas o suxeito Manuel Méndez Fernández, natural e veciño de S. Brexome, do concello de Trasparga (Lugo), no acto de ser rexistrado ocupeille unha moeda de 100 reais falsísima*²⁴⁶ do ano 1868, querendo este asegurar ser boa, unhas tesoiras e unha navalla, ao cal lle achei tamén 32 reais en prata, os que deixei no seu poder para que se vaia alimentando; e cuxos efectos poño a súa disposición (...) facéndolle presente que o citado M. Méndez é bastante indómito, desobediente e díscolo. 19/1/1878. Asdo.: O alcaide, José Lahoga”.

Luis Vidal, xuíz da vila, respóndelle: (O caso) “*Foi sobresido, mandándose inutilizar a moeda de 100 reais falsa e entregar os demais efectos ao interesado, instando o alcaide a que poña o detido en liberdade. 31/1*”.

1879 - *Juan Antonio Chao Deus, de Mugardos, 30 anos, casado, mariñeiro, tres meses e vinte días por insolvencia de 538 pts. de multa, por Defraudación á Facenda*²⁴⁷.

1883 - *Antonio Romero Rodríguez, de Soñeiro (Sada), 44 anos, casado, paragüeiro, por Xogos prohibidos (ruleta)*²⁴⁸ e indocumentado. Dilixencia sobre a detención in

244. O delito de enriquecemento ilícito é un tipo de corrupción que consiste no incremento do patrimonio dun funcionario público no desempeño do seu cargo e que non poida ser xustificado. O suborno pode darse tamén entre particulares.

245. No Antigo Réxime, os delitos contra a propiedade ou os intereses do Estado eran valorados pola sociedade de forma diferente que os que se producían contra a propiedade individual. Aqueles non danaban a ninguén en concreto, pois a identificación entre Estado e Sociedade é máis propia do mundo contemporáneo. O Estado era el-Rei e os seus achegados, é dicir, os privilexiados. A fraude fiscal, o contrabando e, sobre todo, a falsificación de moeda constituían graves delitos para os de arriba, pero eran vistos con outros ollos pola maior parte do pobo. Tal era o caso dos falsificadores de moeda, delito que tivo unha grande importancia en España nos séculos XVII e XVIII. CRUZ VALENCIANO, J., *Aspectos de la delincuencia en el siglo XVIII. Las bandas de falsificadores de moneda*. (1986) Dialnet.

246. A expención de moeda falsa, sen connivencia con falsificadores ou introdutores, a partir de 1870 (art. 300) penarase con presidio correccional de catro a seis anos. SERRA GORDIOLA, A., *Los delitos relativos a la falsificación de moneda en los códigos españoles antes de la ley de 27 de diciembre de 1947* (2014).

247. No Código Penal de 1870, o artigo 331 tipificaba o delito fiscal: “*O que ocultase todo ou parte dos seus bens, oficio ou industria que exercese co propósito de eludir o pago dos impostos que se debe satisfacer, incorrerá nua multa do tanto ao quintuplo, sen que poida baixar de 125 pts.*” ALONSO COSTALES, I., *Delitos contra la Hacienda Pública* (2020) uva.

248. Entre os elementos de corrupción que máis desastrosas consecuencias producen no seo da sociedade, ningún tan trascendente e de resultados tan funestos como o dos xogos (ilícitos) de sorte, envite ou azar, porque no só afectan a fortuna e comprometen a paz e a dita nas familias, senón que relaxan os costumes, perverten e extravian os máis notables instintos e son o foco inundo de onde saen gran parte dos odios e crimes. Real Orde de 25 de maio de 1853, pola que se dispón que se persigan e castiguen os xogos de azar. O Código Penal de 1870 penaliza os xogos ilícitos nos artigos 358 e 360. Unha Real Orde de 1879 recomenda o cumprimento en materia de persecución de xogos a *gobernadores y alcaldes, coa vixilancia de*

fraganti na romaría de Santa Margarita (Vilar) de A. R. R., atopado pola Garda Civil indocumentado e entregado a xogos prohibidos (ruleta), natural de Rivadeume (A Capela), residente en Sada, foi detido incontinente, o cal, ademais da ocupación viciosa e repugnante, carece de documento de identidade (...), polo que se fai sospeitoso o que suscribe, tanto polo exposto como pola súa traza e expresións pouco satisfactorias (...). Efectos que se citan: unha caixa circular con oco no seu centro, no que xira unha ruleta (...). Asinado: O sarxento da G. C.: Pedro Rodríguez Ageitos.

1901 - Nicolás Varela Serna, de Redes, 150 días por insolvencia de multa²⁴⁹, por pescar con rol antigo²⁵⁰ coa lancha "San Antonio", e non figurar nel ningún dos tripulantes que levaba, sendo tres deles "terrestres"²⁵¹.

Reunimos sete presos (todos homes, agás unha muller) por delitos que supoñen un engano ao Estado, xeralmente, económicos, que proporcionalmente son unha cantidade irrelevante. Deles, tres o son por falsificación de moeda, un por *favorecerse ilícitamente* (probablemente un funcionario corrupto), un por *Defraudación á Facenda* e o derradeiro por pescar con rol antigo. Da súa procedencia só sabemos de cinco, habendo dous de fóra do partido (de Sada e Lugo). As condenas coñecidas só son tres: o preso da *moeda falsísima* foi posto en liberdade (a pesar de estar detido tamén por indocumentado); o defraudador, penado con tres meses e vinte días por insolvente dunha cuantiosa multa; e o capitán do barco, cinco meses por insolvente dunha multa elevadísima para a época (foi xulgado pola autoridade militar de Ferrol).

8.4 Débedas

SÉCULO XVIII

1770 (7/4) - Pascual Amado, veciño de Vilachá, por débeda (...)

1766 (24-12) - Alonso Vázquez, veciño do coto de Meá (Mugardos) (...), por unha débeda.

A prisión por débedas foi unha das penas privativas de liberdade máis frecuentes na época do Antigo Réxime. Supoñía o ingreso no cárcere polo impago dunha débeda. Esta débeda podía derivar dunha relación económica de carácter civil, do impago de

bares, fondas, etc, debendo someter os reos a disposición xudicial para a persecución do delito. O artigo 151 do Regulamento da Garda Civil di: *Recoméndase a vixilancia en feiras, festas e romarías, para que non se xogue aos (xogos) prohibidos e evitar que aventureiros gañen, mediante trampas, ás persoas incautas.* SERRANO GOMEZ, A., *Juegos ilícitos*. UNED (1977).

249. Tribunal Supremo de Guerra y Marina de Ferrol. Juez instructor: Ayudante de Marina de Sada.

250. É dicir, que non tiña o rol ao día, non declarando correctamente a tripulación da embarcación que mandaba. O rol é unha licenza náutica que dá o comandante dunha provincia marítima ao capitán ou patrón dun buque e na cal consta a lista da mariñeiría que leva. O Código de Comercio de 1885 citao como obriga do capitán, quen debe ter a bordo e antes de emprender viaxe o rol dos individuos que compoñen a dotación do buque e as contratas con eles celebradas.

251. Que non pertencen á inscrición marítima, polo tanto, non lles era permitido adicarse á pesca, reservada aos *matriculados de mar*. (Ver este capítulo)

impostos debidos ao monarca ou dunha infracción criminal que tiña como secuela o pago dunha indemnización²⁵². Non se especifica cales das tres mencionadas afectan os nosos casos, mais só temos dous presos (homes) por esta causa e ningún no século XIX, polo que é irrelevante.

8.5 Faltas

SÉCULO XIX

1883 - *Antonio Penedo Río, de Andrade, cinco días por faltas.*

1884 - *Manuel Martínez Soto, de Andrade, trece días de substitución por insolvencia, por faltas.*

1888 - *Andrés Varela Freire, de Andrade, dez días, por faltas.*

1894 - *Cristina Martínez, sen 2º apelido, de Vilar, de 25 anos, solteira, labrega. Un día de arresto no Depósito municipal por insolvencia de 5 pts. Póñase baixo a custodia do porteiro municipal no salón de este Concello.*

As *faltas*²⁵³ diferéncianse dos delitos na súa menor gravidade, polo que as penas que se impoñen son máis leves²⁵⁴, preferindo normalmente evitarse a privación de liberdade, a favor de sancións pecuniarias. Non obstante, a condición de insolvente de dous condenados, xunto coa prisión directa dos outros dous, fará que os catro (tres homes e unha muller) acaben no cárcere de Pontedeume, iso si, poucos días (entre un e trece). Todos son de Pontedeume e tres deles da mesma freguesía (Andrade), e nun período de tempo moi próximo (finais do s. XIX). O derradeiro caso, a moza de Vilar, reúne as características típicas dos presos (agás o sexo): pobre (insolvente), sen 2º apelido e labrega. Por falta de Depósito municipal, será aloxada no *salón da Casa do Concello*.

8.6 Dementes

SÉCULO XIX

1878 - Carta do alcalde ao alcaide carcerario: “*Admita no cárcere como detido a Antonio Salgado co fin de averiguar se efectivamente o tal Salgado se encontra demente como se asegura, ofíciase os facultativos Don Ramón Portal e Don Manuel Romaos para que procedan ao seu recoñecemento, comparecendo ante esta alcaldía a declarar sobre o seu estado*”.

Declaración dos facultativos: “*(...) Observado un considerable abatemento nervioso con debilidade de forzas a consecuencia dunha excitación ás membranas do cerebro (...) unha manía furiosa atacando as cousas das persoas (...) epilepsia crónica con frecuentes accidentes que o teñen predisposto á emerxencia mental*

252. MATEOS SANTIAGO, J. F., *Las Penas en el Antiguo Régimen Español*. (2014).

253. Non especifica exactamente cal é a conduta punible, e esta pode ser moi variada. O Código de Xustiza actual, de 2015, eliminou este concepto e substituíuno polo de *delito leve*.

254. E os xuízos celébranse no Xulgado de Instrución de Pontedeume.

(...) aconsellando a entrega deste individuo ao coidado da súa familia ou achegados, e se non, á autoridade competente, para evitar un rapto inesperado en prexuízo das cousas e as persoas, así como debe poñérselle en liberdade polo que hoxe ofrece de tranquilo e razoable (...). Asinado: Doctores Portal e Romaos”.

Informe da Garda Municipal ao alcalde: “O cabo da G. M. dá parte a V. que ás 12 da noite na rúa de San Agustín deste pobo, na casa da viúva de Urbano de Lamas observei que había un gran lume promovido por Antonio Salgado “Perulo”, que queimara unha colcha dunha cama e rompendo ao mesmo tempo os cristais da mesma casa, e tirando con todos os mobles que había dentro. Saíu á rúa (ilexible), a este tempo tratando de suxeitalo non era posible. Valinme dos dous serenios para detelo e tirouse dende a ventá da casa abaixo por medio dunha faixa. Veuse á ponte rompendo cristais das casas e insultando o Sr. cura. Quíxose tirar da ponte abaixo. Por fin, prendeuse, levándoo á súa casa e entregándoo aos seus irmáns Juan e Carmen Salgado, os cales me contestaron que se desentendían del e que non respondían dos danos que poida causar, sendo as 3 da mañá. Deseguida, retirámonos. E ás 4 e media, presentouse o Alcalde de barrio da rúa de San Agustín, Manuel Lamas Cabaleiro, dicíndome que o citado Antonio Salgado se encontraba na praza da Froita, facendo estragos bastantes e desatinos con pedras á xente, sen que houbera home que se lle puidese achegar; ata que o que susbcribe, acom-pañado do municipal Antonio Huertas, e o dito Alcalde de Barrio, con 4 homes máis, botámonos enriba del para conducilo ao Cárcere como detido. Preguntando aos seus irmáns se era embriaguez, contestáronme que acostumbraba a ter este mal de demencia moi a miúdo. O que poño no seu coñecemento (...)”

- 1883** - Dilixencias instruídas acerca de ser detido e remitido a disposición desta Alcaldía a Aureliano Rodríguez Martínez, que presenta signos de ter algo perturbadas as súas facultades mentais. Emítese orde para que comparezan as súas tías Josefa e Gabriela Martínez, veciñas da praza do Conde, para que manifesten se se fan cargo do seu parente, ou incoar o expediente para a admisión daquel nun manicomio.

(O citado está ingresado no cárcere mentres non aparecen os seus sus familiares, os cales tardan varios días en chegar e declaran ser pobres e no ter recursos para encargarse del e, ademais, o susodito ten unha irmá en Vigo chamada Amalia, que poderá acollelo, e outro irmán en Santander. Hai un informe médico do Dr. Portal que indica que Aureliano Rodríguez padece de *Fatuidade crónica, consecuencia de trastorno intelectual, aconsellando a súa reclusión en establecemento benéfico*).

- 1884** - Manuel Vieites Vila, natural e veciño de Fene, demente. Sobre a non admisión no cárcere do demente M. V. V., remitido polo alcalde de Fene por non haber neste distrito local a propósito para detelo con seguridade, o cal ao ser acometido dos accesos de loucura que a cotío lle atacan, pode cometer algunha desgraza,

segundo o indican os deostos ofensivos que fai aos seus familiares e veciños da súa freguesía, polo que está detido no cárcere ínterim a Excma. Comisión provincial²⁵⁵ non acorda o seu ingreso nun dos manicomios do Estado²⁵⁶.

A demencia, obviamente, non se consideraba un delito, mais nesta época, eran un problema estes casos de persoas violentas debido a trastornos mentais e máxime se a familia non se responsabilizaba do enfermo. Cando se convertían nunha ameaza para a integridade física dos veciños, pasaba a ser un asunto de orde pública e o Concello era o encargado de deter estas persoas e ordenar os médicos oficiais ou de *Distrito*²⁵⁷ examínelas e, de ser o caso, entregalas á autoridade provincial para a súa reclusión²⁵⁸. Pois ben, a pesar de que o artigo 6 do citado R. D. de 1885 dicía que “*As Deputacións provinciais e os Concellos coidarán de habilitar un local coas convenientes condicións para recluir os demen-tes en observación, onde poidan permanecer ata que se lles conduza a un manicomio en clase de reclusos permanentes*”, a realidade era que ante a ausencia de tales espazos, son os cárceres como o de Pontedeume os que cumprían tal inadecuada función, como podemos comprobar nos tres casos de finais do século XIX. Precisamente, no terceiro, vemos como o alcalde de Fene remite ao de Pontedeume un caso así por esta razón.

9. Sen causa ou ilexible²⁵⁹

Situamos aquí neste derradeiro apartado a 120 presos máis, dos cales ignoramos a causa pola que o están ou esta é ilexible, razón pola cal están separados dos anteriores, segregados precisamente polos delitos polos que están detidos. Deles, 38 do século XVIII e 82 do seguinte, dos cales 98 (82%) son homes e tan só 22 (18%), mulleres. Só coñecemos a procedencia de 67 deles, e máis da metade (37) pertencen ao concello de Pontedeume. Case todos os demais pertencen tamén ao partido xudicial. Das profesións,

255. Órgano colexiado permanente creado pola Lei provincial de 20 de agosto de 1870. As funcións que se lle atribuíron foron as seguintes: (...) b) *Ser un órgano consultivo do Gobernador civil ao que debía elevar os seus ditames.* c) *Exercer as tarefas correspondentes como órgano superior xerárquico dos concellos.*

256. *Debido á ausencia de manicomios no territorio galego, os dementes eran enviados a outros establecementos dentro do territorio español, como Valladolid, Zaragoza, Cádiz ou Leganés.* FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, A., *Atención psiquiátrica en Galicia en el siglo XIX: crónica sobre la fundación del “Manicomio de Conxo”* (2022). Non será ata o ano 1885 que se inaugure o primeiro (e único durante moitos anos) manicomio en Galicia, o de Conxo en Santiago de Compostela.

257. Por unha lei de 1847, os concellos debían contar cunha Xunta de Sanidade presidida polo alcalde e composta dun médico, un cirurxián, un farmacéutico e tres veciños. Os facultativos contratados polos municipios tiñan como misión atender as familias pobres da localidade, asesorar o Concello en materia de policía sanitaria en caso de epidemias. VÁZQUEZ ARIAS, J. C., *Asistencia sanitaria e Beneficencia no cólera de 1854/55 en Pontedeume*. Revista Cátedra, nº 17 (2010).

258. O *Real Decreto de 1885 sobre Observación e Internamiento de dementes* reflicte a concepción que a sociedade da época tiña o enfermismo mental como un ser estraño e temible, de cuxa presenza hai que protexer o corpo social por medio da reclusión. Un decreto de 1887 estableceu que a obriga de atender os dementes era imputable á deputación de cada provincia, mais a ausencia de suficientes institucións hospitalarias determinou que algúns dementes ingresasen en prisións, aínda que non fosen tolos criminais, e alí, no cárcere, pasarán a súa enfermidade. VV. AA., *Arquitectura para el cuidado: manicomios y asilos para dementes durante el siglo XIX*. 11º Congreso Virtual de Psiquiatría (2010).

259. Non os consignamos por falta de espazo.

só sabemos as de dezaseis reos, moi insuficiente para tirar conclusións. Por anos, destacan 1859 con dezaseis, 1893 con trece, e 1834 con once, que podemos sumalos aos que xa vimos con causa coñecida deses anos respectivos.

A proporción de presos pobres/insolventes segue a ser considerable: 23 de 75²⁶⁰ (case un 30%), e precisamente sabemos dalgúns deles por aparecer nun listado de solicitude de socorros para os mesmos (ano 1846).

En canto ás condenas, van dende un día por insolvencia de multa de 3 ou 5 pts. (ou dous días no Depósito municipal) aos sete ou seis anos no penal, os homes, e na Casa Galera, as mulleres, da Coruña; aínda que a pena maior foi a do preso eumés condenado a quince anos e oito meses de presidio, e se ben viuse favorecido polo cambio legal de 1871 que a reduciu a seis anos, cando é liberado nese ano xa levaba máis de encerro. Algúns dos mencionados non serían presos do cárcere de Pontedeume, senón expresidarios do penal da Coruña que ao cumprir a condena e volver ás súas casas son sometidos a vixilancia por parte das autoridades (anos 1863-65).

10. Asistencia benéfica aos presos pobres, os socorros

Xa queda dito como no século XIX o Concello era a única institución de beneficencia que atendía (na medida das súas posibilidades) as necesidades da numerosa poboación sen recursos. O cárcere do partido xudicial de Pontedeume mantiña unha actividade benéfica cos presos considerados pobres, a gran maioría deles²⁶¹.

Os presos do cárcere corrían cos gastos que ocasionaba a súa estancia nela, mais para aqueles que non tiñan recursos para alimentarse, a institución encargábase de pedir as axudas económicas para mantelos.

Son moitísimos os testemuños, como estes, pertencentes ao ano 1885:

-*Servirase V.*

*disponer que os suxeitos á marxe (Ramona, Domingo e Teresa Martínez Amado, Andrés Martínez Castiñeira, Benita Amado Riveira e Pascual Ares López, todos de Grandal), presos no cárcere público desta capital por causa que se lles instrúe por homicidio, sexan socorridos por conta dos fondos do partido destinados a presos pobres, sen prexuízo do oportuno reintegro no seu día. Asdo: Ladislao Martínez. 3/7/1885, Xulgado de 1ª Instancia de Pontedeume*²⁶².

-*Comunicación do alcalde de Pontedeume ao alcaide carcerario: A Juan*

260. Este dato só aparece nos detidos no século XIX.

261. O artigo 74 do *Regulamento para os cárceres das capitais de provincia* de 1847 dispoñía que: *A manutención dos presos pobres en Cárceres de partido será por conta do partido ao que o establecemento corresponda. O persoal e material estarán a cargo do Estado.* Veremos como isto último non se cumpría, sendo tamén por conta do partido.

262. Caixa 54.

Rodríguez Varela, da vila, preso por furto de cebolas, subminístrese socorro para presos pobres. 27/7/1885.

-Digo eu, Juan González, veciño de Grandal, que recibín de don José Lahoga, alcaide carcerario do Cárcere Público deste partido a cantidade de 75 cts. procedentes de vasoiras de Gibara²⁶³ que me comprou para facer a limpeza os presos pobres que se achan custodiados na mesma, e para que así conste estendo o presente, que non asino por non saber, e faino ao meu rogo o que subscribe, desta vecindade. Pontedeume, 31/3/1885. A requirimento do sobredito: José López (asinado).

Un documento de 1862 achéganos interesante información sobre o mantemento dos presos pobres do cárcere de Pontedeume. Trátase dunha *Carta do Gobernador civil da provincia remitida polo Director Xeral de Establecementos Penais* (ao alcalde da vila eumesa) contestando á súa solicitude sobre aumentar os socorros aos presos pobres por non ser suficientes os 12 cuartos (48 maravedís), e vista a R.O. de 19/7/1858, acórdase que a provisión de alimentos dos presos se realiza baixo contratas fixas, pois así sería máis barato que individualmente, para o cal, o alcalde deberá reunir os representantes dos pobos que forman a Xunta de Cárceres do partido, e acordar a cantidade como tipo por ración composta dos artigos e peso que se expresa nun prego de condicións, que se xunta, e despois redactará o alcalde o anuncio de poxa de racións aos presos pobres dese cárcere.

CONDICIÓNs:

(...) 2ª: O contratista estará obrigado a subministrar diariamente as racións necesarias de pan, rancho, combustible e asistencia de enfermaría, na parte de alimento e medicinas, aos presos pobres do cárcere público deste partido, segundo pedido do alcaide por medio de papeleta.

3ª: A ración diaria de cada individuo comporase das especies seguintes: 24 onzas de pan, 26 de patacas, 4 de feixóns, 2 de arroz ou fideo, 6 adarmes de unto, 8 de sal, 2 de pemento doce, 1 de allo por cada 8 presos, 24 onzas de leña de piñeiro (...)

Enfermaría: a Dieta componse de 8 onzas de carne magra sen óso, 1 de garavanzos e outra de xamón. Sopa do almorzo, sopa extraordinaria de pan (...) Medicinas: todo canto o facultativo dispoña no receitario, comprendéndose os leites, sambesugas e demais.

4ª: Catro luces diarias para a iluminación dos departamentos de homes, mulleres, enfermaría e porta do establecemento, mantidas con 3 onzas de aceite en verán e 4 en inverno por cada luz. (...)

7ª: Todos os artigos que subministre o contratista serán de boa calidade e o pan igual que o da tropa. Cando non se cumpran estas condicións, a xuízo do facultativo do

263. Tipo de vasoira procedente desa localidade de Cuba, por entón aínda territorio español.

establecemento, ou lle queixen de falta daquelas o alcaide ou os presos, o alcaide acordará o recoñecemento por peritos elixidos un por el mesmo e outro polo contratista, nomeando o propio alcaide o terceiro en caso de discordia; e se da declaración resultasen inadmisibles os ditos artigos, o contratista presentará outros admisibles no acto, e de non facelo dentro de dúas horas, adquiriranse pola súa conta na praza, aboándoos aos presos que os compraran. (...)

Non obstante, en ocasións, as propias sentenzas prevían o mantemento dos presos que consideraban con poucos medios, mediante o embargo para evitar estes gastos. Temos un caso de 1847 que é chamativo: embárganlle a cama para mantela co produto:

Xulgado de 1ª Instrución. Mª Antonia dos Fornos, viúva de Silvestre Doce, veciña da rúa do Postigo, de S. Miguel de Breamo, polo roubo dunha esclavina de barragán²⁶⁴, executado a D. Francisco Riobóo²⁶⁵, de Cabanas, é condenada a cárcere e embargo dos seus bens (a cama), cuxa prisión tivo efecto na freguesía de S. Salvador de Bergondo, do partido de Betanzos, e conducida a esta vila de Pontedeume ao cárcere o día 10/4/1847. O embargo realízase para socorrer a súa alimentación, por carecer de medios económicos.

11. Atención médica aos presos pobres e transeúntes

A Lei de Beneficencia e Sanidade de 1849 ordenaba que cada cabeceira de bisbarra organizase unha Xunta Municipal de Beneficencia e outra de Sanidade. En Pontedeume fusionáronse nunha única xunta, co alcalde como presidente, o médico titular como subdelegado de Medicina, o farmacéutico como subdelegado de Farmacia, ademais doutros médicos e veciños de reputación. Ao igual que aos veciños de Pontedeume que tiñan a consideración de pobres, a Xunta de Sanidade e Beneficencia local asistía os presos na mesma situación de maneira gratuíta, mediante os doutores titulares nomeados polo Concello, habendo dende finais de século un médico con esta misión específica²⁶⁶.

De todos os presos atendidos por este servizo, dos que temos máis testemuños son dos transeúntes. Chamábanse así aqueles reos que marchaban, vixiados pola parella da Garda Civil, dende algunha localidade ao norte (Ferrol, Cedeira, Ortigueira, etc) ata a capital da provincia (A Coruña) para ser xulgados na Audiencia Provincial ou ben ao xulgado de Betanzos; ou, unha vez xulgados e condenados na Coruña, para cumprir a pena nos cárceres de orixe, pasaban por Pontedeume e facían noite no cárcere eumés:

-D. José (ilexible), alcalde de Ortigueira e Rexente do Xulgado do partido

264. Abrigo de tea impermeable de la.

265. Propietario do Pazo de Cabanas, coñecido como Casa Grande de Riobóo, do século XVI. Trátase dun dos terratenentes máis ricos da bisbarra. Contrasta o valor do roubado e a dureza da sentenza.

266. Así, de 15 de xuño de 1895 é o *Nomeamento do Médico do Cárcere do partido xudicial de Pontedeume* que asiste os presos pobres do cárcere, na persoa de Ramón Portal Montenegro. Tamén consta unha carta ao mesmo do alcalde en que lle solicita informe do estado sanitario da poboación penal, con indicación das subministracións extraordinarias necesarias.

xudicial da mesma, certifica: que a Garda Civil deste punto conduce a presa Juana Fernández destinada ao presidio correccional da Coruña por causa neste Xulgado sobre furto de roupa. E en consecuencia, as Autoridades do tránsito prestarán aos condutores cantos auxilios necesiten ata o ingreso da Juana Fernández no dito Establecemento.

Estes traxectos facíanse a pé, a pesar das longas distancias, como vemos nos seguintes partes en que os doutores titulares recoñecen dous presos transeúntes:

-O licenciado D. Francisco R. Capriles recoñecín hoxe a presa transeúnte Andrea Fernández Calvo co obxecto de averiguar se podía ou non emprender a marcha a pé para A Coruña, onde vai destinada a Presidio. A pesar do estado de embarazo, goza de boa saúde, motivo polo que pode emprender a marcha a pé. 27/2/1853. A presa chegou conducida pola parella da Garda Civil, sendo remitida polo Xulgado de S^a Marta de Ortigueira, chegando a Pontedeume o día 20, permanecendo no cárcere ata o día 1 de marzo, a causa de sentirse indisposta, e marcha a Betanzos socorrida con nove estacións²⁶⁷. Asinado: O alcalde Juan José Lores.

-O licenciado Francisco R. Capriles recoñeceu o preso transeúnte Manuel Melgar, que padece unha erupción cutánea escabiosa²⁶⁸ que di non lle permite andar, mais atopándose completamente sas as extremidades inferiores, pode emprender a marcha a pé. 27/4/1854.

Nestes casos de enfermidade si se facilitaban aos presos transeúntes bagaxes, é dicir, un transporte, ir montado nun animal:

- D. Manuel Romaos, profesor de Ciruxía e veciño de Pontedeume: Certifico que en virtude de oficio que me pasou o Sr. Alcalde, recoñecín no Cárcere Público de Pontedeume o preso transeúnte que dixo chamarse Manuel Pita Pita, o que se atopa padecendo unhas grandes rozaduras nas plantas dos pés por viaxar descalzo, e por cuxo motivo precisa se lle facilite unha bagaxe para poder continuar a marcha ao seu destino. 19/12/1854²⁶⁹

- D. Manuel Romaos (...) recoñecín a presa transeúnte Juana Fernández, que por estar presa no cárcere de S^a Marta de Ortigueira, de onde vén, non podo seguir o camiño a pé por terse esfolado gran porción da planta dos pés; e neste estado faise necesario se lle proporcione unha bagaxe para seguir á Coruña. (11/2/1853)²⁷⁰.

267. Refírese á axuda para as nove xornadas que levaba habitualmente o citado traxecto.

268. Sarnosa.

269. Caixa 234.

270. Estas axudas aos presos tamén se outorgaban polas autoridades penais unha vez rematadas as condenas nas prisións, para poder voltar aos seus lugares de orixe, como testemuña esta licenza do Ilmo. Sr. Presidente da Xunta local de Prisións da

Así mesmo, o partido xudicial corría cos gastos dos medicamentos daqueles presos que atopándose enfermos non podían custealos:

- Conta que o que subscribe,armacéutico sucesor de Díaz Zamorano na farmacia que está rexentando nesta vila, presenta ao Sr. Alcalde deste pobo dos Medicamentos facilitados aos presos do Cárcere deste pobo:

Presos: Matías Valle de Paz, Manuel Regueiro, Gregorio Bugía, Ángel Avelleira e José Álvarez. Cartos: 70 pesetas e 79 cts. Médico: Goyanes. Pontedeume, Xaneiro de 1914. Asinado: Antonio Cabaleiro²⁷¹.

Hai outra conta, igual que a anterior, referida a Medicamentos subministrados para Autopsias, que suma 73 cts.

Incluso sabemos dun caso (en 1851) en que se trasladou unha presa enferma a outro domicilio, máis axeitado que o cárcere para a súa curación, grazas a unha Factura satisfeita a Pedro Iglesias desta vecindade pola hospedaxe, asistencia e pucheiro da presa pobre Teresa Sarmiento, depositada na súa casa para a súa curación durante quince días, a razón tres ao día: 45 reais.

A cantas persoas alcanzaba esta axuda? Que cantidades económicas supoñían estes socorros? A modo de exemplo, esta Relación anual de Gastos Totais dos presos pobres do ano 1852:

MES	TOTAL ²⁷²	ALUGUEIRO CÁRCERE	PAGO ALCAIDE	ILUMINACIÓN CÁRCERE ²⁷³	P.P.C. E P.C.C. ²⁷⁴	P. REMATADOS ²⁷⁵	p. TRANSEUNTES
XANEIRO	1.471,22	66,22	155	30-40	1.904,4	87,18	28,8
FEBREIRO	1.306,20	"	"	"	906,12	70,20	29,22
MARZO	1.275,14	"	"	"	943,28	43,26	26,28
ABRIL	1.336,30	"	"	"	986,28	42,12	9,30
MAIO	1.911,13	"	"	"	1.263,18	63,18	62,4
XUÑO	2.077,14	"	"	"	1.334,4	70,20	64,32
XULLO	1.677,31	"	"	"	1.072,32	43,26	8,16"
AGOSTO	1.426,11	"	"	"	779,2	390,4	49,14
SETEMBRO	1.573,23	"	"	"	834,12	338,28	69,6
OUTUBRO	1.712,22	"	"	"	969,3	350,4	33,3
NOVEMBRO	2.004,9	"	"	"	1.226,28	338,28	29,22
DECEMBRO	2.311,20	166,22	"	"	1.447,2	372,24	53,22
SUBTOTAL	20.088,4	900	1.830	433,23	12.854,4	2.172,24	465,70

Cidade de Burgos: José M^a López Sánchez "Chapela", de 23 anos de idade, natural de Pontedeume, prov^a da Coruña, confinado no Establecemento penal de Burgos, cumprirá o 22/9/1903 a sentenza de tres anos, seis meses e vinte e un días en presidio que lle impuxo a Audiencia Provincial de Palencia, en virtude de extinguir a súa condena. (...) Concedo licenza absoluta a J. M. L. S. para a súa saída do citado Establecemento e o seu traslado ao pobo que lle conveña (...) e anotarse que o interesado ten recursos propios para custear os gastos de marcha ao pobo do seu destino, ou conta con alcances suficientes para sufragalos, e que en defecto dun ou doutro, o Establecemento facilitoulle o recurso de marcha por cada tránsito a razón de catro leguas por día (...). E pido ás autoridades e Xustizas da Nación que non lle poñan impedimento nin embarazo ningún no uso da presente licenza.

Ao que habería que sumar: Bagaxes transportes (317,17 rs.), Asistencia a enfermos (404,28 rs.), Medicinas (217 rs.), Outros (492,14 rs.), o que daría un TOTAL GASTOS: 21.510,52 reais.

12. A crise de 1853-54

A mediados do século XIX, Pontedeume sufriu dúas crises consecutivas. A primeira, en 1853, como consecuencia dunha praga que asolou as ata entón abundantes vides: foi o chamado ano da fame²⁷⁶. 1854 e o seguinte aínda foron peores: unha epidemia de cólera provocou a morte de máis de 300 eumeses²⁷⁷. Estes acontecementos sumiron a bisbarra nunha crise económica moi grave, que terá a súa correlación nun aumento dos presos (polo incremento de delitos de furtos e roubos) e a maior proporción de pobres entre eles.

(Posiblemente debido a esta circunstancia, temos nestes anos constancia de varios presos **falecidos** no cárcere, se ben non se especifican as causas: en 1853: Benito González, Francisco Otero, Victorio Seco e Baltasar Penedo. En 1854: María Piñeiro e Antonia Ares.)

- Comezamos no ano de **1853**. O cárcere de Pontedeume fíxose pequeno para aco-ller esta avalancha e houbo que buscar outros aloxamentos. Do 27 de maio hai un listado cos presos e a prisión en que se atopan: son máis de 100²⁷⁸ e todos eles pobres! Deles, só trinta e catro se achan no cárcere eumés, pois corenta e cinco desprazáronse ao Convento de San Agustín, habilitado para a ocasión²⁷⁹, vinte e catro á prisión de Ferrol e vinte aos depósitos do partido en Castro (Miño), Monfero, Mugardos e Ares²⁸⁰.

E para manter tantas bocas (lembremos a súa condición maioritaria de pobres), no mes de xuño tivo que facerse un *Novo presuposto adicional para o socorro de presos pobres existentes no cárcere (...) polo aumento do número dos mesmos dende o formado o 12/1 último e aprobado o 17/1 polo Sr. Gobernador de provincia. Presupostáronse 17.004,24 reais para trinta e tres presos en 11/12/1852, os que había entón no cárcere. Adicionáronse 7.214,4 rs. en 12/1 para catorce máis que se aumentaron (sumando corenta e sete), o que dá un total de 24.218,88 rs. Mais, o nº de presos pobres foise aumentando extraordinariamente ata o nº de 101, ascendendo os seus socorros (a 12*

272. Todas as cantidades están en reais.

273. Dependendo do mes, por exemplo, en setembro serían 11 netos (neto=medio litro) de aceite.

274. Socorros a Presos Pendentes de Causa (P.P.C.) e a Presos Cumprindo Condena (P.C.C.)

275. Aqueles presos que xa teñen sentenza e están á espera de trasladarse ao cárcere onde cumprán a condena imposta.

276. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *A fame de 1853 en Pontedeume*, Revista Cátedra, nº 15 (2008).

277. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., *O cólera de 1854-55 en Pontedeume*, Revista Cátedra, nº 16 (2009).

278. Deles, 96 pendentes de condena e 8 cumprindo. O día 31 figuran ademais 18 en tránsito: 122 en total!

279. En 1838 houbo un intento de reformar o convento para que servise como cárcere no canto do torreón, mais non prosperou. Agora, faise de xeito provisional dadas as circunstancias.

280. Ver o capítulo de presos socorridos dos anos 1851 a 1854.

cuartos diarios) á cantidade anual de 52.044,2 rs. Resulta, por conseguinte, un Déficit de 27.825,30 rs., cuxa cantidade é distribuída entre os concellos do partido, tomando por base o nº de almas de cada un, segundo o Repartimento publicado no B. O. P. de 14/2/1853”.²⁸¹

- En 1854, o Presuposto de gastos para socorros de presos pobres foi o seguinte:
- Alugueiro do castelo de propiedade do Excmo. Sr. Duque de Berwick y Alba, Conde de Lemos, que serve de cárcere, ínterin non se constrúe o de nova planta: 800 reais.
- Subministracións para presos pobres pendentes de condena: 39.162 rs.
- Socorros para presos pobres cumprindo condena: 4.122 rs.
- Asistencia para enfermos e medicinas: 552 rs.
- Dotación do alcaide carcerario: 1.825 rs. (a 5 rs. diarios)
- Total Gastos: 53.591,7 rs. -Ingresos: 53.591,8 rs.²⁸²

13. Vida dos presos

O seguinte Regulamento de disposicións hixiénicas redactadas pola Xunta de Sanidade de Pontedeume o ano de 1854 subministáranos interesante información sobre as condicións de vida dos presos do cárcere de Pontedeume a mediados do século XIX:

Regras hixiénicas dos presos (1854)²⁸³

“Regras hixiénicas a que estarán suxeitos os presos do Cárcere Público desta vila para a conservación e o mellor estado da súa saúde:

1ª. Ás 5 en punto da mañá en verán e ás 7 en inverno, todos os presos abandonarán as súas camas, exceptuando tan só os doentes.

2ª. Despois de vestidos, abrirán as fiestras e recollerán as camas.

3ª. Varrarán e limparán o local con todo coidado, reunindo as inmundicias para ser botadas ao mar.

4ª. Todos os presos lavananse e asearanse.

*5ª. A ningún preso se lle permite ter o pelo longo, pois nunca poderá pasar dunha polgada*²⁸⁴.

281. Ano 1853:

CONCELLOS	Nº DE ALMAS	CONCELLOS	Nº DE ALMAS
Ares	4.247	Monfero	3.667
Cabanas	2.693	Mugardos	3.761
Capea	2.432	Pontedeume	4.289
Castro (Miño)	2.481	Vilarmaior	1.676
Fene	3.370	TOTAL	26.376

282. Caixa 52.

283. Caixa 285.

284. 2,54 cm.

6ª. Tampouco se permite o uso de barbas longas, afeitándose dúas veces á semana.

7ª. Co obxecto de evitar as continuas emanacións do condimento de alimentos, o Alcalde marcará diariamente aos presos as horas de 11 da mañá e 6 da tarde para comer, pasadas as cales, non sendo para os doentes, non permitirá facer de comer, tendo especial coidado da limpeza das vasillas en que se fixese a comida.

8ª. Todos os desperdicios de cociña como augas, restos de legumes, etc, serán recollidos mañá e tarde e botados ao mar.

9ª. As fiestras do Cárcere permanecerán abertas diariamente dende a hora de erguerse ata posto o sol.

10ª. Unha hora antes de poñerse o sol, os presos farán as camas coidando medie entre elas algunha distancia.

11ª. Non se permitirá, sexan as camas da clase que se queira, se deiten máis dun preso en cada cama.

12ª. As 10 da noite será a hora de deitarse.

13ª. Lavaranse e baldearán os pisos os martes e venres de cada semán en verán e só os martes en inverno.

14ª. Un día si e outro non serán extraídos á madrugada do sitio que serve de lugar común todos os excrementos, baldeando tamén o mesmo.

15ª. Non poderán depositar no dito local ningún resto de alimentos (...)

16ª. De 9 a 10 pola mañá e de 4 a 5 pola tarde serán as horas marcadas para que os parentes e amigos dos presos comunicados poidan visitalos, non permitindo a entrada máis que a 4 persoas á vez, e non podendo deterse cada unha delas máis que un cuarto de hora.

17ª. Ningún preso estando enfermo e sexa calquera a doenza que padeza, poderá estar no mesmo local que os demais. O facultativo que o asista marcará o que deba ocupar, carecendo o establecemento de enfermaría.

18ª. Mentres outra cousa non se determine sobre a alimentación dos presos, o Alcalde coidará que os alimentos e bebidas que estes consumen sexan da mellor calidade posible.

19ª. Para a mellor execución das anteriores disposicións, o Alcalde debe dividir os presos en escuadras de 6 ou 8 cada unha, ao mando dun cabo, o que debe ser un dos máis honrados activos e de menor delito, os que terán obriga de saber as regras que se poñan en práctica en canto ao aseo e limpeza.

20ª. Son aplicables estas medidas tanto ao departamento de Homes como ao de Mulleres e a todo outro calquera local que sirva de prisión pública. O alcaide é responsable da execución de todas e cada unha destas disposicións, baixo a pena de perda de 4 días de soldo por cada vez que se observase que non se cumpre con calquera delas, sen prexuízo de adoptar outras

providencias, se a medida non xurdise efecto.

Pontedeume, 27 de maio de 1854.

Asinado: Ygnacio Barros (alcalde) e Juan José Lores (secretario)."

Co fin de vixiar que estas disposicións eran observadas, as autoridades carcerarias obrigaban os alcaldes facer un seguimento do cumprimento destas normas, polo que estes debían facer visitas de inspección das prisións. Unha disposición da Dirección Xeral de Beneficencia, Sanidade e Establecementos Penais di así:

"Encargo a V. que practique unha visita semanal ao cárcere público, inspeccionando nel a manutención dos presos, o aseo e hixiene do establecemento e os libros do Alcaide, levando acta de todo cada vez que efectúe as ditas visitas para remitilas a este Gobierno a principios de cada mes, segundo o dispón a R. O. de 31/7/1863²⁸⁵. A lei de 26/7/1849 facultará a V. amplo campo para interpretar o exposto²⁸⁶. (...) Coruña, 26/10/1869."

Estas visitas, invariablemente, sempre concluían que "Gardábase a correspondente orde, aseo, condicións de salubridade, disciplina e tratamento." Non obstante, un informe do ano 1881 do propio alcalde contradí esta optimista visión cando informa que: (Un preso enfermo) "non pode permanecer no cárcere (...) (debido a) ser o cárcere insalubre e nada a propósito para o seu padecemento. (...) Solicito que sexa recoñecido polos médicos da vila e do cárcere (...), os cales declaran confirmar (...) as malas circunstancias hixiénicas do cárcere e a necesidade de traslado."

Continuando coa comunicación do ano 1869²⁸⁷, esta semella preocuparse polo benestar dos presos, mais en realidade fai fincapé en cuestións de orde, as cales, por outra parte, non parecen ser factíbles de cumprir nunha prisión de reducidas dimensións como a de Pontedeume, e menos aínda coa masificación que vimos. Di así:

"Esta Dirección Xeral de Beneficencia, Sanidade e Establecementos Penais, solicita sempre por mellorar a situación dos que xemen na desgraza, (...) fixou a atención na necesidade de perfeccionar o estado dos cárceres (...), estimou conveniente encargarlle (ao alcaide) dedique un celo moi especialmente ao ata agora descoidado estado dos cárceres, debendo dispoñer dende logo a necesaria separación absoluta de homes e mulleres, a de presos de causa pendente dos que están cumprindo condena, e duns e outros dos menores de idade, dos detidos gobernamentais²⁸⁸, e con especialidade

285. Como xa vimos, estas visitas celebrábanse xa dende o século XVIII. A partir desta orde, será de xeito semanal.

286. Esta lei estableceu un réxime xeral de *Prisións, cárceres e casas de corrección*.

287. Trala Revolución Gloriosa do ano anterior, en 1869 impúxose en España o Goberno Provisional que aprobou unha avanzada constitución e levou a cabo unha política progresista que reflectese medidas favorecedoras dos presos.

288. Dise do detido por motivos de orde pública, e non por delito común. A súa liberación depende do ministro ou autoridade policial, e non dun xuíz.

*en sitio seguro, dos condenados a presidio que pasan de tránsito para o seu destino*²⁸⁹.

Esta comunicación continúa falando de dous aspectos importantes dentro da vida dos reclusos no cárcere, como son o desempeño dun traballo remunerado e a alfabetización dos analfabetos. Observamos unha evolución na filosofía da mentalidade das autoridades carcerarias máis humanitaria e a favor dos presos, sen desaparecer a visión paternalista e moralizante:

*Así mesmo, deberá V.I. procurar que os presos se ocupen no seu respectivo oficio, ou en outro calquera labor que lles sexa útil*²⁹⁰, *dispoñendo ademais que se estableza unha escola onde se ensine a ler, escribir e máximas morais, estimulando os presos co produto do seu traballo, aínda que coa obriga de aboar os gastos da súa manutención se reciben o socorro de presos pobres. Excitará V. o celo e espírito caritativo do capelán dese cárcere para que, en ben da humanidade e do ser quizais máis desgraciado, se designe ao ensino da lectura, escritura e moral deses infelices, subministrándolle V. o necesario a tan laudable obxecto do capítulo de impostos do presuposto do partido, en tanto non se inclúa a partida suficiente nos inmediatos.*

Sobre as comunicacións dos presos cos seus familiares, tamén aparece aquí a única referencia coñecida: *“Non consentirá V.I. que se abuse da comunicación, a cal nunca pasará de dúas horas cada día, e tendoos separados as mulleres, os de condena pendente e os que cumpren condena.”*

Unha pregunta que nos facemos é ata que punto se tiñan en conta as manifestacións ou reclamacións dos presos do cárcere. Un documento de 1873 achéganos certa información; trátase dun Expediente sobre o aumento de socorros aos presos do cárcere, que en realidade é unha tripla petición. En primeiro lugar, os reos quíxanse da falta de roupas e mantas de abrigo para as camas, por acharse en mal estado as actuais (o cal é confirmado polo alcaide), e o alcalde contéstalles que esta situación non pode remediarse pola falta de fondos do concello de Pontedeume, polo que expide premas aos concellos morosos, a teor do expresado na Orde de 5/9/1873.

289. Podemos comparar estas normas coas actuais, tomadas do Manual sobre a clasificación dos reclusos. Oficina das Nacións Unidas Contra a Droga e o Delito (UNODC). Viena, 2020. No marco do Programa Mundial da UNODC para a Aplicación da Declaración de Doha. Regras Mínimas das Nacións Unidas para o Tratamento dos Reclusos (Regras Nelson Mandela): Separación por categorías. Regra 11: Os reclusos pertencentes a categorías distintas deberán ser aloxados en establecementos diferentes ou en pavillóns diferentes, segundo o seu sexo e idade, os seus antecedentes penais, os motivos da súa detención e o trato que corresponda aplicarles; por conseguinte: a) os homes serán reclusos en establecementos distintos aos das mulleres e, nos mixtos, o pavillón destinado ás mulleres estará completamente separado do dos homes; b) os reclusos en espera de xuízo estarán separados dos penados; c) os encarcerados por débedas ou outras causas civís estarán separados dos presos por causas criminais; d) os rapaces estarán separados dos adultos.

290. Xa a Lei de Prisións de 1849 no art. 9 dicía que *permitirase aos que estén sufrindo o arresto menor ocuparse dentro do establecemento en toda clase de traballos que sexan compatibles coa seguridade e boa orde. O produto íntegro dos labores será para os presos.*

Tamén quéixanse de falta de luz. O alcaide contesta a isto dicindo que *submínistrase aceite para dúas luces tanto antes do actual cárcere, como despois (dende 1856), unha para a entrada da reixa*²⁹¹ *e outra no patio. Os presos durante o día permanecen neste e pola noite encérranse aparelados nos distintos calabozos ou dormitorios que se achan naquel punto, sen que ata agora ningún dos moitos que houbo no establecemento reclamase luz para durmir, por que outro obxecto non ten. Non estimei procedente esta reclamación porque sendo varios os calabozos, orixinárase un crecido gasto con tantas luces (...), ademais de ser un grande auxilio para poder con todo coñecemento fracturar as paredes e fugar-se. Respecto ao aumento ata 2 reais no socorro que tamén piden, manifestarei a Vd. que se lles vén subministrando 12 cuartos diarios segundo está consignado no presuposto, aínda que debería estimarse esta petición*²⁹². (...)

Este Expediente elévase á máxima autoridade provincial, o Gobernador, o cal o 13 de marzo dese ano ditamina:

*“Aprobar esas peticións e recomendas ao alcalde se sirva mirar con preferente atención o servizo do Cárcere para evitar conflitos. (...) Conceder o aumento de socorro diario de 2 reais que reciben en man os presos, a conta das economías, ata o novo presuposto.”*²⁹³

14. Abusos dos alcaides, preitos contra os alcaides da prisión²⁹⁴

Noutra orde de cousas, atopamos situacións de abusos sobre os reos por parte dos seus vixiantes, mais tamén denuncias e persecucións das mesmas, tanto polas autoridades locais (alcalde) como provinciais (gobernador), as cales, non só retoricamente, vixiaban e sancionaban estes comportamentos, especialmente os dos directores da prisión, os alcaides²⁹⁵. Verémolo máis adiante.

Os alcaides eran elixidos polos gobernadores provinciais a proposta dos alcaldes das cabeceiras dos partidos xudiciais onde se atopaba o cárcere, no noso caso, o rexedor de Pontedeume, podendo nomear o munícipe unha persoa da súa confianza con carácter interino mentres non se designa o titular. Un exemplo é o *Nomeamento* (polo alcalde Juan

291. Enreixado ou porta de ferro que defende a entrada dunha fortaleza ou dun establecemento penal.

292. Esta cantidade mantense invariable polo menos dende hai vinte anos, pois temos constancia dela en 1853.

293. Esta transixencia do gobernador non debe ser allea ao momento político da época, o comezo da Primeira República, nun contexto de grande inestabilidade e conflictividade. Caixa 53: Expedientes de socorros facilitados a presos (1855-1877)

294. Caixa 50.

295. Comezando pola lexislación que, como o *Regulamento para os Cárceres das capitais de provincia* de 1847, de xeito preventivo precavía contra a arbitrariedade e os abusos dos carcerarios, especialmente do director da mesma. Por exemplo, no artigo 19, dispoñía: *Non poderán os Alcaides agravar os presos con encerros nin con grillóns e cadeas, sen que para isto preceda orde da Autoridade competente (...)* O art. 20 advertía que: *Os presos ocuparán as localidades que lles correspondan segundo a súa clase, sen que o Alcaide poida por si propio darlles un local diferente.* O precepto 21 establecía que *os Alcaides non poderían recibir dádivas dos presos nin retribución de ningún xénero.* E o artigo 22 prohibe a vexación persoal dos presos.

Gutiérrez) do Alcaide interino do Cárcere do Partido Xudicial a favor de D. José Antonio Yáñez (en 28 de xullo de 1855), en consideración á honradez de V. e aos seus bos antecedentes políticos (...), coa dotación de 5 reais diarios, a praza vacante polo pasamento de Francisco Antonio Allegue o 7 do corrente. (O cal fora nomeado alcaide o 15/12/1853, con 1.825 rs. ao ano de soldo.)

Por outra queixa, nesta ocasión non atendida, podemos ver que o trato aos presos por parte dos seus carcereiros non sempre era o correcto, o cal debeu motivar unha protesta dos reclusos. Trátase dunha Comunicación da Dirección Xeral de Beneficencia, Sanidade e Establecementos Penais (por medio do Gobernador Provincial) que di: “*Visto o expediente instruído con motivo da falta de respecto e insubordinación dos presos do cárcere desa vila ao Alcaide carcerario que foi da mesma D. José Lahoga*²⁹⁶*, hoxe cesante por orde desta Dirección Xeral de 24/5/1869; e resultando do mesmo que, se ben se atribúen como fundamentos da insubordinación algunhas palabras impropias para con certos presos e a imposición de traballos estraños aos presos do cárcere, por outra parte se lle eloxia como un funcionario celoso e intelixente no cumprimento dos seus deberes, acordei desestimar as queixas dos penados e aprobar a conduta do referido ex alcaide.* (6/8/1873).

Como acabamos de ver no caso anterior, a actuación dos alcaides á fronte do cárcere foi nalgúns casos conflitiva, chegando a darse graves abusos aos presos. Non obstante, cando menos en dúas ocasións, estes comportamentos non foron consentidos polas autoridades e provocaron a apertura de expedientes, a imposición de medidas disciplinarias e incluso, a expulsión dos alcaides. Son as seguintes, as cales achégannos ademais interesante información sobre a vida dos presos e das persoas con eles relacionados:

- Expediente ao alcaide carcerario Ramón López Fontenla (1887-1888):

O día 6 de xuño de 1887, o alcalde de Pontedeume comunica ao Goberno Civil o seguinte: “*Coñecendo esta Autoridade local que o alcaide deste cárcere, Ramón López, non cumpría cos seus deberes e consentía abusos contrarios á moralidade (...), antonte xiróuselle a visita semanal, mais a hora diferente das acostumadas, a cal deu o resultado seguinte: “Infórmase de que ao realizar a visita semanal, o tenente de alcalde Gumersindo Varela, este encontrouse aberta a porta interior (no patio) que separa os presos no andar baixo das presas do andar alto, e tamén unha rapaza de 13 anos, filla dunha presa, co permiso do alcaide carcerario para visitar a súa nai, de favor. O tenente de alcalde anótao na visita e deixa escrito a súa prohibición de que se volvan repetir o deixar a porta aberta e a visita de fillas de presas, pois perturba a quietude moral dos presos*”²⁹⁷.

296. Sabemos que en 1862 José Lahoga viu aumentado o seu soldo a 3.000 reais ao ano.

297. Ese día atopábanse sete presos: tres pendentes de causa, tres extinguindo as súas condenas e un transeúnte.

*Debo informar que o dito Alcaide sofre o desconto da cuarta parte do seu soldo*²⁹⁸, *o que demostra que xa non era correcta a súa conduta antes de obter o cargo de alcaide deste cárcere hai un ano, e a que agora vén observando imposibilitalle seguir desempeñándose, cuxa inmediata separación da mesma é moi conveniente e ata indispensable, posto que xa perdeu a forza moral cos presos, que é unha das circunstancias máis necesarias para evitar espectáculos contrarios á cultura de todo pobo civilizado, cal é o que teño a honra de representar. Deus garde a V. (...) Asinado: O alcalde, Gabriel López*”

Na visita da semana seguinte (día 11) volve a haber problemas. O alcalde advertiu o alcaide da existencia de *“algunhas faltas na limpeza, contestando este que eran polos desperdicios de comer e arder que consumiron os presos o día de hoxe.”* O alcalde advertiuno de que non tolere desperdicios e que se reúnan para que a mandadeira do establecemento os conduza ao lugar destinado polo Concello fóra do cárcere. O día 25, o rexedor recrimina o alcaide porque non lle deu inmediato coñecemento do ingreso no establecemento de tres presos. Esta serie de infraccións remata o 16 de xullo, cando por oficio do Gobernador Civil se suspende de emprego e soldo o alcaide Ramón López, que é substituído por Pedro Fernández Fernández, sarxento licenciado do Exército, como Director interino, e ordena o anterior, Ramón López, que, baixo inventario, entregue os efectos e mobiliario do establecemento ao novo, *sen demora ningunha*.

O 3 de agosto, o alcalde comunica ao Gobernador civil a desaparición do anterior alcaide *“tan logo foi satisfeito dos haberes que tiña devengados, ignorando o seu actual paradoiro”*.

O 4 de outubro, o alcalde concede ao novo carcereiro Pedro Fernández, director interino do cárcere: *“Unha vez que o permiso que V. solicita é pola causa legal de sufrir ante o Sr. Gobernador civil o exame regulamentario para desempeñar en propiedade a praza de director deste cárcere público, e que D. Manuel Felipe Herrera, nomeado por V. para substituílo durante a súa ausencia, é de boa conduta, dou a V. a licenza que solicita”*.

O 13 de marzo de 1888, unha carta do alcalde ao gobernador civil di así: *“Con vista do que S.I. se dignou previrme na súa superior comunicación de 12 do corrente, ao trasladarme a do I. Sr. Director Xeral de Establecementos Penais do 7 de outubro de 1887, teño a honra de representarlle que nesta localidade se ignora completamente o paradoiro de D. Ramón López, suspenso no cargo de Director do Cárcere deste Partido, por ausentarse tan logo tomou posesión o nomeado para substituílo Segundo noticias, semella que o dito suxeito desapareceu para evadirse do pago de débedas que contraera nesta vila, e polo desprezo con que o miraban os habitantes da mesma pola súa mala conduta”*.

298. O 29-1-1887, o xuíz de 1ª Instancia de Pontedeume ordenou reter a cuarta parte do soldo do alcaide Ramón López por endebedar un pagamento de custas por unha causa do Xulgado de Chantada, procedencia dun acusado por un delito de inxurias.

Mais, o alcaide anterior volve á vila e non se resigna a ser despedido, polo que o alcalde o día 11 de abril informa ao gobernador das *“Novas queixas producidas polos presos ao ter coñecemento onte da chegada a esta vila do Ramón López, despois de estar ausente dela dende xullo de 1887 (...). Se a isto engádese que os veciños de máis consideración desta vila que están ao corrente dos abusos cometidos polo Ramón López durante o desemprego do seu cargo, ven con disgusto volva encargarse do dito establecemento (...) Díguese V. I. volva suspender de emprego e soldo ao citado (...)”*

Dous días despois, o alcalde diríxese de novo á autoridade provincial: *“No serán de onte reintegrouse no cargo de Alcaide do Cárcere Ramón López, suspendéndoo (o alcalde) no acto de emprego e soldo, por desobediencia aos mandatos desta Autoridade local de quen depende, e polos demais motivos (...)”*

Parece que por fin o ex alcaide dáse por vencido e o día seguinte o alcalde diríxese ao Gobernador para comunicarlle que: *“Adxunto a Instancia ao Director de Establecementos Penais do Ramón López en que suplica se lle admita a renuncia ao cargo, pois non pode seguir desempeñándoo por atender a súa quebrantada saúde”.*

- Expediente ao alcaide carcerario José Quesada Lledó (1890)

Dous anos máis tarde, volve haber problemas co alcaide. Do 26 de maio de 1890 é una carta do Alcalde Presidente do Concello do auto que di así: *“No Expediente que se instrúe por esta Alcaldía ao Director do Cárcere deste Partido, José Quesada Lledó, acordou oficiar a V., como o executo, a fin de que se sirva facer comparecer ante a súa Autoridade o (preso) Ángel Santaren Fabeiro²⁹⁹, e lle reciba declaración a teor das preguntas seguintes: 1ª: Que clase de castigo impuso o dito Director aos presos Juan Salido Varela e Andrés Permuy Criado? 2ª: Se sabe o día en que o dito Director puxo en liberdade o preso Bernardo Pena. 3ª: Se o Director tivo o Santaren como servente (ilexible). 4ª: Sábese se o aludido cobraba aos presos transeúntes polas camas que lles facilitaba para durmir. En caso afirmativo, lémbrese os nomes dos presos e a cantidade cobrada. 5ª: Sábese se o José Quesada recollía agasallos das familias dos presos por deixarllos falar con eles ás horas que tiña por conveniente. As dilixencias orixinais rogo que as remita para unilas ao expediente. (...)”*

